



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Pleno
Número 107

Sesión plenaria
26 de marzo de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Debate do ditame e das propostas de resolución, aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2017 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2016) (doc. núm. 33638, 10/ICON-000003).

Publicación do ditame e das propostas de resolución, BOPG nº 436, do 25.02.2019

Punto 2. Texto lexislativo

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, reguladora da actividade dos grupos de interese en Galicia (doc. núm. 41626, 10/PPL-000033)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 398, do 14.12.2018

Punto 3. Comparecencia

47929 (10/CPP-000096)

Da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición propia, para dar conta da súa política en materia de xestión de residuos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 21.03.2019

Punto 4. Mocións

4.1 47839 (10/MOC-000132)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co sector da industria electrointensiva galega e o expediente de regulación de emprego temporal presentado por Ferroatlántica. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 41768, publicada no BOPG nº 405, do 03.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 12.03.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 21.03.2019

4.2 47848 (10/MOC-000133)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de vivenda protexida. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 44325, publicada no BOPG nº 423, do 31.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 12.03.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 21.03.2019



4.3 47849 (10/MOC-000134)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia lingüística. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 37279, publicada no BOPG nº 362, do 26.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 12.03.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 21.03.2019

Punto 5. Proposicións non de lei**5.1 42194 (10/PNP-003186)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa industria electrointensiva

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 14.01.2019

5.2 45086 (10/PNP-003388)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto da protección dos garranos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2019

5.3 45234 (10/PNP-003395)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Blanco Paradelo, Moisés e cinco deputados/as máis**

Sobre o mantemento pola Xunta de Galicia do seu apoio aos profesionais que traballan no campo galego a tempo parcial, así como o impulso das medidas necesarias para fomentar e protexer a súa actividade nel

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

5.4 45692 (10/PNP-003427)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa**

Sobre a remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia, antes do remate da X lexislatura, dun proxecto de lei de mobilidade sostible para a súa aprobación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

5.5 46385 (10/PNP-003483)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre a elaboración e aprobación polo Goberno galego, antes do remate de 2019 e coa participación dos grupos parlamentarios, dun novo plan de xestión de residuos urbanos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 437, do 27.02.2019



5.6 46854 (10/PNP-003517)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Nóvoa Iglesias, Marta e catorce deputados/as máis**

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co establecemento dun marco enerxético estable e un prezo eléctrico competitivo consensuado co sector electrointensivo, así como a actuación que debe levar a cabo respecto da presentación dun expediente de regulación de emprego temporal na empresa Ferroatlántica.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 437, do 27.02.2019

5.7 47354 (10/PNP-003574)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das reivindicacións do persoal da compañía Bosch con sede en Vigo, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego temporal presentado pola empresa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 444, do 13.03.2019

5.8 47456 (10/PNP-003588)**Grupo Parlamentario de En Marea****Casal Vidal, Francisco e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as xestións que debe realizar diante do Goberno central en relación co concurso voluntario de acredores con proposta de liquidación para a fábrica de Poligal en Narón

Publicación da iniciativa, BOPG nº 444, do 13.03.2019

Punto 6. Interpelacións**6.1 46711 (10/INT-001549)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa atención primaria da saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

6.2 47099 (10/INT-001565)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa posición amosada polos colectivos e profesionais respecto das medidas anunciadas para reformular o modelo de atención primaria no sistema público sanitario, así como a incidencia destas nos problemas existentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

6.3 47129 (10/INT-001567)**Grupo Parlamentario de En Marea****Casal Vidal, Francisco e tres deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co emprego no sector do telemarketing

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019



Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

7.1 47924 (10/POPX-000136)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para solucionar os conflitos laborais abertos nalgúns dos servizos públicos fundamentais da comunidade autónoma

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 21.03.2019

7.2 47935 (10/POPX-000137)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a posición do Goberno galego en relación coas discriminacións a Galicia e os privilexios de Ence

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 21.03.2019

7.3 47936 (10/POPX-000138)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para darlle resposta á contestación social respecto das súas políticas nos ámbitos centrais da súa acción de goberno

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 21.03.2019

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 47923 (10/PUP-000235)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da decisión do Ministerio de Xustiza de apartarse por primeira vez da proposta de creación das novas unidades xudiciais formulada de xeito consensuado pola Comisión Mixta formada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e o Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 21.03.2019

8.2 47931 (10/PUP-000237)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da atención das demandas do estudiantado referidas á posta en marcha de políticas urxentes contra o cambio climático

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 21.03.2019

8.3 46919 (10/POP-005604)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia dos datos reflectidos na documentación técnica asociada á solicitude de autorización da vertedura das augas pluviais procedentes da balsa da Bama, incorporada ao proxecto mineiro de Touro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019



8.4 47928 (10/PUP-000236)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para resolver a situación das empresas auxiliares afectadas polos impagamentos do sector naval da ría de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 21.03.2019

8.5 46619 (10/POP-005545)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre a opinión e as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación coa obriga de cursar a materia de Relixión no bacharelato

Publicación da iniciativa, BOPG nº 437, do 27.02.2019

8.6 42816 (10/POP-005046)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre os cambios introducidos nos pregos de contratación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 414, do 18.01.2019

8.7 42872 (10/POP-005056)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do impacto da eliminación da Área Sanitaria de Valdeorras na calidade da asistencia sanitaria no Hospital Comarcal de Valdeorras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 414, do 18.01.2019

8.8 46884 (10/POP-005600)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rey Varela, José Manuel e dez deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á creación dunha unidade de referencia para a diagnose e asesoramento respecto das patoloxías relacionadas coa exposición ao asbesto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

8.9 47156 (10/POP-005639)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Arias, Marta e oito deputados/as máis**

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento do programa Nelson Mandela, de inclusión e integración social das persoas en situación de reclusión en penitenciarías

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

8.10 47257 (10/POP-005636)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para diminuír o número de accidentes de tráfico provocados polos xabarís

Publicación da iniciativa, BOPG nº 444, do 13.03.2019



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Debate do ditame e das propostas de resolución, aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2017 (Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2016). (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do ditame da Comisión: *Sr. presidente da Comisión non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas (Sr. Varela Suanzes-Carpegna) (P).* (Páx. 12.)

Rolda dos grupos parlamentarios para a defensa das súas propostas de resolución e fixación da súa posición: *Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 13.), Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 15.), Sr. Lago Peñas (EM) (Páx. 17.) e Sra. Romero Fernández (P).* (Páx.19 .)

Votación do ditame

O señor presidente anuncia que, en primeiro lugar, corresponde a votación deste ditame. (Páx. 21.)

Votación do Ditame da Comisión Permanente non Lexislativa para a relación co Consello de Contas sobre o Informe de fiscalización do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio económico de 2017: *aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 21.)

Votación das propostas de resolución números 6, 8 e 9 do G. P. Popular de Galicia, e da número 18 transaccionada do G. P. dos Socialistas de Galicia: *aprobadas por 54 votos a favor, 14 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 22.)

Votación das propostas de resolución aprobadas pola Comisión agás as xa votadas: *aprobadas por 40 votos a favor, 14 en contra e 20 abstencións.* (Páx. 22.)



Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, reguladora da actividade dos grupos de interese en Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 23.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 25.), *Sra. Santos Queiruga (EM)* (Páx. 30.) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 34.)

Rolda de réplica: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 37.)

Votación da Proposición de lei

Votación da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, reguladora da actividade dos grupos de interese en Galicia: *rexeitada por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 40.)

Declaración Institucional

O señor presidente le unha declaración institucional a prol do sector lácteo galego, que é aprobada por asentimento. (Páx. 40.)

Comparecencia da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición propia, para dar conta da súa política en materia de xestión de residuos. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 42.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 49.), *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 52.), *Sr. Sánchez García (EM)* (Páx. 56.) e *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 59.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 63.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 68.) Nesta rolda interveñen o señor Bará Torres (BNG) (Páx. 68.), a señora Vilán Lorenzo (S) (Páx. 70.), o señor Sánchez García (EM) (Páx. 72.), o señor Trenor López (P) (Páx. 74.) e a señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto) (Páx. 77.)

Suspéndese a sesión ás dúas da tarde e retómase ás catro.



Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co sector da industria electrointensiva galega e o expediente de regulación de emprego temporal presentado por Ferroatlántica. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 79.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 80.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Losada Álvarez (S). (Páx. 83.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Casal Vidal (EM) (Páx. 85.) e Sra. Nóvoa Iglesias (P). (Páx. 87.)*

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 89.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de vivenda protexida. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 91.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Sánchez García (EM). (Páx. 92.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Pierres López (S) (Páx. 95.) e Sr. Castiñeira Broz (P). (Páx. 97.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 99.)*

O señor Sánchez García (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 100.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia lingüística. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx.103.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx.103 .)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Cuña Bóveda (EM). (Páx. 106.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 108) e Sr. Fernández Gil (P). (Páx. 109.)*

O señor Álvarez Martínez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 111.)



Votación das mocións

Votación dos puntos 1, 3 e 4 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co sector da industria electrointensiva galega e o expediente de regulación de emprego temporal presentado por Ferroatlántica: *rexeitados por 33 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 113.)

Votación dos puntos 2 e 5 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co sector da industria electrointensiva galega e o expediente de regulación de emprego temporal presentado por Ferroatlántica: *aprobados por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 113.)

Votación do texto transaccionado do punto 6 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co sector da industria electrointensiva galega e o expediente de regulación de emprego temporal presentado por Ferroatlántica: *aprobado por 57 votos a favor, ningún en contra e 13 abstencións.* (Páx. 114.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de vivenda protexida: *rexeitado por 32 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 114.)

Votación do texto transaccionado do punto 1 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia lingüística: *aprobado por 33 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 115.)

Votación do texto transaccionado dos puntos 2, 3 e 4 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia lingüística: *aprobados por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 115.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa industria electrointensiva. (Punto quinto da orde do día.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co establecemento dun marco enerxético estable e un prezo eléctrico competitivo consensuado co sector electrointensivo, así como a actuación que debe



levar a cabo respecto da presentación dun expediente de regulación de emprego temporal na empresa Ferroatlántica. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 116.)

Intervención dos grupos autores da proposición non de lei: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 1223.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 125.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 1289.) e Sr. Casal Vidal (EM) (Páx. 131.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 134.) e o señor Tellado Filgueira (P) (Páx. 135.) interveñen para posicionarse respecto das emendas.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto da protección dos garranos. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 138.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Cuña Bóveda (EM). (Páx. 139.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 141.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 143.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Fernández Fernández (S). (Páx. 145.)

A señora Cuña Bóveda (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 146.)

Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D. Moisés Blanco Paradelo e cinco deputados/as máis, sobre o mantemento pola Xunta de Galicia do seu apoio aos profesionais que traballan no campo galego a tempo parcial, así como o impulso das medidas necesarias para fomentar e protexer a súa actividade nel. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 147.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Blanco Paradelo (P). (Páx. 147.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Rivas Cruz (BNG). (Páx. 151.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Fernández Fernández (S) (Páx. 153.) e Str. Rodríguez Estévez (EM) (Páx. 155.)

O señor Blanco Paradelo (P). intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 157.)

Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta e seis minutos da tarde



Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Entramos na orde do día co punto primeiro.

Debate do ditame e das propostas de resolución, aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2017 (Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2016)

O señor PRESIDENTE: O ditame incorpora a proposta de resolución número 1 do Grupo Parlamentario Popular, relativa á aprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2016, seguido de 14 propostas de resolución que foron aprobadas en comisión na sesión do 22 de febreiro de 2019. Son as propostas de resolución números 2 a 11 do Grupo Parlamentario Popular; as propostas de resolución números 17 e 19 —e a 18 transaccionada— do Grupo Parlamentario Socialista; e a proposta de resolución número 9 —transaccionada— do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do ditame da comisión, ten a palabra o presidente da Comisión non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, don Daniel Varela Suanzes-Carpegna.

O señor VARELA SUANZES-CARPEGNA: Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, en calidade de presidente da Comisión cómpreme, antes de pasar ao debate entre grupos parlamentarios e a correspondente votación que terá lugar a continuación, proceder a unha presentación breve do ditame e das propostas aprobadas, salientando o seguinte:

En primeiro lugar, que os informes do Consello de Contas de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria anual de actividades do ano 2017, que inclúe a fiscalización da Conta Xeral da Comunidade do ano 2016, tiveron entrada na Cámara o 20 de xullo do pasado ano.

En segundo lugar, que os devanditos informes foron estudados na Comisión. Presentáronse, en total, 65 propostas de resolución. Corresponden 11 ao Grupo Parlamentario Popular, 19 ao Grupo Parlamentario de En Marea, 25 formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e as 10 restantes presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Constituíuse a correspondente ponencia, que se reuniu o día 13 de febreiro do pasado ano e que levou á Comisión o correspondente informe e as propostas de resolución. A devandita Comisión pronunciouse na súa sesión do día 22 de febreiro deste ano.



Cómpre salientar deste ditame o seguinte:

En primeiro lugar, incorpora a proposta de resolución número 1 do Grupo Parlamentario Popular, relativa á aprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio do ano 2016. Ditame e proposta son aprobados por unanimidade.

Así mesmo, as restantes propostas de resolución que foron aprobadas na Comisión e que se someten agora, como digo, a debate e votación na sesión plenaria son 14 en total. Por parte do Grupo Parlamentario Popular aprobáronse por maioría as que se corresponden cos números 2 a 11. E quero salientar que se subsume na número 6 do Grupo Parlamentario Popular a número 15 do Grupo Parlamentario Socialista. E na proposta número 8 do Grupo Popular subsúmese tamén a número 5 do Grupo Parlamentario dos Socialistas. Deste grupo parlamentario, do Grupo Parlamentario dos Socialistas, aprobáronse por unanimidade da Comisión as números 17 e 19, e tamén a número 18, que foi transaccionada. E, finalmente, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego aprobose por unanimidade a que figura como número 9, que foi tamén transaccionada.

E esta é, señor presidente, señorías, de maneira resumida o ditame e as propostas de resolución que agora se someten ao debate dos grupos e á votación na sesión plenaria para dar así cumprimento ao disposto nos artigos 53.2 do Estatuto de autonomía e no artigo 20 da Lei 6/1985, do Consello de Contas.

Máis nada, señor presidente, e moitas grazas, señoras e señores deputados.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Varela.

Entramos na rolda dos grupos parlamentarios para a defensa das súas propostas de resolución e para a fixación da súa posición respecto das demais por un tempo de cinco minutos por grupo.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Hoxe debatemos as propostas de resolución que se formularon aos informes de fiscalización do sector público galego e, sobre todo, á Conta Xeral da Comunidade do 2016 e os informes que a acompañan. Este é o terceiro debate, por chamarlle dalgunha maneira, porque máis ben é o soliloquio que temos no que vai de lexislatura. E o certo é que poderíamos coller o *Diario de Sesións* das anteriores veces que o fixemos e reiterar unha parte moi importante da nosa intervención. Iso é así porque hai dúas grandes constantes malia que os informes son diferentes ano a ano.

A primeira é que, ano tras ano, boa parte das conclusións e das referencias e reflexións que fai o propio Consello de Contas son reiterativas, repítense. E, se se repiten, é porque a Xunta



de Galiza non as incorpora e non corrixe as cuestións que debería. De aí a primeira reiterada petición que formulamos por parte do BNG, que é simplemente que a Xunta de Galiza asuma como súas as propostas do Consello de Contas e, cando non as asuma por algún motivo, que razoadamente o explique nun informe e que ese informe se remita á Cámara galega. Pero un ano máis é unha das cuestións que foi rexeitada por parte da maioría do Partido Popular.

E, en segundo lugar, é reiterativo todo porque ano a ano tamén vemos como a vontade e a capacidade de entendemento do Partido Popular é anecdótica ou, máis ben, case exótica, pola súa escaseza. Neste caso, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego é certo que se incorpora unha emenda transaccionada ao ditame. Pero é certo tamén que é moi pouco ambiciosa e que simplemente se insta para a corrección do sistemático incumprimento por parte das axencias e fundacións sanitarias das recomendacións que fai cada certo tempo o Consello de Contas.

E, en fin, este é un pouco o debate reiterativo que temos, porque realmente xa sabemos, xa sabemos —vémolo moitas veces—, que o Partido Popular pensa que por ter maioría absoluta ten a verdade absoluta tamén das cuestións. Pero, a verdade, é bastante frustrante cando se trata de algo como o Consello de Contas, que debería dar pé a maiores consensos, o que nos demostra que hai pouca vontade tanto en avanzar na transparencia como en facer que realmente o Consello de Contas sexa un instrumento do que se explote todo o seu potencial.

E a verdade é que ver as cuestións ás que o Partido Popular dixo «non» tamén axuda a desmontar algúns dos mitos que contribuíron a crear coa demagogia e a propaganda á que nos ten acostumados. En primeiro lugar, o mito dos bos xestores; e, en segundo lugar, o mito de que defenden os servizos públicos.

Vou poñer algún exemplo, no pouco tempo que teño, de por que desmonta o Consello de Contas ese mito dos bos xestores.

Por exemplo, o Informe de fiscalización sobre a farmacia hospitalaria, ¿que nos di? Pois advirte do sobrecusto de como adquiren os fármacos e recomenda maior rigor orzamentario; recomenda maior rigor orzamentario na lóxica de que a Xunta de Galiza non ten rigor orzamentario e xestiona e planifica mal. E destaca tamén que o Sergas está a incumprir os principios reitores da contratación pública abusando das compras directas. Tamén, se miramos o Informe económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas, vemos como a Xunta non puxo en marcha cuestións reiteradas ano a ano, como o rexistro de entidades previsto no artigo 52 da Lofaxga, ou vemos outras cuestións, como que aqueles que nos vendían que viñan aquí a acabar cos chiringuitos van, en realidade, no sentido contrario.

Sobre o tamaño do sector instrumental autonómico dísenos que a redución foi minúscula, residual, que ten unha importancia económica mínima e que foi máis ben nominal, e que ademais o volume de fondos medrou —medrou pola xeneralización dese modelo de axencia que tanto temos criticado—. Polo tanto, en todo caso terían que dar leccións de «chiringuitoloxía» e non do seu combate. (*Aplausos.*)



Do mesmo xeito, unha vez máis insiste o Consello de Contas no infrafinanciamento dalgunhas destas sociedades. E, polo tanto, unha vez máis insistimos con propostas de calado político, como transformar ese Igape inservible —como está a demostrar o devalo industrial do que tanto falaremos neste pleno de hoxe— nun instituto galego de crédito. Pero tampouco tiveron a ben ter en conta esta cuestión.

E, por último, tamén contribúe a desmontar que realmente sexan defensores dos servizos públicos deste país e di como realmente están traballando na dirección contraria. Sobran exemplos do ámbito da Conta Xeral do Sergas e sobran exemplos do ámbito da dependencia. Do ámbito do Sergas témolos reiterado en moitas ocasións; polo tanto, rematarei cunha referencia ao ámbito da dependencia.

Incorpórase —debatémolo nestes meses— tamén un informe de fiscalización sobre o grao de atención residencial a persoas maiores e dependentes, un problema fundamental neste país. E ¿que demostra o Consello de Contas? Que a oferta de prazas públicas é insuficiente, que hai un peso excesivo do ámbito privado e que os prazos de trámite e tempo de espera incumpren o que di a lei. Polo tanto, tamén desde o BNG presentamos propostas neste sentido que foron rexeitadas e propostas para paliar a deterioración da sanidade pública e superar as eivas da privatización e da externalización. Pero, un ano máis, o Partido Popular decidiu votar en contra e quedar simplemente con propostas accesorias, propostas ás que están obrigados polo propio mandato legal, e outro tipo de cuestións que non van supoñer un cambio de rumbo do que en resumo é aquilo que fiscaliza o Consello de Contas, que non deixa de ser os recursos do galegos e das galegas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: E non deixa de ser, polo tanto, unha cuestión preocupante que, unha vez máis, non nos sorprende pero si que nos defrauda.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Hoxe imos debater o ditame das propostas de resolución aprobadas na Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2017, que ademais inclúe a Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2016.

O Grupo Parlamentario Socialista, dende aquí, queremos recoñecer e valorar moi positivamente o traballo desenvolto polo Consello de Contas, e dende aquí queremos felicitar o con-



selleiro maior así como a todos os empregados e a todas as empregadas públicas que forman o Consello de Contas polo rigoroso traballo feito. (*Aplausos.*) Un traballo rigoroso, si, pero non exento de atrancos debido á falla de colaboración da Xunta de Galicia e de todo o seu sector instrumental; atrancos para que o órgano que ten a competencia de fiscalizar teña sempre limitacións para desenvolver as súas funcións. O Consello de Contas, o órgano de fiscalización externa das contas do sector público autonómico galego, en cada un dos informes de fiscalización fai unha serie de recomendacións, que, ano tras ano, son reiteradas polo incumprimento continuado, ano tras ano, da Xunta de Galicia; e, ano tras ano, son reiteradas polo incumprimento continuado, ano tras ano, polo sector instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia.

Miren, a Xunta de Galicia creou o Consello de Contas hai trinta e catro anos; vinte e oito deses trinta e catro, gobernados polo Partido Popular. E os dez últimos anos, gobernados ininterrompidamente polo señor Núñez Feijóo. E hoxe, 26 de marzo de 2019, estamos coa Conta Xeral de 2016, ¡2016! É dicir, levamos, polo menos, dous anos de retraso (*Aplausos.*), cando deberíamos estar debatendo a do ano 2017 e, a finais deste ano, ter xa a de 2018. ¿Cales son as razóns deste retraso? Pois a falla de compromiso da Xunta de Galicia coas funcións que ela mesma lle outorgou ao Consello de Contas. Materialízanse fundamentalmente nunha insuficiente dotación de persoal para elaborar os informes de fiscalización e nunha insuficiente dotación de persoal para desenvolver as funcións da sección de prevención da corrupción.

A Xunta de Galicia lava a cara creando o Consello de Contas, lava a cara dotándoo de funcións. Pero despois non o dota dos medios suficientes para poder desenvolver estas funcións, agochando así a nefasta xestión da Xunta de Galicia e de todo o sector instrumental. Para a Xunta de Galicia, tanto o Parlamento como o Consello de Contas somos un teatro, e vostedes e nós non somos nada máis que actores que representamos un papel.

Miren, señoras e señores deputados do Partido Popular, o conselleiro maior, nunha comisión do Consello de Contas, dixo textualmente: «Os informes son froito do traballo dos auditores, de todos os técnicos do Consello, que evidentemente son aprobados polo Pleno do Consello de Contas; é dicir, que están referendados por toda a institución». Por tanto, toda a institución do Consello de Contas pon de manifesto, ano tras ano, por exemplo, que, en relación coas medidas adoptadas pola Comunidade Autónoma para o cumprimento das recomendacións formuladas no Informe de fiscalización de 2015, é dicir, do ano anterior, non se apreciaron avances salientables, polo que, á vista do seu insuficiente grao de implantación, van ser reiteradas no presente informe.

«Nas recomendacións» —volve dicir— «faise necesario que, por parte da Administración, se aborde con urxencia delimitar as entidades que integran o perímetro orzamentario e da Conta Xeral». Por certo, unha recomendación que pon o Partido Popular é «seguir». Seguir supón que xa se iniciou, e a Xunta de Galicia non iniciou nada, non veñan aquí lavarlle a cara. Por iso mesmo, por iso mesmo, nós non estamos de acordo coas propostas de resolución que plantexa o Partido Popular. Non poden poñer «seguir» cando non está iniciado. (*Aplausos.*) «Aprobar un novo plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma» —un novo plan de contabilidade pública é unha instrución de 2010, e seguen a utilizar un de 2005, ¡de 2005!, señores e señoras do Partido Popular—; «adiantar o prazo de rendición da Conta Xeral, re-



visar profundamente a memoria, en especial a situación financeira, a execución dos beneficios, o volume de endebedamento, e o estado agregado dos compromisos de gastos futuros do sector público autonómico; limitar o uso do programa 621B, determinar normativamente o fondo de continxencia, facer unha adecuada planificación orzamentaria, incorporar un sistema completo de seguimento dos gastos de financiamento afectado, regularizar e depurar os dereitos recoñecidos pendentes de cobro, e, dada a relevancia que o endebedamento público autonómico ten alcanzado nestes últimos anos, subministrar unha información ampla que permita facilitar o seu seguimento e análise» —¡o seu seguimento e análise!—; «poñer en marcha o rexistro de entidades dependentes previsto na Lofaxga» —¡hai dez anos!, ¡hai dez anos!—; «obrigar as entidades instrumentais a render contas ata a súa extinción definitiva» —señores e señoras do Partido Popular, quérolles recordar que as entidades instrumentais da comunidade autónoma galega, excluindo o Sergas, no exercicio 2016 xestionaron o 16 % do orzamento inicial de gasto de todo o sector público galego, é dicir, 1.609 millóns de euros, e 19 das 108 entidades non renderon contas neste exercicio—.

Ben, nós presentamos 25 propostas de resolución, e evidentemente imos votar a favor de dúas, simplemente, que nos subsumiron, dúas que foron aprobadas e unha que foi transaccionada. E no resto das do Partido Popular ímonos abster por ese «seguir», cando non está nin sequera iniciado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Bos días.

Nos cinco minutos deste trámite formal non imos defender as propostas de resolución do noso grupo, porque xa sabemos cal sería o resultado, cal é o resultado. Levamos tres anos igual. O rodillo da maioría absoluta do Partido Popular impide que esta Cámara exerza o seu papel, impídeo en múltiples debates pero tamén no que ten que ver co Consello de Contas.

O Consello de Contas é un órgano dependente do Parlamento que ten como función fundamental fiscalizar a acción dos gobernos e combater a corrupción. Nós pensamos que o Consello de Contas é un órgano fundamental no funcionamento dunha democracia digna dese nome, e por iso eu vou dedicar os catro minutos que me restan a defender o Consello de Contas, a defendelo do menosprezo que lle aplica o Partido Popular, tanto dende o Executivo como dende a maioría parlamentaria.

Debe fiscalizar e combater a corrupción. Por iso se entende perfectamente que o Partido Popular desvalorice o papel do Consello de Contas, porque a súa función é fiscalizar e combater a corrupción ¿Como fai este desprezo? Eu vou poñer catro exemplos.

Primeiro, o plan de traballo. O Consello de Contas aprobou o seu plan de traballo o 20 de decembro do ano pasado. ¿E saben cando ese traballo chegou á Comisión do Consello de Contas? O 15 de marzo, tres meses despois, co ano xa ben avanzado.



Segundo, existe unha escasísima dotación de medios. O Consello de Contas non variou o seu cadro de persoal nos últimos..., non sei, nos últimos quince anos. Dende logo non aumentou a súa plantilla dende que lle adxudicaron unha tarefa fundamental, que é previr e loitar contra a corrupción. Isto é emblemático da estratexia do Partido Popular. Díselo ao Consello de Contas que actúe contra a corrupción pero non se lle dá nin un euro máis nin unha persoa máis para que leve a cabo esta función.

O terceiro é o veto que o Partido Popular exerce sobre o resto dos grupos parlamentarios para que actuemos no plan de traballo do Consello de Contas. Nós respectamos que o Consello de Contas, obviamente, teña iniciativa. Pero pensamos que o Consello de Contas é un órgano que depende do Parlamento, que depende da soberanía popular, e ten que estar ao servizo do Parlamento. Nese sentido vou dar un dato que demostra cal é o papel do Partido Popular no informe de traballos que ten o Consello de Contas para o ano 2019. Hai, por iniciativa propia, do Consello de Contas, 26 informes. ¿Saben cantos informes ten no seu plan de traballo por petición do Parlamento? Ten cinco.

En cuarto lugar, está o desprezo absoluto do Executivo ás recomendacións do Consello de Contas. Eu traía o papel que xa leu a compañeira Begoña. Ese parágrafo do informe do Consello de Contas debería de ser suficiente para que o Partido Popular pedira perdón e o Goberno dera excusas. O Consello de Contas di, ano tras ano, que as recomendacións que formulan nos seus informes non son implementadas polo Goberno galego, e que non lle dá ningunha explicación de por que non as implementa. E, a continuación, o Consello de Contas di: «Reiterámonos nas recomendacións que xa se levan facendo dende hai moitos anos»

¿Que goberno, a ese organismo fundamental nunha democracia madura, como son os consellos de contas, despreza desa forma tan absoluta que lle obriga a reiterar ano tras ano as mesmas recomendacións dende hai sete ou oito anos?

Remato. Nós valoramos positivamente o traballo do Consello de Contas, sen ningunha dúbida, e recollemos as palabras da deputada do Partido Socialista. Pero tamén queremos ter unha posición crítica, porque toda esa estratexia de desvalorización que fai o Partido Popular dende o Executivo e dende o Lexislativo claro que ten efectos sobre o funcionamento do Consello de Contas. E eu vou dar dúas opinións.

Primeira, o Consello de Contas leva como responsable da prevención da corrupción catro anos — reformouse a lei en agosto de 2015 —, e ata agora non hai presentado nesta Cámara ningún traballo desa nova función. ¡Catro anos!, parece que a corrupción non é un problema que teña moita présa.

Segunda, o estancamento no modelo de traballo do Consello de Contas. O Consello de Contas —recoñeceuno o conselleiro maior— límitase, ¡límitase!, a fiscalizar a legalidade das actuacións do Goberno, e non avanza no que o propio Consello de Contas e, dende logo, toda a xente que traballa nestes temas di, que é no seu papel —que ten que ir a máis— de facer auditorías operativas; isto é, a análise de custo-beneficio de para que serven as decisións que toman os gobernos.



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: Remato.

Como apoiamos o Consello de Contas, porque pensamos que é fundamental un organismo vivo para fiscalizar a acción do Goberno e loitar contra a corrupción, votaremos en contra do informe da Comisión.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Romero.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: Ben, moitas grazas señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

Señor Lago, centremos o debate. Non estamos ante o debate das recomendacións ao Consello de Contas, estamos ante o debate sobre as propostas de resolución aos informes de fiscalización xa acordados en ponencia. Non sei se é que vostede non puido participar na ponencia porque se esqueceu de rexistrarse como ponente e non puido participar, ou é porque está tan despistado. Pero fundamentalmente estamos hoxe aquí para aprobar a Conta Xeral da Comunidade Autónoma, que, tal como declara toda a institución do Consello de Contas, toda, reflicte razoablemente a actividade económica e financeira do exercicio 2016.

A utilidade destes informes —que os informes, señorías, non son só un parágrafo, non son só un parágrafo— é que conforman unha guía de como seguir mellorando a xestión das contas públicas. E isto é o que está a acontecer, que cada ano, con cada exercicio fiscalizado novo, nos atopamos con máis logros e máis indicadores desta boa xestión. O informe da Conta Xeral do ano 2016 constata que a Xunta de Galicia segue a introducir melloras na súa xestión orzamentaria e financeira, cumprindo ao mesmo tempo os obxectivos de estabilidade orzamentaria e cunha evolución moi positiva de indicadores como o aforro bruto —que se duplicou no 2016 ata chegar aos 450 millóns de euros— ou o gasto en xuros da débeda —cun aforro de 65 millóns en xuros—.

Pero é que, un ano máis fiscalizado, demostrábase que Galicia cumpre co obxectivo de déficit, cumpre as previsións de evolución do PIB e da taxa de paro, cumpre o obxectivo de déficit e cumpre o límite de carga financeira. Recórdolles, señorías, que pasamos de ser unha das comunidades máis endebedadas —en 2009 eramos a quinta comunidade máis endebedada— a ser a quinta con menor endebedamento. O Consello de Contas recoñece, á súa vez, a importante mellora do índice de sustentabilidade, o que nos permite facer fronte sen problemas a este endebedamento. E a día de hoxe, cos últimos datos publicados, somos a cuarta cunha menor ratio de débeda, ratio que volveu reducirse en 2018.

Os informes confirman que se acadou unha alta execución orzamentaria, mellorando respecto do exercicio anterior. Reduciuse notablemente o uso das modificacións orzamentarias —un



56 % inferior ao exercicio anterior—. Recoñécese o importante esforzo que está a facer o Goberno en reducir o gasto desprazado, acumulando unha baixada do 44 % dende 2013, así como un maior control e unha mellor xestión de tesourería —constata que somos a comunidade autónoma que mellor e máis rápido paga aos seus provedores, unha tendencia, señorías, que continuará nos seguintes exercicios 2017 e 2018—. Co ano 2018 pechado, confírmase esta boa xestión co cumprimento novamente de todos os parámetros das regras de estabilidade, unha moi boa xestión que nos permite contar por primeira vez dende 2002 con superávit, señorías. Estamos falando de 125 millóns de euros que son de Galicia. Os que critican a xestión orzamentaria da Xunta e apoiaron os peores orzamentos do Estado para Galicia en moitos anos deberían lembrar que o déficit que están a xerar os venres electorais do señor Sánchez se están a compensar co superávit de Galicia, superávit resultado dunha xestión financeira exemplar (*Aplausos.*) Deberían ter, se non pudor, polo menos responsabilidade, e recoñecer a positiva xestión da Xunta, unirse ás reivindicacións do presidente Feijóo e demandar que nos deixen gastar en políticas sociais os 125 millóns de euros que nos corresponden.

Si, señorías, o superávit de Galicia e dos concellos está a financiar o déficit que está a xerar o señor Sánchez; unha mostra máis do constante e continuo agravio de Sánchez con Galicia. Indígnese por iso, señora Rodríguez Rumbo, indígnese máis por isto que por cuestións de técnica contable.

Presentamos propostas de resolución, evidentemente, en función destes informes, para seguir dando cumprimento ás recomendacións realizadas. Recórdolles que é a primeira vez que temos un informe de seguimento das recomendacións realizadas polo Consello de Contas, que evidencian que o sesenta por cento das recomendacións efectuadas entre o 2012 e o 2015 están a ser aplicadas ou en fase de implementación.

Queremos seguir cumprindo os obxectivos do déficit de débeda reducindo o gasto en xuros, as modificacións orzamentarias e o gasto desprazado; mellorar a xestión contable da Xunta; revisar o contido da estrutura da Memoria da Conta Xeral, tal como solicita o Consello de Contas; mellorar a supervisión do gasto público, e, na área sanitaria, queremos seguir sendo das comunidades autónomas cun maior investimento per cápita e das que maior porcentaxe do seu PIB dedica á sanidade pública.

Remato xa, señor presidente.

Aceptamos da oposición todas aquelas propostas que supoñen un avance na mellora do control do gasto en materia de servizos sociais, axencias públicas ou fundacións sanitarias, pero queremos que o Goberno continúe xestionando os fondos públicos con responsabilidade, tal e como vén facendo estes anos. Por iso, non podemos aceptar outras sobre débeda ou xestión orzamentaria que parten de premisas falsas nas súas formulacións.

Un ano máis, quedou verificado que a Xunta é un exemplo de rigor e de solvencia, que xestiona dun xeito fiable, veraz e cumprindo coa lexislación vixente e que a Conta Xeral se pode aprobar porque non ten ningunha salvidade significativa e reflicte a actividade económica e financeira que toda contabilidade pretende.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Romero.

Rematado o debate, procedemos á votación.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos. Primeiro votamos o ditame e despois votamos as propostas.

Votamos, en primeiro lugar, o ditame, que incorpora a proposta de resolución número 1 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, relativa á aprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2016.

Votamos.

Votación do Ditame emitido pola Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2017.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada este ditame por 74 votos a favor.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as propostas de resolución.

(A señora Rodríguez Rumbo pide a palabra.)

¿Señora Rodríguez Rumbo? Déanlle voz ao escano da señora Rodríguez Rumbo, por favor. Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Queríamos solicitar que na segunda votación, nas propostas de resolución, onde pon: «2 a 11», se separen a 6 e a 8, e, por outra banda, da 2 á 5, a 7 e da 9 á 11. Quero dicir simplemente separar a 6 e a 8.

O señor PRESIDENTE: Ou sexa, ¿soamente a 6 e a 8? ¿As demais todas xuntas?

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: O resto quedarían igual.

O señor PRESIDENTE: ¿O resto todas xuntas?

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Si.

O señor PRESIDENTE: ¿Das 18?



A señora RODRÍGUEZ RUMBO: A ver, onde pon: «2 a 11».

O señor PRESIDENTE: ¿2 a 11?

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Aí quedarían, por unha banda, a 6 e a 8, e, por outro lado, as demais, que serían da 2 á 5, a 7 e da 9 á 11.

O señor PRESIDENTE: O resto delas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Efectivamente.

(O señor Fernández Leiceaga pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: A ver, explique, porque isto ten a súa complicación. Déanlle voz ao escano do señor Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Mire, por favor: se se puideran agrupar a 6, a 8, a 9 e a 18, e o resto votalas todas xuntas.

O señor PRESIDENTE: Correcto.

¿Non hai nada máis? Entón votamos. ¿É así? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Non é así? ¿Perdón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, entón está todo de acordo. Imos votar.

Se lles parece, sobre as propostas de resolución, votamos en primeiro lugar a 6, a 8, a 9 e a 18.

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 6, 8 e 9 do G. P. Popular de Galicia, e da número 18 transaccionada do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; votos en contra, 14; abstencións, 6.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto das propostas.

Votamos.

Votación das propostas de resolución aprobadas pola Comisión agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 14; abstencións, 20.



O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións. Abran as portas, por favor.

Continuamos co punto 2, texto lexislativo.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, reguladora da actividade dos grupos de interese en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, don Juan Manuel Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Bo día, señorías.

Iniciamos esta décima lexislatura inmersos nos devastadores efectos dunha profunda crise económica, da gran recesión que se iniciara en 2008 a nivel global, con críticos efectos para o noso país e, dunha forma especial, en materia de desemprego e de crecente desigualdade. En España esta crise económica —pero, sobre todo, crise tamén social— viuse afectada pola onda expansiva da corrupción política e da corrupción económica, que pon en entredito a lexitimación do noso sistema democrático e da nosa calidade institucional; corrupción, por certo, que ten alumnos avantaxados.

Todos os axentes políticos, sociais e económicos temos a obriga ineludible de defender os mecanismos de loita e prevención contra a corrupción. Esta tarefa resulta absolutamente necesaria non só para recuperar a confianza nas institucións —en caída libre, conforme os sucesivos barómetros de opinión—, senón tamén para dispoñer dun marco económico máis transparente e, polo tanto, máis competitivo, homologable a outras sociedades máis avanzadas en indicadores de calidade democrática e de convivencia cívica.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia puxo a loita contra a corrupción como unha das súas principais liñas de acción parlamentaria nesta décima lexislatura. Iniciativas sistematicamente defendidas nesta cámara son proba irrefutable deste compromiso; a meirande parte delas, rexeitadas ou adiadas por parte do Grupo Parlamentario Popular. A protección das persoas denunciante de casos de corrupción, os plans antifraude na contratación pública autonómica, a supresión do aforamento dos deputados e deputadas desta cámara —que acadou un acordo unánime, aínda que precisaría unha reforma estatutaria— ou a proposición de lei que hoxe presentamos para a súa toma en consideración son —cremos—, claramente, un firme compromiso coa nosa calidade democrática e coa necesaria exemplaridade pública, e entendemos que debe acadar o necesario consenso parlamentario.

Relendo algunhas notas dun libro no que eu creo que se fai un repaso máis que interesante e unha radiografía da situación da economía do noso país, *El final del desconcierto*, de Antón Costas, hai un par de consideracións que eu creo que son acaídas para este debate, porque afirma que en España se desenvolveu un capitalismo concesional e subvencionado que é



proclive á corrupción. Se queremos diminuír a corrupción, hai que acabar con este tipo de capitalismo rendista e depredador.

Identifica nesta ecuación dous factores clave para reducir a corrupción; unha corrupción que atenta gravemente, evidentemente, tamén contra a competitividade da nosa capacidade económica. O primeiro factor é a transparencia, entendida como o dereito do cidadán a coñecer e a obrigação das administracións a responder; e a calidade democrática, entendida como a actitude exixente dos medios de comunicación e da opinión pública en xeral para investigar, dar a coñecer e denunciar os casos de corrupción. Canto maiores sexan estes factores de transparencia e de calidade democrática, menor será a incidencia da corrupción no noso país e, polo tanto, tamén en Galicia.

Todos coñecemos importantes grupos de interese, importantes grupos de presión, importantes *lobbys* do sector da enerxía —Carbunión, Foro Nuclear, Protermosolar, Unesa en materia eléctrica, Sedigas...— que son os máis importantes grupos de presión do noso país e os que máis inciden non só na axenda económica, senón tamén na axenda política. Pero todos coñecemos tamén a capacidade de influencia nos poderes públicos —sobre todo nos poderes executivos— da industria alimentaria, da industria hoteleira, do sector da banca —evidentemente—, do sector asegurador, do sector da farmaindustria, de Seopan, ou, loxicamente, do sector da automoción.

Recentemente, todos acabamos de vivir e estamos vivindo a presión de fortísimos grupos de interese, grupos que pasan a ser de presión en materia de novas tecnoloxías: Cabify, Airbnb, Uber, Amazon, Facebook, etc. Hoxe hai un debate interesante tamén no Parlamento Europeo sobre dereitos de propiedade intelectual e ata onde chega a capacidade da liberdade dixital.

No informe —que eu creo que é unha boa referencia para seguir nestas cuestións— que elaborou Transparencia Internacional España alá por 2014 —non hai tanto tempo—, e no que se facía unha avaliación dos *lobbys* en España, cunha serie de análises e de propostas, dicíase claramente como a falta de claridade conceptual e de regulación con respecto aos grupos de interese e aos *lobbys* supón, en moitas ocasións, a confusión entre estes grupos e o tráfico de influencias. Pero mentres os grupos de presións e os *lobbys* presupoñen un certo equilibrio, a priori, neste campo de xogo, o tráfico de influencias, todo o contrario: consiste nun abuso de posición normalmente ilegal, ilícita e, en moitas ocasións, de tipificación penal. Polo tanto, temos moito que loitar para clarificar este campo de xogo.

Xa apuntamos nalgunha ocasión que o Eurobarómetro nos indicaba que o setenta e sete por cento dos españois cre que a corrupción é parte da cultura dos negocios e o sesenta e sete por cento considera que a única forma de ter éxito nos negocios en España son as conexións políticas. Pero o que é máis grave: estas percepcións dannos que o noventa e un por cento das empresas consideran excesivos os vínculos entre diñeiro e política. Basta ser espectador dos principais casos xudiciais —que están asolando este país— de corrupción, para ser consciente deste grave problema, non só político ou económico, senón, de forma principal, social.

Xa o *Libro Verde* —como tamén apuntamos nalgunha ocasión— *sobre a iniciativa europea a favor da transparencia*, elaborado pola Comisión Europea en 2006, define o lobbismo como



unha parte lexítima do sistema democrático, independentemente de que esta actividade sexa realizada por particulares, por empresas, por organizacións da sociedade civil ou por outros grupos de interese responsables de relacións institucionais ou de despachos profesionais. É unha actividade que debe de ser pública, para que a cidadanía teña pleno acceso á información sobre todo o que incide no comportamento das institucións e dos responsables públicos e políticos.

Como nalgunha outra ocasión na comisión apuntamos, xa en 2015, nunha comparecencia parlamentaria, o daquela presidente do Consello Galego da Competencia aludía claramente a determinados axentes que interveñen no mercado como focos de especial atención en materia de libre competencia e, polo tanto, sectores máis que propicios a desenvolver presión sobre as autoridades reguladoras á hora de acordar políticas públicas. Falábase, naquela comparecencia por parte do presidente do Consello Galego da Competencia, da cadea de valor do sector lácteo, da distribución eléctrica ou tamén da distribución de carburantes.

Tamén o presidente desta cámara —témolo comentado en máis dunha ocasión—, en decembro de 2016, recén iniciada esta lexislatura, indicaba que se promovería a axenda dos deputados autonómicos e que sería pública para a cidadanía. Instamos, desde o Grupo Parlamentario Socialista, o señor presidente —ou o señor vicepresidente neste caso— a que active este compromiso antes de que vaia rematando esta décima lexislatura.

Igual que os estados avanzados da nosa contorna, as institucións da Unión Europea ou algunhas comunidades autónomas, Galicia ten tamén que adoptar todas as medidas necesarias para reforzar a lexitimidade do seu goberno e as súas institucións e reducir, así, a percepción de corrupción sistémica.

A regulación do *lobby*, a regulación dos grupos de interese, é unha das medidas precisas para reducir riscos de corrupción e mellorar, polo tanto, a calidade e a transparencia na toma de decisións públicas e políticas en Galicia. E por iso, desde o Grupo Parlamentario Socialista, en materia de regulación de actividades dos grupos de interese, presentamos máis dunha iniciativa, evidentemente, porque na Comisión 1ª tivemos ocasión de debater esta iniciativa o 23 de marzo de 2018, que foi rexeitada de pleno por parte do Grupo Parlamentario Popular. E, sendo conscientes da falta destes argumentos presentados por parte do Grupo Popular para rexeitar esta iniciativa de carácter regulador dos *lobbies*, presentamos unha pregunta tamén na Comisión 3ª, na que responsables da Consellería de Presidencia nos contestaban que Galicia non tiña competencia e que se necesitaba un marco básico estatal ou que se trataba dunha cuestión moi complexa. Esas foron algunhas das respostas na Comisión 3ª que tivemos ocasión de debater o 28 de setembro do ano pasado.

Por iso, desde o Grupo Parlamentario Socialista anunciamos que presentaríamos unha iniciativa lexislativa para dar regulación, precisamente, na nosa comunidade, á actividade —insisto, lexítima, pero que hai que controlar, regular e facer transparente— dos distintos grupos de interese, que se converten en grupos de presión.

Por iso, evitar a opacidade, señorías, é primordial para poder garantir o interese xeral e fiscalizar con bo criterio a actuación dos poderes públicos, tal e como foi posto e segue sendo



posto de manifesto sistematicamente polas institucións internacionais, pola Comisión Europea ou polo Consello de Europa. E son numerosos os poderes públicos que regularon nos últimos anos esta actividade, ámbito no que xa se contan diversas comunidades autónomas. Con esta lei, señorías, pretendemos incorporar á normativa propia de Galicia os principios reguladores que os organismos internacionais reflectiron nestas recomendacións, unha actividade que debe ser pública para que a cidadanía teña pleno acceso á información sobre todo o que incide no comportamento de institucións e autoridades, tamén en Galicia.

A Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, está claro que deixa fóra do seu ámbito de aplicación a actividade concreta dos grupos de interese, os cales deben ser obxecto dunha regulación e, polo tanto, dunha formulación específica no ámbito do fomento do diálogo transparente con estes grupos por parte da sociedade, e a súa implicación no deseño das políticas públicas. Observamos como no ámbito subxectivo desta propia lei de 2016, levada adiante por parte do Goberno galego e na que se escusa calquera outro tipo de regulación de medidas contra a corrupción e a fraude, os grupos de interese só se teñen en conta cando hai algún tipo de vinculación contractual ou hai algún tipo, evidentemente, de subvención por parte da Administración autonómica. Esta lei, polo tanto, supéraa; con esta lei, o Grupo Parlamentario Socialista presenta unha iniciativa para superar a omisión de Galicia e do Goberno galego en materia de regulación dos grupos de interese, pese a que —como dicimos— desde o punto de vista do ordenamento, das recomendacións e dos modelos adoptados nas institucións europeas temos experiencias de sobra para poder incorporalos.

A lei estrutúrase —como coñecen— en cinco títulos: delimita, evidentemente, cal é a actividade dos grupos de interese; establece de forma relevante un rexistro dos grupos de interese de carácter público e gratuíto para dar coñecemento á cidadanía da identidade das persoas e organizacións, así como das actividades que estas realizan ante a Xunta de Galicia, e que non coñecemos de forma normal, o que supón a aplicación necesaria e ineludible dos principios de transparencia e publicidade en relación coa Administración autonómica, e establece, como mínimo, un código de conduta que pode ser mellorado por parte dos grupos de interese que se anoten neste rexistro e prevé os necesarios mecanismos de control de veracidade dos datos achegados a este rexistro.

Tamén, en cuarto lugar, o texto da proposición de lei que hoxe traemos a este debate de toma en consideración establece a necesaria coordinación coas funcións do Comisionado da Transparencia, función asignada á institución do Valedor do Pobo, e inclúese, dunha forma principal, o que na doutrina denominamos —ou se denomina— a pegada normativa, que fai referencia á necesaria publicidade dos contactos que a Administración pública manteña con grupos de interese durante a elaboración de proxectos normativos —tanto anteprojectos de lei como proxecto de decreto—, debendo reflectirse estes contactos de forma clara e transparente nun informe que se debe publicar no Portal de transparencia e do que se debe dar conta a esta cámara, para asegurar precisamente que a actividade dos grupos de presión sexa transparente e non desproporcionada. Esta ferramenta, señorías, permite e persegue, en definitiva, mellorar a calidade das normas, abundar nas prácticas que definen o bo goberno e reducir o número de litixios, na medida en que se facilita a resolución de conflitos nos estadios anteriores á aprobación dos preceptos legais que deben rexer situacións nas que converxen intereses diversos.



Finalmente, esta proposición de lei recolle o necesario réxime sancionador e prevé mecanismos —necesarios tamén— de colaboración e cooperación coa Administración local de Galicia e con esta cámara para promover a transparencia entre os diferentes grupos de interese nestes ámbitos respectivos.

Señorías, ¿por que outras comunidades como Navarra —en 2018—, como Aragón —en 2017—, como Cataluña —xa en 2014—, como Castela-A Mancha —tamén en 2018— e, dunha forma especial, como a Comunidade Valenciana —en 2018— regularon e apostaron por levar adiante unha regulación clara e transparente da actividade dos grupos de interese? ¿Por que Galicia non pon luz e taquígrafos nas relacións dos poderes públicos —do lexislativo si, pero, dunha forma principal, dos poderes públicos executivos— cos grupos de interese, cos *lobbys*? Galicia, nese sentido, eu creo que non pode seguir á cola na adopción de medidas para a prevención e de loita contra a corrupción. Ten que non escudarse na falta de competencias; nesta materia non se precisa ningún tipo de marco básico estatal, e os modelos que temos incorporados por parte das institucións europeas son claros á hora de regular a presenza nos rexistros de intereses...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...—e remato, presidente— dos diferentes grupos de consultoría, dos diferentes grupos empresariais, organizacións non gobernamentais, organizacións que representan intereses de carácter académico, investigadores, relixiosos, etc.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Díaz.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: En definitiva, consideramos que esta regulación dos grupos de interese é absolutamente precisa...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...para que Galicia poña luz e taquígrafos ás relacións dos poderes económicos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...cos poderes públicos.

Grazas, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do BNG, a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.



Desde o BNG non imos opoñernos a que se regule, como propón esta iniciativa que defende hoxe o Partido Socialista, esta proposición de lei. Non imos, en ningún caso, opoñernos a que se regule a actividade dos grupos de interese —como dicía o señor Villoslada—, grupos de presión ou, máis comunmente denominados, *lobbys*.

Esta proposición de lei continúa —xa se explicaba, e tamén aparece referenciado na exposición de motivos— esa liña aberta noutros países; con anterioridade falábase do caso de Cataluña no ano 2014 ou, máis recentemente, do País Valencià ou de Navarra no ano 2018. Segue, ademais, as pautas marcadas —tamén o comentaba o señor Villoslada— pola Comisión Europea no ano 2011, nese acordo interinstitucional ao que se facía tamén referencia.

Nós tamén cremos —tamén o dicía o señor Villoslada na súa intervención— que foron a crise económica e, nomeadamente, a crise política tan brutal que vivimos nos últimos anos, pero, especialmente, eses numerosísimos casos de corrupción que saíron á luz a partir do ano 2009 —por exemplo, coa coñecidísima trama Gürtel—, os que puxeron en evidencia ou manifestaron a obscena, absolutamente obscena ligazón que existe entre o poder económico e o poder político, como se fixo evidente ou se puxo en evidencia a través desas tramas de corrupción —que están aínda hoxe a ser xulgadas en moitos casos— e de como se puxo o *Boletín Oficial do Estado* ao servizo dos intereses das grandes corporacións e do gran capital no Estado español. Esa situación que, aínda que de maneira máis aguda se ten manifestado no Estado español, non é exclusiva tampouco do Estado, motivou ese novo marco normativo ou inspirou ese novo marco normativo, que é, dalgunha maneira —así o entendemos tamén desde o BNG—, unha estratexia de *marketing*, e tamén un certo lavado de cara, diante desa enorme influencia que exercen eses grupos de presión, eses grupos de interese —nomeadamente, as grandes corporacións— sobre os gobernos.

Vostede facía referencia, señor Villoslada, a nomes de *lobbys*, de empresas que teñen como encomenda servir de ligazón, precisamente, entre as grandes corporacións e o poder político, pero, á fin e ao cabo, quen exerce esa influencia, quen exerce esa presión é o gran capital: as grandes corporacións e os grandes intereses económicos e financeiros. Nós, nese sentido, entendemos que está ben definir que é o que é un *lobby*, que son eses grupos de presión, e crear un rexistro de carácter obrigatorio; actualmente, no Estado español, se non me falla a memoria, na CNMC hai un rexistro que é voluntario e que non é obrigatorio. Tamén estamos de acordo en establecer un código de conduta como o que se sinala ou se recolle nesa proposta de lei ou en crear mecanismos, tamén previstos na propia proposta lexislativa, para establecer mecanismos de control e de verificación de que ese código de conduta se cumpre e que, ademais, no caso de que se detecten incumprimentos, se establezan e se recollan sancións; bastante exiguas, por outra parte, cando moitas veces falamos de volumes de negocio inxentes. En todo caso, iso quedaría para o trámite parlamentario.

Non ten mal —insisto—, nós estamos de acordo con iso, pero, se mo permiten, tamén nos parece, até certo punto, inocente, se me permite a expresión. A maior parte das trampas non se fan nin sequera á vista, nin as impiden moitas veces os códigos de conduta que se poidan recoller nas propostas ou nos textos lexislativos como o que hoxe debatemos. A presión, esa influencia, exércese moitísimas veces entre bambalinas e, ademais, con prácticas que non se recollen practicamente en ningún código de conduta. Hai cousas que non entran na re-



gulación, senón que, ademais, teñen moito que ver coa decencia de quen está na política ou de quen ten, en moitos casos, responsabilidades de goberno e manexa, polo tanto, unha parte importante do poder político.

Eu trouxen dous exemplos —poderíamos poñer moitísimos, e algúns dos sectores aos que eu nomearei xa os refería vostede na súa intervención— para poñer en evidencia as limitacións deste tipo de regulacións, que a nós nos parecen ben, e insisto que imos votar a favor do proceso da tramitación, da toma en consideración desta proposta de lei, pero que nos parecen —diciáo— un pouco inocentes. Eu vou poñer dous exemplos:

Un, o sector eléctrico —facía referencia o señor Villoslada na súa intervención—: os donos da enerxía no Estado español collen —e eu collín unha frase que se escoitou nalgunha ocasión nesta cámara— nun taxi ou nun Scenic; collen esas cinco empresas que controlan practicamente o noventa e cinco por cento da produción enerxética no Estado español, o noventa e nove por cento da distribución desa enerxía e case o oitenta por cento da comercialización desa enerxía eléctrica no Estado español. O sector enerxético e eléctrico no Estado español é, xunto coa banca, o que máis poder e influencia exerce sobre o poder político. Non é o único, pero é un dos sectores de maior influencia e maior poder no Estado español, razón pola cal, se imos ás nosas facturas, podemos ver como máis do cincuenta por cento do prezo que pagamos na factura da luz é unha decisión política, non ten nada que ver co consumo eléctrico que realmente facemos como usuarias ou como consumidoras.

Endesa, Iberdrola, Gas Natural..., hai case medio cento de ex-altos cargos públicos, ou familiares destes, que nalgún momento estiveron ou aínda están sentados nos consellos de administración destas empresas, nunha palabra que a nós nos gustaría que vostedes referenciasen —falando de grupos de presión e do poder que exerce o poder económico sobre o poder político—, que son esas portas xiratorias. E eu trouxen nomes que —estou segura— moitas das persoas que están aquí coñecen, e ben: Felipe González, en Gas Natural ata o ano 2015; José María Aznar, en Endesa ata o ano 2014; Elena Salgado ou Pedro Solbes, tamén en Endesa, e Acebes ou Manuel Marín, en Iberdrola. Son exemplos de como non fai falta nin sequera moitas veces que existan eses intermediarios, eses lobbistas, para exercer control por parte do gran capital económico e financeiro sobre o poder político no Estado español. É un exemplo este, o do sector eléctrico, que é ademais obsceno e está estudado en profundidade, desa influencia que exerce o poder económico, o gran capital, sobre os gobernos.

Podo poñerlles, ademais, sen saírnos deste sector eléctrico, un exemplo máis próximo e tamén máis visual —por dicilo—: esa fotografía, ese famoso abrazo entre o presidente de Iberdrola e un máis novo Feijóo, recién chegado como presidente da Xunta de Galiza a Monte Pío. Unha das primeiras decisións que tomou o Partido Popular a partir de 2009, cando recuperou o poder na Xunta de Galiza, foi anular —lembrarán— ilegalmente, porque así o considerou o Tribunal Supremo en sentenza firme, o concurso eólico do Bipartito. (*Murmurios.*) Casualidades da vida, a empresa que máis belixerante fora, precisamente, con ese concurso eólico do Bipartito fora Iberdrola; aquel presidente de Iberdrola sabía ben a quen abrazaba. (*Aplausos.*)

Sen saírnos moito tampouco do sector enerxético, pero si indo xa cara a outro sector económico, tamén de moita actualidade nestes días —falarase sobre iso a través da pregunta



que formulará ao presidente da Xunta de Galiza a portavoz nacional do BNG—: o caso de Energía & Celulosa, Ence, outro exemplo tamén desa obscena relación e das inxerencias que fai o gran capital no poder político. *(Aplausos.)* Por non remontarnos moitísimo máis atrás: Ence foi privatizada no ano 1995; iníciase, co Goberno do PP de José María Aznar, o proceso de privatización e culmina no segundo mandato, xa con maioría absoluta —ano 2001—. Pero lembrarán vostedes, un pouquiño máis recentemente, que Ence obtivo unha prórroga de sesenta anos máis grazas ao Partido Popular e ao Goberno en funcións de Mariano Rajoy. Durante o tempo en que gobernou, sobre todo, o Partido Popular, da man de José María Aznar —que agora volve tamén estar no candelero—, lembrarán que fixeron carreira política nomes que lles soarán moito: a ministra de Medio Ambiente, a señora Isabel Tocino; o que fora daquela conselleiro de Montes e Medio Ambiente, Carlos del Álamo, ou o secretario de Estado, un señor que se chamaba Pascual Fernández. *(Unha señora deputada pronuncia palabras que non se perciben.)* Efectivamente, Pascual Fernández. Poderá non soarles a ninguén; pois son conselleiras e conselleiros do Consello de Administración de Ence.

Trouxemos estes exemplos para poñer en evidencia —insisto— que hai cuestións que fican á marxe dos códigos de conduta e á marxe de que se cree un rexistro que deite un pouco de luz sobre os grupos de presión e as prácticas destes ou que estes grupos desenvolven.

Nós, desde o BNG, imos apoiar a toma en consideración da lei; se sae adiante faremos achegas para mellorar e enriquecer o texto...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...sabedoras de que non é a panacea —insisto—, porque hai cuestións que dependen dos intereses aos que respondemos as organizacións políticas e ao servizo de quen estamos as persoas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...que estamos aquí.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Santos Queiruga.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Bo día, señor presidente.

Deputados e deputadas.

Nós imos apoiar a toma en consideración desta iniciativa e, ademais, queremos plantexar que, xa no 16 de xuño de 2017, lle pediamos, precisamente na Comisión 1ª desta cámara, ao Parlamento galego que instara a Xunta de Galicia á creación e impulso dunha lei de *lobby* galega dotada de eficacia e que favorecese os intereses do conxunto da sociedade e dos ga-



legos e galegas. E, xa naquel momento, os tres grupos da oposición votamos a favor, dándolle a iniciativa ao Goberno para que puidera regular esta problemática. Antes de que xurdira o escándalo do xuízo da Gürtel e a súa sentenza e antes de que se desaloxara o Goberno de Rajoy por estes motivos a través da moción de censura xa estabamos insistindo nestas cuestións e, sen embargo, o Partido Popular xa daquela se posicionou a favor de non loitar contra a corrupción, votando en contra e diferenciándose dos outros grupos do que sería un apoio á iniciativa do impulso de creación desta lei.

E, dende logo, no día de hoxe non cambiaron os motivos polos cales o noso grupo impulsou esa iniciativa, e cremos na importancia fundamental que ten o impulso e creación dunha lei de *lobbys* galega. Na sociedade galega actual son moitos os actores que tratan de influenciar na vida política —como explicamos naqueles intres—. Estamos ás portas dunhas novas eleccións históricas no noso país, e cobra máis sentido, despois de todo o que pasou nesta lexislatura, a regulación e a vontade e a claridade de todos os grupos políticos con respecto ao que sería o seu compromiso na loita contra as cloacas corruptas que destrozaron a lexitimidade e a imaxe das nosas institucións no conxunto do Estado, e en Galicia tamén.

Empresas, medios de comunicación ou fundacións son algúns exemplos de organismos que queren ter poder de decisión nas políticas públicas que a Xunta elabora e que non se presentan ás eleccións. Na maioría das ocasións —por non dicir na práctica totalidade das mesmas— os galegos e galegas non coñecen que persoa ou organismo participa no desenvolvemento dunha determinada normativa autonómica, favorecendo, deste xeito, escurantismos na toma de decisións e instaurando entre a sociedade a sensación de non saber se realmente se está a legislar para o beneficio de todas nós, de todas as cidadás e cidadáns, ou para un sector de privilexiados.

Esta problemática pon enriba da mesa a necesidade de mellorar a transparencia a través dunha regularización deste tipo de actuacións, unha regularización que podería acadarse mediante unha lei galega de *lobbys*, como explicamos en xuño de 2017. Unha lei que tería como obxectivo último que todos os galegos e galegas coñezan dun xeito claro e directo cales son as persoas —ou organismos que veñen representando— que tratan de influír neste desenvolvemento normativo a nivel autonómico e que intentan influír nas decisións do Goberno galego.

A sociedade galega non pode seguir vivindo no escurantismo que nos avergoñou e que nos fixo convulsionar ante as sentenzas, imputacións constantes que sufriron os representantes públicos e coas condenas que xa se veñen fraguando dende os xulgados.

Porque sen transparencia e sen información directa e veraz a democracia só é un termo que carece totalmente de significado. Os *lobbys* ou grupos de presión deben estar regulados, os intereses representados polos *lobbys* non poden ir en contra da maioría social, como está pasando; non pode permitirse nun país como o noso que isto pase. O problema reside, precisamente, en que, cando detrás dun suposto asesoramento ou influencia por parte dos *lobbys*, existan intereses ocultos para beneficiarse de xeito ilícito e pernicioso para outras partes e, sobre todo, para o conxunto dos cidadáns e cidadás. Unha lei galega de *lobbys* podería poñer freo a actuacións coma esta, para que non gobernen quen non se presentan ás eleccións e que non tomen decisións quen non se presentan ás eleccións.



Non podemos ter gobernos de papel mollado que son títeres doutros poderes económicos e doutras elites que descoñecemos a maioría dos cidadáns. Imos poñer dous exemplos claros, que ademais aconteceron en Galicia, para amosar a necesidade desta lei: un que, aínda que foi da lexislatura anterior, seguimos tendo gravado na nosa mente —foi o Anteproxecto de lei de acuicultura de Galicia—, e, tamén, aquel caso de intento —aínda que foi por unha empresa moito máis pequena— da empresa Monbus, que intentou, a través do Consello Consultivo, cambiar unha normativa de transporte público de Galicia.

O Anteproxecto de lei de acuicultura botou á rúa milleiros de mariñeiros e de mariscadoras para rexeitar un anteproxecto de lei que tivo a súa oposición frontal, e, finalmente, o sector conseguiu que a conselleira Rosa Quintana se sentira obrigada a retirar esa iniciativa. Este anteproxecto xerou un gran malestar entre o sector do mar en Galicia, xa que, entre outras medidas, levaba implícita a privatización das nosas rías a grandes multinacionais acuícolas. Negocios escuros que había detrás desta norma. ¿Que empresas negociaron coa Xunta de Galicia para impulsar esta normativa? ¿As grandes multinacionais de produción do salmón, talvez?

Para evitar este tipo de cousas é necesaria a creación dunha lei de *lobbys* para Galicia, porque no día de hoxe, despois de toda aquela convulsión social e aquela retirada do anteproxecto de lei, seguimos sen ter respostas a aquelas preguntas que non só o sector do mar se facía, senón moitos e moitas de nós. Aínda que certo é que o intuímos; non o sabemos, pero intuímolo. Nós queremos saber que organismos tratan de influír na creación dunha lei; para nós é algo básico no mantemento da boa saúde democrática en Galicia.

Respecto á empresa Monbus, que intentou, a través do Consello Consultivo, cambiar a normativa de transporte público de Galicia, é un caso tamén para nós salientable, porque vimos como intentou o presidente de Monbus, Raúl López, a través do presidente do Consello Consultivo de Galicia, que a súa empresa de transportes saíra beneficiada nun cambio da normativa do transporte público de Galicia. Súbose isto a través de escoitas no marco da operación Cóndor: que o señor López intentou contactar —e contactou— co señor Costas Pillado, presidente do Consello Consultivo, para intentar saber que pasos tiña que seguir para que a Xunta pedise un informe sobre a normativa do transporte público de Galicia. Presupoñíase que el intentaba que se emitira un informe favorable, a través do Consello Consultivo, a esta empresa do señor Raúl López.

Repetimos: enterámonos deste intento por parte deste empresario no marco dunha investigación xudicial, a operación Cóndor, ¿pero cantos casos máis haberá coma estes? Aínda que este, ao señor López, saíulle mal, pois precisamente a lexislación, as leis son as que poden intentar frear este tipo de actuacións, e sería fundamental para a transparencia política en Galicia.

Unha vez que nós volvemos expoñer —como fixemos daquela— a problemática, vén, loxicamente, a solución. Dende o noso grupo consideramos que a futura lei galega de *lobbys* debería contar —como explicamos no 2017— con catro piares fundamentais:

A lei de *lobbys* afectaría todas as normativas legais impulsadas dende a Xunta de Galicia; todas as leis que se desenvolvesen no nivel galego necesariamente deberían estar reguladas tamén por unha futura lei galega de *lobbys*.



Tamén cremos fundamental crear un rexistro de lobbistas; consideramos fundamental que conte cun rexistro de lobbistas esta lei, onde se especifique o nome de cada persoa e o sector ou organismo que está representando, ademais de levar necesariamente un control coas persoas que se inclúen e as propostas ou reformulacións que aportou para a elaboración da norma. Isto non se recolle na súa medida, que está baleira de contido, de recursos e de aplicación, que é a Lei de transparencia e bo goberno; por iso é fundamental esta lei galega de *lobbys*.

A definición de autoridades suxeitas a esta lei, os actores públicos que están suxeitos a esta lei, ao noso entender, deben ser o presidente da Xunta, os distintos membros do Goberno galego, funcionarios ou calquera outra persoa que inflúa na creación dunha determinada norma.

E, por último, un cuarto piar, que sería o código de boas prácticas para os lobbistas: un documento onde se plasmarían os principios polos que se deberían rexer os lobbistas, como a transparencia, a profesionalidade, a publicidade, e a promoción, defensa e representación de que os intereses privados non vaian en contra do interese público e da maioría social. Ademais, os lobbistas deberían entregar información veraz ao seu cliente e absterse de impulsar ou publicar calquera tipo de información confidencial en prexuízo das persoas que asesoran ou do goberno ou das administracións aos que queren influír.

Para rematar, a tramitación ou a toma en consideración e aprobación desta lei, que é necesaria para todos os gobernos, non soamente para quen foi desaloxado do Goberno central por unha condena por corrupción, é, precisamente, demostrar que se sitúan a favor da loita contra unha corrupción que prexudicou gravemente o noso sistema democrático e o noso Estado de benestar. E esperamos que, nesta ocasión, o Partido Popular cambie o seu sentido de voto e vote a favor, e que non sigan os criterios e sigan pensando nos motivos que os levaron a facer todas as cousas que levan facendo nos últimos anos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...e que provocaron —e remato— a sentenza da Gürtel do Partido Popular; un nomeamento dun fiscal anticorrupción do Goberno de Rajoy corrupto como o señor Moix; un ex-ministro de Xustiza, o señor Gallardón, imputado por corrupción...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...ou, como soubemos o 19 de marzo de 2019 —deste ano—, cando a Audiencia Nacional imputaba por corrupción o señor Alfredo Prada, ex-conselleiro de Aguirre e o elixido do señor Casado para combater a corrupción do Partido Popular.

Esperemos que regulen tamén os *lobbys* dentro do seu partido...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Xa rematou o seu tempo, señora Santos.

(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)



Xa rematou o seu tempo. A ver se nos atemos ao tempo que temos.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Trae aquí hoxe o Grupo Socialista unha proposición de lei reguladora dos grupos de interese en Galicia. Unha cuestión, por certo, que non se lle ocorre ao Grupo Socialista, senón que vén derivada dunha recomendación do Greco, do Grupo de Estados contra a Corrupción. Pero sucede, señorías, que o Greco dirixe as recomendacións ao Estado, e non ás comunidades autónomas; diríxeas a España, concretamente, e non a Galicia, e, concretamente, dúas medidas, señor Villoslada: unha, porque di que en España a xustiza non é de todo independente, probablemente polo procedemento que temos para a elección dos órganos xudiciais, e di que non están regulados os grupos de interese, de maneira que non se coñece quen se reúne e quen fala cos deputados e cos senadores; non fala do Goberno, señor Díaz.

Concretamente, vostede colle a recomendación do Greco á súa conveniencia e modúlaa e diríxeaa ao Goberno. Non, a recomendación é para con quen nos reunimos os deputados e os senadores, e a recomendación vai directamente ao Estado. Voulla ler textualmente, porque vostede me di que non coa cabeza: o Greco recomenda «a introdución de normas sobre como deben relacionarse os parlamentarios cos grupos de presión e con terceiros que traten de influír no proceso lexislativo». Vostedes hoxe olvidan que somos lexislativo. Aquí houbo quen quixo incluso converterse en xuíz e traer aquí a xulgar uns e outros; non, nós somos lexislativo. E, claro, a recomendación é exclusivamente para os parlamentarios —non menciona os gobernos—, e vostede rediríxeaa, curiosamente, cara á Xunta e esquecese, curiosamente, do que o afecta a vostede persoalmente e a todos os parlamentarios desta cámara, señor Villoslada; resulta un pouco sorprendente.

Nós xa dixemos que preferíamos agardar a ver como queda regulado a nivel estatal este asunto antes de lexislalo na comunidade autónoma. Pero se vostede ten tanta prisa, señor Villoslada, no Parlamento de Galicia temos unha web na que todos os deputados temos unha páxina na que podemos facer públicas as nosas axendas. Eu estou realmente sorprendida de que vostede, que é tan pulcro, e vostede, que vén aquí dar clases de transparencia, non teña actualizada a súa web —na do Parlamento—, á que temos acceso e que o presidente ten para todos os deputados e deputadas, e de que vostede non inclúa aí a súa axenda, con quen se reúne. Porque todos os que estamos aquí nos reunimos, cando lexislamos, coas persoas as que afecta a lexislación. Negar iso é negar a realidade. Por tanto, eu estou sorprendida de que vostede, que é tan pulcro con esa transparencia, non faga pública a súa axenda cando ninguén lle impide facelo.

Ademais, ignora deliberadamente o que di o Greco —que apunta exclusivamente os parlamentarios— co único motivo de quedar vostede exento desa regulación, porque a proposición de lei que vostede trae aquí non nos afecta os parlamentarios, sorprendentemente.



Mire: o presidente Feijóo, antes de lexislarse sobre transparencia, en marzo do 2014 regulou un código ético para altos cargos, antes incluso de que se lexislara a través da Lei de transparencia do Estado e da Lei de transparencia galega. ¿Por que non fan vostedes unha modificación no regulamento do seu grupo —xa que son tan estupendos en transparencia— e fan públicas as súas axendas, as do Grupo Socialista? Ah, non, que o faga a Xunta, aínda que o Greco di que fagan unha regulación estatal para os deputados e os senadores, señor Díaz Villoslada.

Xa que é unha regulación estatal, dígalle vostede ao señor Sánchez que nesas venres do Euromillón saque un decreto... (*Murmurios.*) ¡Que máis lle dá! ¡Ah, Dios mío! ¡Pois claro! ¡Son os venres do Euromillón, veña a regalar millóns todos os venres! (*Aplausos.*) Pero mire: isto non ten ningún custo, isto non lle ten ningún custo; non lle vai quitar cartos a ninguén deses aos que está vostede alimentando para que voten o señor Sánchez o 28 de abril. Regulen e fagan un decreto para regular os grupos de interese. Non interesa.

Mire: no último debate do estado da Autonomía, o Grupo Parlamentario Popular presentou unha proposta de resolución, que foi a número 29, que dicía exactamente: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno do Estado que impulse a aprobación de normativa básica reguladora de actividades dos grupos de interese e da protección das persoas denunciadas de corrupción». Tivo corenta votos a favor e catorce en contra, incluído o da señora Santos, que hoxe vén aquí dicir que cambiemos nós o voto. ¡Que o cambie ela! Eu estou encantada de que o Grupo de Podemos cambie o seu criterio respecto á regulación dos grupos de interese. Votou en contra no Congreso dos Deputados e votou en contra nesta cámara, señora Santos, no pasado debate do estado de Autonomía, da proposición 29. Revise o seu voto, señora Santos, votaron en contra. Eu alégrome de que cambie de opinión e de que hoxe veña aquí darnos leccións e facer de xuíza de todos eses casos. Algún esquecéuselle, e agora llo vou lembrar.

Claro que estamos ante un tema complexo, señor Villoslada, claro. Porque, entre outras cousas, tamén hai que regular os colexios profesionais, que, como vostede ben sabe, teñen unha regulación estatal. ¿Que quere que fagamos con eles? ¿Que non os regulemos? ¿Ou que quere que fagamos? Claro, é que isto hai que valoralo. ¿Ou que quere, que aquí, en Galicia, se regule dunha maneira o visado dun colexio profesional, en Navarra doutro xeito, en Aragón doutro, en Cataluña doutro...? Non, hai que ter unha regulación estatal e, logo, en Galicia, faremos como fixemos coa Lei de transparencia: cando houbo unha lei de transparencia estatal, logo fixemos a nosa Lei de transparencia; por certo, que vostedes non apoiaron, que tanto veñen aquí falar...

Miren: foi o Partido Popular o que presentou unha proposición de lei para regular os grupos de interese no Congreso dos Deputados, e a señora Santos e os seus compañeiros votaron en contra; si, señora Santos. En Madrid votaron en contra e en Galicia votaron en contra, e agora vén aquí dicirnos que o Partido Popular cambie de opinión. Non, o Partido Popular presentou unha proposición de lei en Madrid e vostedes votaron en contra, e foi a primeira vez na historia da democracia que se presentou unha iniciativa deste xeito.

O Partido Popular que vostedes tanto critican, señorías, ademais de levar esta iniciativa en España, tomou a iniciativa en Galicia, e no debate do estado de Autonomía vostedes votaron



en contra e o Grupo Socialista abstívose, señor Villoslada; moito non lles debería de interesar. O Partido Popular, na anterior lexislatura, trouxo a este parlamento un paquete normativo para mellorar a calidade democrática. ¿E que fixeron vostedes? Vostedes non apoiaron ese paquete normativo: vostedes non apoiaron a Lei de participación cidadá no Parlamento, vostedes abstivéronse na Lei de servizos xurídicos, vostedes tampouco apoiaron a Lei de transparencia e tampouco a Lei de financiamento de partidos políticos, e as dos tres órganos estatutarios —do Consello de Contas, do Consello Consultivo e do Valedor do Pobo— tampouco as apoiaron. Vostedes votaron en contra da Lei do Consello de Contas, señor Villoslada, esa que regula o control da corrupción, o órgano de control da corrupción, e vostedes votaron en contra. Ante un paquete de normas de protección contra a corrupción, votaron en contra.

Pero, iso si, agora enchen o Consello de Ministros de ministros con sociedades instrumentais para evitar o pago de impostos; (*Balbordo.*) Consello de Ministros apoiado polo partido de Podemos, que vén aquí darnos clases e falar de cousas... Fale de actualidade; actualice, señora Santos, o seu argumentario, porque dimitiron tres ministros dese goberno tan maravilloso que vostedes apoiaron por ter sociedades instrumentais para evitar o pago de impostos, (*Balbordo.*) e algúns aínda quedan dentro porque eran moitos para dimitir. (*Aplausos.*) Por non falar do señor Borrell, que utilizou información privilexiada no seu beneficio, señor Villoslada. (*Balbordo.*) E aquí veñen falar da Gürtel: ¡falemos da Gürtel! Pero falemos... (*Balbordo.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: Eu non a interrompín, señora Santos.

Mire: na Gürtel, da que vostede falou, foron cento vinte millóns de euros. Esquecéronselle outros casos, como os ERE de Andalucía, no que foron oitocentos cincuenta e cinco millóns de euros. E logo resulta que perderon as eleccións en Andalucía non se sabe moi ben por que. Home, quizais porque teñen dous ex-presidentes do Partido Socialista Obreiro Español acusados e sentados no *banquillo*; nin sequera imputados, acusados e sentados no *banquillo*. (*Murmurios.*) Vinte e dous altos cargos e máis de quiñentos imputados no maior caso de corrupción de España: os ERE de Andalucía, (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) que gastaban os cartos dos parados en prostitutas e cocaína. Señor Díaz, non veña vostede aquí poñer o ventilador, porque o ventilador tamén se lles vai a vostedes.

E, se falamos de nacionalistas, tamén temos o caso Pujol: tres mil millóns de euros. (*Murmurios.*) Cando dicían: «España nos roba», ¡os Pujol levaban para Andorra tres mil millóns de euros, señorías! (*Balbordo.*) Así que, por favor, de corrupción non nos veñan dar vostedes clases, porque non.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: E menos cos ministros e ministras que sentan todos os venres do Euromillón... (*Balbordo.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. Señor Rivas, silencio. Todos, silencio.



A señora PRADO DEL RÍO: ...nese consello de ministros tan social para eles, pero non para os españois. (*Balbordo.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vostede tamén, señor Vega, silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: Por tanto, se veñen rexenerar a política, rexenérena de verdade, e non veñan aquí pedir.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Porque a verdade é que, despois do seu discurso, señor Díaz, non sei se vostede terá valor para pedir o voto para o señor Pedro Sánchez e o seu consello de ministros trufado de ministros con sociedades instrumentais para evitar o pago de impostos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Na rolda de réplica, por parte do grupo autor da proposición non de lei, o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas.

Desculpe, señora Prado, pero vaia nivel, jeh! (*Risos.*) (*Balbordo.*) ¡Vaia nivel! (*Aplausos.*) Fixo o triplo salto mortal sen rede, porque o Partido Popular non ten rede en materia de corrupción.

Nós pretendiamos traer a debate, para a toma en consideración, unha proposición de lei de algo que nos podería homologar xa non con outros países moito máis avanzados, senón con outras comunidades autónomas que non precisan un marco normativo estatal, porque esa é unha estratexia e unha escusa. A intervención da señora Prado foi un cúmulo de excusas para non loitar contra a corrupción; absolutamente claro. (*Murmurios.*) Porque o informe do Greco xa sabemos a quen se dirixe; nós non partimos do informe do Greco para traer a esta cámara esta iniciativa para que a Xunta de Galicia regule a actividade dos grupos de presión, en absoluto. E si que traemos a esta cámara, nesta iniciativa, a necesidade de que a Presidencia desta cámara, que prometera darlle publicidade á axenda dos deputados e das deputadas, o fixera. (*Aplausos.*)

Eu quero agradecer á representante do BNG o apoio a esta iniciativa. É certo, señora Rodil, que é bo, de vez en cando, ser inocentes para non entrar en culpabilidades de corrupción. E si que é certo tamén que falar de grupos de interese e falar de grupos de presión é falar de portas xiratorias; é certo, non o mencionei na primeira intervención, pero así é de claro. Falou do caso de Ence: o caso de Ence é paradigmático, é un dos casos paradigmáticos de portas xiratorias e de interrelacións entre ex-cargos públicos da materia, responsables da empresa e responsables reguladores autonómicos da materia; sen entrar en máis detalles.



Quero agradecer tamén a intervención e o apoio de En Marea, pero é certo que o texto lexislativo que estamos aquí analizando é o proposto, precisamente, polo Grupo Parlamentario Socialista. Se o Partido Popular quixera loitar contra a corrupción, teríamos ocasión, na comisión, de perfilar mellor calquera texto con calquera aportación.

E, nese sentido, señora Prado, eu creo que talvez o problema do Goberno galego é que se limita a xestionar contas. E, se se limita a xestionar contas, a pregunta que nos podemos facer é se está xestionando as contas que lles interesan aos grupos de presión, aos grupos de interese, e nada máis, e non está facendo políticas, só se está preocupando das contas. E o tema da sanidade —da asistencia sanitaria non primaria— pode ser un exemplo claro, porque aí, na atención primaria, non hai rendibilidades. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

Por iso, nese sentido, teñan en conta que esa obstinación, por parte do Partido Popular, de darlles transparencia ás reunións dos grupos de presión —xa non de interese, de presión— cos parlamentarios e, sobre todo, co poder executivo, que é quen está desenvolvendo a acción de goberno, sobre todo cando ten maioría absoluta, esa obstinación é gravemente preocupante, porque pode estar sementando máis dúbidas na acción do Goberno galego. *(Murmurios.)* Se non tiveran esa preocupación, poderían darlle para adiante a esta proposición de lei, e poderíamos, na comisión,... *(Balbordo.)*

Desculpe, presidente.

O señor PRESIDENTE: Silencio. Señor Puy, silencio.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Poderíamos, na comisión, perfilar moito mellor este texto lexislativo.

Miren: acaban de aprobar no Consello da Xunta o Proxecto de lei da administración dixital de Galicia. Supoño —porque debe ser así— que se reuniron co sector tecnolóxico; supoño, *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* pero non teremos noticia de que reunións tiveron para levar adiante ese proxecto de lei.

Están ultimando —supoño— un proxecto de lei reguladora do xogo en Galicia. Cejuego veu a esta cámara sentarse cos deputados que formamos parte da Comisión 1ª. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, temos esa información. Pero pregunto... *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señora Prado, silencio.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Pregunto, señora Prado, xa que estamos debatendo: ¿por que non é posible que nesta cámara, e por parte do Goberno galego, saibamos, na tramitación do Proxecto de lei de xogo, que intereses ten Cejuego? Lexítimos, ¿pero cales son os intereses, cales son as reunións, cales son os números que nos está presentado o sector empresarial do xogo para a nova lei reguladora en Galicia?



Son preguntas que están aí e que deberían resolverse levando adiante unha proposición de lei ou un proxecto de lei, por parte do Goberno, que dera luz e taquígrafos. E, nese sentido, hai moitos despachos coñecidos por parte de todos, como Cuatrecasas, Garrigues, etc., que están a fichar nesas portas xiratorias, evidentemente, responsables políticos. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor DÍAZ VILLOSLADA: E pode ser... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...que, evidentemente, responsables políticos... *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Pazos, silencio. *(Murmurios.)*

Silencio, por favor. *(Murmurios.)*

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...que non son do Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...senón doutras forzas políticas... *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Pero a iso... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Murmurios.)*

E remate xa, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...—remato, presidente— podémolle poñer as portas as forzas políticas nesta cámara se regulamos esa actividade.

E deixen de utilizar excusas de mal pagador e de matar o mensaxeiro, porque realmente o que están é tratando de impedir a toda costa e de forma sistemática a regulación de calquera control de prácticas anticorrupción. E non debería ser así... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...salvo... *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*



O señor PRESIDENTE: Señora Prado, silencio.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...que estean lastrados por tanto caso de corrupción e non sexan capaces de sacar a cabeza adiante.

Máis nada e grazas. *(Aplausos.)*

Votación da proposición de lei

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada. *(Murmurios.)*

Procedemos á votación deste texto lexislativo.

Pechen as portas, por favor.

Votamos este texto lexislativo.

(Pausa.) (Murmurios.) (A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Xa está ben! ¡Señora Prado, por favor! Un pouco de tranquilidade. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

Nada, pero é que estamos na votación, que é unha cousa moi seria, e xa terminou o debate. ¡Digo eu!

Votación da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, reguladora da actividade dos grupos de interese en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, non se toma en consideración esta proposición de lei.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: E agora fanme chegar os grupos unha declaración institucional a prol do sector lácteo galego, que vou ler e di así:

«O sector lácteo é un sector estratéxico para Galicia e un dos piares do sostemento económico e demográfico de moitas comarcas rurais. Achega o 1,7 por cento do PIB galego pero ten un impacto real na economía moi superior polo forte encadeamento con outras ramas de actividade.

O sector sufriu unha profunda reestruturación desde a incorporación á Unión Europea, pasando das cen mil explotacións en 1985 a menos de oito mil na actualidade. Neste período



os gandeiros galegos fixeron un enorme esforzo: aumentaron o tamaño, melloraron a xestión e o nivel técnico das explotacións e multiplicaron por máis de dous o volume de entregas ás industrias. De 1,4 millóns de toneladas en 1985 pasouse a máis de 2,7 millóns no ano 2018.

Hoxe, Galicia produce case o corenta por cento do leite do Estado e está dentro das dez primeiras rexións produtoras de Europa. Con todo, o sector presenta problemas nos que cómpre traballar xuntos para garantir o seu futuro, baseado preferentemente en granxas de base familiar, e así manter o equilibrio territorial e ambiental de Galicia.

No eido da produción, as explotacións teñen que aumentar a súa base territorial, reducir os custos e evitar a dependencia dos insumos comprados nos mercados internacionais, que van estar suxeitos a unha gran volatilidade, ao igual que os prezos do leite. Para iso é necesario fortalecer instrumentos como o Banco de Terras e abordar unha reforma lexislativa ambiciosa de amplo consenso que contribúa á mobilización da terra agraria de Galicia.

Outro dos problemas do sector é o peche de explotacións e a perda de investimento produtivo no rural pola falta de sucesión e de relevo xeracional. Neste senso, precísanse medidas orientadas a facilitar a sucesión e incentivar a incorporación á actividade leiteira.

No eido da industria, esta caracterízase pola súa debilidade estrutural e a súa orientación cara a derivados simples de escaso valor engadido e pola súa incapacidade de transformar en Galicia todo o leite que se produce, premendo á baixa os prezos que reciben os produtores. Por iso, cómpre desenvolver accións de política industrial orientadas á implantación en Galicia de proxectos industriais que valoricen o leite e con acceso aos mercados internacionais.

Ademais, e como mecanismo para o fortalecemento conxunto do sector, precísanse medidas para lograr unha distribución equitativa do valor ao longo da cadea, concretamente, unha modificación do paquete lácteo que elimine as asimetrías existentes nos tres elos da cadea, e flexibilizar os requisitos de constitución das organizacións de produtores lácteos.

Por último, considérase necesario impulsar o asesoramento, a formación e a investigación como eixes transversais para o futuro do sector lácteo.

Por todo isto, o Parlamento de Galicia, considerando o sector lácteo como un sector estratéxico de vital importancia para o rural de Galicia, comprométese a traballar nas liñas anteriores a prol do seu fortalecemento, para que no futuro continúe sendo o motor de desenvolvemento económico, xerador de valor engadido, investimento e emprego nos espazos rurais de Galicia. Un sector que, ademais, mantén superficie agraria útil, actúa como eficaz cortalumes e preserva unha paisaxe agraria coidada, símbolo da entidade territorial de Galicia que beneficia o conxunto da sociedade galega.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2019».

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



(Apróbase por asentimento.)

O señor PRESIDENTE: E agora continuamos coa orde do día.

Comparecencia da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición propia, para dar conta da súa política en materia de xestión de residuos

O señor PRESIDENTE: Para substanciar esta comparecencia ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ánxeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):
Bos días.

Grazas, presidente.

Señorías, comparezo hoxe, a petición propia, ante esta cámara para darlles conta da política de xestión de residuos levada a cabo pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Unha política que está baseada nunha xestión de residuos moderna, eficaz e eficiente. Algo que, sen dúbida, resulta imprescindible para acadar o obxectivo de sostibilidade medioambiental.

Este goberno traballa polo futuro de Galicia e para acadar un futuro sostible, un presente e un futuro. E sabemos que o medio ambiente require de políticas responsables, a longo prazo e tamén permanentes, e que obriga a realizar unha transformación consciente e progresiva cara ao novo estilo de vida, un estilo de vida que ha de ser respectuoso, sostible e tamén circular, porque, sen dúbida ningunha, a economía circular e a cultura da reciclaxe serán dúas das principais claves que marcarán o noso futuro. Dúas claves que superan a tradicional regra dos catro erros, é dicir: reducir, reutilizar, recuperar e reciclar, consolidando o criterio multiterritorial, que encadra outras moitas perspectivas, como repensar, redeseñar, refabricar, reparar ou redistribuír, que abren novas posibilidades económicas de emprendemento e de emprego —o que denominamos o «emprego verde»— e que representa un modelo baseado na innovación, nas novas tecnoloxías. E Galicia non pode quedar atrás e non pode deixar pasar esta oportunidade.

Por iso, dende a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda estamos a dar pasos adiante para facer da nosa comunidade un referente pola súa política activa e responsable na xestión de residuos. E para conseguilo estamos traballando intensamente en catro eixes de actuación. O primeiro é a actualización do marco normativo co que contamos en Galicia para adaptalo aos novos tempos, ás novas exixencias e aos novos retos. O segundo, a potenciación do modelo Sogama; un modelo de éxito, de referencia, que se consolida no día a día non só en Galicia senón a nivel nacional e tamén a nivel internacional. E, terceiro, a correcta xestión dos residuos tanto urbanos como os xerados polas industrias, actuando en todos e cada un dos eidos posibles para reducir o impacto que teñen sobre o medio ambiente. E, para concluír e como punto cuarto, na sensibilización e concienciación da sociedade galega. Cada aportación que poidamos facer cada un de nós será un gran logro como sociedade. Todo isto co obxectivo de camiñar cara a unha economía circular, facendo noso o lema de «Pensa global, actúa local», e é máis, eu diría tamén: actúa de xeito persoal.



Actualizamos o marco normativo, e hoxe veño dárllelo a coñecer. Como ben saben, no día de hoxe estamos traballando no anteproxecto do que será a nova lei de residuos e solos contaminados de Galicia. Un texto que actualmente se atopa en proceso de participación pública e consulta. Un proceso aberto no que o noso obxectivo é recoller e avaliar todas as achegas para acadar un documento de consenso entre os distintos grupos políticos e entre a sociedade en xeral, e que agora mesmo, hai media hora, acabo de presentar ante un colectivo de duascientas persoas, porque queremos que sexa transparente pero, sobre todo, queremos que sexa participativo. Traballamos coa previsión de remitir o texto a esta cámara antes de que remate o ano para a súa tramitación.

O noso obxectivo é actualizar e adaptar a Lei de residuos do ano 2008, obsoleta tras máis dunha década de vixencia, na que mudaron moitísimo as cuestións relativas á xestión de residuos —¿quen non lembra un vertedoiro en cada concello ou a nivel comarcal?—, e dotar Galicia dun marco legal completamente adaptado á normativa comunitaria, completo, claro e seguro dende o punto de vista xurídico. dando un paso máis no cambio de modelo cara a unha economía circular.

Señorías, estamos, sen dúbida ningunha, ante unha lei moi necesaria para a nosa comunidade, pero que ha de ser moi participativa por moitos motivos, porque introduce no seu articulado as principais medidas do «paquete de economía circular» aprobado por Europa no ano 2015. Unhas medidas grazas ás que a Unión Europea pretende crear tres millóns de postos de emprego cambiando o modelo produtivo. Calcúlase que en 2030 o aforro será de 600.000 millóns de euros e que en Galicia representaría 2.000 millóns. Esta nova lei contribuirá, polo tanto, ao fomento do emprego verde en Galicia.

Ademais, inclúe ferramentas que axilizarán as obrigas de produtores e de xestores de residuos, o que permitirá un control máis áxil e máis eficaz por parte da administración, tanto dentro como fóra da comunidade. E centra os seus esforzos en loitar contra o desperdicio alimentario e contra todo tipo de contaminación, especialmente a xerada polos plásticos; estamos plastificando o mundo. Dous dos retos principais da Axenda europea en materia de xestión de residuos e nos cales queremos seguir incidindo.

En resumo, o texto que estamos tramitando aposta por fomentar a xerarquía da xestión de residuos, incidindo especialmente no primeiro chanzo, que é a prevención. Por iso, a lei fixa por primeira vez novos obxectivos por materiais, incidindo especificamente na prevención e na preparación para a reutilización. Concretamente, establece que no ano 2025 debemos reducir nun trinta por cento o volume de residuos de alimentos que xeramos respecto do ano 2010; unha porcentaxe que se eleva ao cincuenta por cento cinco anos despois, no ano 2030. Tamén nos fixa outro reto para o ano 2025, que deberemos xerar un quince por cento menos de residuos dos que producimos no ano 2010. Ademais, fixa un incremento progresivo da cantidade de residuos domésticos e comerciais destinados á preparación e reutilización e á reciclaxe nas fraccións de papel, metal, vidro, plástico ou biorresiduos. Para o 2025, o obxectivo para alcanzar será o cincuenta e cinco por cento; no ano 2030, o sesenta por cento, e no ano 2035, o sesenta e cinco por cento.

A lei tamén establece que os concellos deberán instaurar a recollida separada de biorresiduos antes de finais do ano 2023. Ademais, no ano 2035 só poderá eliminarse en vertedoiros o



dez por cento dos residuos xerados. Todo cun claro obxectivo: evitar que os residuos acaben nos vertedoiros e promover unha segunda oportunidade tras unha vida útil. Neste sentido, Galicia está nunha media do trinta e dous por cento, fronte á media nacional, que está nun cincuenta e sete por cento.

Gustárame agora determe nas importantes novidades que trae consigo o texto, especialmente no eido da xestión de residuos. Así, inclúense medidas que nos permitirán loitar de xeito efectivo contra o desperdicio alimentario. De feito, a lei establece que os establecementos de restauración estarán obrigados a entregar aos clientes as sobras dos alimentos que non consuman, e facelo preferentemente en recipientes biodegradables e reutilizables. Con esta medida, o noso obxectivo é protexer os dereitos do consumidor e establecer por lei unha realidade que na práctica en moitos establecementos en Galicia xa se está a levar a cabo, e ofrecen aos seus comensais a posibilidade de levar para a súa casa o excedente non consumido, que, de non levalo, acaba no lixo. Para pulsar a opinión do sector demos traslado do anteproxecto, a través do trámite de consulta específica, aos principais colectivos sectoriais afectados, e entre eles —como non podía ser doutro xeito— á hostalería.

Cómpre destacar ademais que esta cuestión non é recente nin unha novidade para a Xunta de Galicia, xa que no 2018 se desenvolveu un proxecto piloto, o denominado Proxecto Horeca, no cal esta iniciativa se levou a cabo nas catro provincias para implementar a cultura da redución do desperdicio alimentario. A experiencia do proxecto piloto foi un tanto gratificante, tanto para os consumidores e os comensais como tamén para os hostaleiros. De feito, no marco desta iniciativa, entregáronse en Galicia un total de 51.905 envases, dos cales 30.584 foron bolsas e 21.321 friameiras.

Dende o primeiro momento fixemos partícipe ao sector da nosa intención de combater con eficacia e dende a orixe o problema do desperdicio alimentario, que é un dos principais retos da axenda europea. Queremos ir da man dos empresarios da hostalería e da restauración de Galicia neste camiño, xa que a súa implicación resulta imprescindible. Pero non só da man deles, senón da man de cada un de nós no que se refire aos desperdicios alimentarios.

O Anteproxecto de lei de residuos —como xa dixen— non é un texto pechado, e todas as achegas serán recibidas e tidas en conta de cara á redacción definitiva do texto. A nosa intención é acadar un documento que busca ser perdurable no tempo e que permite actualizar e adecuar o actual marco legal de Galicia ás normativas europeas e estatais nesta materia. Para completar esta medida promovemos un pacto social entre todos os actores implicados, que se concretará nun código de boas prácticas sobre o tratamento destes excedentes alimentarios. Ademais, por primeira vez, fíxase un réxime xurídico concreto para os programas de compostaxe doméstica e tamén comunitaria.

Co texto tamén queremos loitar contra a contaminación xerada polos plásticos. En primeiro lugar, adaptándonos á normativa existente sobre as bolsas de plástico. Saben que demos un primeiro paso, pero non se trata só de pagar a bolsa, senón que temos que ir máis alá, e no ano 2021 estarán prohibidas todas as bolsas de plástico que non sexan compostables.

Pero tamén iremos máis aló, xa que a partir da entrada en vigor da lei quedará prohibida en Galicia a venda de vaixelas dun solo uso, é dicir, non se poderán comercializar pratos, vasos,



cuncas, cubertos e bandexas alimentarias desbotables e de plástico, coa excepción daquelas que estean compostas cun cincuenta por cento de material biodegradable.

O texto non só se centra na xestión dos residuos, senón que tamén incide en medidas para loitar contra a contaminación dos solos. Así, con respecto aos solos, actualizamos as actividades potencialmente perigosas, regulamos os instrumentos de avaliación e calidade do solo, regúlanse as consecuencias derivadas das situacións de urxencia e fíxanse novas sancións para os solos contaminados, que van dende 900 euros, no caso de sancións leves, ata 1,7 millóns de euros, no caso de sancións graves.

Os logros acadados ata o momento na xestión de residuos serían imposibles de non ser porque en Galicia contamos cun referente nesta materia. Estoulles a falar de Sogama, á que están adheridos voluntariamente o noventa e catro por cento dos concellos galegos, que representa un modelo de empresa pública, solvente, eficiente e sostible, e representa tamén un modelo de empresa en continuo proceso de análise e mellora. Sogama tense convertido nun alicerce non só da xestión de residuos e da reciclaxe en Galicia, senón tamén do respecto ao medio ambiente, á concienciación, á educación cidadá e á loita contra o cambio climático. Un modelo recoñecido pola Unión Europea e que, ademais, é a máis barata das tres plantas galegas e unha das máis baratas de España.

O ano 2018 foi histórico para Sogama. Estivo marcado por un balance industrial moi positivo, principalmente en dúas cuestións: por incrementar nun 4,06 por cento a cantidade de lixo tratado no complexo medioambiental de Cerceda e por diminuír a vertedura un 2,54 por cento, nunha tendencia continuada á baixa que se arreda moitísimo da taxa media da vertedura en España, que está estancada nun cincuenta e sete por cento.

A todo isto súmase unha maior recuperación dos materiais contidos nas dúas fraccións que xestiona Sogama: a bolsa negra e a bolsa amarela. No caso da bolsa negra, a reciclaxe de aceiro e aluminio incrementouse un 12,04 por cento, recuperándose no ano 2018 un total de 33.194 toneladas de vidro. En relación coa bolsa amarela, a súa recepción na planta de clasificación de envases de Cerceda subiu un 11,12 por cento, pasando de 22.479 toneladas no ano 2017 a 24.980 o ano pasado.

Estes resultados foron posibles grazas a unha mellora na xestión empresarial, que se verá reforzada coa ampliación do complexo, no cal estamos investindo vinte e nove millóns de euros. Unha actuación na que avanzamos a bo ritmo. De feito, a primeira fase, cun custo de dezanove millóns, rematouse en novembro de 2018, coa entrada en operación da nova planta de recuperación de materiais contidos no lixo convencional. Trátase dunha planta baseada na tecnoloxía 4.0 que permite separar ata once tipos de residuos, que, posteriormente, remitimos á industria transformadora para a súa conversión en novos produtos. En xaneiro comezou a segunda fase de ampliación, que terá un custo de dez millóns de euros e permitirá remodelar totalmente a antiga planta de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible. Esta obra será unha realidade a mediados deste ano e permitiranos renovar toda a maquinaria e optimizar todos os procesos.

Ademais, o remate da ampliación traerá aparelados grandes beneficios, como unha mellora operativa tratando de xeito óptimo todos os residuos procedentes dos douscentos noventa e



cinco concellos adheridos a Sogama, que supoñen os residuos de 2,2 millóns de galegos e galegas, permitindo se así fose necesaria a xestión de todos os residuos urbanos que se xeran en Galicia; unha maior reciclaxe, multiplicando por catro as cifras actuais, e menos vertedura, prevendo acadar no ano 2020 o que se denomina «vertedura técnica cero», é dicir, só iría ao vertedoiro o dez por cento, que é o que xa non se pode reciclar.

Adiantámonos varios anos con respecto á Unión Europea, xa que iso ímolo conseguir no ano 2020, fronte á intención e ao obxectivo que se marca Europa, que é ter unha vertedura cero no ano 2035. Isto permitiranos non só manter o liderado a nivel Galicia, senón tamén de España, no ámbito da xestión sostible dos residuos, e converterá Sogama na infraestrutura das súas características máis moderna e eficiente de Europa.

Os datos, especialmente positivos, rexistrados en 2018 no complexo medioambiental de Sogama permiten adoptar medidas, como rebaixar o canon aos concellos nun dez por cento a partir de xaneiro deste mesmo ano. Unha actuación que está prevista nos orzamentos do ano 2019, e na cal só se piden dous requisitos aos concellos: un, a redución da cantidade de lixo producido e aumento de cifras de reciclaxe, e, por outro lado, trasladar esta rebaixa do recibo que pagan aos veciños e ás veciñas de cada municipio, e que terán que xustificar antes de febreiro do ano 2020. A esta medida uníronse o setenta e sete por cento dos concellos adheridos a Sogama, é dicir, un total de douscentos vinte e nove concellos, o que permitirá un aforro de preto de 4,7 millóns de euros, que beneficiará a máis de 1,8 millóns de galegos e galegas. Para levar a cabo esta iniciativa, Sogama colabora man a man cos concellos e comprometeuse a axudalos no labor de concienciación e sensibilización dos cidadáns nos tres grandes retos que trae consigo a economía circular, que é reducir o lixo, a reutilización do mesmo e a reciclaxe.

O terceiro eixo da nosa política en materia de residuos son as medidas que estamos aplicando para a correcta xestión dos residuos urbanos e dos que xeran as industrias que operan no noso territorio. Para os residuos domésticos contamos cunha completa folla de ruta, que é o Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022, no marco do cal este ano 2019 xestionaremos un orzamento de 5,6 millóns de euros para poñer en marcha actuacións destinadas a mellorar a xestión dos residuos domésticos, é dicir, do lixo que xeramos nos nosos fogares.

Entre as medidas previstas para este ano destaca a orde de axudas destinada a concellos para a posta en marcha de puntos limpos móbiles e para iniciativas para a implantación de recollida separada de fracción orgánica dos biorresiduos. Esta liña de axuda está dotada con 1,3 millóns de euros e foi convocada no mes de decembro. Crear unha rede galega de preparación para a reutilización, o que implica o impulso dunha rede de establecementos municipais, comerciais ou entidades sociais para a reparación de aparellos estragados. Tamén levaremos a cabo actuacións de recollida selectiva de biorresiduos entre os grandes produtores e os concellos, especialmente nas zonas turísticas. E medidas para a promoción e o apoio ao uso de compost, involucrando ás administracións e á cidadanía en xeral. Ademais, poñeremos en marcha unha campaña educativa sobre a prevención de residuos, reciclaxe e compostaxe, facendo especial fincapé no desperdicio alimentario, o consumo responsable e os bos hábitos alimentarios. E unha campaña de sensibilización orientada á diminución do consumo de



bolsas dun só uso. Todo coa finalidade de acadar o obxectivo do cincuenta por cento da reciclaxe dos residuos urbanos en 2020 que nos marca Europa.

Ademais, continuaremos coa iniciativa de posta en marcha —xa se puxo en marcha o ano pasado— para a repartición de catro mil seiscientos contedores entre as entidades locais para a recollida de biorresiduos, á que destinamos 556.000 euros e que ten como obxectivo fomentar a implantación do quinto contedor.

No eido dos residuos orgánicos, Sogama vén liderando nos últimos anos un ambicioso programa de compostaxe doméstica, ao que no día de hoxe están adheridos douscentos noventa e nove entidades, entre concellos, centros educativos e colectivos sociais, entre os que se repartiron xa preto de dez mil composteiros. Ademais, investíronse 2,5 millóns de euros na construción dunha planta de compostaxe no vertedoiro de Areosa, que dará servizo principalmente aos concellos situados nun radio de corenta e cinco quilómetros.

Dende o Goberno galego tamén sabemos que é decisiva e importante a correcta xestión dos residuos industriais, os xerados polas empresas que traballan en Galicia. Actualmente, atopámonos no ecuador da aplicación do Plan de residuos industriais de Galicia 2016-2022 —o denominado Priga—, e na folla de ruta da xestión dos residuos industriais de Galicia, que pecha o seu paquete de planificación do que vén ser o Plan de residuos da Xunta. No ano 2019 mobilizaremos un investimento de preto de oitocentos mil euros para a execución de diversas actuacións e medidas incluídas no documento, co obxectivo de optimizar a xestión deste tipo de residuos, facendo especial fincapé na prevención da xeración destes residuos, que suman en Galicia 2,4 toneladas, na xestión dos residuos de construción e na xestión de aceitas usados.

Por último, e non menos importante, o cuarto eixo da nosa política de xestión de residuos é o impulso á concienciación e sensibilización dos galegos e das galegas, xa que sabemos que somos conscientes de que sensibilizar os galegos sobre o feito de que reciclar é algo fundamental é imprescindible de cara a conseguir unha sociedade ambientalmente sostible e responsable, e porque, ademais, aforramos enerxía, reducimos as emisións de CO₂ e evitamos a extracción de materias primas.

Señorías, temos avanzado moito na conciencia medioambiental da sociedade, especialmente no que se refire ao tratamento dos residuos, xa que non hai tanto que o lixo o tiñamos en calquera parte —en calquera concello tiñamos un vertedoiro, en calquera cabeceira comarcal tiñamos un vertedoiro—, e isto hoxe é impensable. Demos pasos importantes nos últimos anos, pero convén que continuemos avanzando de xeito firme nesta materia.

O esforzo levado a cabo permitiu mellorar os datos de reciclaxe que se rexistran cada ano en Galicia. A reciclaxe de determinados residuos urbanos, como plástico ou vidro, está moi interiorizada, e isto constátase nas cifras que vimos dando ano a ano. Por exemplo, a comunidade galega acadou no ano 2018 datos espectaculares en materia de reciclaxe de envases lixeiros, que se viu incrementada nun 9,8 por cento respecto do ano 2017, e tamén de papel e cartón, xa que cada galego reciclou no contedor azul un 11,4 por cento máis que no ano anterior, o que implica que cada galego reciclou unha media de cincocentos dezanove envases ou envases de papel cartón.



Tamén no caso do vidro, xa que no ano 2018 os galegos e as galegas reciclaron un total de 48.308 toneladas de residuos de envases de vidro a través do contedor verde, o que supón un once por cento máis que no ano 2017 e o maior incremento interanual rexistrado nos últimos dez anos, sendo a segunda comunidade autónoma que máis incrementou a nivel nacional a reciclaxe. E o que implica que cada galego reciclou unha media de case dezaoto quilos de vidro, concretamente 17,9, o que supón unha media de sesenta e oito envases de vidro reciclados por habitante.

Con todo —como xa dixen—, a pesar dos bos resultados rexistrados no último ano, temos que seguir avanzando e queda traballo por facer. Por iso seguimos traballando, porque sabemos que a educación e a información ambiental son eixos fundamentais no labor que desenvolvemos dende esta consellería. O noso obxectivo principal é desenvolver o potencial que ten a comunicación ambiental como ferramenta fundamental na xestión ambiental dos nosos residuos. Deste xeito, continuaremos no ano 2019 coas campañas de educación e sensibilización ambiental, xa que consideramos que a formación é a mellor prevención. Unhas actuacións ás que destinamos 2,6 millóns de euros e nas que participamos e colaboramos con outras entidades, caso de Ecoembes, Ecovidrio ou Raee's.

Entre as actividades por desenvolver destacan, por exemplo, as iniciativas de concienciación sobre a correcta xestión dos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, sobre pilas e acumuladores electrónicos, continuando con exemplos iniciados no actual curso escolar, como é o concurso Pilabot, que se saldou con corenta e catro toneladas de pilas, acumuladores e baterías usadas recollidas en cento cincuenta centros educativos. Tamén daremos continuidade á campaña Camiño da reciclaxe en albergues da Ruta xacobeá; unha iniciativa que no día de hoxe xa conta con douscentos dezaseis establecementos adheridos no Camiño Francés, do Norte e tamén no Portugués. Este ano está previsto estendela ao Camiño Inglés. Ademais, puxemos en marcha este mes de marzo, en colaboración con Ecoembes, a campaña «Pensa cos pulmóns», que ten como obxectivo lembrar a importancia de reciclar para mellorar a calidade do aire. Tamén continuaremos coa iniciativa «Separar con xeito», para fomentar a recollida selectiva de envases en actos festivos. Nos dous últimos anos esta iniciativa estivo presente en seiscentas trinta e cinco feiras, feiróns e eventos gastronómicos. Ou o proxecto «Libera», para a concienciación sobre a recollida de lixo nos espazos litorais e costeiros.

Estou convencida de que estas actuacións de sensibilización continuarán dando os seus froitos, como o fixeron ata o momento, segundo nos revelan os datos que hoxe lles veño facer públicos —son os datos do ano 2018—, e que ao longo dos vindeiros meses continuaremos impulsando novos proxectos de futuro que teñan como meta a implantación en Galicia dun modelo de economía circular.

En definitiva, presento hoxe ante o Parlamento o balance da aposta do Goberno galego por unha xestión de residuos moderna e eficaz, comprometida co medio ambiente e coa sosti-bilidade. O que significa non só xerar menos residuos, que tamén, senón tamén fomentar a reciclaxe e a recuperación dos materiais, e impulsar a redución de uso de materias primas. É dicir, abandonar o caduco modelo de economía lineal para trasladalo á economía circular. Ese é o camiño que estamos percorrendo dende a Xunta de Galicia e no que seguiremos tra-



ballando e avanzando, porque sabemos que facer a nosa sociedade sostible é facer un mundo mellor e, polo tanto, unha Galicia mellor.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Moi bo día.

Señora conselleira, fixo vostede aquí unha comparecencia que parece máis unha intervención sobre cosmética, sobre política de decorado e de escaparate que sobre política real de xestión de residuos. A verdade é que vostedes fan moitos esforzos en utilizar a linguaxe para construír, para disfrazar a realidade, e súmanse á moda —vostede falou dun estilo de vida na súa intervención, ¿non?—, súmanse á moda do verde, do ecolóxico, do sustentable, do multiterrre, da economía circular; falan tamén da economía azul. Pero, realmente, fan todo o contrario; vostedes fan todo o contrario do que din facer a través deste discurso cosmético, que soa aparentemente tan ben. Vostede colle un pouco de verde —antes a anterior conselleira, que xa non anda por aquí polo hemiciclo, dicía que tiñan un programa que se chamaba «Verdear», non sei onde quedou ou que foi del, porque ela falaba con moito entusiasmo de Verdear—, un pouco de verde, pero despois vostedes o que fan é moito de gris, moito de marrón, das verteduras, por exemplo, ao río Furelos —coñéceo, ¿verdade?, no seu concello— e moito de negro.

Isto que veu facer vostede aquí e o que fan habitualmente é unha auténtica fraude; unha fraude porque vostedes, que din defender a política da economía circular, na práctica levan a cabo unha política depredadora, unha política devastadora, hiperconsumista, contaminadora e xeradora de residuos. Esta é a política, por outro lado, que responde á lóxica depredadora e devastadora do capitalismo, que vostedes aplican ao dedillo.

E, claro, o problema non é só a normativa, o problema é o modelo económico social xeral do que vostedes son firmes seguidores, que levan a cabo coas súas políticas concretas. Podemos falar da política mineira, da macrominería; podemos falar da política forestal, da industrial, da política de mobilidade tamén ou da política de residuos.

E hoxe, como non nos dá tempo de falar de todo, centrarémonos en tres aspectos que para nós nos parecen centrais: por un lado, os residuos sólidos urbanos; por outro lado, os envases e a problemática en xeral do plástico e, en terceiro lugar, os residuos industriais. Estes son tres elementos críticos que non resolven vostedes coas súas políticas, e tampouco este borrador de lei que nos acaban de presentar aquí, porque vostedes van na dirección contraria.



¿E que nos queiran presentar Sogama como un modelo a estas alturas? Sogama, que significa Sociedade Galega de Medio Ambiente, que debería ser Sogain, sociedade galega de incineración, porque é basicamente iso para o que está pensada Sogama, para queimar o lixo. (*Aplausos.*) Non só para queimalo, é algo moito peor: para transportalo polo país, para secalo e para queimalo, nun exemplo perfecto de economía circular, que é a que practican vostedes con Naturgy. Porque Unión Fenosa, Gas Natural, agora Naturgy, o que fan é secar a materia orgánica para poder queimala, e despois aproveítanse tamén da produción de enerxía porque son os seus socios. Entón, canto máis se queime, máis se gaña, mellor funciona o negocio. Esa é a filosofía de Sogama, que, por outro lado, ten uns niveis de recuperación da reciclaxe absolutamente ridículos. No último balance do ano 2015 falaban do 3,3 por cento, e coa ampliación esa que nos veu vender aquí, falan de que se van ampliar catro veces, é dicir, que van chegar ao quince por cento como obxectivo de reciclaxe. ¿De que nos está falando?

E vostedes falan de vertedura técnica cero. Ese é outro bluf, outro invento, porque Sogama leva producido seis millóns de toneladas de residuos tóxicos, que están tirados por aí, almacenados e amontoados en grandes montañas de lixo que teñen en Cerceda. Esa é a realidade de Sogama: corenta e dúas mil toneladas por ano de residuos inertes, de cinzas e de escouras que produce ese sistema que vostedes venden como unha marabilla.

E non responde á xerarquía que marca a directiva europea, e nin sequera se pode cualificar tecnicamente como valoración enerxética, non o é, non cumpre os requisitos para iso. E mire: vostedes incumpren toda a normativa habida e por haber de ámbito europeo, estatal e a súa propia normativa galega. Vostedes incumpren o artigo 24 da Lei de residuos e solos contaminados, que di que os plans autonómicos deben incluír medidas para impulsar a recollida separada dos biorresiduos e o seu tratamento posterior. E isto non consiste en repartir uns cantos contedores por aí para a compostaxe, non sei se nos dixo dez mil. Pero se calquera concello do Plan Revitaliza de Pontevedra que está na fase xa reparte case tantos coma estes. ¿Que nos vén dicir? ¿Vainos comparar vostede todo o país coas Neves, ou con Vilaboa, ou con Mondariz-Balenario, que se reparten máis composteiros que vostedes en todo o país?

É pura propaganda, facer que se fai. Igual que a planta de Areosa. ¿Que nos vén contar aquí?, ¿que van resolver o problema da compostaxe cunha planta que leva un ano inaugurada, rematada, e aínda non saben quen vai verter alí? Non conseguiron convencer a ningún concello para que vaia levar alí o lixo (*Aplausos.*) Porque aínda non saben como vai ser, como van facer, como van recoller. ¿De que nos está falando aquí?, ¿que nos vén contar?

Mire: o Pemar, que se aprobou no 2015, dicía xa —2015, van catro anos alá— que debían revisar os plans autonómicos e deben especificar como se enfoca a xestión dos biorresiduos neses plans conforme o establecido no Pemar. ¿Que fixeron a este respecto? Porque a Deputación de Pontevedra está facendo un plan —polo menos, está facendo un plan—, que se chama Revitaliza, que está dando resultados e ao que se están sumando moitos concellos. Por certo, concellos tamén do Partido Popular —hai máis de dez concellos do Partido Popular sumados ao Plan Revitaliza—, será que algo lle ven bo, ¿non? Pois vostedes, nada. Dise: antes do 2020 —é dicir, no 2019, neste ano no que estamos— a cantidade de residuos domésticos e comerciais destinados á preparación para a utilización e reciclado —papel, vidro, metais, plásticos, biorresiduos...— debe alcanzar, como mínimo, o cincuenta por cento. Vos-



tede díxonos que no 2018 houbera un resultado espectacular, que subira non sei canto, pero non se achega nin por aproximación ao cincuenta por cento. Entón, ¿cando pensan cumprir este obxectivo? Non están cumprindo o que marca o Pemar, o que marca a lei estatal, o que marca Europa. E vostedes aquí poñen no borrador da lei de residuos que o cincuenta por cento de biorresiduos, papel e vidro en 2020. Non cumpren nin de lonxe estes obxectivos. Si, vai consultar, pero non os cumpre.

E mire: a modificación do artigo 24 da lei de residuos que está en tramitación, ¿saben o que di? Que no 2020 vai ser obrigatoria, a finais do 2020, a recollida separada de biorresiduos. E vostedes pónena no 2023. Pero ¿de que estamos a falar? Vostedes dentro de pouco... Ben, isto é un borrador, afortunadamente haberá que cambialo, pero a normativa estatal é moito máis exixente que o que poñen vostedes aquí. E incumpren o seu propio Plan de xestión de residuos. ¿Vostede sabe o que prevía o plan de residuos na revisión no ano 2016, en teoría, para adaptarse ao Pemar, a respecto das plantas de compostaxe? Que había que compostar duascenas corenta mil toneladas de materia orgánica e de biorresiduos, e iso non se cumpre nin por asomo nin sequera co seu plan. ¿De que estamos a falar?

E vostedes acaban nunha fuxida cara a adiante con ese macrocontrato de Sogama de cincocentos millóns de euros para poder tratar todo o lixo producido en Galiza —¡que disparete!—, cando no seu propio plan di que hai que compostar esa cantidade de duascenas corenta e cinco mil toneladas. ¿Como, se non hai plantas de compostaxe? E vostedes intentan boicotear a compostaxe comunitaria, por exemplo, alí onde se está establecendo.

Mire —xa me queda pouco tempo—: nos plásticos, envases e embalaxes estamos no furgón de cola, aquí nunca houbo estratexia ao respecto. Vostedes o que están poñendo nese borrador da lei é aplicar o que está xa no Real decreto estatal, que establece unhas obrigas para o 1 de xaneiro de 2020, cando non vai estar en vigor esta lei que queren aprobar.

E aquí a respecto de envases e embalaxes a clave tamén é por que sistema apostan. Porque vostedes non din nada neste proxecto de lei. Vostedes apostan polo sistema de Ecoembes, que ese si que é un gran lobby, un gran monopolio. ¿Saben quen está en Ecoembes como socios? O sesenta por cento son grandes compañías de alimentos: Coca-Cola, Pepsi, Danone e Bimbo, e o corenta por cento restante fabricantes de envases como Tetra Pak, e tamén os distribuidores: Carrefour, Alcampo, El Corte Inglés, Mercadona. ¿Sabe como se chama isto? ¡O raposo a coidar das galiñas! (Aplausos.) Iso é como se chama Ecoembes, canto máis se produce máis se cobra, e todo vai para o bote.

E fronte a isto existe un sistema avanzado europeo, que é o sistema de depósito, devolución e retorno, que é polo que hai que apostar, polo que apostan os países europeos avanzados, non por esta trapallada, que é un negocio para estas empresas.

Como me queda pouco tempo, entón vou falar dos residuos industriais, e dunha cuestión moi concreta, porque esta lei á parte de que fala de solos contaminados, e pode meter aí todos os tecnosolos que foron espallando por aí con contaminación por todo o país das canteiras do país, esta lei é unha nova porta aberta para o pelotazo de utilizar as canteiras como vertedoiros. Tiveron unha manifestación este pasado domingo de cinco mil persoas na Ca-



salonga. ¿Que lles din vostedes con esta lei? Pois o que lles din é que van autorizar que as canteiras se convertan en vertedoiros indiscriminados para o tratamento de lixo. Iso é o que fan con este proxecto. Por exemplo, que a propia empresa promotora dese vertedoiro na Casalonga fala dun macrovertedoiro de dez millóns de toneladas de recheo, onde hai previsto diñeiros e un negocio de cincuenta millóns de euros, cando a canteira lle custou menos dun millón de euros. Para iso é tamén esta lei.

Señora conselleira, non hai estratexia galega sustentable para os residuos, non nos veña aquí contar contos, promove medidas cosméticas e para a galería, incumpren toda a normativa habida e por haber, e veñen aquí vendernos fume. Por certo, fume tóxico, fume contaminado, incinerado de Sogama, e nós non lles imos comprar fume.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bo día.

Bo día, conselleira.

Sabe vostede que nestes últimos tempos hai formacións políticas que nos falan moito da necesidade de rexenerar a política. Nós coincidimos con esa necesidade. Pero esta rexeneración entendemos que ou ben se trae coma unha pura maquillaxe, ese efecto cosmético do que falaba o señor Bará, ou ben se retrotrae a outro século, o século non anterior, senón o anterior ao anterior, ao século XIX, con traxes e uniformes que cheiran a naftalina. E con todos os respectos, señora conselleira, a súa intervención de hoxe, para literalmente dar conta da súa política en materia de xestión de residuos, a nós tamén nos cheira a ese tipo de rexeneración, maquillaxe, pura pose e naftalina, nada máis. Vostede veu falar aquí exactamente e coas mesmas verbas que falaba a súa predecesora na Consellería de Medio Ambiente, utilizou a mesma linguaxe e contou os mesmos contos que contaba ela hai escasamente un ano.

E dixeran «maquillaxe» porque isto que vostede hoxe contou aquí tamén o anunciou a semana pasada a conselleira do Mar en Pontevedra, dicindo que ían facer concretamente tres cousas con relación aos residuos. Foron dar vostedes por alí un paseo, e falou vostede —hoxe non, hoxe moi pouco, só para mencionala— aquel día da Estratexia galega de economía circular. Hoxe falou vostede de que hai que pasar da economía lineal á economía circular, pero non nos dixo para cando, porque esa estratexia leva metida nun caixón hai bastante tempo. De novo, a señora Beatriz Mato hai dous anos que veu aquí comparecer para falar da Estratexia galega da economía circular. Ese día, a propia conselleira falou de que Galicia estaba disposta e ía coordinar un grupo de traballo en España sobre a economía circular e fondos europeos, cos gobernos catalán e valenciano —dixo ela naquel momento—. Non sabemos como vai



esa coordinación, porque vostede veu hoxe aquí lamentablemente falar dun círculo, pechar un círculo que naceu baleiro e segue a estar baleiro. Non é economía circular, nin sequera lineal, é economía de círculo baleiro.

Vostede hoxe non dixo absolutamente nada da Estratexia galega contra o cambio climático e da enerxía do 2050, coma se iso non tivese nada que ver cos residuos, nin sequera o mencionou. Non falou vostede de cambio climático. E iso é ter unha visión moi curtopracista do que está a pasar no mundo, conselleira —permítame que llo digamos—; sobre todo porque a súa predecesora si falaba desa Estratexia de loita contra o cambio climático. E, de feito, hai tamén un ano comparecía co presidente da Xunta na Coruña para falar do impacto da contaminación e dos gases de efecto invernadoiro sobre o clima. Iso tamén son residuos. Hai unha frase idílica do presidente da Xunta ese día, que dixo: «*Hoy nos reunimos todos los pueblos del mundo que quieren seguir cambiando para seguir avanzando. La Tierra nos llama y tenemos que responder.*» Dixo na Coruña.

Con esta fotografía, que é bastante contraditoria con estoutra (*A señora Vilán Lorenzo amósalle á Cámara dúas fotografías.*), que é a xente moza que se manifesta en toda en Europa en contra do cambio climático e en contra de fotografías así, que están caducas e que —como eu lles dicía— cheiran absolutamente a naftalina, vese que a Terra nos chama a un ritmo diferente a cada un de nós.

Veú vostede falar aquí hoxe dun anteproxecto de lei, conselleira. É que xa imos debater a lei cando a traian, e canto máis rápido vaian tamén llelo agradecemos, agora está en fase de exposición pública. Pero é que ese anteproxecto xa o anunciou tamén aquí a señora Beatriz Mato no mes de maio do ano pasado, e dixo que en breve sería presentado nesta cámara, «antes de rematar o ano 2018 teremos unha nova Lei de residuos e solos contaminados de Galicia». Estamos en 2019 e aínda non temos nin sequera rematado o anteproxecto. Vostede vén aquí para falar do mesmo. Pura maquillaxe, que xa está bastante resesa, conselleira.

Dixo que están vostedes a dar pasos adiante. Pois levan máis dun ano. E, ao mellor, é que tiveron que coller moito impulso, e por iso tiveron que retroceder algúns pasos, como esa canción de Ricky Martin: «*Un pasito para adelante y un pasito para atrás*», e era aquilo de «*paquí, pallá*», pois vostedes van para atrás *pa'lante*. Porque levamos máis dun ano con ese anteproxecto e aínda non temos absolutamente nada.

E dicía «naftalina», porque, efectivamente, vostede dixo que, por fin, a normativa da Xunta está obsoleta. É certo. Levamos anos dicíndolles que está desfasada, que era necesario cambiala, e nunca nos votaron a favor de ningunha iniciativa na que así o pediamos. Estamos perdendo a oportunidade de que esa xente nova desa fotografía, Greta y Anuna en Europa, nos están a dicir que é necesario xa espabilar, que non podemos ir ao ritmo, e moito menos ao ritmo que vai o Goberno da Xunta de Galicia.

A súa directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático recoñeceu expresamente ese fracaso. Dixo que na xestión da fracción orgánica dos residuos municipais iso é o corenta e dous por cento do peso total do lixo doméstico en Galicia. Ela mesma díxoo. E dixo nunha convocatoria dunha constitución dunha mesa de residuos que son imprescindibles accións



para fomentar a recollida separada dos biorresiduos, e estao a dicir o Goberno estatal. Vostedes ata este momento non sei en que estaban pensando. Hai anos que Europa nolo está a marcar. E precisamente porque non se están tratando como hai que tratalos, pois están dificultando todo o proceso de xestión. Vostedes acórdanse agora de santa Marta cando trona, conselleira.

A Directiva europea de residuos di —e díxoo vostede— que polo menos o cincuenta por cento dos residuos se teñen que reciclar en 2020. Pero é que do que chega a Sogama, que vostede nos colocou como modelo modernísimo de xestión de residuos mundial —xa non dixo non só Galicia nin estatal, senón incluso europeo—, segundo ese informe de 2018, só o cinco por cento se recicla ou se recupera, nada máis; do que chega, nada máis. É o seu propio informe.

Sogama non rebaixou o canon, non houbo ningunha rebaixa nin ningunha medida, o que fixo foi subir o canon case un trinta e tres por cento no ano 2013, e baixalo logo un dez por cento e outro dez por cento. Por certo, cun informe de Price Waterhouse Coopers —digamos— bastante ilusorio e que deu lugar a uns beneficios reais moi grandes para Sogama. E logo agora mesmo poderían permitir que esa suba de case o trinta e tres por cento que vostedes fixeron no seu día se eliminase de maneira absoluta, e non que vaian troceando esas rebaixas e vendéndoas coma se efectivamente vostedes estivesen rebaixando algo que non subisen previamente no ano 2013.

Vostedes acaban de descubrir, ben, non porque é verdade que iso dos erres e o multierre tamén a súa predecesora veu aquí contárnolo a última vez que falou de residuos, pero é que vostedes descubren a xerarquía comunitaria once anos despois da súa propia normativa, que é do ano 2008. Naftalina, conselleira, naftalina.

Fala de solos contaminados, pero non dixo nada de que o amianto circula por Galicia sen ningún tipo de control, porque non se elimina como é debido. E sábeno.

Fala dos plásticos, fala das bolsas de plástico, que xa están reguladas, ou ben da venda de vaixela e cubertos. Non dixo nada dos plásticos agrícolas, non dixo nada da recuperación das redes no mar, nos portos. Non sei se sabe, conselleira —supoño que si—, que os residuos mariños plásticos están xa a provocar problemas nas nosas rías, precisamente porque non se xestionan.

Falou vostede dos envases nos que vai ir a comida que sobra, a sobranse, que pon ese anteproxecto que serán «preferentemente» —o que quere dicir que poden non selo—, só preferentemente biodegradables.

E ¿que dicir da indefinición desa futura lei para os puntos limpos, que nin sequera controlan, que se certifique a valorización dos residuos?

Conselleira, é bastante triste que veña vostede aquí falarnos de concienciación, de implicación, de acción da sociedade, tamén no seu día das empresas, cando vostedes non fixeron campañas de concienciación. Eses dez mil composteiros é certo que se repartiron a douscentos noventa e nove colectivos, concellos, centros educativos, colectivos sociais, que son



milleiros, milleiros e milleiros; hai só douscentos noventa e nove. Hai unha planta de compost na Areosa que aínda estamos a esperar que funcione, para máis ou menos trinta mil toneladas de compost, porque non vai permitir ningunha máis. Sabe vostede que o seu propio plan di que ten que haber once plantas en Galicia, e vostedes non teñen feita nin a primeira dende que funciona Sogama, porque non está funcionando. ¿E que van facer vostedes con ese compost?, ¿vano vender?, ¿vano regalar?, ¿vai ter a categoría suficiente para poder ser vendido?

E falou vostede da reciclaxe do vidro. Conselleira, ¿onde se xera?, ¿en que plantas de tratamento se xeran todos eses postos de traballo relacionados coa reciclaxe do vidro dos que falou vostede?, ¿en Galicia ou en Portugal? Porque ¿temos aquí plantas de tratamento? Eco-vidrio, cando recolle o vidro que se recicla, ¿que fai con el? ¿Méteo nun camión e lévao a Portugal a plantas de tratamento portuguesas? ¿Ou trátanse en Galicia e xera postos de traballo en Galicia? ¿Como se traslada?, ¿en camión, que non produce ningún tipo de residuos ao medio ambiente? ¿Por que se opoñen vostedes á nosa petición dun estudo do sistema de depósito, devolución e retorno do vidro en Galicia? ¿Cal é o motivo para que vostedes se opoñan?

Conselleira, nós cremos que hai que actuar xa, deixarse de tanta maquillaxe, tanta pose. E hai que frear os residuos gasosos, freando xa a perda de biodiversidade pola contaminación do aire; os residuos urbanos, mellorando a xestión da auga e dos recursos naturais —vostede tampouco falou diso—; os residuos plásticos. E hai que adaptarse ao cambio climático, incluso mitigalo —tampouco dixo nada—. E dos residuos industriais, usando recursos con eficiencia.

Vir aquí e falar...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VILÁN LORENZO: Vou rematando.

O señor PRESIDENTE: Remate xa.

A señora VILÁN LORENZO: Remato xa.

Falar do que falou vostede é outra vez volver a ese círculo baleiro do principio, ou simplemente utilizar esta comparecencia como unha escusa para poder falar de medio ambiente, porque vostede fixera a súa petición e tardou...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VILÁN LORENZO: ...seis meses en vir aquí...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VILÁN LORENZO: ...para falar de medio ambiente.



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Interese nulo.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

A señora conselleira, na súa sucesión de anuncios publicitarios, presumiu de xestión moderna e eficiente. Ben, se as *fake news* son modernas, entón o seu discurso foi moi moderno porque estivo cheo de *fake news*, de publicidade e propaganda, de técnicas de manipulación moi coñecidas, como é dicir que Sogama é un modelo para seguir. Entón, eu son un modelo de elegancia e de levar o pelo ben cortado. E voulle empezar a dicir que teño a esperanza en que algunha vez deixe de facer os seus monólogos de publicidade e propaganda e teñamos un debate contrastando datos.

Vostede presumiu dos datos espectaculares do 2018, e deu un: que subiran o 4,6 por cento os residuos tratados. ¿É certo iso, que subiron o 4,6 por cento os residuos tratados en 2018? Iso é certo, ¿non? Díxoo. Ben, ¿ese é un bo dato? Voulle ler o artigo 4 da Directiva europea 98/2008, da xerarquía de residuos: «A seguinte xerarquía de residuos servirá de orde de prioridades na lexislación e política sobre a prevención e xestión de residuos. Primeiro, prevención». Se a prevención é o primeiro paso da xerarquía de residuos, señora conselleira, que suba o catro por cento dos residuos que chegan a Sogama, ¿é unha boa noticia ou é un fracaso das políticas de prevención? Eu creo que é un fracaso. Pode en tal caso comprobar que Sogama ten capacidade para queimar moito máis incluso, pero é un fracaso porque non se están reducindo os residuos.

Vostede debería de vir aquí cando fala nunha comparecencia para dar conta das súas políticas de residuos. Estamos no ano 2019, ¿verdade? Ben, había uns obxectivos para o ano 2020, había un Plan de xestión de residuos industriais que inicialmente era de 2010-2020, ¿verdade? Hai uns obxectivos que cumprir no 2020. ¿Como imos cumprir eses obxectivos, señora conselleira? ¿Por que non deu os datos da xestión da materia orgánica? ¿Por que cando fala de papel e cartón, ou cando fala de plásticos, fala de incremento espectacular do 2017 ao 2018, sen dicirnos cal é a porcentaxe actual do que se recicla no sistema Sogama? ¿Por que non nos di que lonxe estamos de cumprir os obxectivos do ano 2020? ¿Por que non nos di se imos cumprir os obxectivos do cincuenta por cento de reciclaxe da materia orgánica, cando nos últimos datos que tivemos na Memoria de actividades do 2015 falaban dun 3,32 por cento de reciclaxe, cando non hai recollida separada de biorresiduos?

Claro, porque o incremento espectacular dun ano para outro tamén o que nos pode dicir é que partiamos dunha situación moi baixa, e entón o incremento do dez por cento do deza-nove por cento que en 2015 se reciclaba de papel e cartón dános para subir ao vinte e un por



cento. E está moi lonxe dos obxectivos que hai que cumprir no 2020 marcados pola Unión Europea, señora conselleira. En vidro si que hai uns datos bos de reciclaxe, pero en papel e cartón non; en materia orgánica, nefastos, e en plásticos, malos. Señora conselleira, iso creo que lle faltou na súa comparecencia.

Vostede falou de economía circular. Sogama é todo o contrario da economía circular, é todo o contrario. Mire —repítolle—: xerarquía de residuos: primeiro, prevención, preparación para a reutilización, reciclado, outro tipo de valoración e valorización enerxética e, por último, eliminación. Vostedes prevén mal. En canto se reactiva a actividade económica volven medrar os residuos, preparan para a reutilización mal. A recollida separada dos biorresiduos brilla pola súa ausencia —vostede mesma reconeceuno—. Polo tanto, é imposible facer compost se non se recolle separadamente. A reciclaxe mal, aí están os datos de reciclaxe mal.

E despois vostedes chámanlle valorización a incinerar o sesenta e un por cento dos residuos que entran en Sogama, cando os datos de eficiencia que marca a Unión Europea para considerarse valorización é do 0,6: a interrelación da enerxía que temos que subministrar ao sistema para facer o proceso e a enerxía que produce ese sistema. E non deu os datos —pode dalos— do 2018, pero nos anos anteriores estaban moi lonxe desa eficiencia enerxética para considerarse valorización. Entón, o que temos é que, finalmente, hai unha eliminación pola vía da incineración e hai unha eliminación por vertedoiro, que é o que vostede esconde.

Vostede di: chegaremos á vertedura técnica cero en vertedoiro, que é o dez por cento de vertedoiro, que irá só o que non se poida reciclar. ¡É mentira! Estamos moi lonxe de que vaia para o vertedoiro todo o que non se poida reciclar; en tal caso, incrementarase o que se incinera. E é que detrás disto, evidentemente, non hai problemas técnicos, hai un modelo no que manda moito o negocio, o negocio do que era antes Gas Natural, Fenosa e que hoxe en día é Naturgy, propietario do corenta e nove por cento das accións da sociedade pública de Sogama e que fai un suculento negocio coa incineración dos residuos.

Polo tanto, ¿que incentivos ten Sogama ou Naturgy para reducir os residuos que entran para a incineración? Ningún, señora conselleira. Ningún, porque detrás do modelo de Sogama está o negocio. Non é unha cuestión técnica, é unha cuestión de que está baseado en beneficiar o negocio de Naturgy. Xa o temos dito moitas veces. O Consello de Contas no 2004 —cando fixo o último informe de fiscalización sobre Sogama— xa alertou do conflito de intereses que había en Sogama, onde se lle outorgaba reiteradamente contratos de subministración de gas e de electricidade, tanto en alta como en baixa tensión, a Naturgy, propietaria do corenta e nove por cento das accións. E seguimos o mesmo: facendo negocio con iso.

Despois falou vostede tamén da rebaixa do dez por cento. Mire: vostedes subiron o trinta e catro por cento no ano 2014 coa escusa, coa mentira do cambio normativo eléctrico, cando se viu que no 2015 foi o mellor ano histórico de vendas de enerxía eléctrica de Sogama. A razón era outra; a razón eran os préstamos participativos coa Xunta e con Gas Natural que tiñan comprometidos e que había que devolver, o Project Finance, e toda a débeda financeira á que había que facer fronte. E a sentenza pendente pola reclasificación da planta termoelectrónica por unha decisión do señor Feijóo, que houbo que aboar moitos millóns de euros.



Todo iso había que pagalo nos seguintes catro anos, e entón houbo que subirlles aos galegos e ás galegas o trinta e catro por cento, cando había outras medidas que non implicarían subirles aos galegos e ás galegas o trinta e catro por cento no canon do lixo. Pero significaba prexudicar Gas Natural Fenosa e a propia Xunta de Galicia. Que era pois, por exemplo, converter en capital social o que eran os préstamos participativos da Xunta de Galicia e de Gas Natural Fenosa, pero vostedes non quixeron.

E agora presume despois dunha baixada do dez por cento —creo que no ano 2015— doutra baixada do dez por cento. ¿E por que non baixan o vinte por cento? Porque sabe vostede que as últimas contas publicadas de Sogama din que tivo uns beneficios antes de impostos de dezaseis millóns de euros, que vén ser o vinte e nove por cento do que vende en electricidade esta empresa; o que vén ser un vinte e sete por cento —creo— do que recada por canon do lixo Sogama. Vostedes teñen moita marxe aínda para recortarles no recibo aos galegos e galegas, ¿por que non o fan?, ¿por que o dez por cento e non o vinte por cento, señora conselleira? Porque, evidentemente, hai que facer publicidade e propaganda, pero tampouco quitarlles o negocio a determinadas persoas.

Despois vostede fala de que un dos catro eixes sobre os que se asenta a actuación da Xunta de Galicia é o novo marco normativo. ¿E para cando cumpren un marco normativo, señora conselleira? ¿Para cando cumpren vostedes as leis que vostedes mesmos aproban, os plans que vostedes mesmos aproban? Porque vostedes no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia dixeron que había que facer once plantas de compostaxe para descentralizar o tratamento da materia orgánica; cousa na que nós estamos de acordo, evidentemente, que é un dos problemas de Sogama, a centralización. E vostedes desas plantas non fixeron nin unha. Ben, si, esta de aquí, de Cerceda, que, por certo, ao principio dixeron que era para grandes consumidores e agora disque é para os concellos do arredor. En tal caso, terá unha capacidade máxima de tratar quince mil toneladas sobre as duascenas corenta e sete mil estimadas neste Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia, feito por vostedes mesmos e actualizado no ano 2016 por vostedes mesmos. ¿Onde están as plantas e onde está a capacidade das duascenas corenta e sete mil toneladas necesarias para cumprir cos obxectivos que marca a Unión Europea para chegar ao ano 2020? Señora conselleira, ¿onde están? ¿Quince mil toneladas é toda a aportación que vai facer Sogama?

Di o Plan de xestión de residuos de Galicia: «O desenvolvemento das plantas incluídas nesta planificación deberá avanzar progresiva e gradualmente, e de forma paralela ao fomento da implantación de recollida separada dos biorresiduos para o seu tratamento biolóxico», tal e como recolle o Pemar, ano 2016. ¿Como avanzou, señora conselleira, de forma gradual e planificada a construción destas plantas e a recollida separada? ¿Pode darnos os datos?

Creo que xa se me rematou o tempo, seguiremos na seguinte intervención.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.



O señor TRENOR LÓPEZ: Bos días, señorías.

Eu, señora conselleira, quero felicitala pola súa comparecencia, que ademais foi por petición propia. Quero felicitar tamén á que vai ser a futura alcaldesa da Coruña, por facer que Galicia sexa un referente das políticas de xestión de residuos.

Namentres outras comunidades perden o tempo en cuestións que en nada benefician a ningún e moito menos ademais aos cidadáns, ou desperdiciando esforzos moi valiosos debido á inestabilidade das maiorías que configuran os gobernos, aquí en Galicia os cidadáns quixeron estabilidade e quixeron tamén un goberno centrado nos cidadáns. Por iso hai un goberno serio, estable e que está a traballar. Iso nótase e vese especialmente no eido da xestión dos residuos.

Destacou vostede catro eixes de actuación na súa comparecencia: a actualización do marco normativo; a potenciación do modelo exitoso de Sogama —e si que Sogama é un modelo exitoso e ademais despois, xa con datos e non con opinións, direi porque nós entendemos que Sogama é un modelo exitoso—; tamén a correcta xestión dos residuos, tanto urbanos como industriais, e quizais unha das partes máis importantes, que é a sensibilización e concienciación da sociedade galega. Esa sensibilización e concienciación que tanta graza lle fan á oposición, porque é verdade que estas campañas de sensibilización e de concienciación ás veces teñen un nome chamativo, e parece que estes deputados da oposición quedan con ese nome e non quedan con ese inxente esforzo que se está a facer para concienciar e sensibilizar a nosa sociedade.

Unha mostra do traballo que está vostede a facer é a nova lei de residuos e solos contaminados. E é verdade que o ano pasado se anunciou a elaboración dese anteproxecto, o ano pasado realizouse ese anteproxecto, e este ano presentouse no Consello da Xunta o anteproxecto, e o mesmo anteproxecto está agora mesmo en exposición pública. Hoxe finaliza o prazo. Non sei se vostedes fixeron algunha alegación; podían tela feito, non estaría mal, e así tamén toda a sociedade sabería que é o que opinan vostedes. Pero ese é o trámite normal dunha lei: primeiro, anúnciase a súa elaboración, faise a elaboración, despois apróbase polo Consello e despois sométese a alegacións e exposición pública. Ao mellor, vostede ten outro proceso para facer as leis. É verdade, o proceso do decreto é chegar un venres, aprobar un decreto que non é debatido nin analizado nin alegado absolutamente por ningún, pero vostedes están felices porque para vostedes ese é o procedemento democrático máis adecuado.

Señorías, hoxe finaliza ese proceso de participación e despois entra outro proceso que debe de dar resposta a todas as achegas, para que despois sexa remitido a esta cámara para a súa tramitación e debate.

Claro que esta lei é necesaria, pois a anterior era de 2008. O que pasa é que vostede, señora Vilán, desde o primeiro ano que nós gobernamos pedía que fixeramos outra nova lei. Claro, dez anos despois, nós consideramos que hai suficiente necesidade para realizar esa lei; non un ano despois, nin dous anos despois, nin tres anos despois. E isto faise ademais porque a normativa europea e os últimos cambios en xestión de residuos urbanos así nolo exixen.



Esta nova lei vai proporcionar tamén seguridade xurídica, vai deixar o noso marco legal completamente adaptado á normativa comunitaria. Non lle escoitei para nada falar disto, quizais porque tampouco fixo unha lectura polo miúdo ou intensa do que foi ese anteproxecto. Vostede quedou cos anuncios das conselleiras nas súas comparecencias pero entrou moi pouco no que é o contido desa normativa ou dos beneficios que vai proporcionar para a sociedade.

Vainos permitir tamén que avancemos cara a un modelo de economía circular, porque incorpora os principios e as medidas aprobadas por Europa en 2015. E o novo texto vai incidir tamén en fomentar a xerarquía na xestión dos residuos, especialmente na prevención e na preparación para a reutilización.

Hai que dicir que esta lei tamén fixa uns obxectivos específicos, ademais obxectivos por primeira vez por materiais. E ata o 2025 ten un obxectivo de reducir un trinta por cento os residuos de alimentos, o cincuenta por cento para o 2030. Ata o 2025 quérese reducir un quince por cento o conxunto total de residuos.

Establécese tamén a recollida separada de biorresiduos antes da fin de 2023. Por iso, señora Vilán, dicíalle que non leu moi ben a lei porque establécese a recollida separada de biorresiduos antes de fin de 2023. É verdade que a obriga a teñen os concellos, e é verdade que serán os concellos os que terán que facer algo. E xa falaremos despois da diferenza que hai nos concellos onde está o Partido Popular e onde está o Partido Socialista, un exemplo de irresponsabilidade e de boicot ao resto das administracións.

Establece tamén que en 2035 só poderá ir a vertedoiro un dez por cento. En Galicia estamos preparados para que isto se poida cumprir, non así noutras comunidades e non así no resto do conxunto do Estado.

E tamén outra serie de prohibicións como a venda de pratos, vasos e cubertos desbotables de plástico.

En definitiva, un bo anteproxecto, necesario e ambicioso. Vostedes, se queren, súmense; na tramitación parlamentaria fagan achegas. Vostedes saben que cando fan achegas este grupo analizaas, escóitaas, acepta as que considera oportunas e rexeitará aquelas que consideremos que responden máis a criterios completamente persoais ou de opinións persoais que aquelas que respondan a un fundamento. Pero vai haber ese esforzo por parte deste grupo de aceptar tamén, de escoitar as súas propostas; co cal a ver se son capaces tamén de facer que as propostas sexan interesantes e enriquezan o texto.

En relación, señorías, con Sogama, dicía vostede que cheiraba a naftalina aquí algún discurso; aquí o único que cheira a naftalina son as súas opinións. Dá igual as evidencias científicas que haxa que vostedes seguen cos seus mantras, porque están aí movidos, porque non queren moverse; debe de serlle cómodo, debe de ser que a súa parroquia lles compra o discurso e de aí non se queren mover. Pero o seu discurso sobre Sogama entra no ámbito das pseudociencias. Fan vostedes un discurso con base en mitos, opinións e prexuízos. Danlles igual as evidencias científicas, danlles igual os datos contrastados e danlles igual abso-



lutamente a realidade. O seu discurso é ao medio ambiente o mesmo que o discurso dos antivacinas á saúde pública, é a mesma analogía.

E o peor tamén, señor Sánchez, é que no seu discurso non só é que pertenza á pseudociencia, é que no seu discurso tamén vostede deposita as súas obsesións. Vostede está en contra de Naturgy. Eu non vou defender a Naturgy, ademais non a vou defender e menos despois do que fixo na Coruña coa complicidade do seu partido, co peche do Museo de Arte Contemporánea. Naturgy foi socio industrial e é o socio minoritario de Sogama. E Naturgy só fixo negocio cando cobrou dividendos. E quero recordarlle que os últimos dividendos que cobrou foi no 2006 e no 2007, catro e cinco millóns; nove millóns en total. E iso foi co Bipartito, porque co Bipartito entendíase a Sogama como un negocio, un negocio para Naturgy a través dos dividendos, pero tamén un negocio para os que cobraban as axudas de custo por facer o traballo propio que tiñan que facer, para o que estaban cobrando un soldo, pois a maiores sumábanlle as axudas de custo. E tamén, por suposto, poderá vostede dicirme se sabe se no Bipartito se incrementou o cadro de persoal e quen fixo negocio con ese incremento do cadro de persoal.

Dentro dos seus mantras, dentro dos seu mitos, dentro das súas falsidades: Europa. Europa apoia este modelo, tanto o apoia que Galicia recibiu setenta e dous millóns de euros do Fondo de Conexión. O único proxecto no seu momento que non foi de infraestruturas de comunicación.

Señorías, a avaliación que fixo a Comisión Europea en 2012 *ex post* foi que dixo que traía importantes beneficios para a comunidade. Hai cincocentas sete plantas de valorización enerxética en toda Europa. As porcentaxes de valorización enerxética —téño aquí—, por exemplo: en España hai un trece por cento, mal. Porque se despois ve a media, é un vinte e sete por cento de Europa. Pero é que países como Suecia, como Bélxica, como Dinamarca, como Noruega, como Alemaña están por riba do cincuenta por cento. O raro, o extraordinario é o que pasa no noso país. E Galicia está aliñada co que se está a facer en Europa. Pero non só iso, eu xa llo dixen cando foi do debate dos orzamentos: é que ata vostedes se suman a iso.

Aquí temos que o Concello de Barcelona pon en marcha a súa propia eléctrica. O noventa por cento da electricidade que xera para o autoconsumo da súa cidade provén dunha planta de valorización enerxética. É verdade que como houbo algún conflito, como se moveu, como houbo algunha polémica, o que está a facer é que esa planta vende a electricidade a Endesa e logo a sociedade pública que creou Ada Colau volve comprar a mesma cantidade de electricidade a Endesa con certificado enerxético.

Pero non só pasa isto con Ada Colau, é que a galega Valtalia —coñecíamolo o outro día— leva o contrato para construír a Sogama asturiana. Ou sexa, o Partido Socialista de Asturias, que parece que ten bastante máis sentidiño que o partido populista do Partido Socialista de Galicia e, sobre todo, o que si que ten é seguramente moita máis preocupación polos seus cidadáns do que teñen vostedes, e seguramente que defende os intereses moito mellor o Partido Socialista asturiano dos asturianos do que defenden vostedes o interese dos galegos, ben, pois vai construír un complexo de oitenta e un mil metros cadrados para facer exactamente o mesmo que está a facer Sogama en Galicia.



En relación coa comparativa cos outros modelos que temos en Galicia, que son os que vostedes están a defender, modelos que apostan —e hai que dicilo así— polo vertedoiro. Porque cando máis do cincuenta por cento do destino do tratamento dos residuos é o vertedoiro, o que hai que dicir é que o modelo é un modelo de vertedoiro. Non cabecee que é así, incluso o seu modelo. E xa o din os datos, claro.

A porcentaxe de vertedura no modelo de Sogama queda aproximadamente...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...agora mesmo en menos do vinte e oito por cento, e estase a reducir. E temos o obxectivo de que chegue ao dez por cento. Moi por debaixo do cincuenta e tres por cento que ten Nostián. Levan vostedes catro anos gobernando na Coruña e están a enviar o cincuenta e tres por cento a vertedoiro. Esa é a hipocrisía que ten a Marea. Claro, vostede chega aquí e vén cos modelos e vén coas súas imaxinacións, coas súas cousas, pero logo cando gobernan catro anos, gobernando sen ter nin sequera a execución total do orzamento, e son incapaces diso, co agravante...

O señor PRESIDENTE: Remate, remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...de que non só é que destinen o cincuenta e tres por cento a Nostián, é que, ademais, o cincuenta e tres por cento vaia para vertedoiro. ¿E sabe, ademais, cal é ese vertedoiro que están a utilizar? O de Miramontes, en Grixoa. E logo irán vostedes pñerse na primeira liñas das pancartas dicindo que non queren que vaian os residuos para alí.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: Fale vostede co seu alcalde, fale vostede co señor Ferreiro e que deixe de enviar...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor. Remate, remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Pero é que nós estamos en contra de enviar a vertedoiro, e isto vai vinculado co do cambio climático, é que en vertedoiro se emite dezanove veces máis de CO2...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor TRENOR LÓPEZ: ...que en calquera dos outros modelos. E ese é o modelo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor, terminou o seu tempo. Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...polo que vostede está apostando. Non o ven, sigan nos seus mitos. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo. Xa está. Mire o sistema electrónico.



Réplica, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Créanme que estiven atenta ás observacións e ás contribucións que vostedes fixeron, porque aquí do que se trata é, primeiro, de dicir que hai un anteproxecto de lei, o segundo é dicir que contribúan vostedes nese anteproxecto de lei e digan cal é o modelo que lles gustaría de cara a un futuro, e ao final, como aínda imos ter moito tempo para traballar, agardo poder chegar a unha conclusión, que neste momento —créanme— non a teño en absoluto.

Señor Bará, dicíame vostede se eu coñecía Furelos. ¿Como non vou coñecer Furelos? é o meu concello. ¿E se me acordo de Furelos? Claro que me acordo de Furelos. ¿E sabe que teñen que facer as empresas? Pois instálanse e teñen a súa propia depuradora, e aquelas empresas que non utilizan a depuradora hai que investigar, saber cales son e, polo tanto, a sanción correspondente. Pero eu dígolle: ¿lémbrese vostede tamén de que se ía construír unha depuradora e que había unha alcaldesa do BNG que está xulgada porque certificou (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) unha obra e deu orde de pago, obra que nunca se levou a cabo? Dígoo por aquilo de que é bo que cando vostedes saquen algo a relucir, (*Murmurios.*) polo tanto, se dea toda a información completa.

A partir de aí... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Señor Rivas, silencio! (*Murmurios.*) Silencio, señor Rivas. Xa está. ¡Silencio!

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): O que estamos dando aquí, señor Bará e o resto de deputados e deputadas, señorías, son datos reais e datos que se poden contrastar. ¿Que son mellorables? Por suposto, por iso estamos aquí, por iso estamos traballando, por iso dámoslos a coñecer e por iso queremos cumprir non só coas directrices europeas senón ir máis alá.

E falamos de revalorizar, e Sogama o que fai é revalorizar. E aquí pódense apuntar vostedes a certas modas, e creo que era o señor Bará quen dicía que nos apuntabamos á moda de economía circular e emprego verde. Eu apúntome. O Goberno apúntase á moda do emprego verde e da economía circular. E vostedes sigan anquilosados nesoutras modas do chamado capitalismo de depredadores ou non depredadoras.

A partir de aí tamén nomeou vostede A Casalonga, e eu teño que dicirlle que a actitude da Xunta de Galicia foi exemplar. Nós o que fixemos foi os nosos informes, e os concellos teñen certas responsabilidades e teñen a opción de cambiar os seus plans xerais de ordenación municipal. ¿E agora mesmo cal é o tema na Casalonga? Pois é que non vai haber ningún tipo de vertedoiro na Casalonga. ¿E quen o di? A conselleira de Medio Ambiente. ¿E por que o di? Porque hai uns informes técnicos que así o avalan. (*Aplausos.*)

Señora Vilán, vostede falábame de rexeneración política, e eu creo na rexeneración política, na que non creo é nesa rexeneración que por non estar de acordo dimite cada día un dunhas



listas. Pero, ben, iso cada un... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ...cada un alá como fai e onde quere chegar. *(Murmurios.)* Polo tanto, non falei eu de rexeneración, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* falou a señora Vilán, e eu simplemente cun sorriso digo que creo...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...pero non nesa, senón noutras rexeneracións.

O señor PRESIDENTE: Silencio. Señor Blanco Paradelo, por favor, silencio. ¡Silencio!

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): A partir de aí, efectivamente, dicía é que vostedes veñen anunciando. Claro, é que as políticas medioambientais non se sacan dunha chistera, é que hai que ter un organigrama. Polo tanto, ¿debemos cumprir sen contar coa sociedade? Non, cumprimos coa sociedade. E dicíalles que esta mañá eu tiña unha xuntanza con máis de duascenas persoas onde estaban técnicos de concellos, porque aquí de repente sacamos uns datos onde dicimos que todo se fixo mal e quen o fixo mal. Tamén os concellos. ¿É que estamos dicindo que non fixeron absolutamente nada? Non, créanme, fixeron moitísimo traballo os concellos, fixérono cos seus técnicos, e está mañá mesmo tamén presentabamos o anteproxecto de lei e facíámolo coa universidade, cos concellos, con técnicos, pero non só de Galicia, senón técnicos de toda España, e con representantes do ministerio. *(Aplausos.)*

Despois entro en detalles xa no que é a materia, pero estas son cousas que van chamando a atención e que non quería esquecerme de contestárllelas.

E ao señor Sánchez a min gustaríame saber cal é o modelo que vostedes queren. E, entón, Galicia é o que é, temos tres plantas. Se é o modelo Nostián, créanme que ese non é o modelo que quere a Xunta de Galicia, non é o modelo que quere a sociedade. E dicía o señor Trenor que é ese modelo desbota e rexeita máis do cincuenta por cento do lixo. E ese lixo ¿para onde viña? Pois, efectivamente, viña para Grixoa. E era moi fácil criticalo, pero, ao final, quen actuou foi a Xunta de Galicia, foi a Consellería de Medio Ambiente. E créame, señor Trenor, que non van ter oportunidade de poñerse detrás dunha pancarta porque a partir do vindeiro luns o lixo de Nostián non vai poder entrar xa en Grixoa.

E así se lle comunicou no día de onte á empresa, a través dunha modificación de oficio da autorización ambiental integrada, porque, ao final, non actuou nin o alcalde de Santiago nin o alcalde da Coruña. O alcalde da Coruña sabía que ese non é o modelo a seguir, porque o cincuenta por cento vai para un vertedoiro, e aí si que non se valoriza absolutamente nada. E o señor alcalde de Santiago tampouco fixo nada para protexer os seus veciños, excepto reunirse con eles para darlles largas, para dicirlles que era a Consellería e el non tiña nada que facer, cando hai competencias, e esas competencias é o control, por exemplo, dos seus camións. E ao igual que actuou de oficio a Consellería de Medio Ambiente puido actuar de oficio o alcalde de Santiago, e non o fixo. *(Aplausos.)*

Polo tanto, señorías, nós o que queremos é situar Galicia á vangarda das comunidades en materia de xestión de residuos. E créanme que o imos conseguir, e ímolo conseguir da man



dos concellos e ímolo conseguir da man de toda a sociedade. E estamos dando os pasos necesarios para que así sexa. Por un lado, con actualización e modernización do marco normativo, que era necesario, era preciso. E aquí eu volvo tenderlles a man de novo, fagan as súas contribucións, créanme que serán estudadas, que serán ben vistas. E a partir de aí do que se trata é de vertebrar Galicia, de facela máis forte nun eido fundamental que é a sosti-bilidade.

Por outro lado, a consolidación do noso modelo de referencia. E non o digo eu que sexa un modelo de referencia Sogama, é que é unha realidade científica. Unha realidade científica que unha e mil veces, como vostedes en vez de valorización queren falar de queima, e despois falamos de emisións, quero deixar a sociedade tranquila e a vostedes tamén falando de parámetros de emisión de Sogama, que están moi por debaixo dos límites legais: en partículas, o límite está en dez e o valor de Sogama son dous; en óxido de nitróxeno, o límite legal está en douscentos, en Sogama, sesenta e cinco; dióxido de xofre, límite legal, cincuenta, e Sogama, dous; monóxido de carbono, límite legal, cincuenta, no caso de Sogama, 8,9. E así poderíalles falar de cada un dos parámetros, máis que nada porque o que non debemos é enganar a xente, senón dicirlle realidades e verdades. E despois ao carón desas realidades e verdades, pois cada partido político ou cada deputado, dependendo do caso, dirá cal é o modelo polo cal opta.

E despois estamos a poñer en marcha as medidas necesarias xunto cos concellos para mellorar a xestión dos residuos. E, efectivamente, isto vai dar un traballo, traballo que é inmenso. E a Xunta de Galicia está a contribuír cos concellos para que sexa efectivo, porque é competencia deses concellos, pero non queremos deixalos sós. Polo tanto, sacamos un primeiro concurso, concurso no que todos aqueles concellos que quixeron xa dispoñen dos contedores para os biorresiduos. E créanme que agora queda un traballo importante de por medio, porque teñen que facer a modificación correspondente dos seus contratos coas distintas empresas, pero que van ter os lugares habilitados para o depósito e, polo tanto, para a súa compostaxe.

E despois a concienciación. É que me chama a atención que vostedes se rían do que é a concienciación social. Se, ao final, o lixo que temos no mar é o lixo que tiran os humanos, veña de onde veña, e temos que concienciar que iso non pode ser así. O plástico, sexan plásticos agrícolas ou non que atopamos polos lugares, é porque o facemos os humanos, co cal temos que facer concienciación.

A señora Vilán dicía que non facemos ningún tipo de campañas, e eu creo que non ten máis que ver vostede os medios de comunicación. Pero á parte dos medios de comunicación, os centos de xornadas que se levan a cabo. E eu poñía un exemplo que é un simple concurso onde chegamos a cento cincuenta colexios e onde se recolleron corenta e catro toneladas de pilas e de baterías. É dicir, é a verdadeira concienciación que parte dende a base. Pero igual que a facemos aos cativos, facémola ao ámbito universitario, facémola á empresa e facémola aos colexios e aos concellos.

Polo tanto, Sogama, ¿exemplo a seguir? Por suposto. E dicía o señor Trenor é que non é que sexa un exemplo en Galicia, é que é un exemplo — e ben que está a presumir — recentemente



en Asturias, e saíu en todos os medios de comunicación. É unha empresa galega que vai construír a Sogama asturiana. Pero non só a Sogama asturiana, é que plantas como Sogama, con tecnoloxía inferior, hai cento cincuenta e seis, por exemplo, en Alemaña. E dicimos Alemaña por non dicir as cento cincuenta plantas de valorización tipo Sogama que tamén hai en Francia. Co cal, eu non sei cal é o camiño que vostedes queren seguir, pero nós imos seguir implementando tecnoloxía para seguir co modelo Sogama e, polo tanto, chegar a eses parámetros que nos marca Europa. E Europa dinos: revaloricen vostedes, e iso é o que estamos a facer. E, ademais, cando nos fala de vertedura técnica cero, que vén ser o dez por cento que vai a un vertedoiro —dicíao anteriormente—, Europa marca o ano 2035, e Galicia vaino conseguir no ano 2020.

Segue sen gustarlles o modelo, eu teño que volver repetirlles que o noventa e catro por cento dos concellos galegos optaron por Sogama; convence en Galicia e convence no resto dos lugares. Polo tanto, a planta máis avanzada e eficiente de España é a de Sogama, en Cerceda.

A vostedes non lles gusta a valorización enerxética, que é o modelo que están adoptando os países europeos; países comprometidos co medio ambiente, onde a valorización enerxética constitúe o tratamento por excelencia da fracción non reciclable e en detrimento dos vertedoiros.

Polo tanto, Sogama xerou en enerxía o doce por cento do consumo dos fogares galegos, usando tecnoloxías vangardistas, usando tecnoloxías de última xeración, que lle permiten manter todas as emisións moi por debaixo dos límites legais, tal e como lles daba a coñecer anteriormente. E xa isto ligado podemos falar de postos de traballo, que son cincocentos postos de traballo directos e o tratamento dos residuos de 2,2 millóns de galegos. Grazas a un esforzo, e a un esforzo que non vén de agora, que non vén duns meses, senón que é da xente que anteriormente liderou as políticas medioambientais, e tamén —hai que dicilo— grazas ao esforzo que fixeron os concellos galegos.

Ata aquí chegamos e, polo tanto, temos que seguir, e seguir nesa liña porque pódolles dar os datos de Lousame. En Lousame desvíase o 59,8 por cento do lixo, é dicir, non se trata, non se valoriza, non se recicla en Nostián o 51,9 por cento. Fronte a iso, está Sogama cun 25,91 por cento, e no ano 2020 chegaremos ao dez por cento.

O que está facendo a Xunta, señorías, é apostar pola xestión dos residuos dun xeito máis eficiente e máis eficaz, unha materia na que se leva traballado intensamente nos últimos dez anos e unha década na que se aprobou o Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia e aprobamos o Plan de residuos industriais de Galicia 2016–2022. En ambos os dous puxemos en marcha o deseño e a execución de actuacións previstas por nós mesmos, onde é fundamental a prevención.

Incrementamos un vinte e un por cento os puntos limpos. Eu crinlle escoitar a alguén que non tiñamos control sobre eses puntos limpos, e isto quere dicir que o noventa por cento dos galegos teñen un punto limpo á súa disposición. E imos máis alá con modelos para reutilizar e ir pola vía de que toda a parte eléctrica e electrónica non sexa dun só uso, senón que sexamos capaces de arranxalo, de volver utilizalo e crear emprego verde.



Acabamos cos modelos de vertedoiros, xa non hai ningún vertedoiro no que non haxa control do mesmo. No ano 2013 clausurouse o derradeiro vertedoiro municipal non autorizado existente en Galicia. Puxéronse en marcha preto de corenta campañas de sensibilización e educación ambiental. Eliminamos dende abril do ano 2009 preto de mil puntos de verteduras incontroladas en Galicia, en concreto, en cento vinte e tres concellos, e cun investimento de 6,4 millóns de euros. E desenvolvemos iniciativas e axudas en materia de biorresiduos ou recollida separada de fracción orgánica.

Estamos tramitando a nova lei de residuos, que tenta situarse á vangarda nacional, incluíndo os principios de economía circular. No día de hoxe só tres comunidades contan con normativa adaptada á lei estatal; estas son Baleares, Andalucía e Navarra. Queremos loitar contra dous dos principais problemas: os desperdicios alimentarios e os plásticos, porque sabemos que é importantísimo poñer o noso gran de area para frear este tipo de problemáticas. Pero aí e para iso temos que contar con todos, especialmente no caso do desperdicio alimentario. ¿Por que? Porque un terzo dos alimentos que se producen no mundo para o consumo humano acaban desperdiciados. En Europa desperdiciáanse ao ano oitenta e nove millóns de toneladas de comida. Polo tanto, queremos traballar da man dos sectores involucrados, pero tamén queremos chegar a cada fogar amparándonos a través da lei en prácticas, que moitas delas xa se están levando en Galicia, pero deben estar escritas.

Ademais, queremos loitar contra a contaminación xerada polos plásticos, indo máis alá das bolsas, señora Vilán, que, efectivamente, se puxo enriba da mesa, pero temos que ser conscientes de que non só serve pagar por levar unha bolsa de plástico, ese é un pequeno freo, temos que ir cara á desaparición total das bolsas de plástico no ano 2021.

E aquilo que a algúns lles parece unha tontería, que é a prohibición da venda de vaixela dun só uso. E non é tal tontería dende o momento en que celebramos, por exemplo, o San Xoán e quedan as nosas praias cheas de plástico dun só uso, o que a partir da aprobación da lei quedará totalmente prohibido.

Para mellorar o texto co que imos traballar, por suposto que imos recoller todas aquelas iniciativas, todas aquelas achegas que vostedes nos trasladen, que eu estou segura de que van ser enriquecedoras, escoitando aos que temos máis preto e coñecendo en profundidade cal é a situación.

En resumo, coido que estamos ante unha lei imprescindible para Galicia e que nos permitirá continuar traballando de cara a conseguir o que desexamos, que é un futuro máis sostible. Unha norma que, sen dúbida ningunha, será unha peza angular na nosa política medioambiental e que unida a outras medidas fará que lles deixemos aos que veñan detrás un mundo máis saudable, independentemente de que os datos nos avalan, que a situación en Galicia é boa e que o sábado pasado se celebraba o Día da Meteoroloxía. O venres pasado Meteogalicia estaba aberta ás distintas visitas; alí había xeógrafos, había colexios e dábaselles a coñecer todo o que facemos en Galicia polo medio ambiente e tamén pola calidade do noso aire. E xa que están chegando cativos, temos que dicirlles que en Galicia se respira aire de moi boa calidade e que se poñerán en distintos puntos de Galicia pantallas nas cales se vai medir a calidade do aire, que se lles vai dar información sobre a situación, así como do tempo. *(Aplausos.)*



Polo tanto, emprendemos un camiño que é un bo camiño, o camiño de todos os galegos e todas as galegas; que agardamos que vostedes realicen as súas contribucións; que os controis que se fan e farán dende a Consellería de Medio Ambiente son moi exhaustivos; que eu lles dicía hai un tempo que no caso de Grixoa, de oficio, o que fariamos sería modificar a autorización ambiental integrada. E hoxe mesmo podó dicirlles que a partir da vindeira semana non entrará para Grixoa nada procedente de Nostián.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Xa se darían de conta de que chegaron os alumnos de terceiro e cuarto de primaria do centro A Seara, de Moaña. Dámoslles a benvida a todos eles e elas e ás profesoras e aos profesores que nos acompañan. Trouxeron algo de alegría aquí ao hemiciclo. Polo tanto, benvidos.

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Tamén lle quero dar a benvida ao alumnado do colexio A Seara, de Moaña.

Señora conselleira, despois de escoitala a vostede aquí, eu estaba pensando: vaina contratar Ence para o seu próximo spot publicitario, para vender as bondades da chamada «biofábrica» (*Aplausos.*), que din que só cheira tres días ao ano; dio Ence na propaganda da súa biofábrica. Vostede, desde logo, sería unha boa publicista para Ence, para intentar vender este fume cheirento e contaminante de Sogama e de Ence, que nós xa lle dixemos que non lle compramos.

Mire: vostede intentou traer aquí un debate sobre un borrador do Anteproxecto da lei de residuos, pero é que non toca, señora conselleira; os grupos parlamentarios xa intervirán cando chegue o debate á cámara. Agora é o momento de que interveñan, presenten alegacións, por exemplo, os axentes sociais, os axentes institucionais. Despois xa teremos aquí o debate; non se preocupe que teremos o debate e haberá moito que falar diso cando chegue aquí o anteproxecto de lei.

Nós o que lle preguntamos e o que lle propuxemos é un debate xeral sobre os residuos. E preguntámoslle, por exemplo, que vostede non nos respondeu, por que incumpren a normativa estatal, europea e a propia galega, por que, por exemplo, non van cumprir no ano 2020 o obxectivo do cincuenta por cento do reciclado que marca a lei e norma que está en vigor, por que non o van cumprir, que non o van cumprir. ¿Sabe por que? Porque vostedes non afrontaron a principal cuestión que está no debate público e a principal necesidade social, que é o tratamento dos biorresiduos, dos residuos domésticos orgánicos, que hai que facelo a través da compostaxe, da recollida separada e compostaxe. Vostedes non foron quen nin son capaces de implantar en toda Galiza e de propoñer un modelo de recollida separada



de biorresiduos e de compostaxe, que si está facendo con valentía, por exemplo, a Deputación de Pontevedra. Ofrecémoslle mil veces chegar a acordos, sentarnos a falar de aproveitar esas experiencias e trasladalas ao resto do país, cos cambios que haxa que facer.

E nós non vimos aquí defender nin Lousame nin Nostián, porque son modelos que xa están superados, están obsoletos, pero aínda así teñen resultados mellores que Sogama. Teño aquí os datos. Mire, por exemplo: en materia orgánica, Sogama, cero, é que nada, cero patatero; polo menos nos outros sitios aínda tratan o corenta e dous por cento, o corenta e seis por cento en materia orgánica. De envases lixeiros: Sogama, o doce por cento; Nostián, o trinta e cinco por cento, e Barbanza, o cincuenta por cento. Mellores resultados dalgúns parámetros polo menos teñen. Polo tanto, non se trata de defender eses modelos, eses sistemas, pero teñen datos mellores.

Dixo o portavoz do Partido Popular que Sogama era un proxecto exitoso; para Naturgy, (Risos.) un negocio redondo. Esa é a economía circular: negocio redondo para Naturgy. Esa é a realidade. Porque ¿quen factura para Sogama o secado do lixo para despois queimalo e o combustible para queimalo? Son as empresas do grupo Naturgy. Pero ¿que nos veñen contar aquí? ¿Pensan que somos parvos?, ¿que nacemos onte? Non nos veñan con milongas aquí, señores do Partido Popular.

Vostedes incumpren un precepto fundamental do tratamento dos residuos, que é o principio de autosuficiencia e proximidade. O lixo hai que tratalo o máis próximo posible, como propón Revitaliza: compostaxe doméstica, compostaxe comunitaria ao lado. Iso é ademais prevención, o primeiro punto e principal da escala da xerarquía do tratamento dos residuos.

E vostedes fixeron unha planta para compostaxe, (*O señor Bará Torres amósalle á Cámara un folio impreso.*) que di aquí: «*Todo listo para la puesta en marcha de una nueva planta de compostaje de Sogama*», rematada en febreiro do ano 2008, e foron incapaces de poñela a funcionar. Non me dixo nada vostede. ¿Cando vai funcionar esta planta?, ¿cantos acordos hai con concellos?, ¿cando van levar alí os biorresiduos para compostar?

Por certo, na noticia ilustran cunha fotografía (*O señor Bará Torres amósalle á Cámara un folio impreso.*), ¿sabe de quen? Do señor vicepresidente da Deputación de Pontevedra e da deputada Eva Vilaverde do BNG, porque o único exemplo serio que se está facendo no país é o de Revitaliza neste sentido. E por iso tiveron que poñer unha foto. Porque, claro, cando falan de transformación e utilización do abono, non poden poñer ningún exemplo da Xunta de Galicia. Ademais disto, xa non lle digo a fábrica de cambio climático que é Sogama coa cantidade de CO₂ que verte á atmosfera.

Faloume vostede da Casalonga, e agradézolle moito que me fale da Casalonga. ¿Por que sabe quen paralizou ese proxecto de planta de tratamento de lodos na Casalonga? A mobilización social da xente, a mobilización da xente foi a que paralizou A Casalonga, e que obrigou o concello a facer un informe negativo de compatibilidade urbanística. Esa foi a razón da paralización. Pero agora teñen outra espada de Damocles, teñen outra ameaza, que é unha planta para converter esa canteira nun vertedoiro de residuos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Está aí, e hai movementos de terras alí, e nós xa lle fixemos preguntas para



que tomen medidas para paralizar tanto o concello como a Xunta de Galiza eses movementos que están facendo.

Pero non é só A Casalonga, A Casalonga é o exemplo das duascenas canteiras que están sendo compradas, non por empresas que se dedican á explotación mineira, senón por empresas que se dedican aos residuos para convertelas en vertedoiros. E vostedes na lei ábrenlle a porta a esa posibilidade, porque vai ser Minas quen autorice eses proxectos.

E non me dixo nada de se van vostedes apostar por un sistema de depósito de devolución e retorno, que é o futuro, é o que utilizan os países avanzados.

E, por último —remato, señora conselleira—, vostedes veñen aquí con ese discurso oco e baleiro de que Galiza está á vangarda de Europa e do mundo, que é como non dicir nada. Ese é un discurso baleiro, non llo compramos.

Vostedes din aquí que veñen co multierre, e vostedes non están no multierre, están no erre que erre, na regresión e no retroceso, no pasado, que é o que é Sogama: incineración. Ese non é o futuro, o futuro vai por outro lado.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: E nós, desde logo, ofertámoslle sinceramente a posibilidade de chegar a acordos para conseguir resolver este gravísimo problema que teñen as nosas sociedades, que é como tratar mellor, como resolver o problema do tratamento dos residuos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Nós despedimos os alumnos do colexio A Seara de Moaña e os seus mestres.

Conselleira, vostede preguntaba cal é o noso modelo. Eu pódolle dicir que mañá imos traer unha proposición non de lei cun modelo que coincide co que acaba de dicir vostede, exactamente igual con todo o que vostede nos dixo. Iso quere dicir que mañá vostedes van votar a favor da nosa proposición non de lei. Ese é o noso modelo. (*Aplausos.*), que é o modelo que lle levamos dicindo dende hai tempo. O noso modelo é tamén o da Deputación de Pontevedra, e a opción polo sistema de compostaxe. Dende logo, non é o modelo da cidade de Ourense, que hai cinco anos que está agardando pola reposición dos seus contedores soterrados. Dende o ano 2014, un Goberno socialista acordou en pleno, e aprobose, a reposición dos contedores, e levan cinco anos agardando a que o seu alcalde, que de momento segue no Partido Popular, tome a decisión e, efectivamente, execute esa decisión do Pleno. Ese seguro que non é o noso modelo.



Vostede dixo que tiñan un organigrama, e levan gobernando dende hai dez anos practicamente. O malo é que o seu organigrama en materia de residuos é do ano 2008, e foi previo á directiva comunitaria, tamén do ano 2008, e xa naceu desfasado. Ese é o problema, que xa naceu obsoleto. Vostedes tiñan a previsión de once plantas de compost, e xa o dixemos: non hai nin unha en funcionamento, nin sequera unha. E ¿por que non as implantaron, conselleira?, ¿por que? ¿Por que non hai once plantas de compost despois do ano 2008 en Galicia para xestionar os residuos urbanos que poidan ir ás plantas de compost, os biorresiduos?, ¿por que? Pois porque vostedes realmente non cren na compostaxe, vostedes cren en Sogama. Ese é o problema. Vostedes cren en Sogama e na valorización enerxética. Iso é no que cren vostedes. Non cren, nunca apostaron pola compostaxe. Se apostaran pola compostaxe habería once plantas de compost, que están no seu plan. É que non era o noso, era o seu, e vostedes non as puxeron en funcionamento. Hai unha que nin sequera está funcionando.

Falou vostede de campañas de concienciación. Fíxense se é fácil facer unha campaña de concienciación que uns rapaces, milleiros de rapaces que faltan un día á clase con pancartas feitas con cartón son capaces de concienciar o mundo enteiro. E vostedes só son capaces de conseguir corenta e catro toneladas de pilas a través dun concurso que se chamaba (*Protestas.*) «Conoce las nubes», «Coñece as nubes» Iso é o único que son capaces vostedes de facer.

Fan vostedes campañas en colexios, educativas. Pero é que os nenos non tiran a basura nas casas, non fan a separación. Os que máis consomen son os seus pais, e non hai campañas de concienciación. Conselleira, non existen, vostedes non teñen esas campañas, utilicen as redes sociais, é que non lle vou dicir eu, que non son experta en comunicación, pero vostede supoño que terá no seu departamento persoas que si saberán facelo.

Puxo vostede de exemplo Alemaña; o señor Trenor tamén puxo de exemplo Alemaña. En Alemaña hai un sistema de prevención para vidro e para plástico, que é o sistema de depósito devolución e retorno; foi o primeiro país europeo que o puxo en funcionamento. Copien vostedes tamén ese sistema. ¿Por que non o copian? ¿Por que votaron en contra dun estudo en Galicia para ese sistema? Non me contestou, non sei por que votaron en contra, porque ese sistema en Alemaña funciona. Se funciona en Alemaña, ¿por que aquí non se fai?

Porque está ben que exista Sogama. Sogama ten que existir porque é imprescindible, pois hai material que non é reciclable nin se pode reutilizar que necesariamente vai ter que ir á incineración. Iso sabémolo todos. Pero hai que intentar minimizar todo o que chegue a Sogama, que sexa o último recurso. E vostedes non apostan nin pola concienciación, nin pola prevención, nin pola reciclaxe, nin pola reciclaxe de biorresiduos. Non o teñen feito nestes dez anos, conselleira. E por iso estamos nos límites nos que estamos. Ese é o problema, e deberían recoñecer que isto non se ten feito. Só lle volvo dicir: recupérase en Sogama o cinco por cento, é recuperable e reciclable só o cinco por cento do que entra. Son datos do informe do ano 2018, non son opinións propias, é un informe propio de Sogama.

Si hai vertedoiros en Galicia, non é certo... Grixoa é un vertedoiro, é un vertedoiro tamén de lixo orgánico. E non é o que digamos nós, é que o ten dito o Fiscal de Galicia, e hai aberto un procedemento xudicial penal precisamente pola posible comisión dun delito medioambien-



tal. E eses datos saen dos seus informes, dos informes da súa consellería, que ata que se lle pediron non os sacaron á luz nin os levaron á fiscalía, conselleira. (Aplausos.) É así. Tivo que ser unha plataforma quen levou eses datos ao Fiscal, vostedes non foron. E tíñanos, jeh! Tanto é así que son os seus.

Estaría ben que en vez de vir aquí falarnos dunha lei que aínda non é nin sequera proxecto de lei, que virá aquí e nese momento faremos as nosas aportacións, e en vez de vir aquí contarnos unha película sobre que bonito, «*Que bello es vivir*» —era a película—, pois esa é a súa película, conselleira. Falando de maquillaxes, de poses, de economías circulares, recoñezan, fagan, primeiro, un diagnóstico real do país, de como está a xestión de residuos no país, e a partir de aí podemos falar de algo serio. E mañá teñen vostedes a oportunidade de votar a favor da nosa proposición non de lei.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días a todos e a todas.

Dicía o señor Trenor que eu estou obsesionado con Naturgy, pois si que é certo: estou obsesionado con Naturgy, (*Murmurios*.) coas eléctricas, coas relacións dos políticos do Partido Popular coas eléctricas e o que condicionan os negocios de Naturgy, por exemplo, o modelo de xestión dos residuos. Claro que estou obsesionado porque é decisivo para como se está desenvolvendo este modelo. É que non se explica nada se non é polo negocio de Nartugy. E o negocio de Naturgy non é a repartición de dividendos, señor Trenor. Na repartición de dividendos, polo menos, o cincuenta e un por cento aínda vai para a Xunta de Galicia. Cando non hai repartición de dividendos e o que hai é o incremento dos contratos de subministración de gas e de subministración de electricidade, o único que fai negocio é Nartugy, ¿verdade? Porque estamos falando de contratos de subministración de gas de, por exemplo, corenta e un millóns de euros, nada máis ou nada menos, ou de subministración de electricidade de vinte millóns de euros, reiteradamente renovados á mesma empresa que forma parte de Sogama: Naturgy. Claro que me obsesiona.

Si, señor, porque ¿que incentivo ten Sogama para reducir o residuo que entra á incineración se canto máis entra, maior negocio para a empresa negociadora, que ten o corenta e nove por cento diso? Non en van de 2016 a 2017 incrementáronse as vendas de electricidade 1.300.000 euros, e iso por algo. E non en van o sesenta e un por cento dos residuos que entran son tratados mediante incineración, que non é valorización. A incineración non é valoración. Porque como di no artigo 10 a directiva europea, para ser considerado valoración ten que ter un índice de eficiencia enerxética do 0,6, que é unha fórmula entre a relación da enerxía que se consome para queimar e a enerxía que sae producida. E unha vez máis a conselleira non contestou; que diga cal é o índice de eficiencia de Sogama, pero nin de lonxe chega ao 0,6 por cento. Polo tanto, non é valoración, que é eliminación. E, polo tanto, temos un modelo que elimina cerca do noventa por cento dos residuos que trata, e só recicla o once-



dez por cento —depende do ano—, ou o tres por cento nalgún ano, como no 2015 —a última memoria de actividades de Sogama—. Por iso dicimos que ese modelo non é modelo de referencia, por moito que o repitan.

E preguntaba sobre o noso modelo e sobre Nostián. ¡Home!, claro, cando vemos aquí o xenerosos que son vostedes cos seus tempos, canto teñen un plan de residuos de doce anos a doce anos, gobernando ininterrompidamente vostedes, e estamos moi lonxe de cumprir os obxectivos da Unión Europea. E agora resulta que porque o Goberno da Coruña estea en mans da Marea Atlántica, en catro anos tiñan que facerse responsables e mudar de arriba abaixo a planta de Nostián, que ten uns pouquiños anos. Moi ben, unha mostra máis da súa manipulación.

Igual que cando responsabilizan do que pasa en Miramontes ao Concello da Coruña. Supoño que levar a vertedoiros neste país é algo legal, e quen son responsables de que cumpran coa lei as empresas que xestionan os vertedoiros son vostedes. (*Murmurios.*) E vostedes son os que teñen que vixiar. (*O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Trenor, despois tócalle a vostede.

Respóndalle desde aquí despois.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Entón, son vostedes os responsables.

E vostede acaba de faltarlles ao respecto aos veciños, eu trasladareilles o que vostede dixo. ¿Actuación de oficio da Xunta? Diso nada, vostedes actuaron despois de moito tempo dos veciños estar denunciando, veciños que soportaron cheiros constantes e lixiviados aos regatos da zona. Mentres vostedes non facían nada e non vixiaban, mentres vostedes permitían que entrasen residuos que non tiñan as características para as que fora autorizado o vertedoiro. É unha falta de respecto que vostede diga que a Xunta actuou de oficio.

Ben, o modelo. Mire: o modelo está aquí, directiva europea. (*O señor Sánchez García amósalle á señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda un folio.*) O meu modelo é que se faga esforzo na prevención. Diga aquí cal é o esforzo orzamentario que fai a Xunta de Galicia nas actividades de prevención, ¿verdade? Porque agora vén vostede co do plástico e todo iso. ¿Que fixo, por exemplo, a Xunta na compra pública? ¿Houbo algo na compra pública da Xunta de Galicia destinado a que houberse menos desperdicio nos envases, etcétera, etcétera? ¡Nada! ¿Canto é o esforzo orzamentario que fai a Xunta de Galicia, todos os orzamentos, en prevención? Por exemplo, ¿cal é o esforzo que fixo o modelo Sogama na separación dos biorresiduos?, ¿canto se separa, señora conselleira? ¿Canta materia orgánica se recicla?, ¿cal é a porcentaxe de materia orgánica que se recicla? Que temos, segundo o plan que vostedes mesmos aprobaron, que ter capacidade de duascenas corenta e sete mil toneladas para o ano 2020 instaladas, e vostedes o único que van cumprir son quince mil toneladas; cando tiñan que facer once plantas de compostaxe e van facer unha das once. É o seu plan, non o noso.

Despois, preparación para a reutilización. ¿Que esforzo orzamentario fan vostedes para o esforzo para a reutilización?



Reciclado, ¿cal é o resultado final de tantos anos de xestión estelar do modelo Sogama en reciclado, señora conselleira? ¡Diga os datos! Diga os datos de canto recicla o modelo Sogama.

E despois, ao final, outro tipo de valorización, por exemplo, a valorización enerxética —que non o é— e a eliminación. Claro que en Europa hai incineradoras, pero non é o mesmo as incineradoras cando xa despois de facer todo o esforzo nos primeiros pasos da cadea chegan e, ao final, cando non hai máis remedio, incinérase, que non é como vostedes, que incineran o sesenta e un por cento dos residuos que entran. ¡Conteste, señora conselleira! Menos demagogia.

¿É bo dato ou non que no ano 2018 se incrementara o catro por cento de residuos tratados? ¿Ese é un bo dato para a prevención? Diga os esforzos orzamentarios en prevención e en reciclaxe? Dígollos eu: ata o de agora o noventa por cento dos investimentos foron para a incineración...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...para mellorar a incineración. Iso xa llo digo eu.

Despois, conteste como van cumprir os obxectivos para o ano 2020, señora conselleira. ¿Como van cumprir os datos de reciclaxe, por exemplo, para a materia orgánica?, ¿como o vai facer? Estamos en 2019, os últimos datos da memoria falaban de que se reciclaba o 3,32 por cento, ¿como imos chegar ao cincuenta por cento?

Esas son as cousas que vostede ten que contestar, señora conselleira; non vir aquí falar dun anteproxecto de lei para escapar das verdadeiras responsabilidades das que ten vostede que dar conta aquí.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Saudamos agora os alumnos do centro Conmeniño do Grove —son alumnos de quinto e sexto de primaria—, e tamén os seus profesores. ¡Benvidos ao Parlamento!

E agora ten a palabra polo Grupo Parlamentario Popular o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Un saúdo para os nenos do Grove.

Señor Sánchez, vostede non dixo que vai facer con todo o lixo da Marea: duascenas cincuenta toneladas ao día; refírome ao lixo que se produce nas cidades que están a enviar a Grixoa e que non van poder facer agora. Gustaríame que tamén vostede tivera dito algo, pero é mellor calar e non ter a máis mínima responsabilidade. Da mesma forma que o señor Martiño tiña competencias e ten a responsabilidade de controlar os camións que entran na planta, e non fixo absolutamente ningún control o señor Noriega. E imaxínome que tamén



aquel que paga por levar o seu lixo a un vertedoiro algo de responsabilidade tamén ten. Pero para vostedes non, para vostedes a responsabilidade esgótase aquí na Consellería e non hai máis responsabilidade. O resto son, ben: fai falta máis tempo, é entendible, ás veces, ao mellor, son os amigos... Quero dicir, calquera cousa, válelles calquera xustificación.

Señor Bará, por aclarar, a comparecencia solicitouna a propia conselleira, vostede non plan-
texou absolutamente nada. A conselleira vén aquí porque veu falar da política de residuos da nosa comunidade, e fíxoo por vontade propia.

En referencia á compostaxe, vostede ou mente ou é que realmente ás veces somos tan sec-
tarios que non somos incapaces de analizar e de ver a realidade. O modelo polo que aposta o Partido Popular é un modelo que é complementario na xestión e no tratamento dos resi-
duos urbanos. O modelo que vostede plantexa é un modelo de compostaxe comunitaria, que
está cuestionado en todos os sitios onde se intentou implantar, debido á súa baixa eficiencia
e tamén porque ten moitos impactos, sobre todo, sobre a veciñanza. Nós apostamos por un
modelo de complementariedade, e ademais cremos que o modelo de compostaxe que se debe
aplicar debe ser un modelo de compostaxe industrial e o modelo de compostaxe doméstica.
E por iso púxose en marcha unha planta de compostaxe industrial no vertedoiro de Areosa,
e ademais fíxose un esforzo para que os concellos tiveran, por un lado, contedores específicos
para avanzar na implantación da recollida selectiva da fracción orgánica, e, por outro lado
tamén, cun programa de autocompostaxe a través do cal se repartiron dez mil composteiros
nun total de duascenas noventa entidades.

Pero é que dos datos que vostede fala —e xa que está vostede tamén obsesionado con ese
Plan Revitaliza— eu quero darlle algúns datos. Mire: vostedes puxeron en marcha un plan
e, desde hai catro anos que xa está en marcha, os datos que temos son moi negativos. Vostede
seguirá aquí crendo, terá fe cega no seu proxecto, non sei por que, porque non hai un só
dato que avale o que vostede está aquí a dicir. Máis de dez millóns de euros gastados en
compostaxe.

E ollo: os veciños non pagan un recibo de lixo máis baixo, os concellos non pagan menos a
Sogama, xa que se está a incrementar precisamente o residuo que se está a enviar a Sogama;
un tres por cento de residuos que se están a enviar a Sogama de incremento, fronte a un
dous por cento que teñen o resto das provincias. Co cal, señor Bará, creo que un plan de
compostaxe que provoca que haxa máis envíos de Pontevedra a Sogama o único que quere
dicir é que o seu plan fracasa, iso si, pagando dez millóns de euros.

En relación con isto, penso que vostedes non dixeron nada da rebaixa do canon aos concellos,
e creo que é unha boa nova. A boa xestión permitiunos pasar dunha empresa pública que
vostedes deixaron ao borde da suspensión de pagos e cun endebedamento de máis de vinte
e cinco millóns de euros. Un endebedamento que era como unha lousa para a empresa, unha
mala xestión que estaba provocada por uns soldos desproporcionados, polo cobro de dietas
e por unha serie de enchufes que foron sistemáticos e dos que se beneficiaron vostedes.

E é verdade que para poder baixar agora o canon houbo que reflotar a empresa. Sogama leva
catro anos de beneficios, elimínouse na súa totalidade a débeda, os concellos cumpren cos



seus pagos, incrementáronse os ingresos polo incremento dos residuos tratados e tamén polo prezo da electricidade. E esta evolución permite que se poida baixar agora o canon un dez por cento. Só hai dous requisitos: que se reduza o lixo producido e se incremente a reciclaxe, e que se traslade esta rebaixa aos recibos.

¿Resultado? Uníronse o setenta e sete por cento dos concellos, un aforro de 4,7 millóns e máis de 1,8 millóns de galegos que se van beneficiar diso.

Pero, ¿cal foi a resposta?, ¿foi igual a resposta?, ¿distribuíuse esa resposta igual polos concellos gobernados por un partido ou por outro? Pois non. Mire: maioritariamente case todos dixeron que si, pero ¿quen dixeron que non? Os do Partido Socialista. Na provincia da Coruña, de vinte e tres concellos que non solicitaron a bonificación empezamos: Ares, A Capela, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fisterra, Laxe, Neda, Negreira, Oroso, Ponteceso, Pontedeume e As Pontes de García Rodríguez non se subscribiron a esta bonificación. En Lugo, Alfoz, Castroverde, Cervantes, Láncara, Meira, Orol, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, Pol, A Pontenova, Ribas de Sil, Ribeira de Pequín, Samos, Valadouro. O mesmo pasa en Pontevedra e o mesmo pasa en Ourense. Houbo unha consigna por parte...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...do Partido Socialista para que os seus alcaldes non lle repercutan un dez por cento da baixada do canon aos seus veciños. E iso, señoría, vostede pensa que está a boicotear a Xunta de Galicia, vostede pensa que está a boicotear a esta administración, vostede pensa que nos prexudica. Non, prexudica o medio ambiente, porque non van facer ese esforzo para reducir a produción de lixo...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...e prexudica os veciños por non beneficiarse...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: Pero esa é a marca da súa casa...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...utilizar as institucións de forma partidista...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...boicoteando ou prexudicando...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...os cidadáns.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.



O señor TRENOR LÓPEZ: Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Peche da comparecencia, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Eu estou segurísima de que se alguén está concienciado co medio ambiente, se alguén recicla nas súas casas, eses son as rapazas e os rapaces que no día de hoxe nos estiveron visitando ao longo de toda a mañá. E ademais son os principais que fan pedagogía cos seus pais, cos seus avós, para dicirlles que hai que separar e que non se pode mesturar todo nunha bolsa, senón que temos, por un lado, o plástico; por outro lado, o cristal; por outro lado, o cartón, e, por outro, lado, os biorresiduos, é dicir, a parte orgánica. Polo tanto, seguiremos traballando, señora Vilán, nesa concienciación, que parte dos máis cativos —que son os verdadeiros mestres despois tamén nas súas casas—. Todo aquilo que se aprenda dende un colexio é o que queda para toda a vida.

Señora Vilán, eu cheguei a escoitar aquí que a Xunta de Galicia non facía inspeccións nos vertedoiros porque estaba de lado das empresas. (*Murmurios.*) Si, señora Vilán, saú do PSOE, saú de vostede, dicían que non se facían inspeccións. Ben, agrádame recoñecer que hoxe diga vostede que si se fan inspeccións, independentemente de que agora queira coller e derivar cara a outro lado. Efectivamente, o fiscal ve uns indicios. ¿E onde ve os indicios? Pois veos naquelas actas feitas polos inspectores da Consellería de Medio Ambiente. (*Aplausos.*)

Por outro lado, señor Bará, di vostede que quen parou o proxecto de Toysal foron as mobilizacións. Mire vostede, as mobilizacións non poden parar nada. Estaría ben que agora saltáramos as leis e, porque haxa unha mobilización, deramos a volta ao dereito ou ao revés. Isto é coma se de repente queremos bo tempo ou mal tempo. Estaríamos bos, choería agora, nevaría despois..., sería unha auténtica loucura. Non, as mobilizacións teñen que facerse, a xente ten dereito a expresarse, os que imos detrás dunha pancarta debemos de dicir as verdades. Pero aquí quen parou Toysal foron os informes técnicos, igual que quen para o lixo que vén de Nostión para Grixoa tamén son os informes técnicos. (*Aplausos.*)

Dicía vostede, señor Antón, que lles vai trasladar aos veciños que é un insulto dicir que actuamos de oficio. Claro que actuamos de oficio. É que a autorización ambiental integrada non se podía modificar se non actuáramos de oficio. Pero, igual que actuou a Consellería de Medio Ambiente, ¿por que non actuou o alcalde de Santiago —porque tamén dá licenzas e pode actuar de oficio—? Pero tamén nos terá que dicir —igual que nós temos unha morea de actas, xa que se mandaron continuamente inspectores— cantas actas hai da policía local, cantos informes técnicos hai do Concello, cal foi o resultado de todo isto. Eu non o sei, nin o alcalde se puxo en contacto comigo para obter información ao respecto do que estaba a acontecer.

Polo tanto, a Administración funciona, as leis están para cumprirse, os técnicos están cuns gobernantes e con outros gobernantes e, por suposto, ao contrario que no caso de Ence, non



cambian a súa estratexia dun día para outro en función de se hai eleccións ou non hai eleccións.

Por outro lado, cando falamos de Sogama e cando falamos da bolsa negra, cando falamos da reciclaxe, hai que dicir que hai unha orixe, e esa orixe son os concellos. A Xunta de Galicia está facendo o posible para axudar os concellos e, polo tanto, para que teñan contedores para facer a separación para os biorresiduos e despois proceder ao seu tratamento. E non se preocupen vostedes, porque van ter unha planta cada 45 quilómetros para levar os seus biorresiduos. (*Murmurios.*) Non se preocupe, señor Bará, que van ter unha planta. Porque comezamos polo imprescindible, que é, primeiro, que teñan os contedores, que fagan a modificación correspondente dos seus contratos. E as plantas que están xa habilitadas, que son neste momento 3, señor Antón, continuarémolas ata as 11. E cando os concellos teñan o seu traballo feito, non se preocupe que estarán habilitadas para xestionarse correctamente. (*Aplausos.*)

Por outro lado, a min gustaríame presumir aquí do modelo de Pontevedra. Créame que me gustaría facelo, porque ¿que máis dá de quen sexa a iniciativa se ao final falamos de Galicia e falamos de concellos de distintas cores? Pero os resultados non os avalan; é dicir, algo non estamos facendo correctamente. E temos que seguir traballando para concienciar. Eu simplemente falo de datos, non falo doutra cousa. A provincia de Pontevedra incrementa os envíos de residuos a Sogama nun 2,92 % fronte á media galega, de 1,96 %. Esa é a realidade, Pontevedra é a provincia que aumenta en maior medida a xeración de refugallos, fronte ao 0,54 % da provincia da Coruña, ao 2,53 % de Lugo e ao 1,29 % da provincia de Ourense. Esa é a realidade dos concellos que están adscritos a Sogama e que son 294. De aí é de onde saco eu os estudos e de onde saco os datos, que non os saco de ningún outro lado que non sexa ese.

Aínda así, eu doulles as grazas pola súa participación. A verdade é que, se alguén vén aquí xa co anteproxecto de lei, dise que non houbo diálogo. Cando en realidade estás dicindo: Contribúan vostedes, entón dinnos: Pois traballen vostedes, que nós xa traballaremos cando nos toque. Ben, aquí do que se trataba era de que, como é lixo, como cada un cando nos levantamos xeramos lixo, como na nosa mente teremos se o estamos facendo ben ou mal, contribuíamos na medida das nosas posibilidades.

Nós, ¿que o que queremos? Dotar Galicia dunha economía líder, intelixente e sostible, como así o define a Unión Europea. E, como estamos concienciados dende o Goberno galego de que se ha de facer, temos un reto. E ese reto leva aparelado un cambio na mentalidade de todos os que debemos estar implicados, que somos as administracións, a sociedade e tamén a industria. Debemos percorrer este camiño xuntos a cidadanía, a industria e os distintos grupos políticos. E un dos nosos eixos de traballo neste camiño cara á economía circular é a xestión de residuos, porque, ao final, xestionar ben os residuos, efectivamente, tal e como dicía a señora Vilán, supón frear, mitigar, na medida das nosas posibilidades, o cambio climático, que é unha realidade que temos aí, é unha realidade que temos que frear, e debemos facelo entre todos.

É unha política na que estamos dando importantes pasos, como ultimando o texto do que será a futura Lei de residuos e solos contaminados de Galicia —agardamos a ver que é o que



van traer no día de mañá, señora Vilán, aquí ao Parlamento—; potenciando o modelo Sogama, que rexistrou no ano 2018 un ano histórico, un balance industrial moi positivo e que segue a ser un referente nacional, pero tamén internacional; baixando un 10 % o canon de Sogama —¡lástima daqueles concellos que non o solicitaron!, porque haberá cidadáns de primeira e de segunda, uns pagarán menos e outros pagarán máis porque así o decidiron os concellos—; continuando coa correcta xestión dos residuos urbanos, aos cales imos destinar máis de 5,65 millóns de euros, coas medidas que desenvolveremos este ano a través do Plan de residuos urbanos de Galicia; e poñendo o foco na xestión dos biorresiduos e na creación dunha rede galega de preparación para a reutilización en todos os puntos limpos dos que dispoñemos en Galicia. Tamén daremos un pulo á xestión dos residuos industriais, seguindo o establecido na nosa folla de ruta, dotándoo este ano de 800.000 euros, traballando man á man para que as empresas sigan adaptándose e cumprindo e apostando, apostando pola concienciación e a sensibilización da sociedade, unha materia na que levamos moito avanzado pero na que aínda temos un longo camiño por percorrer.

En definitiva, continuaremos con esas campañas de educación e de sensibilización, ás cales destinamos 2,6 millóns de euros a través das redes sociais, a través das distintas entidades, e nas rúas, nos fogares, nos colexios, nos institutos, na universidade, porque sabemos da importancia que ten para a cidadanía. Pero é que sen a cidadanía non podemos facer absolutamente nada.

En definitiva, señorías, somos conscientes de que temos que avanzar cara á economía circular, de que esta é o futuro. Creemos no emprego verde, e Galicia non pode perder esta oportunidade. Temos que deseñar entre todos a mellor estratexia, da cal eu lles dei cumprida información no día de hoxe, e agardemos que ao longo destes meses fagan vostedes a contribución necesaria.

Moitas grazas pola súa escoita. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Hoxe o horario foi cravado. Estaba previsto que remataríamos ás dúas e ás dúas rematamos; ou sexa, que volvemos ás catro.

Suspéndese a sesión ás dúas da tarde e retómase ás catro.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co sector da industria electrointensiva galega e o expediente de regulación de emprego temporal presentado por Ferroatlántica

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Álvarez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.



Emenda de modificación.

Débense substituír os puntos 3 e 6 da parte resolutiva polo seguinte:

«3. Desenvolver os informes e estudos necesarios para esixir, como titular das concesións hidroeléctricas do río Xallas, que Ferroatlántica garanta a viabilidade das plantas tanto en Cee-Dumbría como en Sabón, mantendo os postos de traballo, a actividade produtiva e os investimentos precisos para cumprir cos requisitos de cesión.

6. Buscar, en colaboración co Goberno de España, unha solución de conxunto que permita non aplicar aos consumidores enerxéticos, industriais e domésticos a suba do prezo da enerxía por mor da aplicación dos suplementos territoriais en canto non se resolvan os recursos pendentes. Se a resolución é favorable aos intereses das empresas enerxéticas, negociar entre tódalas administracións que o impacto económico sexa o mínimo posible para os consumidores; tanto no sector industrial electrointensivo, como no consumo doméstico afectado por calquera medida de carácter social.»).

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde de novo.

Grazas, señor presidente.

Ben, hoxe presentamos e defendemos nesta cámara a moción derivada da interpelación que formulamos hai quince días ao señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria, confiando que hoxe esta cámara, este parlamento, teña a altura de miras que, baixo o noso punto de vista, lle faltou ao señor conselleiro naquel debate. Parecía mentira que fora un dos máximos responsables da planificación económica deste país quen estivera discutindo con noso; máis ben atopamos un conselleiro en modo escapista e en modo propaganda electoral das eleccións xerais, no lugar de vir disposto a dialogar e disposto a buscar unha posición de país diante dunha situación que nos preocupa.

Nós entendemos que temos unha responsabilidade cos traballadores e traballadoras de Ferroatlántica, de Sabón e de Cee-Dumbría, pero tamén unha responsabilidade, por extenso, con este país; a responsabilidade que vemos que ás veces lle falta un pouco a este goberno. Por iso, hoxe traemos unha serie de propostas con vontade construtiva para acadar unha posición común.

Desde o BNG temos unha profunda preocupación pola crise industrial que está a atravesar este país en xeral, pero tamén das electrointensivas en particular, do que falaremos despois tamén, nas proposicións non de lei do resto da tarde. Estamos, de forma particular, preocupadas pola situación de Ferroatlántica, que merece —entendemos— un tratamento específico polas características que ten esta situación en concreto. Porque entendemos que hai condicións para dar a batalla: igual que a demos en 2017 cando o señor Villar Mir intentou especular cos nosos recursos públicos, entendemos que estamos en condicións de volver dar a batalla e de volverlle parar os pés. E o que cómpre para iso é ter dúas cuestións: dunha



banda, un goberno que estea disposto a exercer como tal, e, doutra banda, unha folla de ruta clara. E, nese sentido, hoxe traemos unha serie de propostas ao respecto.

Eu quero recordar que hai máis de tres meses, nas últimas semanas de decembro de 2018, se coñeceron diferentes ameazas aos centros de Ferroatlántica, tanto para Sabón como para Cee-Dumbría. Quero recordar aquí tamén que hai un ano, en decembro de 2017, nesta mesma cámara acadabamos un acordo impulsado polo Bloque Nacionalista Galego precisamente para demandar de Ferroatlántica que non levara a cabo un proceso de desmantelamento encuberto como o que denunciaban os traballadores e traballadoras de Sabón. Nese momento fomos quen de acadar un acordo co Partido Popular, pero o certo é que, visto o éxito, non se deberon aplicar moito no seu desenvolvemento, porque esta mesma semana —o próximo xoves— se van concentrar de novo os traballadores e traballadoras de Ferroatlántica para denunciar a situación que atravesamos esa empresa.

Estamos a falar dunha empresa que se nutre, fundamentalmente, no seu funcionamento, a través dun cuarzo que é absolutamente extraordinario a nivel europeo e que se extrae en Serrabal, pero iso non está servindo para que o I+D+i quede localizado no noso país, en lugar de desviarse a outros puntos do Estado. Polo tanto, desde aquí queremos enviar tamén todo o noso apoio aos traballadores e traballadoras de Sabón.

Respecto a Cee-Dumbría, eu quero recordar que as ameazas que escoitabamos a finais de 2018 culminaron, finalmente, co comezo do ano, na parada de dous fornos —o 13 e o 14— a partir de xaneiro. E, sobre isto, dicía o outro día —e volvo insistir— que hai que ter en conta dúas cuestións: primeiro, que isto xa supuxo de por si perda de postos de traballo, unhas trinta persoas entre temporais e auxiliares que xa non teñen un traballo co que subsistir, e hai que engadir que a isto se sumaba o despezo doutro forno —o once—, que xa viña recente no tempo. Como era de prever, esas ameazas continuaron tornándose en realidade, e o 14 de febreiro a empresa comunicaba un ERTE temporal do 1 de marzo deste ano 2019 ata o 1 de febreiro de 2021, nada máis e nada menos que dous anos.

Desde o BNG entendemos que esta decisión é absolutamente inxustificada. Entre as desculpas que lle escoitamos á empresa podemos sinalar, por exemplo, que falaban da poxa de interrompibilidade e do seu mal resultado. É certo que houbo unha poxa e é certo que o resultado foi malo, pero hai que ter en perspectiva que esa poxa é para seis meses e que este mesmo ano —dentro de pouco— haberá outra poxa de interrompibilidade á que esta empresa pode concorrer. É, polo tanto, dificilmente asumible ou comprable ese argumento de que unha poxa de interrompibilidade de seis meses pode xustificar un ERTE de nada máis e nada menos que dous anos.

Doutra banda, vemos tamén os bos resultados económicos do grupo e da propia planta no 2018, ou vemos tamén outros elementos que hai que ter en conta, como que Ferroatlántica explota as centrais hidroeléctricas do río Xallas —alén de moitas outras minicentrais—, que é produtora de enerxía, que cabería, incluso, que desenvolvera a capacidade de autoproducir, e que, polo tanto, por moito que o prezo da enerxía eléctrica sexa un problema gravísimo neste momento, o certo é que se hai algunha empresa electrointensiva no noso país para que isto poida ser un problema solucionable no inmediato esa é Ferroatlántica.



Polo tanto, teñen para nós cero credibilidade as desculpas de mal pagador que está a dar o señor Villar Mir, unhas desculpas que chegan nun contexto co que se nos intenta chantaxear. É certo que hai unha crise no sector electrointensivo, é certo que hai unha incapacidade de resposta por parte da Xunta de Galiza e por parte do Goberno central e é certo que sufrimos décadas de falta de planificación industrial e tamén de falta de fiscalización de cales eran as exixencias que se lles facían a estas empresas para recibir diñeiro público. Abonda ir á porta da fábrica de Brens e ver o destartalada que está, que parece unha fábrica máis propia do século XIX que do século XXI.

Todas estas cuestións están aí e tamén merecen a preocupación do BNG. Como xa anunciamos, esta semana presentamos alegacións ao Borrador do estatuto de industrias electrointensivas, do que falaremos despois. Pero nós entendemos que na situación de Ferroatlántica hai unha cuestión que non podemos perder de vista, e non podemos actuar como se non existira, e é que Ferroatlántica está aí, existe e ten beneficios multimillonarios por algo. E ese algo é que explota as centrais do río Xallas a cambio dunhas concesións públicas, unhas concesións que son galegas e a través das que ten recibido importantes beneficios, e estamos vendo como, unha vez máis, esta empresa incumpre as condicións de mantemento e aumento de emprego.

Polo tanto, a ecuación é lóxica: se quere reducir a actividade produtiva, haberá que dicirle a esta empresa que os poderes públicos galegos non están dispostos a aceptar a súa chantaxe e que hai que facer valer ese contrato. A incógnita —nós esperamos que hoxe o Partido Popular rectifique— é por que, fóra de palabras, non está disposto o Partido Popular a acompañar con votos e con feitos que fagan valer, se é preciso, esas condicións, porque para nós xa chegou o momento de facelas valer. Non sabemos se será pola conexión do señor Villar Mir co financiamento do Partido Popular; non sabemos se foi alguén en Madrid que os mandou parar. Non sabemos os motivos, pero si sabemos da súa apatía: tres meses despois de que, no Nadal do 2018, todos e todas coñeceramos a situación de Ferroatlántica e a preocupación dos traballadores e das traballadoras, aínda non votaron a favor de ningunha iniciativa semellante, e o outro día parecía que o señor Conde se puña de perfil, unha vez máis, nesta cuestión.

Polo tanto, hoxe o que demandamos é unha rectificación. Entendemos que, con independencia das visións bastante ou absolutamente diferentes que temos do modelo enerxético industrial que merece este país, si debemos atopar un punto de encontro de que este país non vai aceptar chantaxes neste sentido e de que temos por diante ese importante reto de frear unha deslocalización encuberta, que é o que hai hoxe en Sabón e o que hai hoxe en Cee-Dumbría.

En Cee-Dumbría, por exemplo, saben as súas señorías que nestes momentos están parados xa dous formos —como eu mencionei—, pero é que tamén hai que dicir que a produción que tiña que facerse en Brens se está desviando a outras plantas do grupo, nomeadamente a Santander, que, ata o momento e en contra do criterio do Bloque Nacionalista Galego, pagan a luz eléctrica ao mesmo prezo que o noso país. No mesmo mes de xaneiro os propios traballadores e traballadoras concentrábanse no porto de Brens, porque estaban enviando material a outras latitudes para producir alí.



E nesa mesma estratexia encaixa que recentemente este grupo comprara unha fábrica de manganeso en Francia e que tan só vinte e catro horas —vinte e catro horas!— despois de asinarse o Acordo de expediente de emprego souberamos que a planta de Santander estaba producindo ao cen por cento, incorporando un forno máis ao seu funcionamento. É dicir, que mentres dous fornos paraban de funcionar no noso país, moi cerca comezaba a funcionar outro.

Eu sei que o Partido Popular lamenta que nesta cuestión de Ferroatlántica falemos de recursos galegos, de concesións galegas, de decisións galegas, de competencias galegas e de que, polo tanto, teñen bastante desta pelota —aínda que non fora o cen por cento— no seu tellado. Nós xa sabemos que están pouco acostumados a exercer de Goberno galego, pero queremos pedirilles, unha vez máis, que rectifiquen nesta cuestión. E hoxe instámoslos a actuar diante desta cuestión, non por algo aleatorio, senón porque teñen marxe de manobra. Ogallá noutras crises industriais que está atravesando este país neste momento tiveramos posibilidades abertas enriba da mesa como temos en Ferroatlántica.

Remato xa, señorías.

Hai dúas semanas dicíanos o señor conselleiro de Economía e Emprego que estaban vixiando e exixindo; eu non sei onde están vixiando e exixindo, polo que nós vemos, falando cos traballadores, vendo as súas declaracións na prensa e vendo a realidade. En todo caso, hoxe plantexámoslles esa proba de algodón: se vostedes están exixindo e se vostedes están vixiantes, entendemos que hai moitas cuestións desta moción que deberan desatar o voto positivo do Partido Popular.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

A verdade é que a política industrial estase convertendo no centro da actividade política —digamos—, polo menos neste pleno. E eu quero recordar e quero ler o Estatuto de autonomía de Galicia en termos de competencias, porque a verdade é que teño a sensación dunha especie de resurrección do Partido Popular en termos de reclamacións ao Goberno de España, que nós, en moitos casos, podemos compartir, despois dun período de languidez ou de adormecemento dos nove anos e medio que gobernou o señor Rajoy. (*Murmurios.*) Ben, efectivamente, dende o ano 2011 ao ano 2018 son sete e medio; é certo.

Eu quero ler o artigo 27.13, de competencias exclusivas da Comunidade Autónoma: «Instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía eléctrica, cando este transporte non saia deste territorio e o seu aproveitamento que non afecte a outra provincia ou comu-



nidade autónoma», e o artigo 30, epígrafe 1.2: «Industria, sen prexuízo do que determinen as normas do Estado por razóns de seguridade, sanitarias ou de interese militar e as normas relacionadas coas industrias que estean suxeitas á lexislación de minas, hidrocarburos e enerxía nuclear» —que eu saiba, ningunha das que estamos falando neste momento—. «Quédalle reservada á competencia exclusiva do Estado a autorización para transferencia de tecnoloxía estranxeira».

Polo tanto, efectivamente —como dicía a señora Presas—, o conselleiro, que no anterior pleno dixo que estaba vixiando e exixindo, estaría moi ben que tamén gañara o seu soldo e, ademais de vixiar e exixir —que é un papel de Rin Tin Tin moi interesante—, debería facer política, que para iso cobra e para iso é conselleiro de Economía e Industria. (*Aplausos.*)

Por suposto, todo o apoio dende o Grupo Socialista aos traballadores de Ferroatlántica, como non podía ser doutra maneira. Pero convén tamén saber cal é a estratexia de negociación política da empresa, do grupo empresarial do que forma parte e do seu fundador e dirixente, aquela persoa que declarou como investigado nas operacións Púnica e Lezo, aquela que aparecía nos papeis de Bárcenas. Iso si, dixo que era todo mentira, pero a verdade é que, para ser todo mentira, se deron unha présa en romper todos os ordenadores que a min, dende logo, me ten verdadeiramente sorprendido.

A propia Asociación de Empresas con Gran Consumo de Enerxía ten un gráfico —que é exactamente este— (*O señor Losada Álvarez amósalles un documento aos membros da Cámara.*) sobre o diferencial do prezo de enerxía entre España, Francia e Alemaña. E, efectivamente, hai un período longo —o gráfico non o modifiquei en absoluto— dende xaneiro de 2015 a xaneiro de 2019. O proceso de converxencia dos prezos é obxectivo. Non vou dicir que sexa mérito do Goberno de Pedro Sánchez, pero —insisto— os datos están aí, e volvo repetir: non é o Partido Socialista Obreiro Español quen o fai, senón a propia Asociación de Empresas con Gran Consumo de Enerxía.

Sabemos exactamente como negociaba Ferroatlántica e sabemos como negociaba o grupo en Serrabal na época da construción do AVE. A verdade é que xa quedamos poucos deputados daquela época, pero recordamos aqueles novecentos millóns de euros que lle pedían ao Estado español —polo tanto, a todos os cidadáns— de indemnización, unha cousa absolutamente escandalosa cando eles tiñan as condicións técnicas para extraer o material antes da propia obra. Polo tanto, eu creo que convén saber con quen estamos —por dicilo dalgunha maneira— xogando esta partida. E volvo repetir o absoluto respecto aos traballadores.

Neste ERTE de Ferroatlántica, efectivamente, o prezo da enerxía é unha das motivacións, pero non é a única. Hai un problema de desinvestimentos e de falla de investimento por parte da empresa brutal; tamén o dicía a señora Presas: basta con dar un paseo por Cee para ver exactamente —sobre todo dende Corcubión, case se ve mellor— o estado da empresa. Hai un consumo de fondos públicos fortísimo na restauración e na consolidación do porto de Brens, que practicamente é de uso exclusivo de Ferroatlántica, e houbo durante moito tempo unha explotación hidroeléctrica moi importante. Polo tanto, a verdade é que Ferroatlántica lle debe —e eu non son nacionalista— moito a este país. Dá a sensación de que es-



tamos falando dunha especie de mártires do sistema capitalista internacional, pero non; non estamos falando de ningún mártires do sistema capitalista internacional.

Eu quero, en todo caso, poñer de manifesto estas dúas contradicións fundamentais: a primeira, a absoluta falta de investimentos en mantemento, e que, polo tanto, o prezo da enerxía non o é todo. Eu creo que hai que exixirles ao Ministerio de Industria e ao Ministerio de Transición Enerxética que actúen para que as empresas electrointensivas sexan competitivas internacionalmente dentro do marco da Unión Europea. Pero non pode ser que esa sexa a coartada para que as empresas que teñen moitos beneficios e que os disfrazan —sexa para financiar o PP ou para outras cousas— se vaian *de rositas*. (*Aplausos*.) Eu creo que xa está ben.

Polo tanto, eu creo que a Xunta o que ten que facer, ademais de vixiar, é exixir. Ten que exercitar unha axenda de política industrial que lles exixa o cumprimento de determinadas condicións a estas empresas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Non pode ser que os fondos públicos... Porque é evidente que, mentres non cambie o sistema regulatorio xeral das tarifas eléctricas, esas rebaixas eléctricas imos pagalas entre todos: se as pagamos no recibo, pagámolas entre todos, pero se as paga o Estado, tamén as pagamos entre todos, porque ás veces dá a sensación de que non.

Sorpréndeme, ademais, por parte do Partido Popular, esta posición, cando o seu ínclito líder, o señor Casado, anunciou onte a bombo e platillo unha rebaixa fiscal lineal absolutamente demencial en termos redistributivos, ¡absolutamente demencial!

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Remato, señor presidente.

Polo tanto, apoio ao emprego: todo. Ser cómplices de estratexias de negociación por parte das empresas que —insisto—, por moito que nos conten, teñen beneficios: o Partido Socialista non o vai facer. Reclamacións ao Goberno de España: tamén; as necesarias para que as explotacións sexan viables...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...pero sempre sabendo que esa non é a última responsabilidade do sistema produtivo electrointensivo neste país. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Losada.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde.



Ben, non vou falar nin da problemática actual de Ferroatlántica, que xa é máis que coñecida, nin vou falar tampouco nesta quenda do estatuto de industrias electrointensivas, xa que hai outra iniciativa esta mesma tarde. Vou concentrarme na situación de Ferroatlántica e nos porqués.

¿Cales son as causas de estar nesta situación ou cales serían as causas que xustificarían un ERE? Primeiro, o que argumenta a empresa: a baixada das axudas de interompibilidade. ¿Pero é isto verdade? Non, é un argumento absolutamente falso. ¿Por que? Efectivamente, as poxas de interompibilidade, tendo en conta que o Partido Socialista mantivo o sistema que instaurou o Partido Popular, baixaron de ingresos para as empresas. (*Murmurios.*) Deixouno tal cal; é tal cal, por iso estamos na situación na que estamos: porque o Partido Socialista non tomou as decisións que debería de tomar para cambiar as poxas de interompibilidade que instaurou o Partido Popular.

Pero é que o problema de Ferroatlántica non é ese. Ferroatlántica autoproduce máis do oitenta por cento do que consome. Soamente con que Ferroatlántica, en vez de facer un negocio fabuloso vendendo a enerxía... O ano pasado deberon de facturar máis de corenta millóns de euros que lle deberían de dar máis de trinta millóns de euros de beneficio, co cal, a entidade conxunta que forman as centrais hidráulicas e as factorías de Cee e de Dumbria xa terían beneficios, e serían uns beneficios extraordinarios. Pero non, Ferroatlántica non quere facer autoconsumo —cando pode—, o que quere é vender toda a enerxía e despois dicir que as factorías non son rendibles.

¿Cal sería outro problema? Que o ferromanganeso baixara no mercado ou que non houbera mercado, pero non pasa iso. Todo o mineral que había en Cee levárono ás factorías de Santander e ás factorías que teñen no resto de Europa, unhas factorías mercadas cos beneficios que deron durante os últimos dez anos as centrais hidroeléctricas alimentadas coa auga de todos os galegos.

Entón, evidentemente, xa non hai ningunha causa para un ERE. A empresa podería ter a enerxía máis barata que ningunha empresa en toda Europa: os nosos cálculos son que entre o autoconsumo e, efectivamente, a menor interompibilidade estarían por debaixo dos quince euros por megavatio hora. Non hai nin unha soa factoría en toda Europa que teña ese prezo na enerxía; pero, claro, non queren.

¿Entón que queren? Pois está clarísimo o que queren: como lles saíu mal a operación do ano pasado de segrealas en tres para poder vendelas, agora a operación é a contraria: arruinamos as factorías, pechámolas e despois vendemos a empresa. Non vendemos as centrais, vendemos a empresa, á que, casualmente, xa só lle quedan as centrais. Ese é o obxectivo de Ferroatlántica.

Entón, estamos de acordo, por suposto, coa moción do BNG, pero pensamos que hai que ir moito máis alá, e a Xunta de Galicia ten elementos para ir moito máis alá. Non pode estar de perfil, non pode estar dicindo que entende os traballadores, que se vai reunir con eles, etc. A Xunta de Galicia ten que advertir, porque hai un convenio e hai unha concesión, e Ferroatlántica está incumprindo gravemente a concesión.



Entón, o primeiro que ten que facer a Xunta de Galicia é advertir a Ferroatlántica de que o peche dos fornos, a baixada da actividade e o ERE por dous anos incumpren totalmente as condicións da concesión. Primeiro: negociación, advertencia. Segundo: de persistir Ferroatlántica, directamente empezar o proceso de reversión das concesións. Terceiro: ¿como é posible que, cunhas centrais hidroeléctricas practicamente amortizadas —cunhas pequenas reformas que lles fixeron recentemente— que facturan corenta e cinco millóns de euros, lles digan —na conta de resultado— que só gañan dous millóns? Aí hai fraude contable seguro. (*Murmurios.*) Exiximos á Xunta de Galicia que faga unha auditoría para revisar que custos se están cargando a esas empresas. Si, si; dígoo claramente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, enténdoo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostede non entende diso. ¿Sabe canto lles cobran ás centrais pola xestión...? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Balbordo.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor CASAL VIDAL: Que se lle vai facer. Eu entendo que non entendan, pero que, encima, non queiran aprender, iso é moito máis grave. (*Protestas.*)

Vóullelo explicar; miren: a xestión telemática desas centrais custa no mercado, para calquera outro operador, trescentos mil euros. ¿Saben canto lles cobra unha empresa —curiosamente— do Grupo Villar Mir? Sete millóns de euros ao ano. (*Balbordo.*) ¿Iso é normal? ¿Iso é contabilidade analítica de mercado? Non, e a Xunta de Galicia tiña que verificar iso. ¿Por que? Porque os beneficios das centrais, segundo a concesión, teñen que estar para desenvolver un plan industrial na Costa da Morte; por iso vostedes non queren facer nada. Se xa sei que non é por maldade, ¿eh? Que a empresa gañe moito, que xa pensará no ben común e beneficiará toda a comarca. (*Murmurios.*) Pero o problema é que estas empresas só pensan no ben común dos seus accionistas, neste caso, do señor Villar Mir. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CASAL VIDAL: Entón, señores do Partido Popular e señores do Goberno da Xunta de Galicia: actúen. Non podemos estar regalando os beneficios e a riqueza da Costa da Morte a unha empresa que, encima, quere arruinala. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario Popular, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Señor Casal, vostede, ademais de ser enxeñeiro, o que demostra é que sabe moito de enxeñería financeira; non sei por que será. Porque que se atreva vostede a falar de fraudes aquí, nesta cámara... A verdade é que ten que lle botar valor, señorías.



Mire, señora Presas: a verdade é que mostran un pouco o complexo que teñen. Porque a orixe do problema todos sabemos aquí que é o prezo da luz, e, ata o de agora, as competencias no prezo da luz, señor Losada, non as ten o Goberno de Galicia, tenas o Goberno do Estado. ¿E quen goberna no Goberno do Estado? (*Murmurios.*) ¡É que hai que recoñecer o problema! O problema é o prezo da luz, e non depende da Xunta de Galicia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Iso demostra o complexo que teñen aquí, señorías. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Se fose o Goberno do Partido Popular en Madrid o que estivese gobernando, non falarían así; estarían coa camiseta e coa pancarta aquí. Veña, por favor, non... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Mire, señora Presas: volvemos falar doutra industria en problemas, lamentablemente, na nosa comunidade. Nós trouxemos aquí unha iniciativa no mes de outubro, cando xurdiu o problema de Alcoa, e xa avisamos aquí de que ía haber máis industrias con ese tipo de problemas e de que o Goberno do Estado tiña que actuar. Pero non actuou, e o resultado foi que, aos poucos meses, outra industria — neste caso, Ferroatlántica— anunciou un expediente de regulación de emprego para os seus cincocentos cincuenta traballadores. Miren: a valoración da situación de Ferroatlántica e de toda a industria electrointensiva é moi negativa, e dende logo que nos preocupa a todos.

Eu, que xa debatín uns cantos temas de enerxía nesta cámara, sempre tiven que escoitar aquí dos señores do Partido Socialista, do Bloque Nacionalista Galego e das mareas de Podemos todas as queixas contra a regulación enerxética fixada por lei polos gobernos do Partido Popular. Vostedes din —ou dicían— aquí que foi o Goberno do Partido Popular o que fixo as leis da enerxía e que están moi mal feitas. ¿Pero por que se tiveron que facer as leis que fixemos, señorías? ¿Por que? Para tapar os buracos que fixeron vostedes sistematicamente, (*Murmurios.*) ¡sistematicamente! No 2013 deixaron trinta mil millóns de euros de déficit, e quéixanse porque tivemos que sacar unha lei do sector eléctrico que o único que facía era recortar. ¡Lóxico! Porque había que parar esa sangría, señor Losada.

Miren: do que poden vostedes estar orgullosos é de que teñen o récord de desemprego: cinco millóns de empregos destruídos. E, a este paso, o señor Sánchez —só botou nove meses, pero en fin— vai facer bo o señor Zapatero. Dende logo que si, señor Losada. ¡Por favor, un pouco de respecto! (*Murmurios.*) (*Risos.*)

Miren: en materia de regulación da industria electrointensiva, só tiñan que continuar co que estaba a facer o Goberno do Partido Popular: polo momento, estaba convocando subastas de enerxía para a primeira metade do ano 2018, e para a segunda metade estaban previstas unhas compensacións nos presupostos xerais do Estado de cento cincuenta millóns de euros. ¿Que fixeron vostedes? Nada, non utilizaron os cento cincuenta millóns de euros e convocaron unha segunda subasta nefasta, señor Losada, que reduciu o corenta por cento do que recadaban as empresas electrointensivas. ¿Entón iso que é? ¿Iso é facelo ben? ¡Home, por



favor! ¡Un pouco de respecto! Só tiñan que continuar e convocar unha subasta, polo menos, similar ás que convocaba o Partido Popular.

Miren: é certo que estas empresas xa tiveron problemas cos gobernos noutros momentos, e gobernabamos nós en Madrid, pero solucionáronse os problemas. Terán que explicar vostedes por que non se solucionan agora os problemas. ¿Por que non teñen solución? É que botaron seis meses para sacar un borrador dun estatuto da industria electrointensiva e, cando o sacan, resulta que non contempla nin a metade das alegacións ou das cousas que se lle pediron tanto dende a industria, dende o sector, como dende os traballadores e dende o propio Goberno da Xunta. É que conseguiron que o prezo da electricidade para estas empresas se rebaixase en dous euros o megavatio hora, señorías —jen dous euros!—, cando o prezo da electricidade está por encima dos cincuenta euros o megavatio.

Miren: a verdade é que non teñen respecto por ninguén. O único que son vostedes é os campións da destrución da industria, do sector enerxético e do emprego deste país. Vostedes si que son os campións niso, señorías.

Mire, señora Presas: o Goberno da Xunta estivo e está a manter contacto permanente cos traballadores, dende logo que si. E nisto estamos de acordo: cremos tamén que o Goberno do señor Sánchez ten que aprobar un estatuto da industria electrointensiva coas propostas e as alegacións feitas dende o Goberno da Xunta, que, por outra parte, acordou cos traballadores e co sector. E cremos tamén que nin a industria nin tampouco todos os consumidores galegos —que vostede non falou diso e tamén o pide na súa moción, e cremos que é importante— temos que pagar o suplemento territorial. Entón, nós concordamos niso con vostede, por iso imos apoiar estes puntos da súa moción e por iso lle pedimos a votación por puntos, para facer unha fronte común. Unha fronte común que, dende aquí, dende o inicio, se levou a cabo, e o que queremos é que sexa recíproco e que haxa unha fronte común dende o outro lado tamén, dende o Goberno do Estado.

Por iso, señorías, quero insistir en que para nós é moi importante unha transición enerxética que sexa xusta e que sexa eficiente, pero que non pase pola destrución do emprego e da industria da nosa comunidade.

Pola nosa parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Grupo autor da moción, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Boa tarde de novo.

Señor Losada, eu agradézolle que citara vostede o Estatuto de autonomía, porque eu xa empezo a sentir certa bipolaridade ao ter que estar recordándolle permanentemente ao Goberno galego o cumprimento do Estatuto de autonomía. Está tan, tan baixo o nivel do exercicio do



autogoberno que xa case nos vemos obrigadas incluso, desde o BNG, a rebaixar ás veces o noso nivel de exixencia.

Nós temos claro cal é a estratexia do señor Villar Mir, temos claro que estamos diante do que é unha chantaxe a Galiza. A cuestión é se estamos dispostos e dispostas a dicirlle non e a corrixir a actitude do Partido Popular ou se non se está a favor de facer valer esas concesións. Porque, efectivamente, están aí, son potestade do Goberno galego —exclusivamente, de ninguén máis— e son a mellor ferramenta que hai para parar a crise de Ferroatlántica.

É unha pena que, nos cinco minutos que tivo a señora voceira do Partido Popular, non tivera corenta e cinco segundos para falar especificamente da situación de Ferroatlántica. Eu estou un pouco confundida, porque, claro, vostedes din que Ferroatlántica lles importa moitísimo, pero despois non falan diso, falan do Goberno do Estado na súa intervención; despois teñen unha proposición non de lei que orixinalmente falaba de Ferroatlántica, pero autoemendáronse e xa non di nada de Ferroatlántica. Xa empezo a dudar se lles importa ou non este tema; en todo caso, votaremos e veremos se lles importa ou non lles importa.

En todo caso, nós —valga a metáfora— estamos vendo algo de luz, porque vostede dixo que había un problema co prezo da luz, o señor voceiro do Partido Popular tamén dixo esta semana na súa rolda de prensa que había un problema coa luz e a semana pasada había algún titular de Núñez Feijóo. Ben, eu creo que están cerca de caer da burra. E, xa que están dicindo que hai que facer rebaixas nas peaxes, o seguinte será que lle poñan outro nome e que defendan unha tarifa eléctrica galega. *(Aplausos.)* Están cerca xa.

En todo caso, eu dicíao na miña intervención: sen negar a crise xeral que está vivindo a industria electrointensiva neste país, en Ferroatlántica estamos falado doutra historia, porque ninguén cre que o problema de Ferroatlántica sexa, neste momento, só o prezo da luz. Pode ser unha parte, pero, señora Nóvoa, é que teñen unhas centrais hidroeléctricas para eles sós que dan uns beneficios brutais. E, polo tanto, sabemos perfectamente que o problema é outro: o problema é a falta de política industrial tamén, que permitiu que fixeran das centrais do río Xallas as galiñas dos ovos de ouro mentres non revertían na comarca.

En todo caso, nós o que entendemos que debemos defender aquí hoxe, como Parlamento, son varias cuestións: primeiro, que non nos parece xusto este ERTE, pedir a reactivación inmediata destes fornos e pedir un contacto permanente cos traballadores e traballadoras que sexa de verdade; que non sexa cando non poden soportar a presión que eles fan coas súas mobilizacións ou cando o señor Conde vai dar un mitin á Costa da Morte e entón vailles facer un oquiño o día 30. E tamén que desenvolvan os estudos necesarios para reverter esas condicións. Estamos de acordo en que ese ERTE non está xustificado e en que están deslocalizando a produción; haberá que facer valer esas concesións. Eu xa sei que vostedes preferían gobernar unha asociación de veciños, *(Murmurios.)* pero é que isto é un país *(Aplausos.)* e, polo tanto, teñen que poñerse ao seu servizo. *(Murmurios.)*

E, por último, efectivamente, tamén na nosa moción recolleemos esa petición de que se aprobe o estatuto de electrointensivas en consenso co sector electrointensivo galego. Eu corríxoa, señora Nóvoa: cos traballadores non pactaron, pactaron coa patronal. *(Murmurios.)*



En todo caso, pola forza e o paso dos días, este punto quedou desactualizado, porque xa coñecemos un estatuto...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e xa presentamos as nosas alegacións.

E, por último: benvida a corrección das decisións erradas que tomou o señor Rajoy en 2012 e que nos levaron a que agora os galegos e galegas vaiamos ter que pagar máis que ninguén pola nosa factura da luz. (*Aplausos.*) A nós —xa llelo dixemos— dános igual que governe Pedro Sánchez que que governe o señor Rajoy.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Nós defendemos que eses suplementos territoriais os teñen que pagar desde o Estado, e defenderemos a mesma posición estea quen estea en Madrid.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas. Terminou o seu tempo.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: As emendas, ¿acepta a emenda do Partido Socialista?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Imos facer aí unha negociación.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de vivenda protexida

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Luisa Pierres López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase substituír o punto 2 da parte resolutiva polo seguinte:

«2) Modificar a Lei 2/2016 do solo de Galicia co obxectivo de fixar no 30 por cento a porcentaxe mínima de reserva de solo para vivenda de protección, contemplando a revisión das excepcións contempladas no artigo 42.9 .».

Emenda de adición.



Débase engadir á parte resolutive un novo punto:

«2 bis) Difundir a través da plataforma web do Observatorio Galego da Vivenda os datos estatísticos ou técnicos que acompañen as actuacións en materia de vivenda pública con carácter social, e permitindo coñecer de modo actualizado, e entre outros datos, o parque público dispoñible, para alugueiro ou compra, e a demanda de vivenda en tempo real para cada concello.»).

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado Jaime Castiñeira Broz, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutive polo que segue a continuación:

«Realizar un estudo sobre as necesidades de vivenda destinadas a alugueiro social, tanto no aspecto cuantitativo como de emprazamento de dita demanda, para incorporalo ao plan de vivenda que substitúa ao Plan rehaVita 2015-2020, co compromiso de incrementar o número de vivendas destinadas a alugueiro social do parque público de vivenda, tanto propiedade do IGVS como de entidades locais, incluíndo vivendas cedidas por entidades financeiras e vivendas postas a disposición da administración por particulares a través dos programas pertinentes.»).

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¡Canto tempo hai que non goberna o Partido Popular no Goberno central! Así parece, porque resulta que agora aquí nin sequera o que pasa no sector eléctrico ten nada que ver co que fixo o señor Rajoy ata hai menos dun ano. En fin, ¡como cambian as caretas!

Negando as evidencias, como na anterior moción, tamén se pode negar que estamos vivindo unha nova burbulla inmobiliaria, neste caso a burbulla do alugueiro. Pódese negar que a exclusión do dereito á vivenda, os desafiuzamentos, as enormes dificultades para emanciparse ou as enormes porcentaxes do salario que hai que adicar a pagar a casa non son problemas sociais de primeira magnitude, dramas que destrozan vidas.

Seguramente —tal e como fixo a conselleira— aquí se negue por parte do Partido Popular que estamos a vivir durante anos e anos este drama, o drama que supón non respectar a defensa do dereito a unha vivenda digna; por certo, dereito recollido nesa Constitución española que sacan a pasear cando lles convén, pero cando non, non fan políticas para cumprila. Dirase que a política de vivenda da Xunta de Galicia destes anos foi inmaculada e que todo funcionou perfectamente; nunca escoitarán unha autocrítica —unha autocrítica de verdade, non esa autocrítica que veñen facendo—. Escoitaremos que os concellos das Mareas son moi malos e que o fixeron moi mal nos últimos catro anos; escoitaremos «Galapagar» e escoitaremos estas cuestións que utilizan cando non teñen argumentos para defender o labor do Goberno, un goberno que leva dez anos gobernando aquí con sete anos coincidindo co Partido Popular no Estado español. Tanto ten que traíamos datos e argumentos como trouxemos na



interpelación: repetirán o mesmo discurso negacionista de sempre e repetirán a táctica de ensuciar o debate, como sempre.

Pero, ademais, o que queren negar aquí non son erros de xestión —erros técnicos—, non son equivocacións por mal funcionamento dun goberno; o que queren negar son os intereses que verdadeiramente rexen e rexeron as súas políticas de vivenda: o lucro privado de determinados intereses empresariais, de fondos voitre, de bancos e de grandes promotoras. Iso foi o que mandou realmente na política de vivenda no Estado español e en Galicia nos últimos anos.

As políticas que buscan garantir o dereito á vivenda das persoas hai moito tempo que están inventadas e non son demasiado complicadas, non son máis complicadas que facer as políticas para beneficiar os bancos; hai que ter vontade política. Non son complicadas, pero si que non son inocuas: teñen os seus efectos secundarios para a maioría da xente e tamén teñen efectos secundarios para eses especuladores, os grandes posuidores de vivenda que se lucran do negocio inmobiliario. E, por aí, o Partido Popular non pasa.

E non é casualidade o que está pasando; temos perspectiva suficiente para ver que as políticas do Partido Popular buscaron no Estado español e en Galicia o beneficio especulador, chámense bancos, fondos voitre ou construtoras: fomento de vivenda en propiedade, reformas lexislativas para desregular o alugueiro e rebaixar o tempo de alugueiro, desgravacións fiscais ás Socimis para facer negocio coas vivendas de alugueiro, baixada de orzamentos tanto no Estado como na Xunta de Galicia dende que goberna o señor Feijóo, e baixísima porcentaxe de vivenda pública de alugueiro social, en moitos casos incluso vendendo a fondos voitre —como fixo a señora Botella— e, no caso de Galicia, conxelando a construción da vivenda pública, practicamente, e conxelando a construción da vivenda protexida. Xa din os datos hai dúas semanas: en 2010 iniciábanse dúas mil novecentas vivendas de protección en Galicia, en 2015 foron cinco e, en 2016, catro; entre trinta e cinco e cincuenta veces menos que a media estatal. Tampouco foi casualidade.

Privilexios aos bancos durante os peores anos, onde miles de persoas se foron á rúa desafiuzadas; rescates aos bancos; a creación da Sareb... Pero, en cambio, non se puxeron á disposición da xente todas esas vivendas porque non hai vontade; o que hai, en tal caso, é publicidade e propaganda.

Dez anos despois do estoupido da burbulla inmobiliaria segue a haber desafiuzamentos, segue a ser imposible para moita mocidade emanciparse e seguen a ser unha pesada carga os altos prezos dos alugueiros —vímolo repetindo—. Se os salarios non soben —ao contrario—, se os salarios da mocidade son máis precarios e os traballos máis inestables, se non sabes onde vas estar laboralmente dentro de seis meses e se, xunto a iso, os alugueiros soben espectacularmente como levan subindo nos últimos tres anos, temos moi fácil o resultado da ecuación: vai haber desafiuzamentos, vai haber problemas de emancipación e vai haber máis carga para os salarios das familias; dramas persoais e drama social. Isto é unha política deliberada a prol duns poucos, aínda que faga dano a moita xente.

Non hai política nos países máis avanzados socialmente que non conte cun potente mercado de vivenda pública con prezos sociais; nin un. De feito, o Estado español é unha anomalía



en Europa por ter menos do un por cento de vivenda pública; no resto de Europa as porcentaxes soben do dez por cento. Serve como solución este parque público de vivenda para moita xente que non ten acceso á vivenda de mercado libre, pero non só iso: serve tamén como regulador do mercado e dos prezos do mercado. Non hai solución posible para o dereito á vivenda sen ese parque público de vivenda a prezos sociais e sen que sexa, ademais, dunha dimensión potente.

O Partido Popular négase a que forme parte das súas políticas de vivenda, e por iso, despois de trinta anos de gobernos populares en Galicia, contamos cun parque público ridículo que non serve nin como alternativa habitacional —como estamos vendo cando hai que darlle esa alternativa habitacional á xente á que se desafiuzou— nin como elemento regulador do mercado.

Vimos un caso moi curioso coa Sareb e que explica moi ben por que non se toman estas decisións: non por torpeza, non porque non haxa xente competente nos gobernos, non; porque iso afecta aos intereses dos que especulan coa vivenda. O Estado comprou as vivendas que quixeron os bancos que se compraran, os chamados «activos tóxicos». Gastáronse miles de millóns niso e non se liberaron para a xente que as necesitaba e que estaba sendo desafiuzada. ¿Por que? Moi sinxelo: porque o exixiron os bancos. Porque se se liberan eses miles de vivendas para darlle alugueiros sociais á xente, o prezo do mercado da vivenda baixaría. E, claro, o primeiro é o primeiro.

Como vimos tamén, aquí paralizouse a construción de vivenda de protección —á cola do Estado español en construción de vivenda de protección— e reducíronse os orzamentos de vivenda. Cando vostedes chegaron ao Goberno no ano 2009 había cento oitenta e nove millóns de orzamento, o que significaba o 1,79 % do orzamento e o 0,37 % do PIB de Galicia. No 2010, xa cuns orzamentos feitos polo Partido Popular, había cento sesenta e dous millóns de euros, que era o 1,39 % do orzamento e o 0,29 % do PIB. No 2019, presumindo de subida, haberá oitenta e nove millóns de euros, que significarán o 0,74 % do orzamento e o 0,13 % do PIB, case tres veces menos que no 2010.

O importante para vostedes é tratar de silenciar esta realidade. A última proba da clara liña das políticas do Partido Popular témola no Proxecto de lei —que estamos debatendo— de rehabilitación: nin unha soa medida para mobilizar vivenda baleira, nin unha soa para fomentar o alugueiro social e nin mención sequer ao patrimonio público de vivenda e solo. E eu digo: agora acábase de aprobar o Decreto 7/2019 no Goberno español, que posibilita a creación do imposto á vivenda baleira, ese imposto que vostedes bloquearon todos os anos que vostedes gobernaron, negándose a definir regulamentariamente o concepto de vivenda baleira que estaba na Lei de facendas locais. A ver quen é aquí o que cumpre e non cumpre a lexislación. Ben, pregunto: ¿van vostedes definir o concepto de vivenda baleira para que os concellos poidan poñer recargo ás vivendas baleiras? Gustaríame saber se iso é así.

O importante —como xa dicía— é tratar de silenciar esa realidade que nos di que todos os días en Galicia están a acontecer desafiuzamentos. Día tras día, a pobreza máis absoluta, a que non che dá nin para ter un teito onde vivir.



A nosa moción simplemente é un chamamento, unha vez máis, a apostar pola solución dun dos problemas máis graves —segundo a nosa opinión— que sofre este país e a apostar por unha medida imprescindible, por un parque público de vivendas para alugueiro social cunha dimensión mínima; apostar polos dereitos da xente e potenciar ese parque público de vivenda: que se faga un plan de vivenda pública para alugueiro social a catro anos —porque ten que ser xa, porque o drama está acontecendo— que duplique, polo menos, o parque existente e que dedique os orzamentos necesarios, e que se modifique a Lei 8/2012, causante tamén desa parálise da construción de vivenda protexida e que permitiu a redución da reserva de edificabilidade para a vivenda de protección neste país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Si, grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Non se pode facer política sen ter en conta dúas premisas que considero básicas: por un lado, que as políticas son por e para a xente, e, por outro, que se teñen que deseñar en función da particular realidade desa xente. E, como desde o noso grupo vemos que no debate da interrelación que precedeu a esta moción houbo especiais discrepancias na percepción desa realidade, eu véxome na obriga de comezar por asentir datos, datos que considero veraces e contrastados polo IGE, polo INE, polas memorias dos orzamentos da Xunta e polo propio Ministerio de Fomento.

O primeiro dos datos, a previsión de vivendas de protección pública reflectida nos orzamentos entre os anos 2015 e 2018: o obxectivo para eses anos da Xunta de Galicia era de cincocentas oitenta e dúas vivendas. O número de vivendas que foron executadas con cualificación definitiva de carácter público nestes últimos catro anos foi de cento cincuenta e tres vivendas, das que centro trinta e dúas foron as cualificacións das vivendas en Valdecorvos, en Pontevedra, que xa se iniciaran no ano 2008 —co Bipartito, quero recordar—. Polo tanto, tendo incluso en conta as finalizacións de obras que veñen de anos atrás, non se conqueirou cubrir máis que o vinte e dous por cento do previsto.

Segundo dato importante: no día de hoxe, en Galicia, os desafiuzamentos por impago de alugueiro son case tres veces máis que aqueles que se dan polas execucións hipotecarias: trescentos cincuenta e cinco. Ese foi exactamente o número de familias galegas que no ano 2017 se viron afectadas por procesos de desafiuzamento das súas vivendas en réxime de alugueiro. E, desas, o noventa por cento foino por causa do impago da renda; isto é, un trinta e seis por cento máis deste tipo de desafiuzamentos que no ano 2013.

¿E hai máis desafiuzamentos por impagos de alugueiro ca eses? Si, pero non son de vivenda. ¿Preocúpannos menos? Non, pero a súa lectura e a súa interpretación si que son diferentes.



A de vivenda principal preocúpanos especialmente porque é unha cifra que, máis alá do número, significa que, estatisticamente, ao redor de mil galegos e galegas son tan vulnerables economicamente que non conseguen manter no tempo o seu acceso a unha vivenda libre; isto é, preto de mil galegos e galegas ao ano entran no grupo de poboación en situación severa de risco de exclusión social, e as políticas de vivenda non están a conseguir dar resposta a esta necesidade.

Terceiro dato: o rexistro de demandantes de vivenda actualizado no día de hoxe conta con 13.492 demandantes en toda Galicia, con mil novos demandantes en tan só os cinco últimos meses, e dos que preto do oitenta e cinco por cento o demandan en réxime de alugueiro. E, segundo o primeiro dos datos que lles dei esta tarde, nos últimos catro anos atendéronse só un 0,28 por cento de demandantes de vivenda en alugueiro en Galicia.

Cuarto dato significativo: existe un descenso moi marcado da oferta de vivenda en réxime de alugueiro en toda Galicia, e fálolles dun exemplo que me é moi cercano: o concello de Marín. As últimas vivendas sociais realizadas están datadas do ano 1989; isto é, hai exactamente trinta anos, e gobernando, por certo, un partido como foi o Partido Socialista neste concello. (*Aplausos.*) A demanda actual, segundo o rexistro de demandantes, neste concello no día de hoxe é de cincuenta familias. Vivendas ofertadas en réxime de alugueiro dentro do mercado libre neste concello: exactamente quince —contrastado con diversas axencias da zona—, fronte ao dobre de oferta en vivendas destinadas ao uso turístico.

Algo que, ademais, concorda —e moito— cos datos que a Federación Galega de Empresas Inmobiliarias —Fegein— trasladaba ao final deste ano 2018: que a oferta de pisos en alugueiro caeu un trinta e oito por cento, con catro mil trescentos inmobles ofertados en toda Galicia. Resultado: que a vulnerabilidade de quen non pode é cada día maior; tan simple e sinxelo coma iso. Menos oferta supón prezos máis elevados e incrementa a fenda da vulnerabilidade para moitas familias. Non sei se —como dixo o señor Sánchez— se pode falar dunha nova burbulla inmobiliaria, especialmente no réxime de alugueiro, pero, sen dúbida, é unha realidade que está a afectar moitas familias e para a que hai que ofertar solucións. E, conxugando todos estes datos, tanto locais como globais, o que concluimos é que a demanda de vivenda pública destinada ao réxime de alugueiro non é que sexa precisa só polo asequible dos prezos, senón porque non existe sequera oferta suficiente no réxime libre para atender toda a demanda existente.

Por iso, a esta iniciativa nós tamén presentamos unha emenda de engádega que fala da necesaria análise estatística das accións en materia de vivenda na nosa comunidade, de empregar unha ferramenta actualizada e rigorosa que permita coñecer, en cada momento, a relación entre oferta e demanda a través do Observatorio Galego de Vivenda. E a Xunta de Galicia, en todo este escenario, o que non pode é adicarse a sacar peito do que se está a facer pero que nunca se conclúe. Para este grupo, o discurso do pasado pleno da conselleira tan só confirma que a este goberno lle gusta moito cociñar, amasar e esmigallar, se non, ¿como se pode explicar que se enumeren por enésima vez os mesmos datos e os mesmos obxectivos ano tras ano e conselleira tras conselleira? Quen ten fame non se tranquiliza con migallas, dásele pan, e o pan desta Consellería de Vivenda non só pasou nestes anos de bola a chusquiño, senón que está a quedar reseso antes incluso de que se poida degustar.



E por iso desde o noso grupo lle pedimos a este goberno que poña no forno a leña suficiente para duplicar a oferta de vivendas de alugueiro e conquistar, na mesma liña, o mandato que, por outro lado, xa se asumiu coa aprobación unánime da resolución presentada por este grupo no pasado debate do estado da Autonomía, e que o compromete á duplicidade...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PIERRES LÓPEZ: ...do parque de vivenda pública no horizonte do ano 2022. Estamos, de verdade, ansiosos por ver como se avanza nese camiño.

Pola nosa banda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario Popular, señor Castiñeira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, boas tardes.

Señora Pierres, eu diríalle que, para cociña, non temos máis que falar co PSOE, con Tezanos; ese cociña... ¡Sae cada guiso que non vexa! *(Aplausos.)* E téñolle que dicir, unha vez máis, que me decepciona, porque vostede sabe perfectamente que se queremos falar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Verdade, non cociña... ¡Precisamente!

Mire: se queremos falar de vivendas turísticas —vostede falou de Marín—, podemos falar de Santiago, de Pontevedra ou de moitos outros concellos de Galicia, ao igual que está pasando en España, pero parece que os concellos non teñen competencias aí. Vostede sabe igual ca min, e, de verdade, que se veña botando a culpa á Xunta das vivendas turísticas páreceme unha tomadura de pelo. Oia: ¿para que están os PXOM e para que están as ordenanzas e as competencias que teñen os concellos? Para, loxicamente, regular perfectamente ou aplicar, sinxelamente, en moitos casos, as ordenanzas que teñen aprobadas no plan xeral. Así de sinxelo, porque moitos usos son usos terciarios; polo tanto, sinxelamente, para a aplicación das propias normas que teñen no plan xeral, en moitos casos.

Pasamos ao seguinte tema: parece que En Marea e o señor Antón están en campaña; é normal, tamén o entendo, estamos en campaña, e hai catro anos o tema da vivenda e dos desafiuzamentos deulles moitos réditos a nivel municipal, agora... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Non está en campaña? Pero algo falará. Entón, hai catro anos deulles moito rendimento e agora volven estar outra vez e volven sacar a mesma cantinela. Aproveitáronse da situación, desgraciadamente, de moitas familias, vendéronlles a moto, e non hai máis que ver o que fixeron e o que están a facer. Na Coruña si, un investimento importante; non ao programa de vivendas baleiras da Xunta, igual que Ferrol, Santiago e nos demais sitios; non a iso, porque ao mellor funcionaba, e hai que poñerlle problemas. Entón, ¿que fan? Co diñeiro que tiñan para vivendas, mércanlles aos amigos... Amigos non, asesores do colectivo; aí non se sabe se son afiliados ou que son, ¡que lle imos facer! Pero aos amigos si.



En Santiago, despois de dous anos, súmanse ao programa de vivendas baleiras; van amodiño. Pero a solución para o tema da vivenda é vender os terreos propiedade do concello —como teñen en Romero Donallo ou nas Cancelas máis de oito mil quiñentos metros cadrados de edificabilidade— para vivendas; podemos estar falando de arredor de noventa vivendas que podían ser para protección oficial, pero véndense para libres.

E, se imos e damos a volta cara ao gran líder do PSOE, podemos dar unha volta por Vigo: a política de vivenda do PSOE é, nos concellos, vender as vivendas, non vaia ser que haxa problemas. Corenta vivendas que acaban de vender hai ben pouco en Rosalía de Castro.

Claro, o problema é dos demais; despois botámoslle a culpa á Xunta e botámoslles a culpa aos demais, pero nosoutros non facemos nada, todo o contrario. «Canto peor, mellor», iso é o que lle vai ben a esta bancada e iso é ao que xogaron e levan xogando con isto. (*Aplausos.*)

Mentres tanto, eu voules dicir o que está a facer a Xunta, e o que fixo a Xunta foi con moitos menos medios dos que tiveron outros cando estiveron aquí, con moitos menos medios, iso si; ao mellor fan moitas máis cousas porque se administran doutra maneira.

En febreiro do ano 2015, a Xunta de Galicia aprobou o Plan RehaVita, un plan para fomentar claramente a rehabilitación e o acceso á vivenda e potenciar o alugueiro. Iso é o Plan 2015-2020 —para o ano 2020—, e por aí vén a nosa emenda de intentar empezar a facer estudos xa para un novo plan que sexa para os próximos anos, dado que para o ano que vén remata este plan. Un plan que contaba, entre outras cousas, coas doce medidas que se incluiron para evitar os desafiuzamentos, para loitar contra os desafiuzamentos, e que en Galicia, desde logo, foi moi eficaz. E miren: non teñen máis que coller os datos. Hoxe non fixeron referencia, por certo, ao Consello Xeral do Poder Xudicial; porque, mire: entre todas as comunidades autónomas de España, na que máis se reduciron os lanzamentos motivados pola LAU e, se queren, en xeral tamén, foi en Galicia: un vinte e catro por cento. Un vinte e catro por cento foi o que se reduciron, ¿non é para estar satisfeitos? Mentres haxa un só lanzamento dunha vivenda habitual nunca estaremos satisfeitos, e dixémolo aquí moitas veces.

Pero miren: non é así, e iso en Galicia, que tamén hai que ver os datos; só son datos, e como moi ben di o propio Poder Xudicial —e iso vale para todos cando sacan aquí os datos—, non son só vivendas habituais, senón que hai desde fincas rústicas a calquera tipo de inmovible urbano; calquera tipo, porque, moitas veces, se hai un garaxe ou unha vivenda, aínda que sexa de segunda residencia, conta como dous lanzamentos ou tres. E iso hai que dicilo.

O obxectivo da Xunta —como dicía— foi poñer á disposición dos galegos e galegas —sobre todo os que estaban en situación de maior vulnerabilidade— medidas para evitar os desafiuzamentos, como foi o Bono de alugueiro social, que está funcionando —e eu creo que moi ben—, e, ademais, acábanse de ampliar, neste ano precisamente, en tres anos as prórrogas de tres anos; vai pasar a prorrogarse ata seis anos en axudas ao alugueiro e á rehabilitación, e tamén nas dirixidas a incrementar o parque público de vivendas en alugueiro, o cal neste momento a Xunta de Galicia conta con máis de tres mil quiñentas vivendas. Tres mil quiñentas vivendas que veñen ser, unha parte delas, para incrementar o parque público en pro-



piedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo, e outra parte, que é a creación de vivendas de parques municipais, con axudas á rehabilitación e ao arranxo das vivendas dos mestres ou vivendas de propiedade dos concellos, así como do Fondo de Cooperación dos concellos e, tamén, a dispoñibilidade de vivendas cedidas polas entidades financeiras, como é a Sareb, entre outras entidades financeiras que aquí se critican...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...pero, loxicamente, onde sexan necesarias esas vivendas. Non queremos vivendas da Sareb en Barreiros ou en Foz porque non son necesarias. Si son necesarias en Vigo, Santiago ou A Coruña, curiosamente, onde os concellos non colaboran nin no programa de vivendas baleiras nin noutros programas.

En canto —e remato, señor presidente— ao punto 2 da moción, que vai ao tema da reserva do 30 % da Lei do solo —vostede falou da Lei de vivenda; entendo que se equivocou, e é a Lei do solo, a Lei 2/2016, a que plantexa na propia proposición, na moción, a modificación dela—, a propia lei, no artigo 42, establece con carácter xeral unha reserva mínima do 30 % e só excepcionalmente regula a posibilidade de que os concellos que o incorporen no plan xeral establezan unha porcentaxe de reserva en función da demanda real existente...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señor Castiñeira. Rematou o seu tempo.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...garantindo, en todo caso —remato, señor presidente, só un segundo—, a reserva que se establece, que é máis que suficiente para atender a demanda.

Mire, Galicia ten trescentos trece concellos...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Xa lle chegou por hoxe. Grazas, xa está.

(O señor Castiñeira Broz pronuncia palabras que non se perciben.)

Está aclarado xa. Grazas. *(Aplausos.)*

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde.

Señor Castiñeira, eu non sei se o señor Antón Sánchez está en campaña ou non —eu tiña entendido que non—, pero, en todo caso, o BNG vai votar a favor desta proposta, porque nos parece unha proposta positiva, porque vai a un dos núcleos centrais do que debe ser unha política de vivenda para combater a exclusión residencial.

E, por certo, eses argumentos que lle pasaron a vostede ten que revisalos, porque dos datos de desafiuzamentos que falou vostede, dos datos do Consello Xeral do Poder Xudicial, de baixar o 24 %, algunha causa terán. Non sei se lle dixeron tamén que había tamén unha causa para explicar esa baixada, que é a folga da Xustiza do ano pasado, que é a que explica



precisamente esa baixada das cifras. Pero non é na realidade. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Estamos de acordo, ¿non? Vale.

Dicía que é unha parte dun problema moito máis fondo e cuxa solución pasa por modificar todas as políticas que teñen que ver coa vivenda, tamén sobre todo as políticas económicas e sociais, e desde logo incrementar o gasto público en vivenda, porque —deu os datos xa o señor Sánchez— a nivel de Estado, tamén en Galiza, estamos á cola de Europa; só estamos mellor que Chipre e Malta, que desde logo non é como para andar presumindo de políticas públicas de vivenda, de promoción pública.

E, ademais, como tamén se dixo, a Xunta reduciu drasticamente o investimento en vivenda protexida, de 52 millóns en 2009 a 7 en 2018; iso tamén explica os datos que se dixeron aquí. Igual que a baixa execución orzamentaria. Xa o dixemos en numerosas ocasións. Deixáronse de gastar máis de once millóns de euros. Son malos xestores, vostedes, son moi malos xestores.

E ¿por que non falar xa da panacea da rehabilitación, que prometeron ao principio do mandato, nada máis e nada menos que a rehabilitación de dez mil vivendas nos cascos históricos? ¿Onde están esas vivendas que ía rehabilitar o Instituto Galego da Vivenda e Solo para poñelas no mercado tamén como vivenda accesible a prezos subvencionados?

Como dicía, isto é parte do problema, dun problema moito máis grande, que ten que ver con políticas económicas e sociais que o que estiveron levando é á extracción da renda da clase traballadora e dificultando o acceso á vivenda, e que se agravou ademais polas políticas especulativas que están provocando —si, ¡que nós defendemos iso!— un incremento do prezo da vivenda, sobre todo en réxime de alugueiro, e que moitos especialistas falan dunha auténtica burbulla do alugueiro, cun incremento artificial de prezos.

Necesítanse, polo tanto, políticas diferentes, políticas que pasan pola intervención pública da Xunta e do Estado no mercado da vivenda. E mire, isto non o dicimos nós. Voulle ler un texto, a ver se lle soa: «a política de vivenda debe ter unha función reguladora no mercado inmobiliario e correctora das súas distorsións. Adoita considerarse como unha das políticas sociais básicas das que conforman os diferentes modelos do Estado e benestar vixentes en Europa, así como un eficaz mecanismo de redistribución das rendas na procura da equidade e a cohesión social». Isto pono o Plan RehaVita, da Xunta de Galicia, pero vostedes non practican estas políticas sociais da vivenda.

A realidade é que en Galiza hai moita vivenda, hai moita vivenda baleira. Temos un millón seiscentas mil vivendas e hai trescentas mil vivendas baleiras en Galiza, que son o 18,6 % do total; é a porcentaxe máis alta de todo o Estado. Hai noventa mil vivendas baleiras só nas grandes cidades, nas sete grandes cidades. Isto debería, loxicamente, se se mobilizase esa vivenda, provocar unha baixada dos prezos, pero, en realidade, o efecto é o contrario: está incrementándose nos últimos anos, sobre todo o prezo do alugueiro, está sobrevalorado o prezo da vivenda nun 24 %. E iso como se corrixe é coa intervención pública, precisamente, creando ese parque público de vivenda con prezos asequibles para aquel sector da poboación que o necesita.



Pero, claro, ¿por que non se fai isto? Porque non se quere tocar os intereses dos grandes posuidores de vivenda, que son a banca e os grandes fondos de investimento, os fondos voitre, que son os principais posuidores de propiedades inmobiliarias en Galiza. Estamos falando da Sareb, da banca e de fondos de investimento como, por exemplo, Blackstone, que é o principal fondo de investimento voitre, que curiosamente ten a súa sede nas illas Caimán, nun paraíso fiscal; así é como actúan estes especuladores. Claro, ¿que pasa? Que tamén se crea un paraíso fiscal aquí creando as socimis, cunha fiscalidade absolutamente inexistente, para que poidan especular precisamente co prezo da vivenda en alugueiro.

En definitiva, nós apoiamos esta iniciativa. Pensamos que hai que ir moito máis alá, con políticas realmente moito máis valentes e máis decididas para atacar os intereses deses grandes propietarios de vivenda, para mobilizar a vivenda baleira e para facer realidade iso que vostedes puxeron na Constitución pero non cumpren: o acceso da poboación, como un dereito, á vivenda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo autor da moción, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Moitas grazas ao Bloque Nacionalista Galego e ao Partido Socialista polo apoio á moción. Imos tratar de chegar a un acordo co Partido Socialista a partir da súa emenda. Ao Partido Popular non lla podemos aceptar e despois explicarei por que.

Señor Castiñeira, co de que estou en campaña acertou de pleno; aí foi *touché, touché*; estou en campaña e non me enterei; si, señor.

Estivo tan afortunado nos outros exemplos coma nese. No dos pisos da Coruña vaia renovando o argumentario do Partido Popular. O señor Fernández Prado creo que non era moi partidario el xa de denunciar á Fiscalía, porque é unha persoa intelixente; foi arquivado, ¿verdade? Foi arquivado e quedaron vostedes sen campaña electoral, quedaron vostedes sen campaña electoral. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Quedaron vostedes sen campaña electoral porque a Fiscalía arquivou a denuncia do Partido Popular, que acusaba de corrupción a Marea Atlántica. Nada de nada. Cre o ladrón que todos son da súa condición e vostede cre que eu, se traio isto aquí, é porque estou en campaña, e está implicitamente confesando que vostedes, cando fan algo disto, é para tratar de que non lles teña custo electoral.

Mire, as medidas que vostede explicou da Xunta de Galicia son cosméticas, superficiais e non teñen a dimensión necesaria para acabar co problema, porque non van aos problemas estruturais da vivenda. Vostede presumiu do bono social de alugueiro, medida estrela, do que se executaron o ano pasado 972.000 euros. ¿Vostede cre que con iso se soluciona o problema da vivenda en Galicia?



E é que vostedes teñen unhas políticas enfocadas só a atacar xa cando as persoas están desafiuzadas ou teñen uns ingresos baixísimos, e isto non é así. É que o parque público de vivendas de alugueiro non é só para esas persoas que non chegan ás tres veces o salario mínimo, que teñen que ser pobres de solemnidade para que teñan unha vivenda. Non. Son solución para esa xente, para moita máis que non chega e que supera eses límites e como elemento regular do mercado; elemento regulador do mercado quere dicir que cun parque público de vivenda se modulan os prezos da vivenda, e é o que non queren facer vostedes.

Vostedes non queren modular o prezo da vivenda, porque vostedes prexudicarían os bancos, as grandes promotoras e os fondos voitre, e son os que sistematicamente estiveron beneficiando. (*Murmurios.*) Si, si, non, é que é así. ¿A quen favoreceu a súa reforma da Lei de arrendamentos urbanos?, ¿a quen favoreceu? ¿A quen favoreceu que dende 2004 vostedes teñan bloqueada a aplicación do recargo no IBI ás vivendas baleiras?, ¿a quen favoreceu, señor Castiñeira? ¿A quen favoreceron as desgravacións fiscais ás socimis, que xa están aquí, en Cambre, en Vigo, na Coruña? Xa están os fondos voitre comprando vivendas para alugueiro e que teñen desgravacións, que non pagan impostos, por lucrarse da vivenda. ¿A quen favoreceu a parálise da construción de vivenda pública? ¿A quen favoreceu a parálise da vivenda protexida que fixeron vostedes?

Claro, vostedes son moi previsibles, vostede veu aquí e dixo: claro, a culpa é dos concellos. Non, mire, vostedes teñen un Programa de vivenda baleira, do que se executou no ano 2017 10.499 euros dos trescentos mil que tiña orzados; mobilizou dezaseis vivendas. E vostede vén aquí e aínda encima non é capaz de facer autocrítica e dicir: temos que cambiar algo; por exemplo, incentivar que as vivendas non estean baleiras, como un imposto, tamén pode ser; pero vostede non, non; todo funciona ben e a culpa é dos gobernos das Mareas. En Marín creo que goberna o Partido Popular, ¿non?, creo que goberna o Partido Popular, e algo terá de responsabilidade no que dixo a señora Pierres.

E dixen a Lei 8/2012. A 8/2012 foi a primeira lei na que vostedes permitiron a rebaixa da reserva...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...para vivenda protexida.

En definitiva, evidentemente o Partido Popular defende a quen defende, aínda que sexa a custa de graves sufrimentos, aínda que sexa a custa de aplicar violencia institucional contra moita xente, (*Murmurios.*) si, señor, violencia institucional. Hai moitos dramas familiares e sociais causados polas súas políticas de vivenda.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Moitos, moitos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia lingüística

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Ánxeles Cuña Bóveda e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción, doc. núm. 47849 (10/MOC-000134).

Emenda nº 1, de adición.

Débase engadir ao final do punto 1, despois de «...non universitario de Galicia.», o seguinte: «...e deseñe unha proposta educativa que fomente o uso do galego en todos os ámbitos, sen discriminación de ningún tipo.»

Emenda nº 2, de adición.

Débase engadir ao final do punto 2, despois de «...en igualdade co castelán.», o seguinte: «..., aplicando a mesma carga horaria lectiva para as linguas cooficiais.»

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Antes de iniciar a miña intervención, quixera facer unha referencia a unha figura que non é unha figura histórica, é unha transformación xeométrica, que se chama «homotecia». As homotecias caracterízanse por aumentar as distancias de forma constante ou diminuílas de forma constante. É o que lle pasa ao Partido Popular con respecto ao Goberno de Pedro Sánchez e ao Goberno de Mariano Rajoy. Para o Partido Popular, medio ano é o mesmo que sete; é dicir, amplifican por catorce cando se trata de falar do Goberno de Sánchez, que é responsable, entre outras maldades, da desregularización do mercado eléctrico; ou reducen por catorce, a un catorceavo en definitiva, cando se trata das responsabilidades do señor Rajoy.

E isto garda certa relación con esta moción que presentamos hoxe, que é consecuencia da interpelación que se fixo no pleno pasado. Polo tanto, é unha moción tramposa, é unha moción oportunista, é unha moción desactualizada, é unha moción melancólica, é unha moción sen sentido, é unha moción con intencionalidade política manifesta e é unha moción que xera un debate artificial, porque iso foi o que dixo o señor conselleiro o día 12 de marzo, é dicir, hai dúas semanas.

Non obstante, os feitos son —digamos— persistentes, son os que son, e en setembro do ano 2018 o señor Pablo Casado dixo que non se podía vivir coa endogamia de que unha autonomía seleccionase os profesores polo seu idioma, porque iso supón apoiar un modelo de adoutramento que vai en contra do propio futuro. E en febreiro deste mesmo ano, do ano 2019,



hai pouco máis dun mes, fixo unha declaración que supón todo un avance político de alcance, que foi a súa famosa lei de linguas. Cando falou delas, dixo: as linguas cooficiais son unha riqueza para o país —só faltaría que o negase—, pero minguan a igualdade de oportunidades entre españois. E prefiro unha normativa en catro ámbitos: a das convocatorias administrativas, a das ofertas de emprego público, a de educación e a de sinalización urbana, todas elas, particularmente esta última, da mesma relevancia.

En relación co emprego público, o señor Casado subliñou que non se pode lastrar a mobilidade dos empregados públicos nin a igualdade de oportunidades entre os españois, polo que o acceso á función pública se realizará obrigatoriamente en castelán, de maneira que a lingua cooficial poderá considerarse un mérito pero non un requisito. E en Educación obrigarase ao uso do castelán como lingua vehicular, sen que iso implique que non se poida usar a outra lingua cooficial en igualdade de condicións.

Francamente esta frase dá que pensar: utilizar ou empregar unha lingua como vehicular e que non se merme a igualdade de oportunidades con outra. É francamente algo que hai que analizar con profundidade.

Finalmente, dixo que se ía establecer a obrigatoriedade de rotular e sinalizar a contorna urbana en castelán, aínda que se poderá duplicar esa información para ofrecela tamén nunha lingua cooficial. Isto é lóxico que se faga así, porque, claro, cando un vai cara a Ourense e de repente ve Ourense, ou se vai cara a Ourense e de repente ve Ourense, xa non sabe que demo de carretera ten que coller para chegar, iso é evidente.

Que non dicir se vai un cara a Sanxenxo ou á Illa de Arousa, iso xa é... ¡digamos que iso nin Google Maps o soluciona!

Pero hai unha semana a señora Inés Arrimadas, para non ser menos e marcarlle a pista de aterraxe ao Partido Popular en cuestión lingüística, dixo: «*O PP non só pactou sempre con nacionalistas, tamén os segue copiando. Feijóo exige o galego como requisito obrigatorio para ser profesor.*»

Isto en si non é un problema, que o dixera unha líder de Cidadáns non era un problema. O problema veu despois, cando o señor Feijóo se viu na obriga de xustificar esa realidade e dixo: «*Dende a Xunta alegan que o modelo de Galicia é o mesmo que hai dez anos, cando chegou Feijóo ao poder.*» É dicir: eu non fun, eu xa atopei isto así, non sei por que chegaron aquí pero tampouco o ía cambiar. É dicir, xustifica, non defende que teña que ser así. E o presidente esgrime que desde o ano 2016, de todas as persoas que superaron as oposicións, o 97,5 % non tivo que facer o exame de galego, e o 2,5 % restante superou a proba, polo tanto, é, ou parece ser, un trámite.

O anterior é o respecto que o Partido Popular ten ás linguas propias das comunidades autónomas. Dísenos e díxose aquí que isto non afecta a Galicia, que é unha normativa feita para Cataluña. Entón eu me pregunto: ¿é crible que se faga unha lei estatal que afecte só a unha parte do Estado? É dicir, imos ver unha lei de linguas que na súa disposición adicional cuarta, quinta ou a que decidan vai pór algo así como que os artigos non sei cales serán de



aplicación exclusiva en Cataluña, en Galicia non; e en Galicia non porque o modelo lingüístico do señor Feijóo é o que nos gusta.

Eu creo que nos deberíamos preguntar que pode pasar se goberna no Estado o Partido Popular. Francamente, creo que se vai iniciar un proceso de involución en materia lingüística sen precedentes no período democrático.

Como xa dixen cando interpelei o señor conselleiro, a realidade en materia lingüística do Partido Popular non nos fai ser particularmente optimistas, porque son vostedes particularmente sensibles a tipos de presión relacionados con este ámbito. Así, publicaron vostedes o famoso Decreto do plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia para dar satisfacción a un determinado colectivo ao que tampouco lle vou dar máis publicidade nin relevancia que a que xa tivo no seu momento. Ese decreto foi corrixido —como non podería ser doutro xeito— pola propia xustiza, polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que deixou claro que a Constitución só lles recoñece unha esfera de eleccións aos pais, no caso da formación relixiosa e moral, o que implicitamente, como é lóxico, deixa fóra da devandita posibilidade a lingua no ensino; a Administración educativa non pode someter a votación un aspecto fundamental como a lingua. E ese decreto do plurilingüismo tivo como consecuencia grandes avances en materia lingüística. É dicir, nos cinco primeiros anos da súa implantación, a porcentaxe de nenos que non falan nunca galego incrementouse en 18 puntos. Na actualidade, entre os de 15 e 29 anos, o monolingüismo en castelán sobe 8 puntos. O 74 % dos nenos e mozos afirman que se expresan sempre ou maioritariamente en castelán. Hai pouco tempo, o Consello da Cultura Galega publicou este informe: *Lingua e sociedade en Galicia. Resumo dos resultados: 1992-2016*, que di: «*Ata o ano 2010, o uso do galego como lingua vehicular da docencia experimentou un avance notable, e co Decreto 124/2007 —ese decreto terrífico que houbo que derogar— a porcentaxe maior declaraba recibir maioritariamente o ensino en galego. A aplicación dun novo decreto no 2010, supuxo un retroceso na presenza da lingua galega, retrotraéndoa aos anos noventa.*» Isto non o di este portavoz, non o di ningún parlamentario, dío un informe académico. E di: «*Podemos concluír que a aplicación do Decreto 79/2010 supuxo un retroceso en todos os ámbitos analizados.*» Esta é a realidade do famoso Decreto do plurilingüismo.

Na interpelación que se lle fixo ao señor conselleiro, esa interpelación tramposa, oportunista, preventiva, desactualizada, melancólica, sen sentido, con intención política manifesta, e que xera un debate artificial —díxeno sen respirar, ¡que ten mérito!—, preguntábaslle se consideraba o Goberno galego aceptables esas declaracións; se pensaba o Goberno galego que as condicións existentes sobre o coñecemento da lingua galega nos sistemas de acceso á función docente son prescindibles; se o Goberno galego considera que ditas condicións supoñen un risco de adoutramento da poboación escolar; e se pensaba tomar algunha iniciativa para defender a necesidade de que o profesorado desta comunidade autónoma coñeza a lingua galega.

Ao mellor, o autor desas afirmacións debería revisar a súa vixencia tendo en conta, sobre todo, o que está a ocorrer nos últimos días nesta fratricida campaña ou precampaña electoral no mundo da dereita política: dereita, medio dereita, extrema dereita, mediopensionistas ou o que acaben sendo cada un dos tres en liza que hai nese espectro político.



E xa que se fixo hoxe referencia a el, o Estatuto de autonomía de Galicia determina a competencia plena da Comunidade Autónoma en materia lingüística, e non é un tema menor. Exerzamos e defendamos esa competencia plena e non esquezamos o acceso á función pública galega. Insisto, función pública galega, non función pública de Castela-León, nin de Andalucía, nin de Cataluña, a nosa. Polo tanto, o texto que propoñemos para a moción coñéceno vostedes. Pedimos a derogación do Decreto 79/2010; que se garanta que ao remate das etapas educativas o alumnado coñeza nos seus niveis orais e escritos a lingua galega en igualdade co castelán; que se manteña a exigencia da acreditación do coñecemento da lingua galega nos procesos de ingreso para o profesorado; e que no acceso a postos da Administración xeral autonómica de Galicia se manteña como requisito —requisito, non mérito— a acreditación do coñecemento da lingua galega.

Entendemos que practicamente o texto completo desta moción será aprobado por unanimidade por esta Cámara. Noutro caso, atoparémonos nun escenario certamente incerto.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Se esta réplica tivese un título, chamaríase «*Unha cuestión de Perogrullo.*» Certamente, vou facer referencia tamén ao Pleno do día 12 e 13 de marzo. Obviamente, o seu líder Pablo Casado —como ben dixo o señor Álvarez— enarbora a bandeira dos recortes aos idiomas oficiais, diferentes, naturalmente, do castelán en público. Pretende prohibir o galego como requisito para o acceso á función pública galega a través desta nomeada lei de linguas que prevé incluír no seu programa electoral do día 28 de abril, garantindo que as persoas que optan a un posto na Administración ignoren o galego, catalán e o euskera alí onde son idiomas oficiais, obviando o dereito da cidadanía a ser atendida e comprendida en calquera lingua oficial. Non só é unha involución, señor Álvarez, é unha agresión ao dereito fundamental da nosa cidadanía.

É bo refrescar as respostas que deu tanto o señor Feixóo como o señor conselleiro, tan elocuente el, á iniciativa, á interpelación, do señor Álvarez. ¿Que resposta? Feixóo evitou rexeitar o plan de Casado. ¿Por que? Porque dicía que era unha lei que aínda non existía. Pero se teñen maioría dabondo no Congreso esa lei vai existir, ¿ou é que teñen medo a converterse en minoría e ter 6 ou 14 deputados, por exemplo? Se gañan as eleccións, isto pode ir para adiante.

Feixóo tampouco contestou nin á señora Pontón nin ao voceiro do Partido Socialista, escapulíuse, zafou, non se mollou. Atacou, iso si, e surfeou as ondas recentralizadoras da dirección do seu partido, afirmando nos medios, por exemplo, que tal proposta non estaría dirixida a Galicia. ¡É unha tomadura de pelo! Renegou asemade da ampla listaxe de legisla-



ción, acordos nacionais, estatais, internacionais, a comezar pola Lei de normalización lingüística, o Plano xeral de normalización, a Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos, a Carta Europea de Linguas Minoritarias, non escoitou a Real Academia Galega, non escoitou o Consello da Cultura Galega, as universidades, o relator especial para as minorías da ONU para os dereitos humanos. Se ese plan, se o plan do señor Casado, chegase a aplicarse, o galego pasaría a estar prohibido nas probas de acceso á Administración, incluíndo a Xunta, non en van di pretender —como ben se dixo— que o acceso á función pública se realice obrigatoriamamente en castelán, e o outro idioma se consideraría nada máis que un mérito. Sabe moi ben o señor Alberto Núñez que esta lei entraría en conflito directo co artigo 5 do Estatuto de autonomía, que todos vostedes coñecerán moi ben.

¿Cal foi a resposta do señor conselleiro? Unha resposta moi simpática, simpatiquísima. Como aquí se dixo, falou desas iniciativas tramposas, oportunistas, desactualizadas, melancólicas tamén, ¡pobriño!, e con intencionalidade política manifesta. Falou tamén de debate artificial e de discurso ficticio. Deu resposta de Perogrullo a unha pregunta que el considerou de Perogrullo. Pero non é así, ademais é moi modesto o señor conselleiro e non ten avoa: Temos o modelo mellor do mundo mundial. É un modelo de auténtico éxito.

Se non fose o tema tan serio e tan grave, e se non atentase contra os nosos dereitos, diríamos: ¡abonda xa de enredos, de rexoubas, de trouleadas, de posturas camaleónicas! Os seus argumentos son moi falaces, o equilibrio harmónico do que falan non é certo, tenden ao monolingüismo castelán, disfrazan as súas verdadeiras intencións e o seu modelo é regresivo. ¿Como é posible que poidan dicir, e ficar tan anchos e tan panchos, que a súa política lingüística reflectida no seu programa electoral nos anos 2009, 2012 e 2016 foi o resultado dun proceso de escoitar a sociedade? Non nos fagan comungar con rodas de muíño, ¡por favor!

É un tema recorrente pero non é un tema de Perogrullo. A Constitución e o Estatuto garanten a oficialidade e o dereito a usar o galego en todas as administracións de Galiza, pero o conselleiro de Cultura considera que só se pretende crear confrontación. Falso, ¡absolutamente falso!

Apoiamos, porén, esta proposta e cremos que é imprescindible derrogar o decretazo, o Decreto 79/2010, polo seu impacto negativo. Porque cremos que o PP é o responsable do devaldo do uso da nosa lingua e porque é un plan que non é claro, non é significativo, non é com-partido, non é identitario.

Defendemos tamén o galego, que ten que estar en pé de igualdade co castelán, e estamos moi lonxe, moi lonxe, malia os comentarios que se verteron aquí, de que a competencia do alumnado en galego sexa similar á que ten en castelán.

Alén disto, a implantación de centros plurilingües derivou na exclusión e marxinação da nosa lingua coma unha lingua vehicular, sen que tampouco se avanzase no coñecemento das linguas estranxeiras nin se apostase...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



A señora CUÑA BÓVEDA: ...—remato xa— por un plurilingüismo inclusivo.

Polo tanto, apoiamos esta iniciativa porque defender a nosa lingua é defender a democracia, os dereitos humanos e a nosa cultura non é unha cuestión de Perogrullo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Saudamos agora os alumnos de 5^o e 6^o de primaria do Centro Plurilingüe Ría de Vigo, en Oia, e tamén os seus acompañantes, os profesores. Benvidos ao Parlamento. (*Murmurios.*)

Silencio, por favor. Silencio.

E agora ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Benvidas e benvidos o alumnado deste instituto que nos acompaña hoxe pola tarde.

Unha cuestión, antes de comezar coa estrutura da intervención que eu tiña preparada. ¡Ollo con facer esas referencias aos dereitos lingüísticos que blinda a Constitución española! Porque precisamente o artigo 3 desa Constitución é o que sostén a supremacía do castelán (*Aplausos.*) e foi o que provocou que se declarase inconstitucional unha parte do artigo 1 da Lei de normalización lingüística (*Aplausos.*) que establecía o deber das galegas e dos galegos de coñecer a nosa lingua propia. Sentenza 8486 do Tribunal Constitucional.

Deixando isto aquí, á marxe, déixenme que lles lea algo en perfectísimo castelán para que nos entenda el amado líder, el señor Pablo Casado: «*Habrá que recordarle a este señor...*» —este señor é o presidente nada máis e nada menos que do Estado, de momento, independente e soberano de México, o señor López Obrador— «*...que los españoles fuimos allí y acabamos con el poder de tribus que asesinaban con crueldad y saña a sus vecinos. Y por eso unos pocos, ayudados por los que eran perseguidos y esclavizados, se conquistó y civilizó esa tierra*». Así é como explica o Partido Popular a colonización de América. E lembraranos esta frase —aínda que lles poida parecer que está nunha latitude moi distante ao que estamos a falar neste debate, pareceralles moi distante— doutro insigne ministro do Partido Popular, que dicía: «*el objetivo es...*» —en referencia á LOMCE— «*...españolizar a los niños catalanes*». (*Aplausos.*) Esta é a xente á que se lle pide que respecten os dereitos lingüísticos dos pobos (*Aplausos.*) e á que tamén se lle pide que garantan e respecten os dereitos culturais e lingüísticos do noso país. Eu creo que as dúas frases que lles acabo de ler resumen sobradamente un supremacismo absolutamente noxento. (*Aplausos.*)



Os informes —algúns xa se referiron aquí nas anteriores intervencións aos informes e estudos sociolingüísticos— todos, absolutamente todos, desde o Consello de Europa ao abeiro da Carta europea de linguas rexionais e minorizadas, aos informes da Academia Galega, aos informes do Consello da Cultura, aos informes do Instituto Galego de Estatística ou da Mesa pola Normalización Lingüística, sinalan que a única discriminación lingüística que se vive no noso país é a que padecen diariamente as persoas que libre e soberanamente queren vivir a súa vida en galego, (*Aplausos.*) as persoas que queren vivir a súa vida plena e libremente en galego.

A obriga que se establece na lexislación galega de acreditar o coñecemento da lingua propia deste país por parte das persoas que queiran ingresar na función pública e traballar na función pública é a condición básica mínima para poder garantir os dereitos lingüísticos daquelas persoas que queremos vivir libre e plenamente na nosa lingua. E, polo tanto, é unha cuestión de dereitos fundamentais que atinxen ao conxunto da poboación, sexan ou non galegofalantes, sexan ou non utentes, usuarias ou falantes da lingua galega na súa vida habitual.

O que se propón con esa Ley de linguas, que ademais é que xa o nome rezuma olor a naftalina —diciase pola mañá— e un pensamento absolutamente supremacista e reaccionario, é unha vulneración flagrante dos dereitos lingüísticos. É un ataque directo aos dereitos lingüísticos das galegas e dos galegos. Unha proposta que non é do señor Casado, é unha proposta do Partido Popular, da mesma maneira que o foi a LOMCE, (*Aplausos.*) da mesma maneira que o foi o decretazo no ano 2010 e todos os pasos atrás que xa se teñen dado aquí, en Galiza, nos últimos dez anos en materia de política lingüística. O único que evidencia é un odio absoluto á diversidade e unha visión absolutamente etnocéntrica e uniformadora da realidade.

Desde o BNG imos apoiar sen emendas nin condicións a moción que presenta hoxe o Partido Socialista. É un acordo, sen menosprezalo en ningún caso, que entendemos de mínimos na defensa dos dereitos lingüísticos e dos dereitos nacionais deste país. Pero, sobre todo, eu creo que é un acordo ao redor dunha realidade, e é que somos galegas, somos galegos, temos unha lingua propia, e ningunha persoa nin a cincocentos quilómetros de distancia, por moi presidente do Goberno que pretenda ser do Estado español, pode negarnos os dereitos máis elementais pola nosa condición de galegas e de galegos. (*Aplausos.*)

Pola miña banda, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Boa tarde tamén aos nenos e nenas que nos acompañan hoxe no Parlamento.



Señor Álvarez, vostede remataba a súa intervención dicindo que, de non aprobarse esta moción, nos atoparíamos nun escenario incerto. Eu voulle dicir unha cousa: atoparíamos nun escenario incerto se agora de repente decidíramos derogar o Decreto de plurilingüismo. Porque vostede sabe que derogar un decreto que previamente derogou a normativa existente levaríanos a un escenario no que non teríamos normativa sobre este particular, co cal, iso si que sería un escenario incerto. Dígoo por sinalar unha contradición na súa argumentación, que hai máis, hai bastantes máis.

Miren, eu sinceramente non entendo. Aquí chegaronse agora a esgrimir termos como odio, etnocentrismo, supremacismo —dicía a señora Rodil—. Eu non sei por que se empeñan permanentemente en falar daquilo que nos une utilizando termos de confrontación e de separación. Para nós a lingua é un elemento de unión e de cordialidade. Vostedes intentan, unha e outra vez, converter a lingua en elemento de confrontación. *(Aplausos.)*

Pero, miren, o problema disto é que ao final aquí non é o que diga o Bloque Nacionalista Galego, non é o que diga o Partido Socialista, non é o que diga En Marea, non é o que diga o Grupo Parlamentario Popular, senón que, en definitiva, quen ten que marcar o camiño que seguimos nas nosas políticas é a sociedade galega, é Galicia, a cidadanía libre do pobo galego. Eses son os que marcan e os que deciden cales son as políticas que ten que seguir un goberno responsable.

Vostedes obvian, unha vez máis, unha cuestión. Saben perfectamente que a política lingüística do Goberno da Xunta de Galicia... é máis, a señora Cuña facía unha referencia a que a política existente no programa electoral do Goberno galego, do Partido Popular que hoxe goberna en Galicia, non fora, ou que vostede non cría que fora, elaborada escoitando a sociedade. Dígolle máis, é que non só foi elaborada escoitando a sociedade, é que foi referendada pola sociedade galega, dende que está en vixencia este decreto do que vostedes falan, en dúas ocasións, e ademais aumentando o apoio cidadán a esta política lingüística. *(Aplausos.)* Polo tanto, como vostedes comprenderán, nós somos un grupo parlamentario que non está aquí para defender as teses daqueles que nos queren confrontar con aquilo que nos une. Nós estamos aquí para traballar ao servizo da cidadanía galega, que —xa digo— cada vez que se lle consulta nos di que no ámbito da política lingüística algo estamos facendo ben.

Miren, ao final tamén hai datos que hai que poñer enriba da mesa e que vostedes, evidentemente, non poñen porque son datos que deixan o seu argumento nunha posición moi débil e moi delicada.

Se realmente o decreto é tan negativo como vostedes queren pintar, ¿por que os datos nos din que nos atopamos no momento con maior grao de coñecemento da lingua galega dende que se fai a medición?

Digo máis, vostedes pretenden, unha e outra vez, establecer unha comparativa velada con outras comunidades autónomas. Díxolle o conselleiro na interpelación do Pleno pasado. Nós estamos orgullosos de que o modelo lingüístico de Galicia sexa un referente para o resto das autonomías con lingua propia. De feito, revisen vostedes os datos de calquera outra comunidade autónoma con lingua propia, o nivel de uso desa lingua e o nivel de coñecemento



desa lingua nesas comunidades, e probablemente se dean conta —se non queren poñer un velo que non lles deixe ver a realidade— de que a política lingüística galega é acertada e un modelo e un referente para o resto das comunidades autónomas. (*Aplausos.*) ¡Xa lle gustaría ao resto de comunidades autónomas con lingua propia contar cun dominio da lingua propia como se ten en Galicia por parte de toda a cidadanía! ¡E cun uso!

Vostedes moitas veces recriminan o tema do uso, pero saben perfectamente que os datos oficiais din que a lingua galega é a lingua cooficial dunha comunidade autónoma máis usada no seu territorio. Un 72 % da poboación declara falar con normalidade e habitualmente a lingua galega. Polo tanto, volvemos ao que dicíamos inicialmente, ¡claro que é un debate artificial! Vostedes pretenden trasladar á cidadanía unha imaxe e un debate político que na cidadanía non existe. Algo que eles ven con absoluta normalidade vostedes queren convertelo nun problema.

Estamos unha vez máis —e si que se falaba antes noutras mocións— en contexto de campaña, claro, e parece que de repente a oposición no Parlamento de Galicia quixo volver sacar a pasear o dóberman, e neste caso sacaron o dóberman lingüístico. Entón fan referencia a unhas declaracións, establécense no terreo da hipótese, falan dunha normativa que non existe nin hai nada sobre a mesa referente a ela pero que vostedes xa dan como certa, e entón queren trasladar esa imaxe de confusión á cidadanía para intentar dicirlle: ¡Ui, que perigo... —como dicían vostedes— ...que queren acabar co galego! Home, ¡sexamos serios! Sinceramente, ¡sexamos serios!

Afortunadamente —e eu creo que xa non vou insistir máis nesta cuestión—, a sociedade galega ten demostrado ao longo destes anos que é unha sociedade intelixente, unha sociedade responsable, unha sociedade que defende o seu e que defende a súa identidade, a súa cultura e a súa lingua. E saben vostedes perfectamente que a mellor forma coa que manifesta esa defensa da sociedade, da identidade e da lingua galega a sociedade galega é depositando o voto para o Partido Popular, como así fan unha e outra vez cada vez que se lles pregunta. Porque nós, igual que eles, estamos na defensa da nosa cultura, da nosa identidade e da nosa lingua. (*Aplausos.*)

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Grupo autor da moción, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Fernández Gil, antes de nada, é certo que os galegos e as galegas depositaron o voto para o Partido Popular, pero dáme a impresión de que tamén o depositaron para algún que outro grupo parlamentario, porque, desde logo, a min a acta de deputado non me tocou nunha tómbola. Iso para empezar.

Mire, resulta evidente que están vostedes extraordinariamente incómodos coas declaracións do señor Casado. É tan evidente que vostede non fixo unha soa referencia, máis que



ao final, a unha hipotética situación que se daría, o resto estivo falando todo o tempo do decreto, por algo será... (*O señor Fernández Gil pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, si si, claro, é que ese é un dos catro puntos que ten a moción, pero vostede falou todo o tempo do decreto.

Pero, mire, con respecto á derogación do decreto famoso en cuestión, ¡home!, paréceme francamente prescindible que ante a Cámara do Parlamento autonómico de Galicia teña eu que explicar que a derogación supón que se cambie ese decreto por outro, non que quedemos sen normativa. ¡Ata aí creo que chegamos todos! (*Murmurios.*) Evidentemente, cando falamos de derogación, falamos de publicar un decreto distinto que o derroque. Pero, bueno, se hai que facer así... (*Murmurios.*), de agora en adiante, antes de vir facer calquera intervención, pasarei por unha froitería e comprarei mazás para explicalo ou, no seu defecto, farei un esquema para entendernos todos. Sobre todo, non porque vostede non sexa quen de entender, senón porque ao mellor eu non me explico ben e requiro dalgún tipo de apoio instrumental para facer ben notorias as miñas declaracións. (*Murmurios.*)

A nosa moción é unha cuestión proactiva, evidentemente, no que se refire aos puntos 2, 3 e 4. E tal e como dixó a señora Rodil, tan é de mínimos o que pedimos que é o que está na lei hoxe, nada máis. Por iso lles vou facilitar a votación por puntos, separada a do punto 1 por un lado e a dos puntos 2, 3 e 4 por outro, para que vostedes poidan dicir. Porque supoño que se van opoñer ao mantemento ou derogación ou o termo que queiran empregar —creo que nos entendemos— do Decreto do ano 2010, pero é para que tamén se manifesten politicamente no Parlamento de Galicia sobre se hai que garantir, se hai que manter, as condicións actuais que están na lexislación.

Simplemente é iso. Voulles dar a oportunidade de que vostedes digan se queren garantir e manter ese marco normativo ou se, pola contra, lles parece innecesario porque, como xa está na lei e as leis son algo que todos sabemos que despois das táboas de Moisés son inmutables e non se poden modificar, non imos ter que preocuparnos porque van seguir así *a divinis*. A realidade é esa.

Polo tanto, tendo en conta que estamos a falar, ¡fíxese vostede!, dun Real decreto do ano 2007 que nin o Goberno de Rajoy modificou en ningún momento para establecer as condicións de acceso á función pública docente. Estamos a falar da Lei de normalización lingüística en canto ao coñecemento do galego por parte dos alumnos, e, polo tanto, creo que vostedes poderán votar a isto que si. Agora ben, se non se atreven a diferenciarse da doutrina do señor Casado, pois voten en contra e xa está. Non hai por que manter esta normativa porque preferimos outro modelo. É así de sinxelo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Finalizado o debate, procedemos á votación das mocións.



Pechen as portas, por favor.

Imos comezar coa primeira, que é a de do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa da señora Presas Bergantiños.

Estaba pendente unha transacción. ¿Pódea ler?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Imos facilitar a votación por puntos. Entón, votariamos os puntos 1, 3 e 4, o punto 2 e 5 e o punto 6. E no punto 6 engadiríase «despois de industria galega», «e nos demais consumidores». Está falado cos voceiros dos demais grupos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pois entón, comezamos votando os puntos 1, 3 e 4 desta moción.

Votamos.

Votación dos puntos 1, 3 e 4 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co sector da industria electrointensiva galega e o expediente de regulación de emprego temporal presentado por Ferroatlántica.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes tres puntos.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora os puntos 2 e 5.

Votamos.

Votación dos puntos 2 e 5 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co sector da industria electrointensiva galega e o expediente de regulación de emprego temporal presentado por Ferroatlántica.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes dous puntos por 70 votos a favor.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos o punto número 6 coa engádega que relatou a señora Presas.

Votamos.



Votación do texto transaccionado do punto 6 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co sector da industria electrointensiva galega e o expediente de regulación de emprego temporal presentado por Ferroatlántica.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do señor Sánchez.*

Está pendente unha transacción co Grupo Parlamentario Socialista. (O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)

¿A emenda era de engádega ou de que era? ¿Acéptaa?

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: *O punto 2 é de engádega.*

O señor PRESIDENTE: *¿É de engádega? Se é de engádega xa está.*

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: *Hai unha que substitúe o punto 2 e hai un punto de engádega.*

O señor PRESIDENTE: *Vale.*

¿Entenderon? (Murmurios.) Perfecto. Votamos. Hai que saber o que se vota. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, non, é conveniente sabelo todo o mundo. Eu son o primeiro que teño que telo claro.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de vivenda protexida.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: *Falta un voto. ¿Non é ninguén? Non quixo votar. Vale, xa está. (Murmurios.) Queda rexeitada. (Murmurios.) Non, non, é así. Exactamente. Pero eu comunicoo porque todo isto despois se fai público. Xa está. Non o digo por nada máis. (Murmurios.)*

Ben, votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez.



(O señor Álvarez Martínez pide a palabra.)

Perdón, ¿sobre a emenda de En Marea?

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Pido desculpas porque non me manifestei sobre a emenda.

Aceptaríamos o punto 1, que engade unha frase ao punto 1 da nosa moción, e non aceptamos o 2, que engadiría unha frase ao punto 2. Por outro lado, como xa indiquei, pedimos a votación separada por puntos. O punto 1 por un lado e os puntos 2, 3 e 4 por outro. Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Entón votamos, en primeiro lugar, o punto 1 coa engádegas que acaba de relatarnos. Votamos.

Votación do texto transaccionado do punto 1 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia lingüística.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos os puntos 2, 3 e 4. Votamos.

Votación do texto transaccionado dos puntos 2, 3 e 4 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia lingüística.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes puntos por setenta votos a favor.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións destas mocións. Abran as portas, por favor.

Continuamos co punto 5º da orde do día, de proposicións non de lei. Neste caso, co debate acumulado das proposicións non de lei número 1 e número 6, unha do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Noa Presas Bergantiños, e outra do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de Dª Marta Nóvoa Iglesias.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Noa Presas Bergantiños e cinco deputados máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa industria electrointensiva



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co establecemento dun marco enerxético estable e un prezo eléctrico competitivo consensuado co sector electrointensivo, así como a actuación que debe levar a cabo respecto da presentación dun expediente de regulación de emprego temporal na empresa Ferroatlántica

O señor PRESIDENTE: A do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Galego ten unha autoemenda e unha emenda dos Grupos Parlamentarios Popular, Socialista e de En Marea. A do Grupo Parlamentario Popular ten tamén unha autoemenda e outra do Grupo Parlamentario Socialista, do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea.

(O G. P do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 42194)

Emenda de adición.

Engadir un novo punto, que pasaría a ser o 5, co seguinte texto:

«5. Asumir como propias as liñas básicas reclamacións remitidas polo Comité de Empresa de Alcoa-San Cibrao e incorporalas como alegacións da Xunta de Galiza ao borrador de Estatuto de Consumidor Electrointensivo:

- modificar o sistema tarifario para que as industrias hiper-electrointensivas non soporten as seguintes peaxes que non forman parte do custo de produción da enerxía: Primas renovábeis, custes extrapeninsulares, pagos por capacidade, 2º parte do ciclo do combustible nuclear e déficit tarifario. Peaxes que deben ser asumidas polos Orzamentos do Estado para non repercutir no resto de consumidores.*

Por esta rebaixa no prezo da tarifa eléctrica, co esforzo social que supón pasar estas peaxes aos Orzamentos, as empresas, que se acollan a esta tarifa, deberá manter o emprego propio e fixo en todos os seus centros de traballo., así coma que garantan a adecuación ás novas tecnoloxías. Medidas que deben ser controladas pola Administración Pública.

- Con cargo aos Orzamentos do Estado, a industrias hiper-electrointensivas terá a máxima compensación permitida pola UE, por CO₂, por competir con industrias semellantes instaladas noutros países onde non se limitan as emisións de dióxido de carbono.*

- Lexislar as opcións de contratos bilaterais entre as empresas hiper-electrointensivas e as compañías eléctricas segundo o modelo francés que permite asinar contratos a longo prazo, 10 anos. Favorecendo así plans industriais e de inversións.*

- Ademais, para producir unha rebaixa xeral no prezo da electricidade, sen que repercuta no funcionamento do sector eléctrico, haberá que retirar do mercado maiorista (pool) as centrais hidráulicas e nucleares, que pasarán a cobrar por custes recoñecidos a proposta da CNMC.*



• De manterse algún tipo de compensación pola interrompibilidade dentro do regulamento do Estatuto de Consumidores hiper-electrointensivos esta será como mínimo de carácter trianual.

• Até entrada en vigor desta nova tarifa, que é urxente e inaprazable, manteranse con carácter transitorio para as industrias electrointensivas as poxas anuais da interrompibilidade, mantendo a media dos importes dos últimos anos, cos mesmos bloques e recuperando o preaviso de parada de 2 horas.>>)

(O G. P Popular de Galicia, a través do seu portavoz, por iniciativa do deputado Miguel Tellado Filgueira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de Lei. (doc. núm. 42194)

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

<<O Parlamento de Galicia, insta a Xunta de Galicia a:

1. Demandar ao Goberno que Rectifique o borrador do Estatuto dos Consumidores Electrointensivos e esta vez se teña en conta as alegacións que a Xunta consensou coas empresas electrointensivas galegas para conseguir un prezo competitivo e estable da electricidade:

Incluír unha categorización das empresas electrointensivas diferenciando entre consumidores electrointensivos, consumidores altamente electrointensivos e consumidores hiperelectrointensivos co obxectivo de que se poidan atender as necesidades concretas de cada empresa en función do consumo enerxético que teña o seu proceso produtivo.

Establecer compensacións polo pagamento de renovables, sobre todo, para as empresas que teñan unha maior carga no seu custo enerxético vinculado ao custo das renovables.

Habilitar o dereito ás compensacións desde o punto vista fiscal e dos descontos por peaxe, dous aspectos que teñen unha incidencia directa no custo enerxético que asumen as empresas electrointensivas.

Introducir as compensacións que habilita a propia Comisión Europea derivadas das propias poxas de CO₂ coa finalidade de permitir unha suficiencia financeira axeitada para dar resposta ás empresas electrointensivas.

Que estas medidas sexan retroactivas desde o 1 de xaneiro co obxectivo de que as empresas poidan ter unha certeza sobre os custos enerxéticos que terán que asumir durante 2019.

2. Demandar ao Goberno as modificacións normativas necesarias para que a planta de Alcoa na Coruña poida participar na poxa de interrompibilidade do segundo semestre do ano, así como do resto de empresas electrointensivas que viñan participando desde Galicia.

3.- Demandar ao Goberno máxima transparencia e máxima cooperación institucional respecto ás empresas ou fondos que están interesados en Alcoa Coruña, coa finalidade de garantir a unidade de acción en favor dos traballadores e as súas familias.



4. *Seguir mantendo o contacto cos traballadores das empresas e cos seus representantes sindicais para acordar o mantemento da actividade industrial e para a defensa dos postos de traballo.»)*

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Álvarez, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 42194)

Emenda de modificación do punto 4.

Débase substituír o punto 4 da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«4. Valorar a modificación da escala de tarifas de alta tensión para crear unha nova tarifa destinada especificamente a industria Electointensiva e Ultra-electointensiva, que sitúe as baixadas medias en termos porcentuais da nova tarifa en termos similares aos descensos da nova tarifa 6.2 de media tensión.»)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 42194)

Emenda de supresión.

Débase suprimir o punto 4.

Emenda de adición.

Débase engadir os seguintes puntos:

«5.- Instar o Goberno do Estado a incorporar aos orzamentos xerais do Estado de todas as anualidades as compensacións por custos indirectos por emisións de gases de efecto invernadeiro sen límites as disponibilidades orzamentarias, se non en todo caso en función dos ingresos do Estado polos dereitos de emisións de CO₂ e co importe máximo autorizado pola UE.

6.- Instar ao Goberno do Estado a reconfiguración das poxas de interrumpibilidade, mentres non se desenvolva un novo sistema de xestión da demanda mais efectivo, para facelas mais sinxelas e competitivas, diferenciando en dúas categorías as empresas que poden acudir a elas: as que necesitan deste instrumento de xestión da demanda para garantir a súa viabilidade

(Hiperintensivas); e as que supoñe un incentivo de produtividade (Intensivas). Aplicar este criterio diferenciado tamén ao resto de axudas e bonificacións previstas no Estatuto dos Consumidores Electointensivos. (Hiperintensivas); e as que supoñe un incentivo de produtividade (Intensivas). Aplicar este criterio diferenciado tamén ao resto de axudas e bonificacións previstas no Estatuto dos Consumidores Electointensivos.

7.- Instar o Goberno do Estado a supresión da parte dos custos por pagos por capacidade e por servizo de interrumpibilidade. 7.- Instar ao Goberno do Estado a supresión da parte dos custos por pagos por capacidade e por servizo de interrumpibilidade.



8- Instar o Goberno do Estado a realizar bonificacións no imposto especial da electricidade.

9.- Instar o Goberno do Estado a realizar bonificación nos peaxes de transporte e distribución, cunha redución avaliada dos peaxes por perdas nos casos en que a industria faga un contrato bilateral cun produtor de proximidade.

10.- Instar o Goberno do estado a facer un estudo para a posible redución dos cargos para financiar as fontes de enerxía renovables.>>)

(O G. P Popular de Galicia, a través do seu portavoz, por iniciativa do deputado Miguel Tellado Filgueira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm 46854)

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

<<O Parlamento de Galicia, insta a Xunta de Galicia a:

1. Demandar ao Goberno que Rectifique o borrador do Estatuto dos Consumidores Electointensivos e esta vez se teña en conta as alegacións que a Xunta consensou coas empresas electointensivas galegas para conseguir un prezo competitivo e estable da electricidade:

Incluír unha categorización das empresas electointensivas diferenciando entre consumidores electointensivos, consumidores altamente electointensivos e consumidores hiperelectointensivos co obxectivo de que se poidan atender as necesidades concretas de cada empresa en función do consumo enerxético que teña o seu proceso produtivo.

Establecer compensacións polo pagamento de renovables, sobre todo, para as empresas que teñan unha maior carga no seu custo enerxético vinculado ao custo das renovables.

Habilitar o dereito ás compensacións desde o punto vista fiscal e dos descontos por peaxe, dous aspectos que teñen unha incidencia directa no custo enerxético que asumen as empresas electointensivas.

Introducir as compensacións que habilita a propia Comisión Europea derivadas das propias poxas de CO₂ coa finalidade de permitir unha suficiencia financeira axeitada para dar resposta ás empresas electointensivas.

Que estas medidas sexan retroactivas desde o 1 de xaneiro co obxectivo de que as empresas poidan ter unha certeza sobre os custos enerxéticos que terán que asumir durante 2019.

2. Demandar ao Goberno as modificacións normativas necesarias para que a planta de Alcoa na Coruña poida participar na poxa de interrompibilidade do segundo semestre do ano, así como do resto de empresas electointensivas que viñan participando desde Galicia.



3. Demandar ao Goberno máxima transparencia e máxima cooperación institucional respecto ás empresas ou fondos que están interesados en Alcoa Coruña, coa finalidade de garantir a unidade de acción en favor dos traballadores e as súas familias.

4. Seguir mantendo o contacto cos traballadores das empresas e cos seus representantes sindicais para acordar o mantemento da actividade industrial e para a defensa dos postos de traballo.»)

(O G. P dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Álvarez, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 46854)

Emenda de adición.

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

«4. Convocar unha Mesa Sectorial da Industria Electroatintensiva en Galicia para buscar posibles novos inversores, para facilitar que os posibles inversores coñezan as empresas e para desenvolver un programa específico de incentivos dentro das súas competencias.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 46854)

Emenda de substitución.

Substitución do texto do punto 1 polo seguinte:

«1. Asumir como propias as liñas básicas reclamacións remitidas polo Comité de Empresa de Alcoa-San Cibrao e incorporalas como alegacións da Xunta de Galiza ao borrador de Estatuto de Consumidor Electroatintensivo:

- modificar o sistema tarifario para que as industrias hiper-electroatintensivas non soporten as seguintes peaxes que non forman parte do custo de produción da enerxía: Primas renovábeis, custes extrapeninsulares, pagos por capacidade, 2º parte do ciclo do combustible nuclear e déficit tarifario. Peaxes que deben ser asumidas polos Orzamentos do Estado para non repercutir no resto de consumidores.

Por esta rebaixa no prezo da tarifa eléctrica, co esforzo social que supón pasar estas peaxes aos Orzamentos, as empresas, que se acollan a esta tarifa, deberá manter o emprego propio e fixo en todos os seus centros de traballo., así coma que garantan a adecuación ás novas tecnoloxías. Medidas que deben ser controladas pola Administración Pública. adecuación ás novas tecnoloxías. Medidas que deben ser controladas pola Administración Pública.

- Con cargo aos Orzamentos do Estado, a industrias hiper-electroatintensivas terá a máxima compensación permitida pola UE, por CO₂, por competir con industrias semellantes instaladas noutros países onde non se limitan as emisións de dióxido de carbono.



• *Lexislar as opcións de contratos bilaterais entre as empresas hiper-electrointensivas e as compañías eléctricas segundo o modelo francés que permite asinar contratos a longo prazo, 10 anos. Favorecendo así plans industriais e de inversións.*

• *Ademais, para producir unha rebaixa xeral no prezo da electricidade, sen que repercuta no funcionamento do sector eléctrico, haberá que retirar do mercado maiorista (pool) as centrais hidráulicas e nucleares, que pasarán a cobrar por custes recoñecidos a proposta da CNMC.*

• *De manterse algún tipo de compensación pola interrompibilidade dentro do regulamento do Estatuto de Consumidores hiper-electrointensivos esta será como mínimo de carácter trianual.*

• *Até entrada en vigor desta nova tarifa, que é urxente e inaprazable, manteranse con carácter transitorio para as industrias electrointensivas as poxas anuais da interrompibilidade, mantendo a media dos importes dos últimos anos, cos mesmos bloques e recuperando o preaviso de parada de 2 horas.»*

Emenda de adición.

Engadir un novo punto, que pasaría a ser o 4, co seguinte texto:

«4. Desenvolver os informes e estudos necesarios para esixir, como titular das concesións hidroeléctricas do río Xallas, que Ferroatlántica garanta a viabilidade das plantas tanto en Cee-Dumbría como en Sabón, mantendo os postos de traballo, a actividade produtiva e os investimentos precisos para cumprir cos requisitos de cesión. De non cumprirse, a Xunta de Galiza comprométese a desenvolver o proceso de reversión destas.»)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 46854)

Emendan nº 1 de Supresión.

Débese suprimir o punto 1.

Emenda nº 2 de Adición.

Débense engadir ao final da parte resolutive os seguintes puntos:

«4.- Advertir a Ferroatlántica de que o peche de fornos e o ERE por dous anos pon en perigo a viabilidade da factoría de Cee o que podería contravir as condicións da concesión das centrais hidroeléctricas.

5.- De persistir Ferroatlántica, despois da advertencia, no seu empeño de manter pechados os fornos e non reverter a solicitude de ERE, poñer en marcha un procedemento para reverter a concesión ao dominio público, pasando as centrais hidroeléctricas a ser xestionadas e explotadas pola Xunta de Galicia.



6.- *Poñer en marcha unha auditoría financeira para concretar os ingresos das centrais hidroeléctricas de Ferroatlántica dos últimos 10 anos. Da mesma maneira auditar todas as contas e resultados das mesmas para determinar se están a soportar cargas económicas improcedentes ou desmesuradas comparadas con prezos de mercado.*

7.- *Cos resultados da auditoría mencionada no punto 6 exixir a Ferroatlántica a facer as inversións necesarias nas súas factorías que garantan a súa viabilidade, segundo o que marcan as condicións da concesión das centrais.*

8.- *Cos resultados da auditoría mencionada no punto 3 exixir a Ferroatlántica o cumprimento da súa obriga, recollida nas condicións da concesión, de desenvolver un plan industrial para as súas factorías e para a comarca da Costa da Morte. Cousa que nunca fixo en todos os anos en que leva ostentada a concesión.*

9.- *Para mellorar a competitividade e garantir a viabilidade das súas factorías de Cee e Dumbría exixir a Ferroatlántica que utilice as posibilidades que como autoprodutor ten para conseguir uns costes de consumos eléctricos moi inferiores aos do mercado e totalmente competitivos cos das súas factorías situadas fora de Galicia.»)*

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, escomezamos o debate. En primeiro lugar, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Boa tarde de novo.

A ver se con esta iniciativa temos un pouco máis de sorte, pois xa que o Partido Popular presenta, acumulada a esta iniciativa, unha que orixinalmente falaba de Ferroatlántica e acaban de votar en contra de estudar a reversión das centrais do río Xallas, pois como nós tamén emendamos con ese punto a súa iniciativa, confío en que volvan ter unha oportunidade de reconsiderar iso.

Indo máis á cuestión, desde o Bloque Nacionalista Galego presentamos esta iniciativa porque estamos moi preocupadas pola crise industrial que vive o noso país, na mesma liña do que indicabamos na quenda anterior. Preocupadas porque no último ano, aínda medrando o volume total de ocupados e ocupadas, vemos como o noso país, no último ano enteiro, perdeu máis de 3.500 persoas ocupadas na industria. Estamos preocupadas porque avanzamos cara a unha economía fundamentada na tercerización e porque particularmente a industria electrotensiva está a vivir unha crise importante.

A situación de empresas como as que falamos antes, como Ferroatlántica ou como no que nos imos centrar agora, que é a situación de Alcoa, evidencian unha situación preocupante, á que se acaba de sumar esta semana pasada a ameaza da multinacional Alcoa sobre os seus centros de produción en San Cibrao, na Mariña Lucense, ameazando con cerrar un deles, o que xera unha alarma importante, vista tamén a situación da Coruña e a situación de Avilés, que están aínda lonxe de ter unha solución enriba da mesa, e a data do 1 de xullo está cada



vez máis cerca. Polo tanto, hai unha preocupación importante en todo o país que agora chegou tamén á Mariña Lucense, pola importancia que ten esta empresa nesta parte do país. Porque se na planta de alúmina, en Cervo, falamos de que se empregan a máis de 500 persoas, a de aluminio fai que o complexo industrial chegue a máis de 1.200, e se aínda por riba engadimos todo o que ten que ver coa industria auxiliar que depende exclusivamente de Alcoa-San Cibrao, podemos falar de máis de 2.000 persoas. Máis de 2.000 persoas que neste momento están preocupadas, que están mirando para as institucións, tamén para este Parlamento para que estea á altura, e ás que queremos transmitir todo o noso compromiso e solidariedade.

Esta situación —como digo— evidencia, baixo o noso punto de vista, o absoluto fracaso do modelo de poxas de interrompibilidade e do modelo industrial, tanto do que deseñou o Partido Popular no Goberno central como dese modelo que non se atreveu a modificar de forma substancial o Partido Socialista con valentía, e tamén é unha responsabilidade da que non está exenta a Xunta de Galiza, polas súas responsabilidades en planificación económica e industrial e tamén pola súa responsabilidade por non querer escoitar.

Só no que levamos de lexislatura, por parte deste grupo parlamentario, mais tamén por parte doutros, fixéronse propostas unha e outra vez a respecto deste sector da nosa economía. Propuxemos unha e outra vez neste Parlamento, cando o señor Rajoy facía modificacións nos tempos e nas formas das poxas de interrompibilidade. Unha e outra vez propuxemos que tiña que haber unha avaliación do que iso supoña para Galiza, e vostedes votaron en contra. Unha e outra vez solicitamos que tiña que haber unha mesa plural, participada por todos os sectores, para analizar o que estaba acontecendo, e vostedes votaron unha e outra vez en contra. Viñeron un pouco ao rego constituíndo unha coa patronal, pero continúa a faltar a parte social. Nós sabemos que o sindicato maioritario do país lles dá un pouco de alerxia, pero tamén é o sindicato maioritario do sector electrointensivo, e o mínimo debería ser sentarse con eles a falar das propostas que xa remitiron por escrito hai meses.

Tamén teñen alerxia das reivindicacións dos comités de empresa. Nós hoxe incorporamos, mediante esa autoemenda, as reivindicacións concretas que este mesmo luns trasladaron os traballadores e traballadoras de Alcoa-San Cibrao ás miñas compañeiras Pontón e Rodil. E presentamos tamén, no que vai de lexislatura, dúas proposicións de lei de modificación do sector eléctrico, ¡dúas!, unha delas cun amplo desenvolvemento do que debería ser o camiño de transición da enerxía para as empresas electrointensivas. E vostedes, aínda tendo ameazas sobre Alcoa e sobre Meirama enriba da mesa, votaron en contra, porque é máis fácil queixarse e aproveitarse de que agora mesmo no Goberno central hai outra forza política, que sentarse a dialogar e ter unha estratexia de país.

Nós dicímoslles, señorías do Partido Popular, que ¡basta xa! É hora de sentarse e de ter un pouco de responsabilidade, con independencia de quen goberna ou deixa de gobernar en Madrid, señorías, porque este momento histórico require de seriedade.

E como desde o BNG non temos ataduras e non casamos con ninguén, facemos a mesma crítica e coa mesma contundencia estea quen estea en Madrid. Por iso, hoxe insistimos en que é absolutamente inaceptable, hai que dicilo, e tamén vai incorporado na nosa iniciativa,



o que está a acontecer co estatuto electrointensivo. É inaceptable que semana a semana se fora demorando a previsión do seu prazo. É obsceno que se nos diga que se vai aprobar dous días antes das eleccións xerais. E é unha tomadura de pelo o borrador que vimos a semana pasada.

Pero ese borrador tamén nos devolve no espello o que representa a Xunta de Galiza, tamén nos devolve no espello o nulo peso político que ten o señor Núñez Feijóo na política estatal, porque a Xunta de Galiza presentou alegacións e foron practicamente ignoradas. Polo tanto, a nosa crítica vai para o Estado, pero vai tamén para a Xunta de Galiza polo seu papel.

E xa presentamos —diciáo na miña intervención anterior— alegacións ao respecto, porque entendemos que este estatuto é insuficiente; a rebaixa do prezo é absolutamente ridícula; e non inclúe compensacións tampouco para Galiza, malia sermos produtores netos. Sobre todo porque non ten garantías de emprego e actividade produtiva, e se algo deberíamos ter aprendido deste fracaso é que precisamente hai que exixir mantemento do emprego e da actividade produtiva, porque o que non pode ser é facer un esforzo colectivo que sae dos nosos petos para que as industrias se enriquezan e logo pechen e deixen miseria.

A nós o que nos parece indecente é que, por riba, non se estea a valorar con seriedade que Galiza debe ter unha postura propia. Polo tanto, tamén nas nosas alegacións incorporamos a demanda dunha negociación bilateral, porque non nos cansaremos de repetir que lle tería ido moito mellor a Galiza se o señor Núñez Feijóo tivera abandonado o seu casposo centralismo para negociar directamente esta cuestión co Estado.

Eu traio aquí un titular desta mesma semana que eu creo que debería avergoñar a calquera e que debería facer que reflexionaran sobre estas cuestións que din de que o problema é o prezo da electricidade, pero despois votan en contra das propostas para abaratalo.

E di este titular: «A nova rebaixa da luz industrial, cinco veces inferior á que logrou o País Vasco cos gobernos de Rajoy e de Sánchez». Cinco veces inferior: 4,2 euros por megavatio fronte aos 23 euros obtidos noutras negociacións políticas. Polo tanto, cremos desde o BNG que hai motivos máis que suficientes para que corrixan esta situación, porque mentres vemos que outros gobernos capitanean ese tipo de negociacións e defensa do seu país —as comparacións son odiosas—, o certo é que o Goberno do Partido Popular deixa bastante que desexar, e o certo é que agora estamos en conta atrás: conta atrás en Alcoa-Coruña, conta atrás en Ferroatlántica e conta atrás, seguramente, tamén en San Cibrao, se non poñemos solucións políticas a problemas políticos.

Polo tanto, hoxe vimos reivindicar aquí unha serie de medidas que entendemos urxentes, necesarias e realistas de toda vez. En primeiro lugar, que a Xunta de Galicia e este Parlamento demandemos a retirada dos ERE a calquera destes centros de produción. Que digamos alto e claro que non admitimos chantaxes nin para Alcoa-Coruña nin para Alcoa-San Cibrao.

Tamén que se constituía, por fin, esa mesa de traballo que eternamente se prometeu en declaracións institucionais e en proposicións non de lei, vulnerando o compromiso que debería



ter o Goberno con este parlamento, e que aí estea incorporada tamén a parte social sen exclusións, porque non está o momento como para andar promovendo exclusións.

Se tan convencidos están de que, efectivamente, o problema é o prezo da luz, tamén defendemos que debe mudarse o actual sistema de poxa por un sistema tarifario industrial e predecible. E tamén non renunciamos ao debate de que pola nosa condición de produtores deberíamos ter unha bonificación extra.

Ademais, como mostra de que hoxe vimos dispostas ao consenso, incorporamos á nosa proposta literalmente as iniciativas que nos trasladaba o Comité de empresa de Alcoa-San Cibrao esta mesma semana. Queremos que a Xunta de Galiza as asuma como propias. O prazo para as incorporacións das alegacións ao Estatuto electrointensivo remata mañá, polo tanto, hai tempo, hai posibilidades, se hai vontade política, de que a Xunta de Galicia exerza de Goberno de país, exerza do papel que está reclamando agora mesmo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...a crise de San Cibrao e asuma como propias estas reivindicacións que xa teñen todas as súas señorías por escrito, e que, polo tanto, en lugar de vir aquí buscar autoaplausos ás alegacións xa fracasadas da Xunta de Galiza, se veña aquí defender cos traballadores e traballadoras que queremos unha alternativa e que a queremos xa.

Grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Estas son as alegacións ao Estatuto da industria electrointensiva presentadas onte polo Goberno galego para facer fronte a este problema. Polo tanto, non se lle pode pedir a ninguén que faga mañá o que fixo onte, porque a Xunta fixo os seus deberes e a Xunta defendeu dende o primeiro momento a industria electrointensiva, e o que é máis importante, os empregos que dependen desas industrias.

A primeira vez que trouxemos a este Parlamento unha iniciativa sobre a situación de Alcoa, alá polo novembro de 2018, apenas un par de semanas despois de anunciarse o seu peche, expresamos dende o Grupo Parlamentario Popular varias cuestións. A fundamental: a nosa preocupación polos postos de traballo, a nosa preocupación polos empregos. Tamén expresamos a nosa loubanza a que todas as administracións pola súa vontade de diálogo traballasen xuntas.

Máis alá de cores políticas, conseguimos subir ao mesmo barco á Xunta de Galicia, ao Principado de Asturias, ao Concello da Coruña e ao Concello de Avilés. Pero tamén advertimos



naquel momento que albiscábamos certa pasividade por parte do Goberno central, que podería producir un efecto contaxio noutras industrias electrointensivas.

Catro meses despois, a situación non só non mellorou, senón que, certamente, é moito peor. Seguimos preocupados, e máis ca nunca, pola situación na que quedan os milleiros de empregos que dependen da industria electrointensiva. Como previamos, a desidia do Goberno socialista está deixando no limbo a toda a nosa industria. Somos vítimas dun presidente —xa o dixemos— que traballa en modo avión, en modo *Falcon*, que non enfrenta ningún problema, que sobrevoa sobre todos eles e que agarda que ou ben pasen no tempo ou que os solucione outro. Ese é o ínclito señor Sánchez.

E por se isto fose pouco, a cooperación entre administracións revelouose claramente insuficiente, porque é difícil cooperar con alguén que non quere facelo. O Goberno central, ese que presume de ser dialogante con aqueles que incumpren a lei, ese goberno é o que non quixo escoitar nin un minuto as propostas que tiña que facer a Xunta de Galicia en coordinación co sector e en coordinación cos traballadores. Dese xeito, Pedro Sánchez tense convertido no maior perigo que afronta hoxe a industria española e, por extensión, a industria galega.

Pedro Sánchez, co seu dieselazo e os seus titulares apocalípticos sobre o final dos motores de combustión, incidiu negativamente no mercado da automoción. Aí está a baixada de pedidos; un sector do que dependen 20.000 postos de traballo directos na nosa comunidade.

Pedro Sánchez, cos seus atrasos inxustificables nas ordes de execución das fragatas F-110, está a comprometer un proxecto que aseguraba carga de traballo para o naval ferrolano, durante os próximos dez anos, para 7.000 traballadores da industria naval galega. Pedro Sánchez, coa proposta intransixente e fundamentalista da ministra de Transición Ecolóxica, xa conseguiu poñerlle data de peche á central térmica de Meirama e xa anunciou que a súa vontade é que a central térmica das Pontes peche quince anos antes do que a normativa comunitaria lle permitiría. Pedro Sánchez, co seu abandono a Ence, pon en cuestión a continuidade da fábrica de Pontevedra e, con ela, a continuidade dos 5.000 postos de traballo do sector forestal, así como...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, señora Vilán.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...das 80.000 familias que obteñen ingresos da venda de madeira, 300 millóns de euros cada ano. Ese é Pedro Sánchez.

Supoño que todos os que levan aquí anos e anos defendendo que pechen empresas, estarán moi contentos, jese é o seu presidente! Dende logo, non é o presidente que nós queremos para España porque non é o presidente que, dende logo, beneficie o conxunto dos españois. Estamos convencidos de que ese é o verdadeiro problema que enfrentamos de aquí en adiante. A inoperancia deste goberno vai levar a Galicia e á súa industria a unha situación límite se non lle poñemos remedio. E é moi difícil facer máis dano en tan pouco tempo, moi difícil. Non é que Sánchez non sexa quen de resolver un só problema, é que o problema deste país se chama Pedro Sánchez, jesa é a realidade!



Traemos esta iniciativa que insiste na necesidade de afrontar este problema e poñer solucións reais encima da mesa. Queremos feitos, porque o tempo se está esgotando para os milleiros de familias. Os galegos que dependen da industria electrointensiva non están pensando no 28 de abril, para iso xa están os socialistas, están pensando no futuro dos seus postos de traballo, que non se pode atrasar todo ao 26 de abril, que é a data que máis lle convén ao señor Pedro Sánchez e aos que o defenden aquí en Galicia. Por certo, parece ser que non son só os socialistas, son tamén os potenciais socios.

Como saben, a Xunta mantivo a semana pasada unha xuntanza coas empresas electrointensivas galegas para validar as alegacións que se teñen presentado ao borrador do Estatuto presentado polo Goberno, que en vez de achegar solucións xera máis incertezas e máis inestabilidade. Non o dicimos nós, dino os traballadores. Son os propios traballadores os que alertan dos riscos deste estatuto que non resolve absolutamente nada. Un estatuto que pon en perigo non só o futuro de Alcoa na Coruña, senón tamén o futuro da planta de San Cibrao, así como dos 5.000 empregos vinculados a toda a industria electrointensiva galega.

Xa no momento da súa presentación lamentamos que no borrador do Estatuto non se recollen medidas para reducir as peaxes, medidas para atender a fiscalidade, deixando de atender a gran maioría das propostas que anteriormente presentáramos dende Galicia.

Nada se di nese estatuto de crear a figura do consumidor electrointensivo, hiperelectrointensivo, nin de reducir nun 90 % as peaxes de acceso na parte relativa ao custo do transporte; non se ofrecen as garantías necesarias para aplicar a compensación por emisións de CO₂; e as exencións de pagos por ininterrompibilidade e por capacidade que propón son claramente insuficientes.

O certo é que o Falcon debe estar moi ben insonorizado porque o presidente non escoita a ninguén: non escoita o Goberno galego, non escoita nin sequera o Principado de Asturias, gobernado polo Partido Socialista, non escoita os traballadores, non escoita os sindicatos. ¡Moi insonorizado debe estar o Falcon!

A transición enerxética non pode provocar a desconexión industrial de Galicia. A falta de decisións de goberno pode desencadear situacións dramáticas para o sector industrial galego, ameazando 10.000 postos de traballo só nestas empresas.

O Goberno ten que dar explicacións, dunha vez por todas, de por que non regula medidas que si se están aplicando noutros países da Unión Europea, e que permitirían ás empresas electrointensivas galegas ser máis competitivas, ao contar cun prezo eléctrico estable durante os próximos cinco anos.

Cada decisión do Goberno é un paso atrás no futuro de Alcoa, no futuro de Ferroatlántica e de toda a industria electrointensiva. A súa improvisación e falta de criterio o único que está a xerar é incerteza. E o que aínda é máis grave, non se ofrece ningunha solución; porque o problema nunca vai ser o que ofrezca solucións. Un paso atrás é que Rede Eléctrica Española e o Goberno non sexan capaces de poñerse de acordo e fixen un criterio único sobre as plantas de Alcoa na Coruña e Avilés para poder participar na poxa de interrompibilidade do se-



gundo semestre do ano. E un paso atrás é que a ministra de Economía asegure que a proposta do Estatuto presentada é o tope ao que están dispostos a chegar.

Ese estatuto é insuficiente, non vai arranxar o problema que está plantexado, o problema que está enriba da mesa. Polo tanto nós o que queremos é que o Goberno rectifique e que, no caso concreto do Estatuto, esta vez si teña en conta as alegacións que se lle teñen presentado e que están consensuadas. Con esta forma de actuar, o Goberno máis que buscar solucións parece que está facendo cálculos electorais. O que leva facendo oito meses, esa é a realidade. Cálculos electorais cos traballadores de Alcoa: inmoral, indecente, inadmisíble.

Nós estamos convencidos de que o problema de Alcoa na Coruña e en Avilés xa se estendeu a outras empresas, a outras industrias. De entrada xa, á planta de San Cibrao e a Ferroatlántica, cun risco de contaxio que pode chegar ao resto da industria electrointensiva galega e a milleiros de familias na nosa comunidade.

Remato xa. En apenas oito meses como presidente, Pedro Sánchez visitou vinte países, visitou dezaseis comunidades autónomas, foi a un concerto e a unha voda do seu cuñado en avión oficial, pero non tivo nin un minuto para visitar como presidente do Goberno de España a nosa comunidade, Galicia. Só veu como candidato. Veu pedir pero non veu dar. Esa é a realidade do socialismo coa que nos atopamos nestes momentos. *(Aplausos.)* E veu mentir a Galicia. Non só veu pedir en vez de dar, senón que ademais veu a Galicia a mentirlles na cara aos traballadores de Alcoa que se manifestaron á porta do mitin, dicíndolles que todos os seus problemas xa estaban solucionados. Foi o que dixo o señor Pedro Sánchez.

Pero esa estratexia do novo PSdeG-PSOE co seu secretario xeral e co seu delegado de Goberno a cabeza, a estratexia da confusión, a estratexia da mentira, a de poñer os intereses de Pedro por riba dos intereses de España, dende logo, non vai contar coa nosa colaboración.

Presentamos unha iniciativa clara, clarísima: a defensa das emendas presentadas ao Estatuto da industria electrointensiva.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Defender os intereses de Galicia. Defender os intereses dos traballadores. E nesta Cámara está posicionarse ou con Pedro ou cos traballadores galegos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Señorras e señores deputados, certamente as enquisas deben de ir moi mal para o Partido Popular, ¡moi mal!, escoitando a intervención obsesiva do voceiro do Partido Popular con Pedro Sánchez. Recomendolle algún tipo de análise freudiana porque, se non, resúltame inexplicable. Eu creo que deben de ir moi mal. *(Aplausos.)*



Mire, díxeno a primeira vez que falaron desta cuestión: moito mellor no Falcon goberna-
mental que nun iate cun narcotraficante. (*Aplausos.*) ¡Moito mellor! ¡Moito mellor! E cada
vez que se fale do Falcon neste Parlamento, este deputado vai falar desa fotografía indigna
para Galicia. (*Murmurios.*) Cada vez que falen do Falcon. ¡Se lles molesta, alá vostedes!

A verdade é que dixo o señor Tellado... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Espero, porque a intervención del foi a que foi e eu estiven ca-
ladiño.

Si, si, o barco dun narcotraficante que todo o mundo en Galicia sabía que era narcotraficante,
gústelles ou non. Eu sei que lles molesta, pero como di creo que o Pontevedra Club de Fútbol,
¡hai que roelo! (*Aplausos.*)

Dixo o señor Tellado que pensa no 28 de abril. Mire no 28 de abril soamente pensou vostede.
¿Sabe en quen non pensou? Nos traballadores de Ferroatlántica. Pensou na campaña electoral
do Partido Popular, e está moi ben que o faga. Pero diga que vén aquí facer campaña elec-
toral, que vén aquí disparar con pólvora do rei a pedirlle ao Goberno de Pedro Sánchez o que
foron incapaces de pedirlle en sete anos ao Goberno de Mariano Rajoy (*Aplausos.*) Digan iso.
¡Digan iso! (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, señor Trenor. Silencio.

Silencio, silencio. ¡Señor Trenor, silencio, por favor!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Algo sobre medio ambiente, supoño. (*Risos.*) Digo porque vou
dicir o de medio ambiente... Bueno, eu son bastante simpático. Desde logo, comparado con
vostede, considérome moito. (*Risos.*)

O señor PRESIDENTE: Non dialogue con todos.

Silencio, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Foi ela a que mo dixo.

O señor PRESIDENTE: Non, pero non dialogue con todos porque, se non, xa sabe como é
isto. Vostede é un deputado veterano e sabe que isto vai así.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: A ministra de Transición Enerxética fixo algunhas cousas moi
importantes, señor Tellado. Acabou coa sobrerretribución de determinadas tecnoloxías, a
hidráulica e a nuclear, plantexouno na súa transición enerxética —que, por certo, estaba
forrando a algúns amigos e financiadores do Partido Popular—. Manifestou que vai revisar
e iniciou o proceso (*Murmurios.*) —¡por favor!— de revisar os pagos por capacidade e reducir
a porcentaxe que representa o termo de potencia. ¿E saben por que tivo que facer iso? Porque
coñecemos a herencia do Partido Popular en termos enerxéticos. (*Murmurios.*)



O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Un absoluto alonxamento dos obxectivos de loita contra o cambio climático tanto da Unión Europea como da organización de Nacións Unidas. Un brutal ataque ás enerxías renovables, co que significou de perda de posición no liderado tecnolóxico que tiña España: 4.300 millóns de euros de reclamacións nos tribunais internacionais por parte dos investidores en renovables. Un incremento do prezo da enerxía para as familias e as empresas e, iso si, uns crecentes beneficios para as grandes eléctricas. Este é o balance do señor Rajoy e dos ministros Soria e Nadal como ministros de enerxía. Este é o balance, gústelles ou non, moléstelles ou non. Cóntennos as historias que nos queiran contar, este é o balance.

E faltan tanto á verdade... Non vou sacar o gráfico anterior da propia Asociación de empresas de gran consumo, pero a diferenza entre España e Alemaña en termos do prezo medio e mercado diario —volvo repetir, Asociación de empresas de gran consumo de enerxía— baixou de 18 euros no ano 2015 a 11 euros no ano 2019, gústelles ou non, e iso significa que imos polo bo camiño. ¿Que hai cousas que facer? Por suposto, pero, dende logo, ese proceso de demonización, e ese proceso absolutamente electoralista de vir aquí culpar practicamente da guerra árabe-israelí ao señor Pedro Sánchez non llo compra ninguén. (*Aplausos.*) ¡E así van as súas enquisas! ¡Así van as enquisas, señoras e señores do Partido Popular!

Miren, díxeno cando falabamos de Ferroatlántica e repíto falando de Alcoa: todo o apoio para os traballadores, pero teñamos en conta unha cousa, ¿eh?, o que subvencionemos de enerxía das electrointensivas significa que, ou ben o paga o Estado directamente, ou o pagamos os consumidores, e iso significa que o pagamos todos os cidadáns. Estaría ben que tamén o dixeran. ¡Estaría ben que tamén o dixeran! Gustaríame oírllelo. Sobre todo, gustaríame oírllelo agora que o señor Casado repite que vai baixar de forma radical os impostos neste país. ¿Que van recortar? Cóntennos iso. ¿Por que non nos falan diso? ¡Iso tamén é campaña electoral! Fálennos diso, fálennos de que van recortar baixando os impostos, e non nos conten esa milonga absolutamente inexistente en termos empíricos de que baixando as taxas impositivas, ou as taxas fiscais, aumenta a recadación porque aumenta a actividade económica. Saben que non é verdade, e saben que no fondo van facer o que empezaron facendo xa en Andalucía gobernando con Cidadáns e coa extrema dereita, que tamén se olvidan de contalo. (*Aplausos.*) ¡Coa extrema dereita!, ¡cos votos da extrema dereita! A ver se vai ser que os votos dos independentistas cataláns eran malditos para o Goberno de España e os votos dos fascistas de VOX son unha bendición para o Goberno de Andalucía. (*Aplausos.*) ¡A ver se nos queren vender iso! Porque se nolo queren vender, non é que non llelo compremos nós, é que non llelo vai comprar a xente, porque a xente é máis intelixente do que vostedes pensan, ¡e así van as enquisas!

E mire, eu recordo unha frase absolutamente desprezable —e digo desprezable con plena conciencia do que significa— do ministro Montoro, ese que é tan españolista el tamén, que dixo: «*¡Que caiga España, que ya la levantaremos nosotros!*» Seguro que a recordan. Eu creo que esa e aquela da deputada Fabra, de «*¡Que se jodan los parados!*», forman parte da antoloxía do compromiso do Partido Popular coas necesidades deste país e dos seus cidadáns. Estou seguro de que comparten comigo esta apreciación.



O señor Feijóo, en relación co tema de Alcoa, está facendo un labor absolutamente detestable. Está dicindo textualmente: «*O estatuto electrointensivo fai inviable a venda da planta de Alcoa na Coruña, mentres hai oito grupos interesados na súa posible compra.*» ¿A quen quere beneficiar? ¿Aos traballadores de Alcoa ou ao Partido Popular? ¿A quen quere beneficiar dicindo isto? (*Aplausos.*) Hai un proceso aberto de consultas...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...e o señor Feijóo e a Xunta de Galicia teñen toda a lexitimidade para presentar as alegacións que consideren a ese estatuto electrointensivo. O que non deben facer nunca é antepoñer os intereses electorais do Partido Popular fronte ao Goberno de España aos intereses xa non de Alcoa, senón dos traballadores de Alcoa en Galicia. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: A verdade é que si que fai falta máis tempo porque esta situación é un pouco curiosa, coas autoemendas que cambian totalmente o sentido das PNL. A min páreceme ben, así hai máis dinamismo no debate, páreceme interesante. Si, si, está moi ben. Pero é unha situación esquizofrénica.

Lendo a autoemenda do Partido Popular empecei a rescatar proposicións non de lei que presentou En Marea en novembro e decembro do 2016, durante todo ano 2017, durante o primeiro cuadrimestre do 2018, e resulta que eran exactamente iguais que as que propón agora o Partido Popular. E todas foron votadas en contra polo Partido Popular, ¡todas! Agora, en cambio, propóñenas eles, ¡fenomenal! E ímolas apoiar, evidentemente. Nós si somos coherentes. Igual que as propuxemos naquel momento, ímolas apoiar, evidentemente.

É verdade que a PNL ía sobre Ferroatlántica, pero eu no escoitei falar de Ferroatlántica, escoitei falar de Pedro Sánchez. Parece que aquí xa todo o mundo está en campaña electoral, e o importante non son os traballadores de Ferroatlántica, senón como se poden utilizar os traballadores de Ferroatlántica para os intereses de certos partidos.

O señor Feijóo a semana pasada tamén se enterou de que a electricidade ten un prezo intolerable en España. Bueno, está ben tamén chegar a esa conclusión. Evidentemente, cando o megavatio agora está permanentemente por enriba dos 70 euros, mentres en Francia e Alemaña está entre 40 e 45 euros e en Noruega en 32, ¡pois claro que é intolerable!

Pero, claro, o tema é que as solucións que nós apoiamos porque é unha situación de emerxencia a das industrias electrointensivas, estas medidas que propón o Partido Popular —e xa digo que nós apoiamos porque estamos nunha situación de emerxencia—, cárganse sobre unha parte da sociedade que son os fogares, o resto de empresas e os autónomos, debido a que, se se baixan as peaxes, páganos o resto dos consumidores —xa o comentou o señor Losada moi ben—, e se se baixan os impostos, hai menos cartos para atender os servizos sociais.



Aínda así, evidentemente, hai unha situación de emerxencia e hai que atendela, pero hai que dicir que isto non vai ser para sempre así, que hai que buscar solucións. ¿Por que as alternativas de interrompibilidade no resto de Europa teñen orzamentos moito máis baixos que en España, e en cambio as industrias electrointensivas son moito máis competitivas? ¿Por que? Porque, claro, se o quilovatio/hora custa a 42, se lles baixas 8, baixan a 34. Pero se está en 75, se lles baixan 30, aínda están por encima que no resto de Europa. ¡Ese é o problema que temos!

O problema que temos non son as axudas, que sempre foron moi xenerosas, máis ou menos o dobre ou o triplo que na maior parte dos países similares en Europa. O problema é o prezo maiorista da electricidade, e aí ninguén quere falar, nin o Partido Socialista, nin o Partido Popular.

O que non pode ser, é que se manipulen os prezos de maneira escandalosa. A Unión Europea repetiuno outra vez a semana pasada: é intolerable que en España os que xeran electricidade sexan os mesmos que a comercializan. ¿Como un mercado pode ter competitividade se quen produce e quen comercializa son exactamente os mesmos e se poñen de acordo nas poxas diarias ás que obrigan a acudir a todo o resto de comercializadores? Ese é o problema, e iso é do que hai que falar a longo prazo.

Xa digo que estamos de acordo coas medidas de choque porque o Estado e o resto dos consumidores non van poder estar apoiando indefinidamente as empresas electrointensivas cun custo enorme. Haberá que preguntarse, ¿quen son os que máis gañan aquí? Evidentemente, as empresas eléctricas, que teñen de media entre dúas e catro veces máis beneficios que as empresas do mesmo tamaño no resto da Unión Europea. ¡Aí é onde hai que incidir! Primeiro, xa digo, cumprir a directiva da Unión Europea, e de maneira inmediata separar a xeración da comercialización, ¡pero de maneira totalmente real!

Despois, por outra parte, sacar..., que xa o levamos dicindo, pero como todas as cousas que dicimos nós, seis ou nove meses despois parece que as vai incorporando o Partido Popular. A ver se isto tamén chega algún día, que faría baixar o megavatio/hora en 10 ou 12 euros ao día seguinte de implantalo. Sería sacar a industria nuclear, a eólica e a hidráulica das poxas diarias, porque non ten sentido nun produto que ten custos de produción totalmente estables, que é amortización de investimento —por riba as nucleares e hidráulicas xa están amortizadas—, e un custo de mantemento cada vez máis baixo e totalmente estable, porque a materia prima, o uranio, ten un prezo bastante estable, e a auga e o vento, como todos sabemos, non se pagan.

Pois se estes sistemas de produción teñen prezo estable, o normal é que ese tipo de produción teña prezo estable. En concreto en Noruega, por exemplo, é a quince anos, nada menos, por iso Alcoa en Noruega paga 32 euros megavatio/hora.

Entonces, traballemos niso. Traballemos en que se modifique a regulación do sistema eléctrico, aínda que sexan estas dúas cousas soas. Evidentemente, as eléctricas van estar en contra, porque isto, ademais das outras catorce ou quince medidas que En Marea leva plantexando durante toda a lexislatura, supón miles e miles de millóns que se van a Italia, a Enel, que se van a Kuwait, que se van a Qatar... ¡vamos!, ¡a todos os accionistas das grandes empresas eléctricas!



E dentro do que estamos de acordo eu faría algunha matización. Por exemplo —ben, do que xa levamos falando estes días tamén—, que os incentivos polos custos indirectos de emisión de CO₂, en vez de estar referenciados como pon o proxecto do Goberno —señor Losada, avise a súa ministra de que quite o das disponibilidades orzamentarias, porque estes cartos non veñen dos orzamentos, estes cartos veñen dos ingresos polos pagos de CO₂—, se os pagos de CO₂ crecen continuamente, ¿por que non poden crecer? ¿Por que, se no ano 2016 se ingresaron 600 millóns de euros por pagos de CO₂ e no 2018 o Partido Popular puxo 150 millóns para estas axudas, vostedes, cando os pagos por CO₂ se incrementaron a case 800 millóns, a reducen a 30 millóns? ¿Como é posible iso? Porque eses cartos veñen directamente de aí, dun imposto finalista, non ten sentido. Entón, modifiquen o asunto para dar garantías, porque os pagos por CO₂ van subir sempre. Entón, as empresas electrointensivas xa verían que estas compensacións nunca irían para abaixo, máis ben irían para arriba.

E, despois, outro tema importantísimo —dez segundos, señor presidente—, que é o tema de fomentar totalmente a bilateralidade, como fan na maior parte de Europa os grandes consumidores eléctricos.

E, ademais, unha medida que presentamos onte nas alegacións que fixemos ao estatuto é que se saquen poxas especiais de electrointensivas —como fixo Noruega— precisamente para alimentar as empresas electrointensivas, con contratos garantidos e estables a prazo mínimo de entre quince e vinte anos.

Nada máis. Xa digo: imos votar a favor...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CASAL VIDAL: ...porque coa autoemenda do Partido Popular estamos totalmente de acordo, é o que presentabamos nós hai un ano, e naquel momento o Partido Popular, no Goberno de España, non fixo nin caso; agora si; sexa benvido.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Efectivamente, señor Casal, nalgúns aspectos, sobre mollado, no que nos di o Partido Popular na súa autoemenda. Pero tamén hai cuestións que enumeran dunha maneira que non se sabe nin moi ben a que se refiren. Rebaixa fiscal. Pois rebaixa fiscal haberá que concretar de que tipo, como. Son formulacións demasiado ambiguas e por iso a nós gustaríanos que se mellorara ese texto.

Porque aquí veu o señor Tellado basicamente pedirnos que lle digamos si, e que moi ben, e que vai no bo camiño a Xunta de Galiza e que digamos que si ás súas alegacións; é o que nos



vén pedir o Partido Popular. Porque, ademais, como nos foi tan ben confiando na actuación da Xunta de Galiza nos últimos meses, temos que seguir poñendo unha venda na cabeza e en aras de non sei que unidade pois seguir confiando cegamente en que as actuacións que non funcionaron ata o momento vaian funcionar agora. E, desde logo, é un concepto un pouco particular de consenso e de posición colectiva, porque para consensuar e ter unha posición colectiva pois haberá que dialogar e haberá que ceder de todas as partes un pouco; pero, polo visto, non hai demasiada dispoñibilidade. En todo caso, como a votación é mañá, pois nós estamos en disposición de continuar traballando esta cuestión.

Despois tamén vén aquí o voceiro do Partido Popular con desculpas de mal pagador. Claro, agora a Xunta de Galiza non pode asumir como propias as reivindicacións do comité de San Cibrao porque presentou onte as alegacións. Mire, o proceso de presentar alegacións é mandar un correo ao Ministerio. Podemos presentalas nós os dous a título particular, que as presente o Partido Popular, que as presente outra forza política que aínda non presentara alegacións, que as presente o Parlamento. Xa miraremos o encaixe formal de presentar esas alegacións, pero a cuestión é: ¿hai vontade política en que todas as forzas políticas que estamos aquí, independentemente do que aos demais lles impoñan desde Madrid, apoiem sen fisuras a proposta de San Cibrao? ¿Si ou non? Porque iso é o que imos votar, iso é o que se vai votar cando se vote a iniciativa do BNG. ¿Apoiamos as reivindicacións de San Cibrao? ¿Si ou non? Igual que se lles trasladou a moitos concellos que as van levar ás súas corporacións.

E a verdade é que a min esta cuestión xa me resulta deprimente, xa por riba do enfado é case deprimente, porque é verdadeiramente triste ter o país nesta situación e que o voceiro do partido político coa maioría que tanto nos recorda neste país veña aquí facer propaganda electoral e, ademais, facela chabacana e de mala calidade. Eu xa lle digo, señor Tellado, que expropie cando vaia dando os mitins por aí. Como diga iso, é que a verdade é que escoitalo falar case parece que nos volvemos benevolentes con Pedro Sánchez de oílo. Así llo digo: é oílo e parece que o señor Sánchez sobe en votos, tal e como é o nivel de argumentación.

En todo caso, faltoulle tamén recordar que as leis do sector eléctrico, as dúas, foron do Partido Popular, que vostedes están na raíz do problema que ten agora este país, están na raíz do problema. E nós —insistimos— facemos a mesma exixencia ao Partido Socialista no Estado que ao Partido Popular....

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...porque non casamos con ninguén e danos igual quen governe no Estado.

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: O que pedimos hoxe é que se eleve a exixencia e se recolla a vontade deste comité e dos traballadores e traballadoras deste país.

E remato xa, señor presidente.



Simplemente, engadir unha cuestión que saía no debate. Nós dicímolos de forma clara, señor Losada, dicímolos de forma clara. Señor Tellado, dixémoslo tamén no debate da tarifa eléctrica galega: quen ten que pagar é o Estado, o orzamento é do Estado. Efectivamente, non ten que repercutir nos consumidores, porque se hai diñeiro para rescatar as radiais madrileñas, ten que haber diñeiro para impulsar a industria galega; iso é así e nós dicímolos tamén nas nosas alegacións.

E sobre as emendas, nós instamos a que desde o Partido Popular haxa flexibilidade e poidamos arrequecer a súa autoemenda. Nós estamos dispostas a ceder e a negociar con base no texto do Partido Popular para que entre todos e todas academos unha posición conxunta deste Parlamento, malia todas as vulneracións dos acordos que temos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...acadado a prol de Alcoa. Pero, desde logo, apelamos a que haxa máis xenerosidade que vir aquí pedírse nos que aplaudamos a Xunta de Galiza.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Señora Presas, a verdade é que coincido con vostede: efectivamente, son sempre vostedes moi benevolentes co señor Pedro Sánchez e moi benevolentes co Partido Socialista. Porque aquí hai un problema, que é o prezo da electricidade. Hai un goberno do Partido Socialista, de Pedro Sánchez, pero vostedes non se atreven a críticoalo. ¿Por que? Porque son socios alí onde poden sempre que teñen ocasión. Ou pactan con Otegui en Madrid ou pactan co PSOE. Esa é a historia do nacionalismo galego, esa é a realidade.

Mire, non nos pida que lle compremos a milonga da tarifa eléctrica galega aproveitando que o Pisuerga pasa por Valladolid. A tarifa eléctrica galega, en primeiro lugar, é ilegal; en segundo lugar, sería un moi mal negocio para Galicia; e, en terceiro lugar, é que ¿que pasaría cando deixásemos de ser excedentarios na produción de electricidade e sexamos deficitarios, como pretende o Partido Socialista pechando as térmicas? Señora Noa Presas, negocio ruinoso para Galicia, non conte con nós para iso.

Por certo, a tarifa eléctrica vasca non existe, non existe. *(Murmurios.)* Mire se é vasca que hai empresas galegas que disfrutan desa tarifa. ¡Home!, ¡non nos tome o pelo!, non aproveite para vender un libro que no século XIX estaba moi ben pero que hoxe por hoxe non ten ningún sentido. Ese é o nacionalismo galego. *(Aplausos.)*

Señor Casal, agradecerlle o apoio á nosa iniciativa autoemendada. A verdade é que lle ía dicir as Mareas de Podemos, pero agora xa non sei como chamalo, teño que darlle unha volta;



espero que mañá, que nos volveremos confrontar nun debate, eu poida chamarlle dalgunha forma ao seu partido. Dígolle, sinceramente: grazas polo apoio.

Non me fale de cambio de posturas, porque non llo acepto. Proba diso, eu tería que recomendarlle que acuda á hemeroteca, que vexa como a pontevedresa Yolanda Díaz —a miña veciña pontevedresa— hai pouco dicía que as axudas, os incentivos ás electrointensivas eran un privilexio. Entón, en fin, sobre coherencia, eu invítooo a buscar esas declaracións na hemeroteca.

Señor Losada, é unha frivolidade vir aquí e falar de enquisas cando nós estamos falando de postos de traballo, unha auténtica frivolidade vir falar de enquisas cando nós falamos de empregos. Vostede veu aquí embarrar o debate, porque vostede sabe (*Murmurios.*) que o problema é o seu presidente e o problema é o seu Goberno. E, polo tanto, como foi indefendible defender a postura do Goberno de España, porque sabe vostede que está no centro do problema, vostede veu aquí falar de todo. Teño que dicirlle unha cousa: nestes tópicos socialistas olvidóuselle falar de Franco, falou de todo o demais pero olvidouse de Franco. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Mire, ¿sabe que lle digo? Este problema —que non é novo—, o do prezo da industria electrointensiva, o Goberno de Mariano Rajoy resolveuno en varias ocasións, e vostedes levan nove meses profundando nun problema. ¿Sabe onde está a orixe do problema? Na quebra do sistema eléctrico español, (*O señor Tellado Filgueira mostra un documento.*) do déficit de tarifa, trinta mil millóns de euros, a herdanza socialista de Rodríguez Zapatero. Polo tanto, esa é a realidade.

E é verdade: somos uns inxenuos. Nós marchamos deste debate máis preocupados do que chegamos, porque, logo de escoitalo, xa sabemos que Pedro Sánchez non vai poñer solución a este problema, porque Pedro Sánchez é o problema. Por iso vostedes non van solucionar absolutamente nada.

Mire, estamos acostumados a escoitar o delegado do Goberno insultar a intelixencia da xente, como estómago agradecido que é. O delegado do Goberno insulta a intelixencia dos galegos e, nomeadamente, dos traballadores de Alcoa.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Eu lamento que con ese estómago agradecido vostedes se sumen a esa estratexia e se convertan en palmeiros de Sánchez en vez de defensores dos intereses de Galicia. ¡La-men-ta-ble!, ¡la-men-ta-ble! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Por certo...,

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...o discurso de Feijóo é exactamente o mesmo que o dos traballadores e os sindicatos, o mesmo: ou garantimos un prezo estable ou ninguén vai comprar Alcoa.



O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Esa é a realidade.

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre as emendas?

O señor TELLADO FILGUEIRA: Eu creo que a autoemenda que presentamos recolle todas as cuestións, pero poderemos falar co Bloque Nacionalista Galego ao longo das horas que temos por diante.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Queda pendente unha transacción, vale. Grazas.

(A señora Vilán Lorenzo pide a palabra.)

¿Si, señora Vilán? ¿Para que quere a palabra?

A señora VILÁN LORENZO: Creo que non é necesario que o explique demasiado: para que retire o de «estómago agradecido» do delegado do Goberno.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. *(Murmurios.)*

A señora VILÁN LORENZO: E, se é posible tamén, ese adxectivo de «fundamentalista», que todos sabemos que significa, da ministra de Transición Ecolóxica. Porque os adxectivos cada cal sabe cal utiliza e ás veces veñen de volta.

Grazas. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Este debate eu creo que foi un debate cunha confrontación de certa dureza pero respectuoso. *(Murmurios.)* E iso aquí moitas veces... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, eu estiven atento e foi un debate... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, foi un debate duro... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Non, perdón, perdón, por favor, estou falando. Foi un debate duro pero creo que foi un debate respectuoso. *(Murmurios.)* Entendo.

Polo tanto, imos á seguinte... *(Murmurios.)* Imos deixar a cousa así. Imos tranquilos. A ver se hoxe gana España, que iso tamén é importante. *(Risos.)* *(Murmurios.)* E tranquilos.

Ben, vamos alá, veña. Proposición... *(Murmurios.)* Si, si, non, España xoga hoxe un partido moi importante con Malta, ¡eh! *(Murmurios.)* *(Risos.)* Ben, dígoo eu porque son afeccionado e hai que gañalo, ¡home! *(Murmurios.)* Ademais, 12-1 na primeira, e o porteiro de Malta é o fillo do que levou 12 daquela, *(Murmurios.)* *(Risos.)* non sei se o saben. *(Risos.)*

Por favor, veña, vamos alá. Agora, fóra de bromas, hai que ter un pouco de distensión no debate, que, se non, isto...



Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto da protección dos garranos

O señor PRESIDENTE: Hai dúas emendas: unha do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Xosé Luís Rivas Cruz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei para, doc. núm. 45086 [10/PNP-003388].

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

<<- Elaborar un Plan de Protección do ecosistema brezal-garrano-vaca en extensivo-lobo-home para todo o territorio que conte na súa elaboración con tódolos axentes implicados na súa conservación.

- Establecer, mentres este Plan non se pon en marcha, un sistema de recento de perdas de poldros e máis de xatos acorde coa realidade que impida o desacougo e o abandono dos propietarios desta singular gandería.>>).

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Alberto Pazos Couñago, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante esa Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 45086 (10/PNP-003388).

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

<<O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Elaborar, en colaboración co tecido asociativo da comarca, propietarios e expertos na materia, un protocolo encamiñado á protección e posta en valor do cabalo de pura raza galega, con especial atención ao desenvolvemento dos seus valores ecolóxicos, medioambientais e etnográficos.

2.- Impulsar o censado da totalidade dos exemplares de cabalos de pura raza galega ceibes existentes, a través de campañas de implantación do microchip identificativo.

3. Impulsar, dentro do Plan sanitario equino, a avaliación do estado sanitario e de benestar da cabana de pura raza galega, con especial atención á prevención das enfermidades parasitarias e ao aseguramento do benestar animal (pexas), etc.

4.- Continuar desenvolvendo medidas de protección e promoción dos valores etnográficos asociados ás festas dos curros.>>)



O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Ben, imos cambiar de rexistro un pouco e serenar, porque isto é... *(Murmurios.)*

Ben, na proposta que traemos hoxe aquí hai un erro: non é de gando do que imos falar, os garranos non son gando, non sei quen puxo ese subtítulo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non sei, é un erro, en tal caso é un erro.

Os garranos, ou tamén chamadas burras do monte, bestas, cabalos salvaxes, son..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...segundo o zoólogo máis prestixioso que coñece mellor este tipo de équidos, o patrimonio natural galego máis importante e está en perigo de extinción.

Eu quero arrancar dicindo que levamos unha pregunta á Comisión 4ª porque é un tema non só de medio ambiente, é un tema tamén cultural, de patrimonio, e quen veu dar resposta foi o actual director xeral, o señor Balseiros —creo que é—, *(Murmurios.)* Balseiros... Vale, desculpen. Ben, vostedes confunden habitualmente o apelido do grupo parlamentario. Desculpe, sobre todo, señor Balseiros.

Ben, o señor Balseiros veu á comisión escusándose, dicindo que non podía dar resposta acaída porque non sabía por que tiña que acudir, consideraba que estaba dirixida a pregunta a outros estamentos da Consellería que el representa. Lamentou non ver cumpridas as súas expectativas e explicou que, ademais de non poder dar resposta, non tiñan notificación ningunha, ningún informe de demandas do Instituto de Estudos Miñoráns. Este libro *(A señora Cuña Bóveda mostra un libro.)* creo que o deixaron os representantes do Instituto de Estudos Miñoráns a todos os grupos parlamentarios, incluído o noso, no ano 2017; é dicir, xa nos tarda. Hai tempo que nós queremos traer aquí un tema que consideramos absolutamente prioritario. Canto máis tempo pasa, máis perigo de extinción teñen estes équidos, équidos que levan vinte mil anos en Galiza; antes de que estivesen habitados polo ser humano os nosos montes, xa estaban estes équidos.

Entregaron isto, pero non se fixo nada. É o momento de chegar a acordos, é o momento de cumprir o que xenerosamente nos facilitan varias voces. Eu vou dar voz a voces, voces moi importantes, que están estudando este tema.

Por exemplo, Xilberte Manso, que é un dos representantes do Instituto, di que a xente confunde —e é certo— o valor co prezo cando fala dos garranos. Non teñen case valor comercial, pero teñen un valor patrimonial extraordinario, de primeira orde. As súas singularidades propias e o seu valor etnográfico e cultural é algo digno de protexer.

Felipe Bárcena, que é o que di que é o valor natural máis importante de Galiza, fai diferenzas moi concretas e moi importantes cos cabalos. Este équido primitivo non é exactamente un



cabalo. Meteron un híbrido de cabalo que non é quen de manterse no monte, non é a mesma cousa, porque hai diferenzas de todo tipo, diferenzas xenéticas, morfolóxicas, fisiolóxicas, ecolóxicas e mesmo reprodutivas. Os garranos poden manterse de toxos, é o que comen, e os cabalos son herbívoros. Os garranos son habitantes propios dos montes, mentres que os cabalos son da estepa. Teñen o centro de gravidade máis baixo, as extremidades máis curtas, calidades primitivas, orellas máis curvas, e son territoriais —isto é moi importante—. Os garranos volven sempre ao seu territorio aínda que teñen que buscar auga e sitio para beber, pero regresan ás zonas onde pasan a vida. É un rasgo peculiar diferenciador.

Laura Lagos, enxeñeira de montes, ten un doutoramento, unha tese fascinante sobre o garrano como especie nativa, como grande herbívoro. Posúe un papel fundamental nos ecosistemas de media montaña de Galiza onde habita. A súa presenza proporciona enormes beneficios no que se chaman os servizos medioambientais. Di catro cousas claves. En primeiro lugar, manteñen os hábitats abertos de matogueira e, polo tanto, benefician todas as especies asociadas de vertebrados, aves, anfibios e mesmo invertebrados. Están adaptados a consumir, como xa dixemos, toxos —todas sabemos o que é o toxo—, pero, ademais, en terceiro lugar, teñen unha importancia crucial para outra especie tamén en perigo, que é o lobo. A importancia dos garranos explícase en como os poldros dos garranos son depredados polos lobos e esa interacción ecolóxica explica que existe en moi poucas partes do mundo. O lobo consome tamén as preas doutros animais que morren por outras causas naturais o resto do ano. E esa importancia, con respecto ao lobo, atenúa o impacto sobre o gando vacún e a coexistencia co gando vacún xera menor nivel de conflito e facilita a actividade gandeira. E, por riba de todo —e é unha cousa fundamental—, tamén axudan a previr incendios, que é moi barato, e as zonas onde habitan os garranos non arden.

Hai moitísimo que poderíamos dicir. É algo a conservar.

Xosé Lois Vilar, un arqueólogo tamén importante, fala do aporte xenético, pero, ademais, hai que dicir que hai sesenta superficies onde aparecen gravados en petróglifos. Necesitan axuda para se salvaren.

O Instituto de Estudos Miñoráns está a colaborar tamén coa coordinadora de asociacións, nas que, entre outras, están a Asociación Cabalar Monte Acibal, de Amil; A Rapa das Bestas de Sabucedo; a Asociación de Propietarios. Hai que dicir: únicos équidos salvaxes do mundo; nin en Mongolia nin Estados Unidos; son un reduto; na parte de Portugal tamén existen, e é patrimonio nacional. Aquí carecemos de regulamentación.

Por iso, o que se está pedindo é que se teña en conta todos os expertos, todos os propietarios, e ben, a Asociación do Lobo, institutos, SOS Groba, en fin... Acaban de presentar todas estas asociacións conxuntamente un recurso en Estrasburgo para que sexa admitido a trámite para que se faga un regulamento específico que os protexa, que se contemplen todos os seus valores naturais e culturais, que se ordene a súa presenza nos hábitats tradicionais e ademais que se considere, que se valore toda a importancia que ten, e así tamén as festas tradicionais, as festas das rapas e os curros.

É moi importante e hai chamadas de atención tamén mesmo dende as universidades. Hai que dicir que son moitas as accións que se están levando a cabo para intentar pór en valor



este patrimonio e dar a coñecer, porque é bastante descoñecida, toda esta realidade dun animal que só realmente soa cando son agredidos brutalmente dunha maneira inhumana, dunha maneira feroz ou por accidentes, que tamén se trata de evitar. A presenza cultural e tamén para a biodiversidade dos ecosistemas é única.

É cuestionable tamén o famoso Decreto equino, 142/2012, ao que moitos atribúen que hai un erro de visión, porque parecía que isto era un requirimento da Unión Europea, e a Unión Europea fai unha excepción concreta sobre os cabalos salvaxes, que neste caso son salvaxes e con propietarios, únicos no mundo.

O que nós pedimos nesta iniciativa é crear unha comisión na que participen propietarios de garranos, asociacións ecoloxistas, científicos, zoólogos, biólogos, etnógrafos, xenetistas, as universidades, comunidades de montes, autoridades locais, concellos, deputacións, asesores legais e políticos de todos os partidos con representación parlamentaria. E, en segundo lugar, elaborar un documento no que se recollan estes temas imprescindíbeis, para poder presentar consensuadamente unha proposta legal que dea resposta a unha problemática tan importante.

En pouco máis de sete anos reduciuse a poboación. Nos anos setenta había vinte mil exemplares, hoxe dise que quedan ao redor de setecentos e pico. Se aguantaron toda a historia, que é unha longa historia, non poden desaparecer agora. Eu fago un chamamento á toma de conciencia e á procura dun acordo de todos estes grupos pola importancia e a dimensión que teñen.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

Esta iniciativa que nos presenta aquí hoxe En Marea nace, como eles recoñecen na súa argumentación, dunha chamada de atención en Oia cun lamentable suceso de brutalidade animal acaecido con garranos, é dicir, con équidos salvaxes autóctonos galegos. Pero a verdade é que a ameaza que pende sobre o garrano é similar en todo o territorio galego: serra do Xistral, o Cadramón, Muras... Estamos diante dun animal feito para o brezal, queiroas, carpazas, carqueixas e mais para o toxo; un animal que ten a súa existencia condicionada ao monte galego e mais ao lobo, porque a pervivencia destes tres elementos está tan interrelacionada que ningún podería vivir en normalidade sen os outros dous. E velái que aparece o ser humano, o besteiro, como un cuarto elemento equilibrador, desde moi vello, que, sen romper a súa liberdade, aproveita a situación: crinas, coiro, carne, hábitat. Mais ultimamente ese hábitat gaña interese para novos aproveitamentos duns homes sen a sensibilidade do besteiro, menos respectuosos cos valores que non se traducen en moeda pura e dura: piñeiro,



eucalipto, forestación a todo trazo e pastos artificiais disputan o protagonismo desa simbiose antes exposta.

Como xa se dixo aquí, a importancia e o valor dos ecosistemas xa mencionados ben merecen unha implicación pública e orzada que pase polo mantemento do citado equilibrio. Se o garrano xoga un papel fundamental en manter a raia o brezo e o toxo, alonxando o perigo do lume e conservando as turbeiras de superficie, únicas na vella Europa, pola súa parte o lobo mantén en sanidade e boa xenética o garrano, sempre que este estea organizado en greas saudables e cun número e pirámide demográfica tamén saudable para manter a raia o lobo. Só falta o factor humano. Se conseguimos que o mantemento deste status sexa rendible, o equilibrio deste ecosistema estaría asegurado. Só a desidia e o abandono por parte do Goberno do Partido Popular fai que a ameaza sexa unha realidade.

A Consellería négase a pagar os danos do lobo escusándose en que non se pode contabilizar os poldros e bestas comestos por el. Os garranos son animais salvaxes que en moitos casos forman parte tamén da alimentación dos voitres, co que, dada a extensión dalgúns cercados de montes veciñais, non é posible atopar os seus restos. E o besteiro non comprende o abandono e a incompreensión. Porque con boa vontade e interese si que é posible unha estimación de baixas.

Poñamos por caso que no reconto final dun cercado de mil hectáreas temos cen femias en idade fértil, das que, entre abortos e malos partos, podemos dar —un supoñer— un 15 % de perdas. Serían oitenta e cinco poldros vivos e normais. No reconto seguinte restaríamos os poldros vivos e pagaríanse esas baixas. Claro que o prezo non se podería medir no valor material da carne e si no total valor ecosistémico. E outro tanto fariamos cos xatos, porque aquí non se nomearon os xatos, pero existe tamén un gando que convive nestes cercados co garrano e que se complementa.

Elaborar un plan de protección do ecosistema brezal-garrano-vaca en extensivo-lobo-home para todo o territorio galego que conte na súa elaboración con todos os axentes implicados na súa conservación sería a medida total que propoñemos como emenda ao acordo. Pero o tempo apremia, porque as greas son débiles, a carne do garrano e dos xatos ten pouco valor no mercado, a turba de superficie ¡bah!, o lobo medra e o monte mingua e o besteiro fraquea, e o total, é dicir, o ecosistema único no mundo de convivencia salvaxe destes superviventes está ferido de morte.

Por iso é de inmediato establecer, mentres este plan de protección non se pon en marcha, un sistema de reconto de perdas de poldros e mais de xatos acorde coa realidade que impida o desacougo e o abandono dos propietarios desta singular gandería. Pois así, desde a consciencia de que estamos a tratar dun ecosistema único no mundo, que un país culto que se valore a si mesmo debe protexer e conservar, desde ese convencemento, é que facemos a nosa emenda para que a PNL, que ten ámbito local, se traslade ao ámbito galego que desde o BNG cremos que debe ter.

Este ecosistema é un luxo, señores e señoras deputadas. Para presumir e sacarlle rendimento económico, desde o respecto ao mesmo, é cuestión de sensibilidade, e cadaquén ten a que ten, ¿non si? (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Eu quero empezar agradecendo á señora Cuña que nos traia un debate, por fin, sosegado, tranquilo, relaxado, porque levamos un día complicado hoxe.

Mire, un empresario que quebrou a súa empresa quíxonos dar leccións de xestión empresarial. Os creadores dos «venres do euromillón» —que tamén bautizou a señora Prado— acusáronnos de electoralismo por defender os postos de traballo de traballadores galegos. E ata houbo un deputado que nos acusou de manter certas amizades perigosas, que forma parte do grupo que tivo a deferencia de invitar á celebración dunha vitoria electoral o señor Pablo Escobar Gaviria, un pequeno contrabandista colombiano, coñecido despois por outro contrabando máis grave. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Está nunha pequena introdución. Ao tema, á cuestión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PAZOS COUÑAGO: ¡Home! De garrano garrano non o cualificaría eu, ¿non? *(Risos.)*, pero de amizade perigosa, si, ¿verdade? *(Aplausos.)* Polo tanto, efectivamente...

O señor PRESIDENTE: Á cuestión.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...agradezo que poidamos poñer un pouco de medida nisto.

Mire, o Grupo Parlamentario Popular está a favor de que dende as institucións públicas galegas se tomen as medidas necesarias para garantir a conservación da cabana equina salvaxe dos montes galegos, por varias razóns. Primeiro, pola singularidade destes —probablemente— únicos cabalos salvaxes do mundo, como ben dicía a señora Cuña; pola necesidade de protexer a biodiversidade galega, especialmente nunha especie de alto valor ecolóxico, medioambiental, en risco de extinción, como ben apuntaba; e pola importancia tamén do acervo etnográfico asociado a estas bestas e de maneira singular aos curros e á rapa das bestas.

O que pasa é que a señora Cuña afirmou que non se tiña feito nada nesta materia, e eu creo que non se pode facer tal afirmación, porque cómpre recordar que dende o Goberno galego se están a desenvolver distintas medidas encamiñadas a protexer e conservar o cabalo de pura raza galega dende o ano 1993.

Mire, no ano 1993 aprobouse o plan de conservación, fomento e mellora do cabalo galego de monte. En 1996 creouse o rexistro provisional de cabalos de raza. No ano 1998 regulamentouse o libro xenealóxico do cabalo galego de monte e definiuse o seu estándar racial. No



2001 ampliouse a regulamentación, estableceuse o programa de cría para a recuperación, fomento e difusión da raza. Nese mesmo ano cambiouse a denominación de «cabalo galego de monte». Confundiú vostede o señor Balseiro no seu nome, pero non é o único que confundimos —o nome—, porque o nome oficial a día de hoxe é «cabalo de pura raza galega», e como tal se incluíu no catálogo oficial de razas de España dentro do apartado de razas autóctonas en perigo de extinción. E cómpre recordar tamén que desde o ano 2007 ao 2013 se fixeron distintas campañas con axuda económica dende a Administración autonómica para o microchipado e censado destes animais.

Se falamos no eido cultural, cómpre recordar que a rapa das bestas que se celebra en Sabucedo foi declarada festa de interese turístico internacional e a de Boimente, de interese turístico nacional. ¡Home!, eu creo que algo, algo, si se leva feito, ¿verdade?

Tampouco se pode dicir que non se estea colaborando cos propietarios, ¿verdade?, porque, efectivamente, hai unha asociación de criadores, estase apostando pola protección do prototipo racial e ademais por discriminar os exemplares do monte que non cumpren co prototipo xenómico desta raza. E iso faise con colaboración económica da Xunta de Galicia.

E tampouco se pode afirmar que carecemos de regulamentación legal para este tipo de animais, porque hai amparo legal, a través do Decreto equino, que vostede sinalou, a través do Real decreto 348/2000, do Real decreto 804/2011 e da Lei 32/2007.

Eu diría que se leva feito moito, pero iso non quere dicir que non haxa marxe de mellora, e por iso, como existe marxe de mellora, presentamos unha emenda que entendemos que contempla medidas para afondar na protección do cabalo de pura raza galega e que cremos que pode conciliar en boa medida os intereses dos grupos da Cámara, dos propietarios e das distintas asociacións que se están preocupando por este tema.

Primeiro, respondendo a demanda do Instituto de Estudos Miñoráns e doutras asociacións, desenvolvendo un protocolo de posta en valor e protección do cabalo de pura raza galega en diálogo co tecido asociativo, cos propietarios e cos expertos na materia, incluíndo, por exemplo, como ben apuntaba vostede, o conde de Torrecedeira, que é un dos grandes expertos nesta materia.

Segundo, impulsando o censado para un control explícito da totalidade de exemplares a través do microchipado, porque se fixeron moitas campañas e avanzouse moito. Na serra da Groba, por certo, presumen de ter microchipado o cen por cento dos seus exemplares, pero noutros lugares non se fixo ese traballo tan ben. Avaliar o estado sanitario da cabana equina de pura raza galega, con especial atención ás enfermidades parasitarias, porque sabe tamén que na serra da Groba hai unha certa preocupación pola proliferación de carrachos e hai que desparasitalos, porque é un risco para os propios animais pero tamén para o ser humano, hai que facer un especial seguimento.

E, por suposto, pedimos que se continúe apostando pola promoción dos seus valores etnográficos e moi especialmente dese acontecemento tan singular...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor PAZOS COUÑAGO: ...que son os curros e a rapa das bestas.

Eu, polo tanto, vólvolle agradecer que nos traia un tema de tan fondo calado nun momento en que parece que estabamos tan alterados por outros temas, que me parecen tamén moi importantes, e o que espero é que sexamos quen de chegar a un acordo para que entre todos poidamos dar un discurso para a protección destas bestas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, boa tarde a todas e todos.

Señor Pazos Couñago, curiosa escenificación a súa de chamada á tranquilidade e á paz (*Risos.*) neste debate. (*Aplausos.*) Dende logo, o arranque non invitaba moito a ese debate sosegado.

Debatemos hoxe neste punto da orde do día unha proposición de lei do Grupo Parlamentario de En Marea que atinxe a un équido singular: o garrano. Eu non lembro un debate nesta Cámara sobre o eido animal, pero tamén estou seguro de que, se o dixó a señora Cuña, seguro que se produciu e posiblemente por unha ausencia miña ou porque se tratara nunha comisión na que eu non estaba seguramente non tiveron a oportunidade de escoitar ese debate.

E, certamente, creo que tivo que acontecer unha enorme brutalidade na serra da Groba para que este équido gañara protagonismo nesta Cámara no día de hoxe, tamén na próxima comisión que se vai celebrar dentro de dous días. Lástima que, unha vez máis, fora unha «animalada» —e entrecomiño esa palabra— do home, en forma de brutal matanza, a que propiciou que hoxe os garranos convivan con nós amistosamente.

Ás veces, demasiadas veces, os humanos comportámonos de xeito desprezativo co medio que nos dá vida e coa historia que conqueriu ese medio. E os garranos son unha raza ancestral que contribuíron no seu ámbito a ter un medio máis habitable para o conxunto dos seres vivos e seguen a exercer ese rol, aínda que con moitas baixas nas súas filas, tal e como reseñou xa a señora Cuña. Demasiadas baixas —diría eu— por accións e omisións dos humanos e das administracións, cunha especie ou unha subespecie, os garranos, que equilibraron e seguen no labor nos montes galegos durante moitos anos, tantos que a memoria se perde nos tempos para lembralos.

Mais da súa presenza primitiva dan fe os montes e serras da contorna do Val Miñor e doutros ecosistemas ao longo e ancho de Galicia. Tamén dan fe as pegadas deixadas no patrimonio arqueolóxico, nos gravados rupestres, etc., etc.

Nós cremos que as aportacións dos garranos aos montes galegos durante séculos deben ter un recoñecemento do seu pasado, unha valoración do seu presente e unha aposta decidida



polo seu futuro, porque o seu futuro é en parte tamén o noso futuro. Por iso, debemos resaltar, poñer en valor e coidar ao máximo a pluralidade da nosa terra. A suma de mínimos aporta riqueza e grandeza e a exclusión de mínimos resta riqueza e empobrece.

Debemos ser conscientes de que no chamado monte, no monte galego, hai espazo para variadas especies e subespecies de fauna e flora, e a flora e a fauna conviviron e conviven sen intrusismo humano, configurando un hábitat natural de gran valor ecolóxico, de enorme equilibrio natural. E os cidadáns e as administracións debemos esforzarnos en preservar equilibrios, en preservar o valor ecolóxico do noso territorio, porque cada un dos hábitats naturais que perdemos —repito: por acción ou omisión— resultan irrecuperables. Nunca seremos quen de recuperar artificialmente o que os anos e séculos contribuíron a construír de forma natural.

Señorías, os garranos, que viven libres nos montes e serras da contorna do Val Miñor e noutras, como xa dixen anteriormente, están ameazados e en risco de extinción. Se esa situación chegara a producirse, arrastraría a perda de moitas cousas e valores tamén que endexamais seríamos quen de recuperar. Por iso, valoramos positivamente o traballo, a preocupación e as demandas do Instituto de Estudos Miñoráns e por iso imos dar o noso apoio a esta iniciativa do Grupo de En Marea, para crear unha comisión tan plural e participativa como sexa necesario e eficiente no seu traballo e para elaborar un documento coa necesaria eficiencia e eficacia capaz de preservar e mesmo de impulsar o hábitat obxecto desta iniciativa: a supervivencia dos garranos.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Fernández.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Agradezo a todos os grupos, en principio, a receptividade e a sensibilidade. E un matiz para o voceiro do PSdeG: non se debateu, trouxéronnos o dossier que amosei a todos e cada un dos grupos e, se o perderon ou non o teñen, eu podo facilitárllelo; paga a pena, moitísimo.

Con respecto —vou ir xa ao gran— ás emendas, na emenda do Bloque Nacionalista fálase dun problema concreto nunha zona do país onde hai lobo e vacas e garranos e tamén brezais. Pero non é o caso de todo o país nin é así a relación, por exemplo, na serra da Groba. Si, hai que protexer os brezais, os lobos e as vacas, e todo isto podería contemplarse neste caso dentro do regulamento que se propón aquí, e que tería que elaborarse e que se podería contemplar en todos os casos. Aceptar esta emenda limitaría a realidade a un caso concreto e non toda a xeneralidade que temos no país.

Na segunda, fálase de gandería tradicional. Nós non falamos de gando. Os garranos non son gando; hai cabalos ceibes, que si o son; (*Murmurios.*) os garranos son diferentes. Cando o Partido Popular fala de «cabalo de pura raza galega», o cabalo de pura raza galega é diferente ao garrano tamén. (*Murmurios.*) Si, si, si. É unha raza creada a partir de exemplares



bravos, seleccionados, que basicamente se cría en catividade. O cabalo do monte e o garrano non teñen libro xenealóxico nin cumpren co patrón establecido para a pura raza galega. Non falamos de pura raza galega, non; falamos de burras, bestas, cabalos do monte, cabalos salvaxes, hai unha polisemia. O propio Bárcena gusta falar de *Equus ferus atlanticus*, que aínda non está recoñecido —posiblemente se recoñecerá—. Pero nada ten a ver, porque o cabalo pura raza galega ten uns patróns, e dentro dos garranos hainos diferentes.

Si estamos a favor de que se faga un censo por todo o país, establecendo zonas concretas e vendo a diferenza que se dá dependendo das zonas do país nas que estamos. Na serra da Groba, como vostede ben dixo, xa están todos os garranos microchipados e censados por curros. A Xunta ten eses datos.

En terceiro lugar, o pura raza galega non é un animal salvaxe, non o é. Si hai que avaliar o estado sanitario dos garranos —é certo—, pero hai que facelo nos curros, que é o único día ao ano no que están en posesión dos besteiros, os seus propietarios, promover vacinas e adaptalas aos garranos en prezo e doses; agora mesmo non é doado para tratar o problema das enfermidades transmitidas por exemplo polos carrachos. Iso tamén se podería contemplar nese necesario regulamento que propomos.

Si hai que crear medidas de protección —é a súa cuarta emenda—, de valoración e conservación dos curros. Estamos a propolo neste novo regulamento. Agora mesmo non hai nada real que contemple todas as realidades que temos na xeografía galega.

A pura raza galega fíxose para aproveitar as axudas da Comunidade Económica ás razas autóctonas. É bonito, pero é incapaz de vivir no monte. Só hai que ir ao fondo da cuestión, non amosar só parte da realidade.

É un patrimonio único.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: Por exemplo, na serra da Loba non existe. Non é gandería —está clarísimo—, aínda que co decreto que aplicaron....

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: Ben, seguiremos falando e espero que cheguemos a un acordo e que se leve adiante o regulamento específico, como merece.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Logo, esperamos á transacción para mañá. Grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D. Moisés Blanco Paradelo e cinco deputados/as máis, sobre o mantemento pola Xunta de Galicia do seu apoio aos profesio-



nais que traballan no campo galego a tempo parcial, así como o impulso das medidas necesarias para fomentar e protexer a súa actividade nel

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Xosé Luis Rivas Cruz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 45234 [10/PNP-003395].

Emenda de adición.

Engadir os seguintes puntos:

<< - Recoñecendo que o sector de Horta Profesional estivo e está sendo maltratado polo esquecemento da Administración galega, o Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a iniciar os trámites necesarios para superar as trabas de todo tipo existentes no aluguer e uso de parcelas que abandonaron a actividade agraria poñendo á súa disposición o Banco de Terras, intentando a súa inclusión na PAC e apostando pola implementación do sector con novas incorporacións por medio de unidades de produción dimensionadas.

- Facer outro tanto no sector lácteo aproveitando e redimensionando explotacións abandonadas por medio do Bantegal que fixen poboación no rural e permitan a extensividade do sector e a xestión do territorio.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Moi boa tarde, señorías.

Grazas, presidente.

Antes de comezar, quixera expresar, en nome do Grupo Parlamentario Popular, toda a nosa solidariedade e apoio aos veciños de Dodro e Rianxo, que nestas últimas horas están a sufrir as consecuencias dun terrible incendio. Queremos tamén recoñecer o bo traballo e a eficiencia de todos os traballadores que están intervindo nos labores de extinción. Quero lembrar que teñen participado no día de hoxe vinte e oito axentes, dous técnicos, vinte e sete brigadas, dezaioito motobombas, cinco pas, sete helicópteros e catro avións, e, por tanto, vaian desde aquí estas palabras de agarimo para todos os traballadores e os veciños destes dous concellos. *(Aplausos.)*

Señorías, cando nesta Cámara afrontamos un debate sobre cuestións do medio rural, podemos comprobar unha clara dualidade nos diferentes posicionamentos: por unha banda, estaría a postura pesimista, nostálgica de tempos pasados, atrapada nese bucle de añoranza que impide analizar a situación actual e ver máis alá dos habituais mantras, é dicir: abusan de nós, aprovéitanse de nós —como se os galegos fósemos parvos—, as catro grandes em-



presas que veñen esquilmar o territorio, o capitalismo, etc., e, por suposto, sempre, o mellor é o de fóra. E noutro lado están os que falan do rural en positivo, que presumen do que temos, que cren no seu futuro, atendendo o contexto social e económico da realidade de hoxe en día, e que poñen de manifesto a grande habilidade e capacidade dos nosos agricultores e gandeiros, os nosos produtos e as excelentes propiedades da terra de Galicia.

Estamos, por tanto, ante unha vella dicotomía entre os que, desde unha interpretación case inmobilista, pensan que falando mal do rural galego lle resulta mellor electoralmente e os que senten orgullo do rural, recoñecen a realidade actual e queren buscar solucións viables e axeitadas para o futuro.

O Grupo Popular ten claro onde quere estar: no que fala ben do rural, porque Galicia é rural, e porque falando ben do rural de Galicia fálese ben de Galicia. Si, señorías, nós somos do equipo que sente orgullo do rural, (*Aplausos.*) un rural galego que ten que seguir progresando, modernizándose e innovando, pero sen renunciar á súa tradición, usos e costumes profundamente arraigados.

Señorías, nos últimos corenta anos o sector primario, formado por pequenas e medianas explotacións de policultivo, e que funciona co bo facer dos agricultores e gandeiros, transmitido de xeración en xeración, cuadriplicou a súa produción económica, sendo un referente a nivel nacional e internacional. Supón o 7,6 % do emprego e o 8 % de todas as vendas do total nacional, cun volume de ocupados superior aos vinte e sete mil traballadores.

Polo tanto, referentes en canto á calidade dos nosos viños, aos produtos ecolóxicos, líderes en sector cárnico, líderes tamén no lácteo, con preto do 40 % da produción de leite do total nacional, e tamén líderes no sector da madeira, no sector forestal. O volume de cortas no monte galego ascendeu a 8,25 millóns de metros cúbicos e supuxeron uns ingresos de preto de trescentos millóns de euros. Destas cortas, máis do 50 % correspondeu ao eucalipto, é dicir, máis de cento cincuenta millóns de euros, que fixeron que oitenta mil familias galegas percibiran ingresos.

Eu quixera aproveitar esta ocasión e non deixala pasar para falar do tema da concesión de Ence. Desde logo nós non entendemos a nova postura do Goberno central fronte á concesión da empresa Ence, unha postura que nós cualificamos totalmente de irresponsable. Eu antes escoitaba os diferentes voceiros, nomeadamente o de industria do Partido Socialista, repetindo en varias ocasións —dixo— todo o apoio aos traballadores, todo o apoio para o emprego. E eu preguntome: ¿ese apoio do Partido Socialista tamén vai dirixido aos cinco mil traballadores de Ence? ¿Ese apoio do Partido Socialista tamén vai dirixido a esas oitenta mil familias que reciben ingresos do sector madeireiro? A min gustaríame que os diferentes voceiros de medio rural se manifestaran hoxe sobre esta cuestión, pero moi especialmente que o fixera o voceiro do Grupo Socialista.

Con estes datos, é bo que teñamos en conta que Galicia é a comunidade co maior grao de parcelamento de España, cuxos predios teñen unha superficie media de pouco máis de 2.500 metros cadrados. A superficie media do terreo rústico por titular en Galicia sitúase en 1,7 hectáreas, mentres que a media en España é de 5,74 hectáreas.



Polo tanto, a grande atomización e dispersión dos terreos demostra unha estrutura moi particular do campo galego, que ten condicionado, ata o momento, o asentamento po-boacional, a forma de aproveitar os nosos recursos naturais e o desenvolvemento da actividade agrogandeira e forestal; actividades que contan con milleiros de postos de traballo espallados por toda Galicia, dos cales unha boa parte son desempeñados baixo a modalidade de tempo parcial, e en diferentes áreas ao mesmo tempo, o coñecido como policultivo, polo que foron e seguen sendo unha interesante fonte de ingresos complementarios para moitas familias galegas, pero non só do rural, senón tamén para aquelas que, residindo en zonas máis urbanas, manteñen as súas propiedades e desenvolven actividades no campo galego.

Señorías, é necesario que se siga mantendo o apoio aos traballadores a tempo parcial, tamén a través das axudas da PAC, porque en Galicia o tamaño de explotación é moi baixo e non todos os beneficiarios da PAC teñen unha adicación total á agricultura, como vostedes saben. Isto reflíctese en que máis do 80 % dos beneficiarios da PAC reciben menos de dez mil euros ao ano.

Hai uns días, en Oviedo, os conselleiros de Agricultura de Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco, nunha fronte común, asinaron un documento moi importante que, neste senso, establecía que *<<en la próxima PAC, la definición de agricultor genuino tenga en cuenta a todos los agricultores profesionales, sin excluir a aquellos que se dedican a la actividad agraria de forma parcial, que mantienen un tejido rural vivo al complementar su renta con otras actividades.>>* E tamén engadían que *<<en territorios como la cornisa cantábrica, donde las explotaciones están limitadas por la orografía y el minifundismo y donde el modelo productivo predominante es el de explotación familiar, hay que garantizar un mayor apoyo a las pequeñas y medianas explotaciones.>>*

Señorías, na estratexia da Xunta de Galicia de tentar frear o despoboamento do rural e favorecer o relevo xeracional, estase a aplicar o Programa de desenvolvemento rural de Galicia (o PDR) 2014-2020, con axudas específicas para a incorporación de persoas mozas á actividade agraria ou axudas destinadas á creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, onde as persoas que se adican a tempo parcial á actividade agraria poidan ser beneficiarias destas axudas.

Antes de rematar, quixera deixar algunha reflexión sobre o futuro do rural galego. A excesiva parcelación e o concepto do minifundismo non teñen por que ser algo negativo en si mesmo. Debemos considerar que é posible concibir pequenas ou medianas explotacións familiares cunha adicación parcial ou a tempo completo que agrupen as súas terras acadando unha dimensión suficiente para asegurar a súa viabilidade económica.

Pero tamén queremos deixar perfectamente claro que o rural de Galicia non debe camiñar inevitablemente cara a unha masiva e obrigada concentración parcelaria. Non pretendemos substituír a práctica tradicional e cultural minifundista e familiar creando grandes extensión ou parcelas dun xeito forzado ou artificial, afastado da nosa realidade social e económica —para nada—, pero si poñer en marcha novos instrumentos de ordenación para fomentar a mobilización de terras, agrupamentos e permutas, e poñer a producir terra produtiva abandonada.



Un bo exemplo pode ser a creación de polígonos agroforestais, como xa ten anunciado o conselleiro, que permitan delimitar zonas de boa calidade agronómica adicadas a cultivos de alto valor engadido e con parcelas de suficiente tamaño que garantan a rendibilidade.

Polo tanto, equivócanse aqueles que pensen que o Partido Popular aposta ou defende o monocultivo ou que a terra vai pasar a mans duns poucos; equivócanse. E para isto haberá que poñer sobre a mesa medidas antiacaparamento, cunha nova organización xusta e equitativa.

É pois, señorías, momento de afrontar un cambio de mentalidade, compatibilizando novas industrias e novos proxectos empresariais e, tendo en conta a realidade do campo galego, seguir protexendo os traballadores do campo a tempo parcial, impulsando novas medidas que garantan e potencien este xeito de desenvolver unha actividade no rural, xa que tamén serve para poñer en valor a terra produtiva, manter unha actividade económica, ter coidadas e limpas as parcelas e axudar á loita contra os incendios.

Por todo iso, a nosa proposta quere instar a Consellería do Medio Rural a manter o apoio aos profesionais que traballan no campo a tempo parcial, así como...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BLANCO PARADELO: ...impulsar cantas medidas sexan necesarias para fomentar e protexer a súa actividade no campo galego.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Blanco.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Por suposto, a nosa solidariedade coa xente que traballa no lume, coa xente que está batendo o cobre día tras día, a pesar das políticas erradas da Consellería do Medio Rural a este respecto. Toca empezar a defender o eucalipto xa, ¿non? Empezan os lumes.

Miren, un ten experiencia, ás veces demasiada, pero nunca é demasiada, porque o pasado serve para poder mirar ao futuro. Soamente renega do pasado aquel a quen lle pesa ou que non quere ter coñecemento, pero esa posición é negar e hipotecar o futuro.

Claro que si. Galicia, media de sete parcelas, 1,7 hectáreas; no Estado, 5,74, e cinco parcelas, que é máis, porque aí tamén entra Galicia. En Andalucía e parte da Meseta o latifundio condicionou a poboación sumíndoa na pobreza e forzándoa a unha emigración brutal ao longo da historia. En Galicia foi o minifundio quen levou a culpa dos nosos males, pero, no fondo, o fracaso económico das estruturas de propiedade agraria radican na inutilidade dos gober-



nos para arbitrar fórmulas que superen estes atrancos e promovan modelos que repartan riqueza e estimulen o aproveitamento dos recursos dun xeito sostible, diverso e social. Non xustifiquen, por tanto, a súa probada ineptitude no minifundio.

Na década dos setenta, en Galicia, coa emigración, coa madeira, coa construción e coa ruína dos amos posuidores de pazos e de caseiros, pasamos a unha situación de esperanza. Poñamos por caso: unha familia de caseiros nesa década, el coa madeira ao lombo ou subido nunha estada dándolle á paleta e á llana; ela, arrastrada, criando os fillos e atendendo as cinco ou dez vacas de medio leite, cos queixos ou co bidón. Resultado: mercaron o lugar aos amos, un tractor de terceira man, e comezaron o despegue. O leite sacaba da miseria os labregos. Logo viñeron as súas políticas a encerellalo todo.

Porque o PP non quixo. Desde a Xunta de Galicia dilapidou as inxentes cantidades de diñeiro europeo en amigos, chanchullos e algún que outro pozo de purín. Non houbo medidas serias que apoiasen o esforzo sobrehumano que os labregos e labregas estaban a facer. Non. Todo valeu, aproveitando as estruturas e os resaibos franquistas, todo valeu. E, a pesar de todo, co vento político de cara, o sector avanzou, caeu, existe e resiste, porque o resultado desas políticas foi que ninguén se lembrou cando se negociou —e aínda se negocia— con Europa que aquí temos viño, porque o sector vitivinícola non entrou nin entra na PAC, non existimos en Europa. E neste país dos mil microclimas, dos solos benignos, da natureza vizosamente amable ou da xente con terra no sangue, neste país, oficialmente non existe a horta convencional, e, polo tanto, en Europa tampouco saben e non se contempla na PAC. Reparren, señoras e señores deputados, que tampouco nas ordes de axudas á prevención e á reparación de danos do porco bravo se contempla a súa existencia, ¡que curioso! Nin puñeteira idea —con perdón, señor presidente—.

E agora acórdalles, nunha iniciativa de campaña electoral —que a nada compromete—, o apoio aos profesionais que traballan no campo a tempo parcial. Pois ¡vaia! Nós completámoslles a proposta con estas engádegas: recoñecendo que o sector de horta profesional estivo e está sendo maltratado polo esquecemento da Administración galega, «o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar os trámites necesarios para superar as trabas de todo tipo existentes no alugueiro e uso de parcelas que abandonaron a actividade agraria, poñendo á súa disposición o Banco de Terras, intentando a súa inclusión na PAC e apostando pola implementación do sector con novas incorporacións por medio de unidades de produción dimensionadas. Facer outro tanto no sector lácteo, aproveitando e redimensionando explotacións abandonadas por medio de alugueiros ou vendas protexidas que fixen poboación no rural e permitan a extensividade do sector e a extensión do territorio». Por certo, este segundo punto da emenda está incluso na declaración institucional desta mañá que vostedes tanto aplaudiron.

E agora podía tomar o ton do señor Pazos e diría: porque se ben concordamos en que se debe manter o apoio aos traballadores a tempo parcial, cremos tamén que o campo é algo tan serio tan serio que paga a pena adicarse a el a tempo completo. ¿Sabe que falta? Crer nel, socializar de novo a actividade e orientar a política do Goberno a dinamizar os sectores produtivos e os de transformación para xerar emprego e riqueza. Pero iso a vostedes sóalles a chinés mandarín.



Eu agradézolles persoalmente esas ansias de protección.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RIVAS CRUZ: A miña compañeira e mais eu somos propietarios de cinco mil metros cadrados —todo un latifundio— e temos cultivo a tempo parcial para nós e para os nosos fillos. ¿E poderemos cobrar a PAC, ou? Porque entrar entramos no modelo PP agricultor-gandeiro, e ademais tamén temos bichos.

¿Como pode ser que vostedes...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RIVAS CRUZ: ...sendo goberno, traían unha PNL só de boas intencións, sen medidas concretas, sen partidas calculadas? É un engano. É unha PNL para xustificar que fan agora que son eleccións. E, se non é así...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor RIVAS CRUZ: ...e non se trata de propagada, atrévanse a aceptar as modificacións da nosa emenda. ¡Veña, moito ánimo!

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor RIVAS CRUZ: ¡Atrévanse! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Con ese ánimo é o turno agora do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Vaia tamén o noso apoio, do Grupo Socialista, ao recoñecemento do traballo de todas as persoas que están tentando apagar eses lumes, e tamén o noso acompañamento a eses veciños e veciñas que están sufrindo esa situación.

Traballadores no campo galego a tempo parcial. Cremos que debemos situar esta cuestión de tipoloxía especial de traballo no rural galego no contexto adecuado para valorizalo na súa xusta medida. E creo que todos podemos coincidir, en maior ou menor medida, en que na actualidade Galicia amosa un recoñecido escenario de debilidade nun amplo espazo territorial a pesar das coñecidas fortalezas das que dispón neste mesmo ámbito.

O chamado medio rural avanza na despoboación e abandono das terras, identificándose cada día máis coa desertización. E iso non é unha valoración, iso é unha realidade que dan todos os datos de diversos estudos. No chamado medio rural —como digo—, a despoboación e o abandono, feitos correlativos e consecuentes, están a provocar alteracións importantes nese medio e agrandan os desequilibrios no conxunto do noso territorio. Porque o desequilibrio



entre o rural e o urbano é manifesto; no urbano vive o 75-80 % da poboación, ocupando o 20-30 % do territorio, e no rural dáse a situación inversa: vive o 20-25 % da poboación galega, ocupando o 75-80 % do territorio. Este desequilibrio limita e mesmo reduce o desenvolvemento global de Galicia en termos económicos, sociais, naturais, de emprego, medioambientais, etc., etc.

É preciso, polo tanto, ante esta escena, atallar esta dinámica negativa de despoboación do rural e, polo tanto, de abandono das terras, con políticas activas, claras, efectivas e avaliáveis que promovan escenarios propicios de actividade rural en dúas liñas. Por un lado, posibilitando escenarios de desenvolvemento das potencialidades que temos —que, como xa dixen, son moitas—; simplemente algunhas, no forestal, na gandería, na agricultura, na viticultura, na apicultura, etc., etc., etc. E, por outra banda, actuar no mantemento de escenarios hoxe activos —tamén modestos, é verdade— en risco de desaparición, co correspondente abandono das terras e con efectos colaterais sempre prexudiciais para o territorio rural e para o conxunto de Galicia.

E esta iniciativa do Grupo Parlamentario Popular enmárcase nesta liña: o mantemento de actividades agrogandeiras no rural a través de profesionais que traballan no campo a tempo parcial. Nós estamos convencidos de que, se a actividade no rural permanece e medra, a poboación no rural tamén medra.

Hoxe unha boa parte do mantemento de poboación no rural e de actividade no rural está propiciado pola figura e modalidade de traballadores no campo a tempo parcial en múltiples parcelas de produción que nos permiten as nosas xenerosas terras.

É verdade —tal como expuxo o señor Blanco Paradelo na súa intervención— que esta actividade a tempo parcial no campo produce beneficios económicos en forma de ingresos complementarios para moitas familias galegas, ingresos moi valiosos que significan un valor engadido para o sustento dos seus fogares, á vista dos insuficientes salarios que perciben pola súa actividade principal. Pero se esta actividade individual é importante, aínda resulta máis importante dende o punto de vista social, porque, se hai actividade, hai vida humana no medio rural.

Unha vida no rural, nas aldeas do rural, que se pode concretar de dúas formas no que atinxe ao traballador a tempo parcial: de xeito permanente, con residencia estable nos pobos e aldeas do rural, sendo a súa actividade principal no propio lugar ou fóra do lugar; e tamén de xeito ocasional, con residencia na urbe pero moi ligada ao pobo e á aldea, onde exerce a segunda actividade a tempo parcial. En ambos os dous casos, residencia permanente ou ocasional, pero actividade permanente nestes mesmos pobos e aldeas polas exixencias de traballar as terras para obter os froitos dos cultivos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...aporta os máis variados beneficios á sociedade galega. Por iso é importante que esta modalidade de traballo a tempo parcial permaneza e mesmo se amplíe.



Vou rematando, señor presidente.

Dende o noso punto de vista —creo que é compartido por todas as administracións—, non podemos permanecer alleos a esta nosa realidade, á existencia do traballador a tempo parcial, como tampouco podemos ser alleos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...á súa importancia no medio rural, para o cal —e xa remato— debemos poñer os medios necesarios para valorar a súa función social, empezando por clarificar nitidamente a definición de agricultor xenuíno e de traballador a tempo parcial...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...tal como se fixo nun documento elaborado xa en agosto de 2018 e tal como se ten solicitado ao Goberno de España.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

En primeiro lugar, dende En Marea condenar os incendiarios que están a traballar arreo estes días polo país adiante. Tamén dende En Marea darlles azos e forza ás compañeiras que están a traballar en precario en moitos casos estes días loitando contra as lapas, e tamén ás veciñas e aos veciños que ao longo e ancho deste país están a sufrir nos seus montes e preto das súas casas a ameaza dos incendios forestais.

En terceiro lugar, tamén me gustaría saber onde está o peito que o presidente Feijóo sacou aquí no pleno do 9 de outubro, no pleno do debate da Autonomía, hai pouco máis de cinco meses, cando soltou, dunha maneira soberbia e prepotente, que a problemática dos incendios forestais neste país estaba rematada, porque xa instauraran vinte e cinco das trinta medidas máxicas que prometera. Como din pola miña terra, trapalatrá, e aquí estase a demostrar que o presidente pois é un falabarato e un mentireiro. No que vai de ano, en menos de tres meses, leva ardido máis que todo o ano pasado. O que eran trinta medidas máxicas convértese en improvisación pura e dura, o que nos deixa á mercé de que chova, igual que no ano 2017.

As cincocentas traballadoras e traballadores de Seaga están na casa; as brigadas do servizo público, que anunciou o señor Paradelo que estaban traballando, moitas delas están con dous



ou tres compoñentes. As faixas de protección dos núcleos rurais —esa idea forza que nos levan vendendo estes meses— non están.

Á iniciativa. A agricultura ou a gandería a tempo parcial foi e segue sendo unha interesante fonte de ingresos complementarios para moitas familias galegas, pero non só do rural, senón tamén para aquelas que, residindo en zonas máis urbanas, manteñen as súas propiedades e desenvolven algunhas actividades no campo.

Polo tanto, os traballadores e traballadoras que se dedican á horta, ao viño ou á gandería, entre outros sectores, atopan un engadido económico para o sustento dos seus fogares, desempeñando un labor, na meirande parte dos casos, dun xeito multifuncional e compatibilizando estas actividades con outro traballo principal.

¡Home!, caeron vostedes da burra, ¡menos mal!: «Consideramos que é necesario manter todo o apoio aos profesionais que traballan no campo galego e, nomeadamente, aos que o fan a tempo parcial». Concordamos totalmente co que vostedes poñen aquí.

«Entendemos que é unha vía para poder facelo a través das axudas da PAC, tendo en conta, ademais, que en Galicia non todos os beneficiarios da PAC teñen unha dedicación total á agricultura». Concordamos totalmente. Levan vostedes moitos anos de atraso. Sendo vostedes os xestores da PAC ata hoxe, ¿onde están estas medidas que vostedes propoñen aquí? ¿Por que non se fixeron antes?

«Por iso, tendo en conta a realidade do campo galego, é necesario seguir protexendo este tipo de traballadores». Totalmente de acordo. Agora, a pregunta é: ¿que fixeron vostedes por ese tipo de traballadores e traballadoras ata o de agora? Dígame aquí, no segundo turno, medidas concretas que fixeron vostedes ata o de agora encamiñadas a protexer este tipo de traballadores.

Na parte resolutiva da súa proposición non de lei: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta a manter o apoio aos profesionais que traballan no campo a tempo parcial» —a ver cal é o apoio, porque ata agora pouco apoio tivemos—, «así como impulsar cantas medidas sexan necesarias». Outra vez máis non expoñen aquí nin a primeira medida para fomentar e protexer a súa actividade no campo galego.

Vén vostede falar dunha proposición non de lei para traballadores a tempo parcial no agro e acabou vostede case falando de Ence.

Mire, agricultores activos deben ser definidos polo Estado membro de tal maneira que garantan que non se lles dá a aqueles cuxa actividade agrícola constituía só unha parte insignificante das súas actividades económicas xerais, sen deixar fóra o apoio dos agricultores pluriactivos. A definición debe, en calquera caso, preservar o modelo de agricultura familiar da Unión Europea. De natureza individual ou grupal, independentemente do seu tamaño, pode ter en conta, de ser o caso, as características especiais das rexións definidas no artigo 355. Os Estados membros poderían deixar fóra desta definición as persoas ou empresas que realicen procesamentos a grande escala de produtos agrícolas con excepción de grupos de



agricultores. Esta é a definición que se está discutindo hoxe no Parlamento Europeo para a nova PAC. Como poden ver, vostedes aí xa non exclúen os pluriactivos.

Vostedes nunca apostaron por este tipo de agricultura. Vostedes sempre foron contrarios á transformación dentro da propia explotación de varios produtos. Polo tanto, ese interese tan repentino agora dá que pensar. E dá que pensar porque falan de manter un apoio que nunca existiu. Aquí tratan vostedes de recoñecer na nova PAC as persoas agricultoras a tempo parcial. Benvidos sexan ao que non fixeron antes.

As súas consideracións finais dígolles de verdade que me encheron e chegaronme, compártoas totalmente. O que non entendemos é por que non se fixeron ata o de agora.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Diciao o portavoz do BNG: o problema baséase nas hectáreas, que están excluídos tamén sectores como o sector da horta, viticultura, produción de froita, etc.

Nós non imos votar en contra da súa iniciativa, porque non podemos votar en contra de algo que é claramente mellorable; agora ben, agradeceríase, para vindeiras iniciativas, que foran un pouco máis concretas e máis específicas e non vir aquí a esta Cámara...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...facer campaña electoral.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Moitas grazas, señor presidente.

Ben, pois escoitando o ton dos diferentes voceiros, menos mal que esta era unha iniciativa que tiña unha boa intención e menos mal que esta era unha iniciativa que comparten; incluso di que lle chegaron as palabras. Polo tanto, señor Rodríguez Estévez, non sei por que se enfada vostede. Pero, sobre todo, o que non sei é, se a vostede lle pareceu unha iniciativa tan vaga de contido, por que non a emendou. Ao mellor andan con moito lío; ben, eu enténdoo, eu enténdoo. Pero, ¡home!, cando un critica que a iniciativa ten pouco contido, o que ten que facer é poñer a súa alternativa, e a alternativa é coller, ler... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor BLANCO PARADELO: A alternativa que fixo vostede foi ler a miña exposición de motivos, que lle gustou, e dicir que non facemos nada. Eu agradezo esa boa consideración.



Quero dicir que a min me quedaron claras varias cousas. Primeiro, eu falaba de dúas posicións claramente e non teño dúbida de que vostedes están no grupo primeiro, é dicir, na visión pesimista. Tamén, recórdame aquela exitosa serie televisiva, aquela das primeiras da factoría americana, *Aquellos maravillosos anos*, que seguimos instalados no mesmo. E vostedes —insisto— pensan que falando mal do rural vailles ben electoralmente. E nós non, nós queremos falar ben do rural e ben de Galicia. Esa é a diferenza que temos con vostedes. Polo tanto, nós témolo claro.

Tamén me quedou moi claro que ningún dos voceiros fixo ningún tipo de comentario neste caso á polémica da prórroga con Ence e á perda dos cinco mil postos de traballo e ás oitenta mil familias que van deixar (*Murmurios.*) de ter ingresos. Non, pero...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, silencio.

O señor BLANCO PARADELO: ...é un momento importante para posicionarse.

E, señor Rivas, nós non vimos aquí defender nin a Ence nin o eucalipto, vimos defender os traballadores, cinco mil traballadores e oitenta mil familias. (*Aplausos.*) E vostedes, non. Vostedes, tan amigos que son de poñer sempre adxectivos e títulos, vouldes dicir: vostedes son depredadores, pero depredadores do emprego en Galicia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, silencio. (*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*) Señor Rivas, silencio. ¡Silencio, silencio!, todos. Silencio, que hai un deputado que está no uso da palabra. Silencio, todos.

O señor BLANCO PARADELO: Eu non sei por que queren avergoñarse do sector forestal galego. ¿Por que se queren avergoñar de ser líderes? (*Murmurios.*) Non sei, non sei por que queren avergoñarse do que funciona ben, queren acabar con isto e despois pedir axudas por outro lado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Ben, eu non interrompín a ninguén...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Un momento, señor Blanco.

O señor BLANCO PARADELO: Señor Rivas, o que se ofende á mínima...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Blanco, perdoe un momento.

A verdade é que ten toda a razón do mundo. Aquí escoitouse a todo o mundo... (*O señor Blanco Paradelo pronuncia palabras que non se perciben.*)

Por favor, estou falando eu, a ver se agora tamén me interrompe a min. (*Murmurios.*)

O señor BLANCO PARADELO: É o que ten...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Díxenlle que esperara un momento, señor Blanco. *(Murmurios.)*

Silencio e escoiten o señor Blanco; aínda que el tamén interrompe, escóiteno con atención, porque antes non interrompeu e escoitou a todos vostedes con atención.

Así que, por favor, cando queira.

O señor BLANCO PARADELO: Grazas, señor presidente.

Quixera dicir que tamén están nese grupo de causar alarma e exaxerar todo con medias verdades ou medias mentiras. Eu tamén lle quería dicir ao señor Rivas e á súa compañeira eurodeputada que dixeron que se está empregando de forma masiva eucalipto en boa parte da rexeneración de áreas queimadas. Eu o que lle digo é que vaia vostede ao xulgado e deixen de alarmar e deixen de dicir barbaridades e disparates, e xa veremos cando saia o inventario forestal se vostedes están no certo.

E remato, señor presidente, dicindo: non imos aceptar a emenda, basicamente porque cremos que non ten moito ou nada que ver coa nosa iniciativa, e si quero recordarlle ao señor Rivas, que di das políticas erradas da Consellería, obviando todo o que se leva feito nestes dous anos, que vostede, na Comisión de estudo, na recomendación número 12, que era impulsar o desenvolvemento e regulamentación da Lei 7/2012, de montes, e a Lei 4/2015, de mellora da estrutura agraria, vostede votou en contra e tamén votou en contra de incentivar fórmulas conxuntas do monte.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Blanco.

Suspendemos a sesión ata... *(O señor Rivas Cruz pide a palabra.)*

Dígame, señor Rivas, ¿para que quere o uso da palabra?

O señor RIVAS CRUZ: Artigo 76, 71..., un artigo deses. *(Murmurios.) (Risos.)* Vamos ver, acaba de dicir algo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non, pero...

O señor RIVAS CRUZ: É unha mentira o que acaba de dicir e exixo que retire... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, silencio.

O señor RIVAS CRUZ: ...as súas palabras. Este deputado nunca declarou que se estiveran repoboando áreas queimadas con eucalipto. Exixo que retire esas palabras porque son unha ignominia, o que está afeito a facer normalmente; iso tamén é certo. *(Murmurios.)* Pero ben, *(Murmurios.)* pero agora...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor RIVAS CRUZ: ...quero que conste en acta, por favor.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Xa quedou aclarado.

Moitas grazas, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Suspendemos a sesión ata o día seguinte. *(Murmurios.)*
(O señor Blanco Paradelo pide a palabra.)

Señor Blanco, ¿para que quere...? ¿Tamén baseado no artigo non sei canto, non? *(Risos.)* Dígame.

O señor BLANCO PARADELO: No artigo 76, tamén para aclararlle ao señor Rivas e que non marche moi enfadado.

O que habitualmente fai el é tirar a pedra e despois esconder a man, pero vou ler, entrecomiñadas, dúas frases. Segundo salienta a eurodeputada nacionalista, o Goberno galego non é transparente na utilización destes fondos e «só podemos ver o resultado do seu uso: o emprego masivo do eucalipto en boa parte da rexeneración das áreas queimadas».

Máis nada. *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ben, xa está aclarado que non era o señor Rivas.

Moitas grazas.



Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta e seis minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez Seco, José Manuel	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pierres López, María Luisa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado del Río, Paula	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	44. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Cal Ogando, Marcos	(EM)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Quinteiro Araújo, Paula	(EM)
11. Casal Vidal, Francisco	(EM)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Chao Pérez, Luca	(EM)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Conde López, Francisco José	(P)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Fernández Fernández, Raúl	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Gil, César Manuel	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Prado, Martín	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. García Míguez, María Ángeles	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. Gómez Salgado, Carlos	(P)	61. Sánchez García, Antón	(EM)
24. González Vázquez, José	(P)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	63. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
26. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	64. Solla Fernández, Eva	(EM)
27. Mato Otero, Beatriz	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Miranda Pena, Flora María	(EM)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. Mourinho Villar, Antonio	(P)	68. Torregrosa Sañudo	(EM)
31. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Novo Fariña, María Isabel	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Oubiña Solla, Rosa	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Pazos Couñago, José Alberto	(P)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

